



As Rimas populares de Galicia
de Manuel Murguía

Edición e estudo dos materiais conservados

Diego Rodríguez González

ANEXOS BRAG

As Rimas populares de Galicia
de Manuel Murguía

Edición e estudo dos materiais conservados

Diego Rodríguez González

ANEXOS BRAG

Anexos BRAG 11

Edita

Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2025

© Diego Rodríguez González, 2025

Cuberta

Ilustración de Isaac Díaz Pardo

para a cuberta de *A doncela guerreira: romance escenificado por Rafael Dieste*.

Cadernos da Escola Dramática Galega. 19 (xullo de 1981).

Deseño da colección

Xosé Díaz / Imago Mundi

Maquetación

Real Academia Galega

Impresión

Imprenta Mundo

ISBN: 978-84-17807-51-1

Depósito Legal: C-1706-2025

<https://doi.org/10.32766/rag.454>

REAL ACADEMIA GALEGA

Rúa Tabernas, 11

Apartado 557

15001 A CORUÑA

Tlf. 981 20 73 08

www.academia.gal



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Concello da Coruña

Introducción

Diego Rodríguez González



INTRODUCCIÓN

A verdade raras veces é simple e desde logo nunca é pura. Oscar Wilde

[...] al juzgar tan duramente como lo hacen quienes en último caso no contaban para el caso con fuerzas para tanto se comete una especie de ingratitud oculta bajo el falso amor a la verdad. Manuel Murguía

Manuel Murguía anunciou repetidas veces ao longo dos anos tanto a existencia coma a inminente publicación dun libro da súa autoría chamado *Rimas populares de Galicia*. A primeira vez, en 1878, nun artigo publicado na Habana (Murguía 1878) onde ademais alumea o “Romance de Silvana”, recollido a través de Alejandra dunha anciá de Laxe. No mesmo ano, *La Ilustración de Galicia y Asturias* (1 de xullo de 1878, p. 24) menciona de novo as *Rimas* asociadas a un plan de traballo certamente increíble. Murguía anuncia dez obras, incluíndo formato e prezos e convidando incluso á subscrición das entregas. Se repasamos a bibliografía de Murguía, destas dez obras só chegarán a saír publicadas dúas (Álvarez Ruíz de Ojeda 2000). Nos anos posteriores, a inminencia da publicación das *Rimas* non deixará de ser reiterada por Murguía.

Consérvanse na Academia Galega os restos de dous prólogos que apuntan a momentos nos que as *Rimas* estiveron a piques de saír: o primeiro deles datámolo cara a 1891 polas referencias que contén. A finais do século XIX, en 1895, chega a haber anuncios da impresión, que inclúen ademais a mención a unha subvención da deputación, o que leva a sospeitar que algo puido chegar a ser impreso (Barreiro 2012, pp. 395-401). Máis ou menos da mesma época é o segundo prólogo dos conservados na Real Academia Galega, e que se ten identificado como o final destes intentos. No propio prólogo [§ versión B], fálase da encomenda feita a Florencio Vaamonde de poñer os versos en ortografía portuguesa, modificada en parte. No prólogo podemos ver que esta decisión é inequívoca: adherirse á normativa da lingua irmá por non ter unha propia.

Este feito é determinante para a identificación do conxunto máis importante do fondo que hoxe presentamos como esa copia que Florencio Vaamonde se ocupou de transcribir. Trátase de 77 follas numeradas con poucos

saltos. Estas 77 follas pasaron a formar parte, xunto con outros materiais de Murguía relativos ás *Rimas*, do fondo de Said Armesto cando este llas entregou en préstamo ou cesión definitiva. Cando o investigador pontevedrés se puxo a estudar a poesía popular galega partiu dos materiais e da experiencia que lle brindou Murguía, con quen estableceu unha relación de amizade, inda que non de comunidade ideolóxica.

O conxunto documental de Said Armesto, despois dun longo período de anos (1914-1992), foi doado pola súa filla Eugenia á Fundación Barrié. Dentro deste conxunto existía un libro aparentemente disposto para a imprenta co título de *Poesía popular gallega*. Este libro, importante por si mesmo pero tamén para o asunto que nos ocupa posto que tamén ten materiais de Murguía, foi publicado pola Fundación Barrié en 1993.

Pero ademais da copia numerada elaborada por Florencio Vaamonde, o cartafol incorpora documentación de moitas das fontes directas de Murguía: Alejandra, Marcial Valladares, José Ojea ou Bernardo Barreiro. Todas ou case todas estas persoas non son obviamente informantes, se exceptuamos a Alejandra, a quen poderíamos conceder un status mixto: nin pertence de cheo ao que denominariamos sistema culto colector/editor nin pertence ao sistema transmisor/elaborador.

A estas fontes hai que engadir un número importante de manuscritos (44 follas) que volven estar en letra de Florencio Vaamonde, pero nunha caligrafía lixeiramente diferente: son os que consignamos coa sigla fv2.

Fóra do cartafol da Fundación Barrié encontramos fontes impresas que nos remiten ás *Rimas populares de Galicia*: existiu unha colección Murguía á que accede Lois Carré Alvarellos nos anos 50 a través de Juan Naya. Desta copia sacou a maior parte dos materiais que compoñen o seu *Romanceiro galego de tradición oral* (Carré 1959). As versións de Lois Carré, que como veremos están moi modificadas lingüística e aínda estilisticamente, son tamén unha fonte ás veces única para algúns dos poemas, polo que non podemos renunciar a elas.

Murguía cedeulle a Said Armesto a copia de Florencio Vaamonde xunto con outros materiais en bruto, de moi diversas caligrafías entre as que está a súa propia. Pero non entregou unha copia completa da súa man. A cesión debeu ser feita con pouca atención, pois no conxunto incluíu dúas cartas dirixidas por el a Rosalía, que sen dúbida retiraría de saber que alí estaban.

A presenza de poemas en letra de Murguía no fondo Said Armesto redúcese a 25 follas sen numerar e doce nas que quedan restos dunha numeración non das páxinas, senón dos poemas, que chegaba polo menos ata o número 71, suficiente para constatar que o libro chegou a un estado bastante avanzado de redacción.

Temos tamén constancia de que o libro acadou este estado por declaracións de Xosé Lesta Meis. O xornalista empezou unha polémica arredor da biblioteca e o arquivo de Murguía tras a morte deste. O certo é que a entrevista que publicou coa familia foi por completo insidiosa, e o titular co que Lesta presenta o encontro, “Una entrevista con la familia de Murguía: ¿No se vendió aún todo lo de Don Manuel?”, está en aberta contradición coas declaracións de Pedro Izquierdo Corral que indica que só se venderon libros valiosos non referentes a Galicia. Ademais, Lesta Meis consegue que ao final se lle amose o manuscrito das *Rimas*, cousa que consigna nunha nota, no canto de modificar, polo menos levemente, o ton do seu artigo. Parece, pois, que Pedro Izquierdo Corral, o home de dona Gala, cedeu ás presións. Lesta Meis considera que estaba disposto para a imprenta (1924, p. [22]), pero isto non hai que telo por exacto; podía ben tratarse dun conxunto numerado e con prólogo, pero non por iso rematado.

Moitos anos despois, a colección reaparecerá cando Lois Carré acceda a un manuscrito por mediación de Juan Naya. Tratábase do mesmo manuscrito que viu Lesta Meis? Na nosa opinión non é imposible, inda que non chegaría a Lois Carré na súa integridade. Por outra banda, as follas de Murguía que permaneceron no cartafol de Said quizais fosen follas perdidas daquel conxunto, pero o fondo Said está selado desde 1914, inda que haxa perdas documentais ningunha cousa entrou despois.

Dado que non existe un único proxecto editorial das *Rimas*, consideramos que a mellor maneira de ordenar estes materiais é en razón da súa distancia ao proxecto de 1895; é dicir, á copia numerada de Florencio Vaamonde. O conxunto numerado de Florencio Vaamonde (fv) constitúe a primeira parte desta edición e identifícase co que Murguía mencionaba na versión B do prólogo conservado na Academia, e tamén, posiblemente, cos máis de 40 romances que menciona en carta a Said Armesto en 1908 (Groba 2012, t. II, p. 174). Polo menos ata a data desa carta, Murguía non lle cedera o cartafol SA II a Said Armesto, pois non ten sentido que fale deles nestes termos se Said xa os ten nas súas mans. Os poemas dentro desta primeira parte cotexaranse coas outras mostras que teñamos deles.

O conxunto fv non inclúe moitos dos romances e poemas tamén presentes no fondo que foron copiados por Florencio Vaamonde nunha fase previa na que, ademais de non modificar a ortografía cara á norma portuguesa, ten unha letra que identificamos como de mocidade por comparación coas mostras conservadas no Museo de Pontevedra. Os poemas deste conxunto, que chamamos fv2, constitúen a segunda parte desta edición. Estes poemas do segundo conxunto, cronoloxicamente anterior, serán

tamén cotexados coas outras mostras que teñamos deles, dentro ou fóra do fondo.

Pero ademais dos poemas transcritos por Florencio Vaamonde en cada unha das súas caligrafías, incluimos tamén os demais textos que aparecen no fondo e que tamén pertencían á colección Murguía, pero que ou ben non foron transcritos ou ben non conservamos nas transcricións de Vaamonde. Estes constitúen a terceira parte deste traballo.

Finalmente presentamos, nunha cuarta parte, aqueles poemas que foron publicados por Murguía ou atribuídos á súa colección por outras persoas. Entre eles haberá algúns que é moi posible que Murguía non incluíse nunha edición definitiva, pero consideramos que é mellor poñelos diante do lector igualmente.

A versión que ofrecemos non é, polo tanto, o libro de Murguía, senón os materiais que o compuñan. As razóns derivan non só do estado do fondo en si e da inexistencia dun único proxecto da obra, senón da propia vontade do autor: render os materiais, que deixen de ser inéditos e transmitir o que se lle entregou. Procuraremos achegarnos, polo tanto, dentro de cada poema á versión orixinal oral e non a unha suposta edición murguiana.

En resumo, as partes que compoñen esta edición son as seguintes:

- 1ª parte: poemas transcritos por Florencio Vaamonde no manuscrito paxinado (FV).
- 2ª parte: outros poemas transcritos por Florencio Vaamonde, na caligrafía de mocidade (FV2).
- 3ª parte: manuscritos presentes no fondo Said Armesto non transcritos por Florencio Vaamonde.
- 4ª parte: poemas que só coñecemos pola súa versión impresa.

Os prólogos para *Rimas populares de Galicia* conservados na Real Academia Galega recollen tamén a renuncia por parte de Murguía a un estudo comparativo, que se descarta pola urxencia por publicar. Para Murguía tal estudo era certamente importante, pois a súa mirada sobre os materiais era máis antropolóxica e histórica ca filolóxica. Non había renuncia, porén, a poñer aquí e acolá os froitos das súas pescudas para axudar no traballo dos futuros investigadores. Estas “pistas” atópanse ao pé dalgunhas versións que temos da súa man, ás veces redactadas e outras soamente apuntadas. Inda que son escasas, transcribímolos. Reunimos ademais as notas soltas de Murguía, xunto con algunha de Alejandra, na sección final deste libro. Ao pé de cada poema trataremos tamén de dar unha sucinta filiación co

romanceiro hispánico,¹ axudados en primeiro lugar pola edición dos materiais de Lois Carré (1959), de Mariño e Bernárdez (2002), polo *Romanceiro xeral de Galicia* de Ana Valenciano (1999) e mais polo *Cancioneiro popular galego* de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina (1984-1995).

Debido ás circunstancias que examinaremos adiante, algúns dos poemas editados por Murguía, que viron a luz en distintos medios e tempos, esperaron a sospeita en certos ámbitos de seren creacións propias. Esta consideración espallouse notablemente e, aínda que con excepcións,² parece admitida, que non popularizada. Así que, máis alá do inestable saber wikipedista, ás veces parécenos loitar contra un estereotipo que en realidade non existe. Pero non por non estar na conciencia da sociedade deixa de ter esta consideración influencia no estado da tradición da literatura oral galega. É certo que a xeneralidade das persoas das que podemos esperar que lles preocupe este tema en Galicia parece insensible ao feito de que nos círculos universitarios se insista en que “Don Gaíferos”, por exemplo, é unha invención de Murguía, e ao mesmo tempo importantes pezas desta tradición sexan ignoradas, a pesar de ter sido publicadas, polo menos parcialmente. Por suposto, o caso é aínda máis grave nas que, polas mesmas razóns, permanecen inéditas. Xa adiantamos que a nosa convicción é que o legado que hoxe presentamos demostra por moitas novas vías, e debería facelo definitivamente, que a colección é xenuína. Pero non consideramos que fagamos, neste sentido, unha descuberta: moitos dos argumentos xa estaban formulados por Lois Carré, por Mariño e Bernárdez, por Isidoro Millán ou mesmo por Filgueira Valverde, nada menos que no seu discurso de entrada na Academia Galega (1973).

1 Os títulos do Romanceiro, establecidos sobre todo por Ramón Menéndez Pidal, parécennos moi frecuentemente inadecuados, pero seguen sendo a maneira de filiar as versións.

2 Parécennos destacables excepcións o traballo de Xosé Ramón Mariño Ferro e Xoan Carlos Bernárdez (2002), o de Xabier Groba (2012), non referido directamente a Murguía senón a Casto Sampedro e polo tanto ao seu colaborador Said Armesto, o traballo de Carlos Villanueva sobre Victor Said Armesto (2014), e o traballo de Luís Cochón e Iris Cochón como editores de Isidoro Millán (2010) no ensaio sobre “Don Gaíferos de Mormaltán” que, na nosa opinión, demostra claramente non só a perspicacia de Isidoro Millán, senón o potencial da crítica filolóxica e histórica para acometer este tipo de problemas incluso en ausencia das probas materiais coas que neste traballo contamos. Cóstanos tamén a opinión de Henrique Monteagudo, expresada en diversos foros en presenza nosa.

Problemas da transmisión manuscrita

Acostumados ao concepto de informante, resulta dificultoso facer xirar arredor del, e da súa contribución orixinal, os textos que chegan a nós por medio de intermediarios manuscritos. As informantes, en feminino, pois foron mulleres as que lles aprenderon os cantares ás sucesivas xeracións, con contadas excepcións, quizais a máis notable a dos cegos, aparecen borradas nas cadeas de transmisión.

O propio Murguía no seu artigo “El Folk-Lore gallego” (1881) ten bastante claro o papel feminino, que por outra parte, como se adoita dicir, é unha observación que se remonta a Martín Sarmiento. A ausencia de nomes de muller no texto a seguir está en contraste sen dúbida con esta realidade. O papel de Alejandra sitúase a medio camiño entre os dous polos: non é puramente unha informante nin tampouco unha colectora. O de Rosalía, a pesar do protagonismo que lle quere outorgar Naya (1953), foi pequeno e probablemente non relacionado cos seus propios cantares. Todos os demais textos prodúcense en caligrafía masculina e a súa edición e estudo tamén é masculina. Inda que temos constancia dunha muller de Laxe, criada do pai de Murguía e alcumada A Choíña (González Besada 1916, p. 20); ou da Nubeira, quizais a mesma persoa [§ N 1 e N 2]; da nai de María [§ N 130]; da nena de Valdeorras, compañeira de xogos de Alejandra en Simancas; da nai de Zacarías, na Matanza [§ II, 25] ou da propia irmá de Murguía, Teresa, e podemos sospeitar unha procedencia similar da meirande parte da colección, as informantes de Murguía son irremediabilmente anónimas.

Antes do radiocasete e do magnetófono estaban o impreso e o manuscrito. Cada unha destas formas de rexistro ten as súas peculiaridades. As primeiras son fidedignas desde o punto de vista da proba. Evidentemente aplicando unha desconfianza universal, tamén as gravacións poderían ser manipulacións. Esta realidade, unha oralidade transmitida á man, esixe en primeiro lugar un traballo de discriminación caligráfica que non adoita facerse sobre bases obxectivas. O certo é que moitas veces a achega intuitiva é suficiente, pero ao mesmo tempo é irremediabilmente subxectiva. Por suposto, determinar quen escribiu materialmente os documentos e a posición que ocupa na cadea de transmisión é de vital importancia para a súa correcta interpretación. É frecuente, case universalmente admitido, que o editor non dea conta de como procedeu na identificación das caligrafías. Trataremos de amosar cales foron os nosos criterios a través dos cadros recollidos na sección “Mostra documental” (cadros 1, 2 e 3).

Pero a identificación da letra non esgota os problemas. Como veremos, as mesmas mans poden ter distintas funcións. No caso particular de Alejandra, será a testemuña e ao mesmo tempo a copista de poemas tanto achegados por ela coma alleos.

Non temos, ata onde sei, unha descrición do proceder dos enquisadores nas recollidas de romances, pero parece que en maior ou menor medida, un enquisador tiña que ter unha retentiva notable, pois os romances non se poden recoller ao ditado. Isto explica por si mesmo as importantes vacilacións ou trasacordos que se manifestan en moitos destes manuscritos. No caso de Said Armesto (1905), no seu artigo de *Heraldo de Madrid* explica como as rapazas entraban nunha especie de transo mesmérico. Romper este transo impediría a correcta recepción do poema.

Que era a literatura popular para Murguía?

Desde moi cedo dedicouse Murguía á literatura popular desde distintos puntos de vista. Xa en 1858, nos primeiros tempos da súa relación con Rosalía e quizais baixo a súa influencia, publica en *El Museo Universal* un texto sobre a poesía contemporánea de Galicia no que se inclúe unha alusión ás cantigas populares, onde xa se tratan como materia fundamentalmente feminina (Murguía 1858).

Existe una costumbre, poética, sencilla, mejor dicho, patriarcal, en medio de aquellas montañas que se alzan cerca del mar cantábrico; el poeta la viste con el traje de la poesía culta, y hace asomar á los labios la sonrisa incrédula; pero ved, el pueblo canta, el pueblo la santifica y le presta ese dulce baño de castidad, esa certeza que sin saber por qué acogemos, y no podemos hacer otra cosa mas que amarla, admirarla. ¿No creis ver en estos cuatro versos que la describen, algo de pureza, algo de idealismo que la hace querida á nuestros ojos?

—Cantan os galos pra o día
Erguete meu ben é vaite!...
—Como me hey dir queridiña
Como me hey dir é deixarte!...

Naturalmente, a presenza precisamente dun cantar dos glosados por Rosalía en *Cantares gallegos* non é irrelevante. Sexa un cantar achegado por ela ou por Murguía, o interese polos cantares populares comeza xa nestes momentos. Tamén a historia de “Ignotus”, que moito antes de aparecer en *Los precursores* aparece en *Álbum de señoritas y correo de la moda* baixo a epígrafe “Costumbres populares” —como me fixo ver Xosé Luís Axeitos, que o reflicte nun seu artigo (2023)—, pódese relacionar co modo de entender a *arte do pobo*. A anécdota que é contada por Rosalía a Murguía durante o entreacto dunha obra, *Dalila*, tamén fala do talento en estado puro. “Ignotus”, o conto de Murguía, volve falar do xenio individual que se perde pola marxinação social, pois o seu contexto é nada menos que a fame de 1853. A recuperación dunha parte considerable do folclore en Galicia tamén terá ese aspecto frustrante: a pesar do moito e bo que se conserva tamén será en parte a historia dun fracaso. Desta maneira podemos ver que a conexión entre o folclore e a denuncia da marxinação social ten raíces máis remotas das que o propio Murguía, como veremos dado a pintar atractivas escenas con supostas revelacións, admitirá no seu relato.

Por volta de 1863 temos outro fito no camiño. Hai uns anos (Rodríguez González 2021) identificamos o lugar como as inmediacións do monte Breamo e o momento como o da recuperación de Rosalía dunha doenza que entendemos que, polo menos no plano diagnóstico, foi identificada como tuberculose.³ Nese momento parece arrancar a recollida de poesía popular de Murguía, na que o romanceiro non era algo central, como veremos máis adiante. De acordo coa súa mentalidade romántica, este comezo, que se conta retrospectivamente nun artigo de 1881, píntase como unha revelación: Murguía escoita o cantar que acompaña os labores agrícolas e de súpeto dáse de conta da importancia das rimas. O compoñente artificioso deste conto é notable: descubriría a poesía popular xusto despois de Rosalía publicar *Cantares gallegos*.

Se atendemos ao prólogo das *Rimas*, Murguía chegou a reunir máis de 6000 cantares,⁴ que logo perdeu, pero entre eles non aparecía ningún romance, non porque non existisen, senón porque eran desprezados polo colector, xa que pertencían, segundo el percibía naquela altura, a unha tradición allea.

3 A incidencia da enfermidade parece ir máis aló da xeración doente. Compañel padeceuna, tamén Alejandra e mesmo Eduardo Pondal polo menos daba síntomas dela, como delata a carta que Rosalía lle escribe e mesmo o testemuño gráfico. As visitas aos balnearios, lonxe de ser un síntoma de desafío económico, son un reflexo desta circunstancia xeneralizada.

4 Leandro Carré daba a cifra de 4000 para esta mesma colección.

En 1875, Murguía comeza a súa relación con Milà i Fontanals, quen lle pide material para o seu artigo de *Romania*. Esta relación quizais propicie o seguinte momento de revelación, pois inda que Murguía non achega ningún romance, si o fai Saco Arce.

A seguinte parada témola en Coímbra, en abril de 1876. Estimulada polo coñecemento do labor de Teófilo Braga, Alejandra manifesta que coñece moitos romances similares. Comeza aquí unha recuperación dos mesmos (Naya 1953).

Esta recollida de romances quedará expresada tamén na correspondencia con Milà, segundo me fixo ver Fernando Pereira. Para o 31 de agosto de 1880, Murguía tiña recollidos 30 romances ou máis, *algúns en castelán*. Ademais indícalle a Milà que foron recollidos nos últimos tres anos que pasaron desde a súa última carta, que sería en 1877 e parece que se perdeu (Nicolau 1932, pp. 228-230).

Murguía desprezou inicialmente a importancia dos romances en Galicia. A razón era que o que parecía ter diante era un conxunto de romances fortemente castelanizados ou mesmo case por completo en castelán, quitando accidentes debidos máis á ineptitude que a unha actitude consciente dos comunicadores. Hai que ter en conta a distinción entre cancionero popular e romances: o que Murguía nega nos primeiros momentos é a presenza dun xénero épico ou baladístico que se puidese identificar cunha tradición galega, non exactamente a existencia de poemas longos. Ademais, a aplicación rixida do que un romance é, na tradición castelá ou hispánica, é pouco axeitada para tratar a tradición galega, onde a métrica tende a ser irregular e os versos máis curtos.

A interpretación que facía Murguía nos primeiros anos (1865, p. 256) pódese considerar un exemplo de lectura imposta polas circunstancias. O pobo galego non ten épica pola súa particular idiosincrasia: é un pobo máis orientado cara á lírica. Pero este particular modo de consolarse parece que é suficientemente operativo para el. Aquí radica o principal dos alicerces da súa argumentación: con épica ou sen épica, o pobo galego, entendéndose por tal particularmente as súas clases populares, é marxinado e a súa historia borrada. Non é que se busque unha razón para reivindicar os galegos porque sexan mellores que outros pobos, senón demostracións da súa particular idiosincrasia e da súa marxinação, que son percibidas na actualidade de Murguía e non deducidas da historia.

Para Murguía, a tradición oral galega vivía entre dúas influencias: a portuguesa e a castelá. A primeira delas era afín; a segunda esmagadora. A razón non é outra que a proximidade lingüística. Cando a finais das guerras con

Portugal, Galicia queda illada do novo reino, perde un segundo elemento a sumar á súa antiga personalidade política: a influencia dunha tradición capaz de contrarrestar a outra forza. A influencia portuguesa, deste xeito, enténdense como protectora, non como creadora dos paradigmas a seguir, senón como garante de que os trazos diferenciais non sexan esmagados pola influencia castelá. Non se trata, ao meu ver, nin dunha supeditación ao portugués como autoridade nin de anticastelanismo: é a simple verificación lóxica de que o contacto co portugués permitía dunha maneira máis doada a singularidade do galego do que o fai o contacto co castelán.

Pero a dupla raíz ideolóxica de Murguía explica que un romanceiro nacional non sexa precisamente a súa obsesión, pois ás súas preocupacións identitarias hai que superpoñer outras non menos profundas preocupacións sociais e políticas que matizan incluso a súa ideoloxía racista. Tal é a interpretación de Ramón Máiz (1984), que Fernando Pereira non comparte totalmente no seu excelente estudo sobre o papel da raza na conformación da ideoloxía no XIX, e particularmente en Murguía (Pereira 2001, p. 223). Nós consideramos que a discrepancia procede sobre todo da aplicación ou non da carga de significación que palabras como *racismo* ou *arianismo* adquiriron ao longo do século XX. Polo que respecta ao romanceiro, si que hai que insistir nunha importancia limitada: cando pensa que non existe, non ten ningún problema para aceptalo. Cando atopa vestixios de que está perdido tamén o reclama, pero ao mirar as fazañas das elites, tampouco perde de vista que esas elites feudais non deixan de ser, no discurso liberal progresista, as opresoras do pobo.

Como se ve no prólogo ás súas *Rimas populares* [§ Prólogo, versión B], a reivindicación do individuo, “poeta anónimo” que merece respecto, é fundamental. Os romances teñen *autores*, transmisores fieis e transmisores deturpadores: o colector pódese ver como un autor, mais non no sentido de creación literaria senón de creación crítica.

Para el, polo tanto, non hai un romanceiro vulgar e outro elevado, e o creador non é un xograr antigo ou un ente colectivo: os creadores son persoas, unha ou varias, por moito que sexan anónimas, ou mellor dito *ignotas*. Isto non nega a creación de variantes ou mesmo versións completas, novas en gran medida, pero si que se pode inferir que cada transmisión dunha obra é só unha manifestación e non unha versión en si.

Os termos *tradicional* e *popular*, por máis que dimanen da propia definición de folclore, son en boa parte unha construción. Inevitablemente, no desenvolvemento dos romances son tan importantes as malas coma as boas cabezas. As primeiras rachan o sentido do poema que reciben; as

segundas, emendan, ás veces de maneira moi creativa, o problema creado polas outras, ou simplemente buscan solucións mellores para o que reciben. Ás veces, o problema xorde de feito pola incongruencia do poema co medio no que se transmite. Non existe polo tanto unha creación colectiva, existe unha sucesión de creacións individuais. Como saber se estamos no punto da mala memoria ou da recreación? Non hai formula fixa. Murguía non considera que exista unha distinción nítida entre o que é popular e o que é tradicional. Inda que a quen cita, para contradicilo, é a Teófilo Braga, pódense trasladar ás súas reflexións ás propias consideracións de Menéndez Pidal. Para Murguía, a distinción entre o tradicional e o popular é semellante á distinción entre lirismo e epopea. O mesmo que nos xéneros, só cando predomina un conxunto de trazos sobre os outros se pode falar do popular ou do culto [§ N 78].

Por outra banda, unha circunstancia desenfoca en certo modo toda a cuestión. Recóllese a tradición oral no seu último refuxio e téndese a pensar que transmisores e creadores son uns mesmos. Temos que valorar que a actividade da recollida de poesía popular se produce nun momento crepuscular. Non hai por que soste que as habilidades dos nosos transmisores sexan as mesmas que as dos transmisores seculares, nin por que assimilar a personalidade creadora e a reprodutora.

Un romance de autor, “Holofernes”, [§ I, 46] inda que non coñezamos o nome da persoa autora, coroa as *Rimas* na súa versión máis acabada, tal e como constata a copia de Florencio Vaamonde. Pero este concepto de *semipopular* aplícase tamén a outras obras como “Santo de barba dourada” [§ III, 22] que, ademais de conservarse en manuscrito, era cantada polos cegos, como acredita a achega de Alejandra. O propio Murguía planeaba plasmar este fenómeno do semipopular en poemas como a “A romería do Val” [§ II, 5], que lle enviou José Ojea. O poema “O canouro” [§ IV, 8] parece estar no mesmo caso.

Esta continuidade entre o tradicional e o popular marca exactamente o punto de confluencia entre as ideas nacionalistas e as ideas liberal-democráticas de Murguía.

O concepto de deturpación, e a súa enxeñería inversa, a restitución, é explicitamente recoñecido por Murguía [§ Prólogos, versión B], quen entende que non ten sentido o purismo de non restituír o que é manifestamente erróneo, o que no fondo sería unha falta de respecto polo creador ou creadores poéticos.

No llevaremos pues nuestro escrúpulo hasta dejar correr mal lo que evidentemente estuvo bien y cual se le supone restituyéndole a su probable originalidad. (§ Prólogos, versión B, p. 4)

Hai que dicir que estas declaracións teóricas de Murguía apenas teñen efectos prácticos e son moi poucos os puntos onde se verifica a súa intervención. Un exemplo claro é o de “Don Gaíferos” [§ 1, 18], onde a secuencia aparece truncada e cumpría amañala coa introdución ou supresión dalgún verso, algo que se fai precisamente, porque é inevitable para darlle coherencia, na versión de Santalices (Millán 2010, pp. 237-239).

Pero non se pode sen máis xulgar estas ideas sen contrastalas coa verdadeira práctica de Murguía, dado que unha cousa é a metodoloxía explícita e moi outra a metodoloxía implícita, a verdadeiramente actuante. Como contamos en diversos casos coa fonte orixinal (Alejandra, Camilo Placer, Valladares) e coa edición de Murguía, ben a través da súa propia man, ben da de Florencio Vaamonde, podemos concluír que Murguía opera con extrema prudencia. Só no caso de “No figueiral figueiredo” [§ 1, 22] podemos atopar unha restitución máis profunda, derivada do extraordinariamente deteriorado que está o texto, xa que, na opinión de Murguía, foi sen dúbida manipulado. En todo caso, é unha restitución declarada e manifesta, moi lonxe de calquera intento de mistificación. Na nosa opinión, esta restitución era inútil, pois o romance era só parcialmente folclórico, adobiado para harmonizar coas pretensións dos Figueroa galegos e máis tarde coas das familias portuguesas.

Existiu unha edición parcial das Rimas de Murguía?

Difícil é que se resolva sen a aparición de máis fontes o pequeno misterio bibliográfico do que fala Xosé Ramón Barreiro (2012, pp. 395-400). Foi precisamente Leandro Carré Alvarellos quen indicou que o libro de Murguía se comezara a publicar en fascículos e que se deixara de facer por falta de financiamento. Esta saída en falso encaixa co feito de non aparecer resto ningún e coa existencia dalgunhas noticias da prensa da época que apuntan nese sentido:

En la Escuela tipográfica del Hospicio de esta ciudad, se empezará en breve la impresión de la notable obra *Rimas populares de Galicia*, coleccionadas y anotadas por el distinguido historiador gallego nuestro querido amigo Sr. Murguía.

La obra constará de tres partes y seguramente que será un nuevo favor que la cultura gallega deberá al más galano de nuestros escritores. (*Boletín bibliográfico de la librería gallega*. 6 (1895), p. 7)

La Voz de Galicia do 2 de xullo de 1895 (p. 2) anuncia o acordo da Comisión provincial de “imprimir en la imprenta del hospicio de esta capital un libro titulado *Las rimas populares de Galicia*, coleccionadas por Manuel Murguía”. En 1905 Fontenla Leal dá como inédita a obra en *Galicia: revista semanal ilustrada* (31, 30/VII/1905, p. 5): “*Rimas populares de Galicia*, fruto de más de cuarenta años de trabajo”.⁵

En principio, consideramos a declaración de Leandro Carré como unha fonte a ter en conta. Non só pola vinculación dos Carré con Murguía, senón polo propio interese no tema tanto de Leandro coma de Lois. Pero ademais, as anotacións a lapis no reverso do conxunto de manuscritos numerados de Florencio Vaamonde poderían ser unha pegada da súa preparación. O libro, nesta edición fantasmal máis que fantasma, non tería a orde orixinal que manifesta a copia de Florencio Vaamonde: a primeira sección comezaría por “Mañanciña de san Xoán” [§ 1, 34] e incluíría “Dama Gelda” [§ IV, 1]), que non temos copiada por Florencio Vaamonde, como testemuña o reverso: pensamos que en xeral comezaría, xa que logo, polas obras das que Murguía consideraba que podían ter máis interese antropolóxico como testemuñas de antigos cultos. A segunda sección contería os romances históricos ou pseudohistóricos.

Polo demais, a data máis probable desta saída en falso é a que se infire dos seus anuncios: 1895. Daquela comezaría a elaborar unha edición curta (como indica o prólogo, versión A) que non estamos certos ata onde puido chegar, pero que tivo que quedar o suficientemente pouco avanzada como para deixala de lado e para que se perdesen todos os orixinais, incluídos os que puido conservar o autor.

Pódese botar en falta unha mención a esta edición na lista bibliográfica de Fontenla Leal, pero o feito é que Murguía tiña razóns, inda máis das que

5 O traballo comeza, segundo este dato, antes de 1865, é dicir, máis ou menos no ano seguinte á estancia en Bremao, cando Murguía escoita en Compostela, a través de Alejandra, os primeiros poemas, non romances.

calquera tería, para non mencionar unha edición marrada. Despois de todo, xa o despacharan en *Semblanzas galicianas* con estes ripios:

Ya que la Naturaleza
Hízole principio de hombre,
El la imita en su pereza,
Que en desdoro de su nombre,
Nada acaba y todo empieza.

(Muruais 1884, p. 13)⁶

*A poesía popular e os seus trazos escritos: un tema fundamental
para a sociolingüística e a lingüística histórica*

A presenza de elementos lingüísticos do castelán e do galego de maneira aparentemente asistemática, confundindo unha e outra gramática e un e outro vocabulario, é unha característica común a todas as recollidas folclóricas dos anos 1980 e a algunhas das recollidas históricas, entre as que se inclúen tamén algunha das pezas desta colección.

Resulta un feito incontestable que, mentres os romances recollidos nos anos 1980 polo Seminario Menéndez Pidal e por Schubarth e Santamarina se presentan, de xeito xeneralizado, en lingua castelá, nos recollidos polos estudosos desde Murguía ata Casto Sampedro e Víctor Said Armesto a lingua galega está moito máis presente.

Este contraste entre as recollidas modernas e as recollidas clásicas parece levar á conclusión de que a meirande parte dos textos antigos foron retocados. Xa veremos que isto non pode servir de ditame global: mentres Lois Carré mostra evidencias de redondear os textos, Murguía, Alejandra e Florencio Vaamonde non semellan facelo. Este dilema foi exposto da seguinte maneira por Antón Santamarina e Dorothé Schubarth:

A brevidade deste prólogo non nos permite extendernos en consideracións pormenorizadas sobre aspectos dialectolóxicos, sociolingüísticos e literarios. Cómpre de todos modos notar que, como textos orais, cada un ten as peculiaridades da fala do informante (para o cal remitimos ós

6 No exemplar da Academia podemos ver, pola dedicatoria do propio Muruais, a complicidade de Emilia Pardo Bazán neste malicioso opúsculo.

traballos de xeografía lingüística galega disponibles). De todos modos, os textos sometidos a ritmo e rima poden circular dun lado para outro bastante inalterables, coas características do galego en que foron compostos orixinariamente.

Esto mesmo é o que provoca que circulen pola nosa terra coa letra (case) orixinaria, en castelán, os romances e cantos de Reis difundidos desde Castela. Hai, de todos modos, un fenómeno que nos sorprende: os romances de orixe castelá transcritos por outros colectores precedentes están nun galego bastante aceptable; ver por exemplo os transcritos por Sampedro ou Carré e xa antes por Murguía, Pérez Ballesteros e outros. Polo contrario, os que nós recollemos non teñen de galego senón os galeguismos que provoca a interferencia lingüística por ignorancia do castelán. Sobre isto caben dúas interpretacións: a) que o galego estaba acabando de dixerir aqueles textos casteláns cando os recolleron Sampedro e Carré (como os dixerira o portugués e en menor medida o catalán) e na actualidade os recastelanizou pola maior presión da lingua oficial; b) ou que os colectores ou editores os manipularon traducíndoos ó galego. Nós somos desta segunda opinión. (Schubarth e Santamarina 1983, pp. 27-28)

Reducidos a estas dúas opcións, inda que parecen partir dunha necesaria orixe castelá de todo romance, e constatado que os textos pasan por diversas mans e que a intervención de Murguía non consiste de ningún xeito no cambio lingüístico,⁷ só nos quedaría a primeira, que os textos foron recastelanizados. Ou, dito doutro xeito, esa dixestión dos textos que viñan de fóra nunca foi completa nin para todos os romances nin para todo o país.

Porén, Xosé Luís Forneiro relacionará o fenómeno co rexeitamento das obras cultas en castelán como pertencentes á literatura galega. Este “dogma” nacionalista é o que levaría aos círculos máis ou menos galeguistas a traducir e retocar os textos, ou mesmo a inventalos.

Cómpre distinguir ben entre o manifestado por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina e o manifestado por Xosé Luís Forneiro. Os primeiros non falan de bilingüismo⁸ senón de trazos galegos provocados por ignorancia do castelán. Forneiro, pola contra, fala de textos en castelán

7 A palabra *caballero* é significativa neste sentido: como se pode comprobar nesta edición non sofre modificacións por parte de Murguía nin de Florencio Vaamonde, non a *galeguizan*. Moi ignorantes da lingua galega e portuguesa tiñan que ser para non saber que *cabaleiro/cavaleiro*, era máis axeitada.

8 O termo *bilingüe* non sería de feito axeitado para caracterizar unha literatura que mestura asistematicamente dúas linguas: as persoas que a producen e transmiten non son bilingües e tampouco o son os textos.

incorporados, de xeito máis ou menos natural, á tradición galega, onde son transmitidos sen perder nunca ese estado de hibridación, que chega a ser unha característica substancial deles. Podemos convir en que xa desde tempos de Murguía era unha característica marcada, o que evidencia tamén a identificación a nivel popular do xénero coa lingua castelá e probablemente certo halo de prestixio. Desta maneira chégase a un paradigma contradictorio: a rama galega do romancero castelán é, ao mesmo tempo, propia e allea.

El carácter “no gallego” del romancero sorprendió negativamente tanto a los regionalistas decimonónicos como a los nacionalistas de nuestro siglo. Esta realidad implicaba que el uso del castellano no se reducía a las capas sociales más acomodadas o urbanas; su penetración llegaba hasta los más apartados rincones del medio rural, donde los campesinos, monolingües en gallego o mal conocedores del español, cantaban y sentían como propios los romances en esta lengua. (Forneiro 1991, p. 854)

Pódese estar de acordo en que desde a perspectiva rexionalista ou nacionalista a penetración do castelán non se vise como algo positivo, pero iso non quere dicir que houbera unha intención de negala. É máis: resulta innegable esta penetración do castelán; o que está en discusión é que sucedía exactamente en tempos máis antigos. Desde o noso punto de vista, pódese defender, tendo en conta a transmisión xeracional, o carácter tradicional do romance galego en castelán, pero tamén, como fai Murguía nun primeiro momento, ou mesmo Carballo Calero, pódese entender que pola falta de asimilación estes romances non forman parte da tradición galega, inda que si o sexan da tradición de Galicia. Ambas as posicións son igualmente defendibles e non constitúen ningunha aberración lóxica. Pero deben separarse coidadosamente temas que adoitan mesturarse:

- Retoques ou tradución non son o mesmo que falsificación.
- Non todos os colectores operan cos mesmos criterios de fidelidade ao orixinal.
- Recollida das clases populares non significa *tradicional*, inda tendo en conta que esta palabra non ten unha definición simple. Pero que algo non sexa tradicional non implica que sexa inventado polo colector.

Finalmente, hai unha serie de romances tradicionais, fóra dos que colectou Murguía, que teñen trazos que nos poden facer pensar nunha orixe galega. “Rufina” [§ II, 28-30], en concreto, posúe as características que o desacreditarían como obra importada: hexasílabos, forma dialogada, polirrima e difusión moi escasa fóra de Galicia e Portugal.

Polo demais, o fenómeno de substitución dunha lingua por outra ocorre sen necesidade de que a orixe dos romances sexa foránea. Tal fenómeno pode observarse no *Barzaz Breiz* que, como veremos máis adiante, pasou tamén por unha fase de descrédito prolongada e inxusta.

Pero, como resolver esta contradición entre os textos que proban por moitas vías a súa lexitimidade e as observacións feitas por Schubarth e Santamarina, o Seminario Menéndez Pidal e outros?

Coidamos que o dilema ten en si mesmo unha suposición que afecta negativamente ás conclusións: o carácter progresivo da castelanización ou da galeguización. Sponse que o romanceiro parte de Castela e se galeguiza. Pero en realidade o que sucede é semellante ás pozas que van recibindo as ondas do mar. Os romances en castelán asolagan o sistema existente. En cada pucharca prodúcense asimilacións: traducións completas, cambios de sentido, eliminacións de creacións que polo seu alcance local ou pola súa inoportunidade política, social ou ideolóxica xa non son operativas. Ata aquí o proceso sería lineal pero as ondas seguen chegando. Entre onda e onda, as pozas reaccionan e fan o seu pequeno mundo unha e outra vez. Re-galeguizan talvez o que depositou a onda, asimilan, perden, crean... O proceso non é lineal: é ondulatorio.

Non é esperable unha estabilidade na lingua dos poemas cando estes están en castelán, porque son obxectos estraños no sistema lingüístico onde se insiren: as regresións son, polo tanto, posibles e probables, como se pode ver nunha palabra como *cabaleiro*, amplamente utilizada nos romances recollidos polo Seminario Menéndez Pidal e sistematicamente *caballero* na colección que hoxe editamos. Evidentemente, o uso do castelanismo neste conxunto non pode ser un retoque nacionalista. Polo demais, hai que ter en conta que xunto co prestixio clasista do castelán, convive no noso país un prestixio de pertenza do galego máis forte do que se pensa. Pero a forza galeguizadora debilítase conforme a habilidade no castelán dos transmisores mellora.

De acordo con Manuel Murguía, a maior parte dos romances —todos ata a revelación de ca. 1870— procedían da tradición castelá. A situación diglósica produce, efectivamente, un complexo de hibridacións:

- Castelanismos por inclusión de palabras de prestixio ou relacionadas coa Igrexa: *caballero, capilla, castillo, Jesucristo*.
- Castelanismos estilísticos, cando se utiliza o castelán para a caracterización dunha personaxe, ou galeguismos estilísticos, cando se introduce unha frase humorística ou procaz.
- Castelanismos existentes na fala do transmisor.
- Castelanismos como restos do romance castelán que se adapta ao contexto galego.

Polo que respecta a este conxunto, Murguía coincide coas liñas máis aceptadas na descrición dun romanceiro crioulo ou híbrido e firmemente apegado á tradición que se quere chamar *panhispánica*, pero que parece partir en realidade do dogma da irradiación do romanceiro peninsular desde Castela, o cal non deixa de ser tamén contraditorio. O primeiro punto no que Murguía é diverxente é na *valoración e interpretación* que fai desta circunstancia. Polo que a Murguía respecta, esta é unha tradición allea. Desta maneira, un fenómeno que irradia desde Castela e no que Galicia amosaba, incluso tendo en conta algún romance enteiramente galego que xa se coñecía, pouca ou nula creatividade, non é un fenómeno esencialmente galego. Isto é unha preferencia ideolóxica, pero non menos ideolóxica que a actitude contraria.

Por de pronto, se advierte que en los romances predomina la influencia castellana sobre la portuguesa, indicando ya, esta circunstancia que debieron ser compuestos después de aquellos gloriosos días en que una Inés de Castro, un conde de Trava y un Juan de Andeyro se hallaban sobrados cerca del tálamo real portugués, y en que nuestros trovadores veían en los cancioneros sus nombres y sus obras unidos á las de los lusitanos, sin que nadie sea hoy capaz de distinguir, por la lengua en que escribe, a qué región pertenece el poeta. ¡Tan una fueron en sus comienzos las hablas portuguesa y gallega! Sin embargo, nuestra poesía popular tiene un fondo propio, que se descubre al momento. (Murguía 1881)

Por outra banda, inda que poida haber dúbidas sobre o posible uso do galego por parte dalgunhas capas altas da sociedade, o que está moi claro é que o acceso das capas baixas ao castelán era extraordinariamente limitado antes dos anos 50 do XIX. Aínda máis nos ámbitos rurais nos que os investigadores do folclore buscan a tradición.

A inestabilidade tiña por forza que caracterizar estas composicións cando eran semitraducidas, ou semiadaptadas, ou traducidas por completo

e despois expostas de novo a castelanismos. Difícil, cando non axuda a toponimia —e inda así esta adoita ser, xunto coa onomástica, o primeiro que se cambia— determinar a orixe dun texto, dunha idea poética simple ou complexa. Así, probablemente os intentos de Leandro Carré (1950) de reivindicar para Galicia certos romances, entre eles aquel tan famoso do conde Arnaldos, parezan simples especulacións. Pero tampouco a teoría da irradiación ofrece alicerces incontestables: é evidente que o folclore galego non contou apenas con recolección nin con recreación culta. A propia recreación culta está mediatizada pola ideoloxía que pretende promover.

Podemos, cando temos testemuños datables, distinguir cales son os camiños dunha idea. Pero cando examinamos unha recollida oral é imposible determinar a diferenza no resultante entre a irradiación dos romances a partir de Castela, o asolagamento, por influencia castelá, de todo o territorio da Península, e a posterior desaparición dos trazos distintivos. Polo menos na aparencia, toda achega da periferia é moi pequena. Ora ben, incluso esta percepción xeralmente admitida non exclúe a produción independente nestas áreas marxinais. Probada está en Cataluña e en Euskadi, por que non en Galicia?

Cando, en 1875, Murguía entra en contacto con Milà comeza a súa reconsideración da materia. En primeiro lugar porque atopa unha valoración allea dunha área en principio desprezada por el. Este cambio de actitude é un dos elementos para que teña oídos para o que Alejandra sabe. É un cambio que o forza a desdicirse do declarado anteriormente, cousa que para ningún investigador é agradable, máis cando os primeiros problemas para Murguía non se producen por desdicirse, senón pola súa valoración negativa do romanceiro conservado, tal e como se pode ler nos borradores de prólogo. Por que se produce este cambio?

Murguía estaba plenamente convencido de que o galego era un pobo sen épica. Pode ser que recibise unha certa presión pola creación das sociedades de folclore, pero de feito as súas contribucións non cambian en absoluto o panorama, salvo matizando que si houbo unha certa creación de romances, ou algo parecido a eles, autóctona e propia, na súa maior parte perdida.

Volvendo, pois, ao dilema de Schubarth e Santamarina, parece claro que os romances si alcanzaron, en moitos casos, unha asimilación completa na lingua galega dos que os transmitían e sufriron procesos de recastellanización, e aínda foron eles mesmos portadores de influencia do castelán sobre o galego. Pero cando queremos buscar unha explicación fonda para esta situación consideramos que hai que facer unha revisión da propia historia da recollida de folclore en Europa.

A negación da autenticidade dos romances recollidos por Murguía e, como veremos máis adiante, por outros colectores, non é inocua dende o punto de vista do estudo da lingua nos anos en que practicamente carecemos de toda documentación escrita. Se facemos exclusión destas testemuñas escritas establécese un gran baleiro xeográfico e temporal desde mediados do século XIX sobre a fala da xente e a relación entre as dúas linguas presentes no territorio galego.

Con todos os defectos que a recollida puidese ter, hai que tela en conta, o mesmo que se teñen en conta as coleccións castelás impresas do século XVI. Estas coleccións impresas son importantísimas para examinar o romanceiro peninsular ou hispánico. Cabe pensar que, porque fosen feitas no século XVI, non foron sometidas a un proceso de depuración? Cabe pensar que non hai ningún tipo de intervención culta nestes romanceiros *populares*?

No seo dos romances e da súa transmisión están as claves de fenómenos como o estado da *gheada* a finais do século. O nome propio *Gerineldo* [§ 1, 26] pasa así por todas as fases identificadas por José Luís Pensado (1983). Existe un *Xerineldo* recollido por Murguía, mentres que, cando o publica Lois Carré, o máis xeneralizado é *Guerineldo*.

Os romances, coa súa aura de prestixio para o pobo, ben puideron ser o vehículo privilexiado dos fonemas casteláns que, de acordo coa teoría de Pensado, son os últimos responsables da *gheada*, xa que eran un dos máis estreitos contactos culturais que o pobo galego tiña con esta lingua, particularmente nas relacións fronteirizas. Pensado fala da escola oficial ou da Administración, pero os tempos nos que se producen estes cambios reclaman un contacto distinto co castelán, que probablemente case non había no momento en que se documenta o cambio: os romances, verdadeiro *mass media* da época, son un bo candidato. Non son, en definitiva, meros documentos da diglosia; en troques, son eles mesmos axentes de castelanización do léxico nos tempos en que a interacción galego-castelán, nas clases que conservaron o galego, era limitada.

Pero a máis importante consecuencia para o estudo da sociolingüística histórica no tema que nos ocupa é a propia descrición da absorción do romanceiro no noso territorio. Xunto cos cambios das prácticas notariais, ou as falsificacións históricas, das que tamén falaremos nas *Rimas* de Murguía, a absorción dun vocabulario e, probablemente, tamén dun imaxinario alleo forman parte tanto da nosa historia coma do noso presente.

Imos agora a outro tema de extraordinaria importancia preliminar, pois a colleita de Murguía non só padeceu a imputación de estar retocada, tamén se dixo que era directamente inventada. Para comprender que se chegase

a esta conclusión non hai máis remedio que revisar o contexto europeo, onde aínda non hai un pleno restablecemento dun asunto que aconteceu no século XVIII.

A poesía popular das culturas periféricas: á sombra de James Macpherson

De acordo con Peter Burke (2014, p. 56), a recollida romántica de materiais, con todos os seus defectos, coas súas alteracións e mesmo invencións, é un paso absolutamente fundamental na recuperación da cultura popular. Tan fundamental que o reputado historiador chega a dicir que se non fose por ela non estaríamos nin tan sequera falando do tema. Isto bastaría para que os romances facticios ou directamente de autor fosen un tema digno de estudarse, inda que estivesen moi manipulados.

Este argumento tamén é expresado por Murguía, falando dos primeiros colectores e editores de romances [§ Prólogos, versión B], pero non para desculpar as súas supostas faltas, senón para matizar o rigor co que son tratados algún dos colectores que o precederon.

O estrito positivismo só é posible estreitando o propio obxecto histórico. Se queremos dar unha resposta a determinados problemas só se pode facer a través do hipotético. A máis probable das explicacións é polo tanto o noso obxectivo, non só o que aparece demostrado.

Hai unha serie de circunstancias polas que o que podemos chamar culturas periféricas, é dicir, culturas que non se sitúan no tronco principal de lexitimación do Estado-nación, compiten en inferioridade de condicións coa cultura central, tamén á hora de recuperar o pasado:

- Esvaecemento histórico da propia tradición.
- Falsificacións interesadas en procesos xurídicos.
- Intentos fracasados de restauración. Entre estes intentos de restauración están moitas cousas que poderían caer no capítulo de *Invencción da tradición*, seguindo o ronsel do conxunto de ensaios dirixido por Hobsbawn (1983). Con todo, cada caso debe recibir o seu propio tratamento especializado e en moitos deles non se poden cualificar nun sistema binario como auténticos ou falsos, producíndose nun punto de encontro entre a tradución, a recreación e a falsificación. Por suposto algunhas destas fontes parecen ser rotundamente falsas, como o “Canto de Altabiscar” ou os

manuscritos checos de Václav Hanka.⁹ Naturalmente esta circunstancia favorece a sospeita sobre os outros.

- Centralismo no sistema universitario. A economía inflúe de maneira crucial na importancia que se lle dá a cada cousa. O sistema central que se considera nacional pretende ser xusto e equitativo, porque quere ser nacional, pero estruturalmente non pode sêlo. Inda que a descentralización universitaria e educativa ocorreu xa hai moitos anos, o peso das universidades centrais segue a determinar moitas perspectivas históricas e filolóxicas.

O propio nacemento das teorías de Herder e da reivindicación do *Volksgeist* como base da esencia nacional está cruzado co episodio do século XVIII coñecido como o *Ossian fraud*, que afecta de modo decisivo á metodoloxía e moi particularmente a como tratarán desde os estados constituídos as recoillidas folclóricas desde ámbitos periféricos.

James Macpherson publicou un conxunto de versos en inglés que serían unha suposta tradución tanto da tradición oral coma de manuscritos en gaelico escocés. Estes poemas estaban atribuídos a un poeta chamado Osián que, a modo de Homero escocés, cantaría as sagas dos heroes de Escocia. Tense por un dos máis importantes exemplos de falsificación moderna, pero enfoques posteriores matizan a existencia de materiais reais nos que Macpherson se baseou, inda que non sabemos ata que punto é recuperable a parte tradicional dos seus poemas. Como veremos a continuación, ao inverterse a carga da proba, só aquelas partes probadas como tradicionais pasaron o veredicto favorable da crítica, dado que todos os revisores aceptan unha falacia lóxica: que o que non se pode probar pola tradición moderna coñecida é inmediatamente falso.

A esta falacia podemos engadir outra que veremos aparecer máis veces ao longo desta pescuda: a falacia da autoridade. Mentres que a Samuel Johnson os poemas lle parecían carentes de todo valor literario, Goethe incluíunos no seu *Werther*. Ningunha das dúas consideracións engade lexitimidade *per se*. E é un concepto romántico o de que a literatura tradicional teña a obriga de ser sublime.

Foi Samuel Johnson o máis activo inimigo da lexitimidade da obra de James Macpherson, considerándoa unha completa invención. A cousa inda se complicou máis ao intervir os estudosos irlandeses, que acusaron a

9 Nestes dous casos parece haber consenso no seu status de cantar non tradicional e manuscrito falsificado, respectivamente.

Macpherson de basearse en material irlandés. Macpherson foi quizais o primeiro autor ao que se lle aplicou o método de contrastar o recollido por el coa tradición oral existente no momento dos críticos. Parece que a derrota de Escocia polos ingleses e o acreditado período represivo subsecuente non eran elementos a contar. Foi o propio Samuel Johnson quen co seu amigo Boswell emprende unha viaxe para, entre outras cousas, investigar os restos de poesía gaélica que poden indicar que Macpherson non inventou todos os seus poemas.

Débense ter en conta varias cuestións: a viaxe facíase trece anos despois da publicación do libro de Osián (Macpherson 1760), sobre un territorio sometido á represión lingüística e cultural especialmente desde 1746, e os viaxeiros eran un inglés e un *lowlander* con escasos coñecementos da lingua gaélica. Así describe o mesmo Boswell unha festa á que asistiron na que se cantaba e falaba en *Erse language*:

For myself, though but a lowlander, having picked up a few words of the language, I presumed to mingle in their mirth, and joined in the choruses with as much glee as any of the company. (Boswell 1785, p. 176)

A crítica tivo un éxito extraordinario. Porén, hoxe non é discutible que existan manuscritos escoceses en gaélico, cousa que negaba Johnson, e que Escocia e Irlanda, dado que desenvolven os mesmos temas, fixesen parte da mesma tradición, cousa que negaban os estudosos irlandeses.

A disputa entre Macpherson e Johnson, estudada con coidado, tamén nos indica moitas cousas sobre Samuel Johnson. O grao de manipulación de Macpherson pode ser discutible, pero os profundos erros de Samuel Johnson, negando a tradición manuscrita en Escocia ou considerando os habitantes das Highlands incapaces de toda creación poética, son totalmente manifestos. Os dous viaxeiros sorpréndense de que os nobres escoceses atopen ofensiva a súa perplexidade porque tivesen libros.

[...] his pride seemed to be much piqued that we were surprised at his having books. (Boswell 1785, p. 149)

A propia enquisa que fixo a Sociedade das Highlands de Edimburgo aceptaba de novo a tradición oral sobrevivente como a pedra de toque para coñecer a autenticidade da colleita feita anos atrás, cando a realidade socio-lingüística e política era ben outra.

Non está no noso propósito traer aquí a discusión sobre o fondo de verdade do Osián, chega con consignar que os argumentos de Samuel Johnson non eran acertados, máis alá de cal puidese ser o seu ditame. O caso de Macpherson, sexa cal sexa o seu fondo de verdade, impactou de maneira determinante na actitude respecto ás recollidas posteriores nas linguas e literaturas periféricas, que non tiñan por que padecer dos mesmos defectos.

A querelle La Villemarqué

A chamada fraude de Osián influíu moi pronto na percepción doutras recollidas en áreas marxinais de Europa. Outro caso de extraordinario interese é o de La Villemarqué, por estar, case no mesmo status que Osián, por breve tempo na máis alta consideración por parte dos seus contemporáneos.

A recollida de La Villemarqué dos cantos bretóns, publicada co título *Barzaz Breiz*, foi saudada por George Sand en termos tan eloxiosos como o fora no seu día o libro de Osián. As acusacións de falsificación, tempo despois, foron tan tallantes coma as erguidas contra Macpherson. Hoxe, tras os estudos de Donatien Laurent, que conseguiu acceder aos carnés de recollida de campo, deben ser corrixidas. Todo un traballo de edición levou a Laurent á publicación do libro *Aux sources du Barzaz Breiz* (1989), complementado co cotexo da realidade oral de 1980, que se pode aducir como proba en positivo pero non en negativo, que desembocou nunha rehabilitación de La Villemarqué. Unha rehabilitación que, como case todas, segue a ser incompleta. O libro, primorosamente editado, non está nas bibliotecas españolas das facultades universitarias dedicadas ao estudo da literatura popular.

De acordo coas conclusións de Donatien Laurent, La Villemarqué arranxou o que recollía, en consonancia co que el comprendía que había que facer, pero non inventou esencialmente os seus cantos. Parece que La Villemarqué non só non negaba a reconstitución de textos, senón que estaba convencido de que iso era o que había que facer naquela altura. Para poder facer un exercicio de compresión desde a nosa mentalidade quizais sexa útil pensar nas reconstrucións de Viollet-le-duc en Carcassone ou de Evans en Creta, ou mesmo os repintes barrocos do Pórtico da Gloria. Donatien Laurent recolle casos da interpretación de aparentes contradicións como erros. Por exemplo, engadir detalles entre a primeira e a segunda edición do *Barzaz Breiz*. Tamén responde Laurent á pregunta de por que non amosou os manuscritos orixinais: sabía que sería inútil, os cambios de modelo na

investigación farían que a polémica se situase noutros termos, pero non que desaparecese. As razóns de que unha persoa non se defenda ou mesmo decida declarar contra si mesma (inda que isto non pasou no caso de La Villemarqué) poden ser múltiples. Donatien Laurent opina que nos últimos anos da súa vida os críticos deixaran relativamente tranquilo a La Villemarqué e que, despois de todo, a súa intervención perfectamente consciente púñao nunha posición argumentativa moi difícil.

O estudo de Donatien Laurent demostra que os carnés de La Villemarqué son auténticos. Inda aceptando a necesidade da proba do contraste dos manuscritos pola tradición moderna, Laurent percorreu os lugares onde podían quedar restos dos poemas recollidos por La Villemarqué e demostrou unha continuidade na tradición viva, pero non cabe dúbida de que isto puido non resultar así.

Almeida Garrett

O caso de Almeida Garrett é desde logo diferente dos casos anteriores. O fundador do romanticismo portugués non trata de construír unha épica a través de retallos de poesía popular.¹⁰ Garrett foi máis ben acusado de construír arquetipos a partir de varias versións, o que se chama *facticios*, e de non pararse cando ten que utilizar o recheo propio para tapar as lagoas.

Tamén polo que respecta a Almeida Garrett apareceron recentemente manuscritos que dan lugar a unha tese de doutoramento que revisa a súa relación coa literatura oral. Curiosamente, a tese de Sandra Cristina de Jesús Boto, por máis que non cite o caso de Donatien Laurent, leva un nome paralelo: *As fontes do romanceiro de Almeida Garrett* (Boto 2011).

Chégase á convicción de que Almeida Garrett traballou con fontes directas, sen desbotar a súa intervención, retoque ou mesmo invención para recheo de lagoas. En definitiva, Garrett, era un folclorista romántico, á busca dunha verdade que non lle proporcionaba o puro positivismo. Pero isto non significa que a súa base tradicional deba ser simplemente ignorada ou rexeitada.

Tal circunstancia explica as coincidencias con Murguía, que xa o sorprendieran a el mesmo. E non só a Murguía, tamén indirectamente Milà

10 A primeira parte da súa creación seguramente asuma postulados similares aos de La Villemarqué.

expresa as contradicións nas que se cae co rexeitamento ou sospeita xeral sobre as achegas de Garrett:

Según es de ver, en esta version, así como en la del Arch. Açor., por otra parte muy alterada, se halla, aunque incompleto en la nuestra, el pormenor del niño de teta que habla, que hubiera podido creerse intercalación de Almeida. (Milà 1877, p. 69, nota 2)

Hai que ter en conta que Milà está falando da “Dona Silvela” presente nesta mesma colección [§ 1, 41], neno de teta incluído, que foi achegada por Saco Arce, como veremos máis abaixo. E Saco Arce non está, polo de agora, na nómina de falsificadores.

Pero en todo caso, esta revisión da veracidade de Almeida Garrett na tese de Boto é, volve ser, extraordinariamente conservadora, pois só admite como tradicionais os versos que aparecen acreditados pola chamada *tradição oral moderna*. Quen validou a *tradição oral moderna* a respecto da antiga? Non sería igualmente necesario, o mesmo que se proba o que se atopa na actualidade, probar que responde ao que había vinte, trinta, corenta, cento vinte anos ou varios séculos atrás?

Boto asume tamén certas liñas da crítica habitual a Almeida Garrett, como por exemplo defender sempre a maior beleza das obras portuguesas ou a procedencia portuguesa dos poemas. Debilidades nas que, seguramente, caemos todos inda que ás veces parece que se tratan de corrixir con demasiado rigor, pero en todo caso apreciacións que, na miña opinión, non poden descualificarse per se e moito menos servir para dubidar da boa fe dun autor.

Na reflexión sobre os erros aos que conduciu a aplicación desta lóxica nos casos de La Villemarqué, Macpherson, ou Almeida Garrett, poderíamos engadir a Elias Lönnrot e o seu famoso *Kalevala*.¹¹ Cada caso en diferente medida debería bastar para abandonar esta actitude de desconfianza que se xeneralizou. Cal é a razón de que estas diferentes investigacións non cheguen ao que poderíamos chamar a masa crítica para promover unha reflexión metodolóxica común? Sen dúbida, a pertenza de cada unha

11 Desta obra contamos cunha tradución ao galego de Tuula Ahola e Tomás González Ahola que trata de transmitir o ritmo orixinal, un auténtico luxo para a nosa cultura. Na súa introdución explícase que un terzo dos versos son directamente tradicionais e a metade son tradicionais normalizados (Lönnrot 2018, p. 12) pero o resultado fai que haxa que consideralo unha obra nova. Sospeitamos que tamén neste caso se aplica a consideración de que non é tradicional o que non está recollido polos folcloristas posteriores, inda que tal vez o folclore finés estivese nun estado menos deteriorado.

delas a un sistema de investigación científica separado e a súa condición de marxinais.

Que conclusión xeral se pode extraer de todos estes feitos individuais? Que o banco de coñecemento da tradición oral co que contamos —e non hai esperanza de que este medre de xeito decisivo— non serve de pedra de toque para autenticar ou rexeitar de xeito automático as recollidas históricas, que deberían tratarse como fontes, con todas as precaucións que se queira, pero como fontes orixinais. O certo é que nin sequera a propia tradición castelá estivo libre do efecto de borrador dos esquemas que só consideran interesante o nacional (español) e polo tanto o histórico, considerado validador do presente. Estudos como os de Luis Díaz Viana (1999) así o defenden. E un exemplo paradoxal sería Andalucía, despoxada do seu propio ser para representar o español de xeito paradigmático. Pero inda é menos razoable utilizar este sistema de validación cando se trata dunha *tradición periférica*, onde as fontes cultas históricas son máis escasas, ás veces case inexistentes, o investimento económico é dramaticamente menor e isto únese a unha intrínseca debilidade da propia tradición no seo da sociedade, fronte á presión do que é percibido como útil para a promoción individual. A ausencia de proba non pode seguir sendo proba da ausencia.

Estas descubertas que, pinga a pinga, aparecen sobre Almeida Garrett e sobre La Villemarqué, e outras ás que seguramente se chegaría tras cambios na perspectiva, deberían significar tamén cambios na metodoloxía, pois a simple reflexión sobre que pasaría se non chegasen a aparecer os manuscritos de La Villemarqué ou de Almeida Garrett debería levar a cuestionar a firmeza das bases sobre as que se sustentaba o seu rexeitamento, que como vemos ten case tantos anos coma elas mesmas. A mesma sospeita inicial, especialmente nos casos de persoas que no seu momento ostentaban un prestixio nas letras, tivo un peso engadido do que non nos conseguimos librar nas investigacións humanísticas: falemos de argumentos, non poñamos un plus de credibilidade ao que dixeron Carolina Michaëllis de Vasconcellos, Menéndez Pidal ou Unamuno. E distingamos, desde logo, testemuñas de opinións. Así, por exemplo, dona Carolina di que a música de “No figueiral figueiredo” atopada por Mariano Fuertes é falsa, soñada polo autor, o cal é unha opinión (Vasconcellos 1904, II, p. 268). Núñez González (1894) di que esa música se segue escoitando en Galicia, o cal é un testemuño que pode ser falso, condicionado ou errado, pero é unha declaración positiva de algo que se di saber. A este poema volveremos despois.

Os colectores galegos baixo sospeita

A consideración do esquema menendezpidaliano e das recollidas dos anos 80 do século xx como paradigma infalible co que contrastar a autenticidade das coleccións de literatura popular desde mediados do século xix, a mala interpretación dalgunhas mostras manuscritas, a elevación de simples erros ou desleixo na recollida á categoría de probas de falsidade, xunto coa constatación de que non só Murguía presenta as anomalías que se consideran proba de falsificación, levaron á ampliación da nómina de falsificadores. Entre eles é destacable o legado de Said Armesto.

A isto únese a constatación de que a propia recollida de Said Armesto, e outras, serven, como indican moi atinadamente Mariño Ferro e Bernárdez (2002), de valedoras da colección de Murguía:

A respecto da falsidade do romanceiro murguiano pensamos que cómpre distinguir entre os romances dos que só conservamos a versión de Murguía e aqueloutros dos que posuímos varias versións. Estes últimos son a maioría, o que descarta a súa completa falsidade. Certo que poden estar retocados e mesmo nalgún caso moi retocados, como era habitual no seu tempo. Están corroborados por versións doutros investigadores os seguintes: “Xirineldo”, “A infanta encantada” [A continuación, unha longa listaxe de romances] (Mariño e Bernárdez 2002, p. 17)

Hai que dicir ademais que Said Armesto non era nacionalista, nin sequera pre-galeguista no sentido político do termo. A pesar da estima persoal, situábase en coordenadas moi distintas das de Murguía, moito máis achegadas intelectualmente, por exemplo, a Miguel de Unamuno, e era pouco dado a tirar consecuencias políticas da recollida folclórica.

Volvamos a Murguía. Foi Diego Catalán, que eu saiba, o primeiro en poñer en cuestión a lexitimidade dunha achega murguiana: “Don Gaiferos” [§ 1, 18].¹² Desde o xermolo plantado por Diego Catalán con referencia sobre todo a “Don Gaiferos”, os textos sometidos a rexeitamento estendéronse por obra de Jesús-Antonio Cid (2005-2006), Ana Valenciano (1999) e José Luis Forneiro. Este último ampliou ademais a nómina de presuntos falsificadores ao atopar que as probas de lexitimidade ás que sometera o romance

12 Existe o precedente de Vicente Risco, pero as súas sospeitas, coas que non concordamos, sobre “A fada fadiña” [§ 1, 17] non teñen por que interpretarse como sospeitas sobre unha posible invención de Murguía.

“Don Gaiferos” tampouco validaban a recollida de numerosos outros folcloristas e, o que aínda era máis grave, as coleccións destes outros folcloristas contiñan textos rexeitados por Murguía.

Esta lista non deixa de aumentar. Chega o momento en que só unha teoría da conspiración pode soste semellante tese. Dado que nas comunicacións entre os presuntos falsificadores e as declaracións privadas non transloce ningún tipo de acordo, máis ben insisten na súa autenticidade e gábanse dos seus achados, só caberían dúas posibilidades: ou cada un deles chegou á íntima convicción de que era o único que non atopaba romances tradicionais e decidiu botarse pola súa conta a inventalos, ou se reunían en conciliábulo na Cova Céltica e alí tramaban as súas falcatruadas, facendo despois xuramento de relacionarse coma se fixesen traballo de campo.

Quedamos pechados nun razoamento tautolóxico: todo romance ou poema que contradiga o esquema é simplemente considerado falso. Deste xeito, o propio esquema xamais se someterá á validación crítica.

O máis curioso é que estas excepcións non supoñerían per se ningunha ameaza para os presupostos de Menéndez Pidal: pódese seguir sostendo que o romanceiro galego é un satélite do romanceiro castelán¹³ ou que as interpretacións antropolóxicas de Murguía son inexactas ou mesmo disparatadas, sen por esta razón declarar falsos —é dicir, fabricados por Murguía ou polos seus colaboradores—, “Don Gaiferos”, “Dama Gelda” ou outros sobre os que aínda non se puxo o foco e que aparecerán nas liñas a seguir. Pódese, en fin, dicir que algo non é tradicional ou ten unha manifesta intervención culta sen por iso negar que fose recollido nos beizos populares. Populares, iso si, ata certo punto: a asociación de ambos os poemas a focos de atracción de peregrinos, un deles pequeno, como Santo André de Teixido, pero o outro o máis potente do país, a catedral de Santiago, fai perfectamente probable a inxerencia culta eclesiástica.

A realidade material desbota de xeito claro a intervención lingüística por parte dos colectores. Se nos romances editados por Lois Carré Alvarellos hai un labor de corrección e tradución ao galego, este non existe nos romances preparados para a edición por Florencio Vaamonde, e as modificacións

13 En realidade é difícil demostrar a procedencia específica de todos e cada un dos temas. A propia rede de poder, consecuente á ascensión de Castela como centro do reino, solábase asolagando todo o territorio peninsular (Portugal por un tempo). A simple superposición do sistema castelán absorbería todas as creacións locais (catalás, galegas, vascas, pero tamén doutras entidades menos definidas) que se terían que enfrontar coa nova onda dos seus romances xa *castelanizados* (non só no sentido lingüístico, tamén *españolizados*). Toda idea ou argumento periférico que triunfase no novo sistema común volvería como un búmerang cara aos seus creadores.

feitas por Murguía, nos poucos manuscritos da súa man das rimas hoxe conservados, son de escasa relevancia e, ata o punto en que é razoable chegar nun ámbito cargado de accidentes (*lapsus calami*, erros da memoria, anotacións das que non se coñece o seu derradeiro propósito) razoablemente explicables.

A argumentación sobre a inautenticidade das *Rimas populares* de Murguía, o mesmo que a doutros autores, queda en moitos casos reducida á intencionalidade: puido, conviña, logo fíxoo. Pero, máis alá de que este siloxismo sexa incorrecto fóra do ámbito da teoloxía, as súas dúas premisas non son verdadeiras. *Non podía*, pois os romances reputados por falsos non transmiten de xeito claro o folclore celto-xermánico que supostamente pretende Murguía. Neste sentido, James Macpherson crea un mundo, desprezable para Samuel Johnson, pero sublime para os grandes artistas da época. Os poucos romances que achega Murguía non constitúen ningunha base sólida para os trazos que el trata de resaltar no seu discurso historiográfico e ideolóxico.

Pero é que *tampouco conviña*, pois non había unha esixencia percibida como tal. Tampouco conviña porque todos os folcloristas, desde o caso de Macpherson, tiñan a ameaza, case como espiñas do oficio, de ser considerados falsarios. Menos conviña aínda se se trataba de facelo mal. Que engade de substancial, desde o punto de vista nacionalista, a historia de “Don Gai-feros”? A importancia das peregrinacións a Santiago, había que probala? No caso de “Dama Gelda”, hai que probar a superstición dos encantamentos relacionados cos mouros? Levanta Murguía algún heroe galego, algún bardo capaz de competir con Osián, capaz de emular a significación do Cide?

Se do que se trata é de exaltar a peregrinación xacobeá, por que non acudir a outros dos milagres, ou a un episodio dos *Miragres de Santiago*, obra da que Murguía era perfecto coñecedor? Por que falar dunha escura romaría que tanto custou rebuscar?

Pero tentemos pasar o capítulo da intencionalidade, por máis que nos pareza fundamental neste asunto, e volvamos ao terreo da crítica filolóxica.

Dado que as críticas destes investigadores están aliñadas, daremos un repaso aos argumentos con especial dedicación á sistematización de José Luis Forneiro (2001), quen desprega un conxunto de premisas máis detallado.

Todas as supostas características enumeradas por Forneiro poden atoparse nalgúns dos romances recollidos e publicados como tales polo propio equipo do Seminario Menéndez Pidal —no que estaba integrado o propio Forneiro— ou por Dorothe Schubarth ou por outros autores non rexeitados por el. Quere dicir por iso que non son verdadeiros romances? Pode ser. Pero

a nós non nos preocupa que sexan romances, senón que sexan tradicionais ou populares.

Hai que ter en conta que Forneiro en realidade non aplica as características de todo o que cabe con maior ou menor amplitude na poesía popular, senón só daquilo que considera romanceiro tradicional, de xeito que a ausencia destas características só probaría que os poemas non pertencen ao romanceiro tradicional tal e como el entende, con razón ou sen ela, que debe estar conformado, nin que foron fabricados por Murguía e o seu círculo. Noutras palabras: hai algo máis que romanceiro tradicional na tradición poética popular, e iso ben o sabía Murguía cando titulaba *Rimas populares* o seu libro.

En 2005 Jesús-Antonio Cid reincidirá no tema nun artigo referido ás supostas invencións de Murguía. Entre os argumentos que desenvolve destacan a suposta contradición de Murguía ao declarar en principio que o romanceiro galego é pobre e dependente do castelán, para despois entusiasmarse con el. Parece claro que declarar unha cousa e despois afirmar que se estaba equivocado non é precisamente prato de gusto para ningún investigador, e que Murguía se conformaba perfectamente coa non existencia de ningunha caste de romanceiro galego autóctono. Por que cambiar e arriscarse, sabendo ademais como sabía que moitos dos colectores periféricos eran acusados de inventar o folclore? Dubidamos que existise unha presión insuperable, de modo que simplemente se negase a existencia da nación galega por carecer esta de balada ou que se obtivese por tela.

Curiosamente este cambio de actitude cara á importancia dos romances (non galegos neste caso senón peninsulares) ten, polo menos, un ilustre precedente:

Menéndez Pelayo había dicho displicente: “ensalcen otros la Edad Media”, y abominaba de los “hórridos cantares” que alegran a los pueblos bárbaros; pero ahora dedica los mejores años de su vida al estudio de la poesía medieval y de los cantos populares. Y la *Antología* rebosa una sincera y profunda compenetración con estas formas de arte, antes despreciadas. (Menéndez Pidal 2012, p. 49)

Este descubrimento do valor da literatura popular por parte de Menéndez Pelayo, que antes negaba, é celebrado como unha das *palinodias* ou rectificacións do autor por Dámaso Alonso e tamén por Jesús-Antonio Cid, pois probaba que o gran polígrafo non tiña o espírito monolítico que se lle atribuíu. Como pode ser a rectificación, practicamente no mesmo asunto

e probablemente por razóns paralelas, nun caso un mérito e noutro unha demostración de falsidade?

Outro argumento son as aparentes contradicións referidas ao momento en que se produciu a revelación. Para isto, Cid cita un texto parcialmente inédito de Alejo Hernández, certamente interesante, sobre a “lenda do romanceiro de Murguía”. Nel dise que a “revelación” se produciu no xardín de San Carlos, na Coruña, por medio da ama de cría de Ovidio. Segundo Cid “esta versión [...] tiene tal abundancia de detalles que sólo podría proceder en última instancia del recuerdo personal de Murguía” (Cid 2005-2006). Non entendemos como a abundancia de detalles, a menos que se tratase de detalles íntimos e secretos e despois verificados, pode acreditar a procedencia. Unha vez converte as palabras de Alejo Hernández nunha declaración de Murguía, confronta a descrición con outras feitas por el. O texto de Alejo Hernández non parece precisamente simpatizante ou próximo á órbita murguiana.

Es la época en que ha escalado uno de los jalones más perdurables de su fama; ha logrado unir su vida y su nombre a la sublime poetisa de la raza; es ya el esposo de Rosalía. Un hijo del matrimonio está en el amargo trance de ser lactado por un ama profesional y aldeana. (Cid 2005-2006, p. 65)

Hai aquí unha desviación cronolóxica notable. Ovidio nace en 1871 e Murguía e Rosalía casan en 1858. Dicar que é na época en que escalou un dos fitos máis perdurables da súa fama non pode ser máis que un intencional menosprezo. O certo é que se consideramos as súas obras, tanto Murguía coma Rosalía teñen unha dimensión independente. Ao mesmo tempo, a alusión e valoración da lactación parece tamén maliciosa. Estas contradicións, polo tanto, non teñen ningún valor para o caso que nos ocupa.

Os mecanismos de autocumprimento dos colectores

O venerable e podente edificio pidaliano quizais sexa a máis fermosa construción do nacionalismo español na súa vertente cultural. A base do sistema non deixa de ser unha adaptación das ideas de Herder: a existencia dun *Volksgeist* e a identificación do mesmo coa esencia da nación. Tal como explica Luis Díaz Viana (1999), autor co que non podemos concordar en moitos outros aspectos, na recollida de Menéndez Pidal hai unha redución

do conxunto observado, de xeito que aquilo que non pertence ao “romancero verdadeiro” resulta por completo marxinado.

A partir desta visión introdúcense tamén mecanismos de autocumprimento. Un exame ás famosas instrucións de María Goyri, empezando polo propio título, *Romances que deben buscarse en la tradición oral* (1906-1907), é suficiente para concluír que o que se busca determina o método. O sistema reforza unha definición do romancero e do seu alcance previamente establecidos; talvez serve para probar o acervo acadado en si mesmo, pero non como contraste para desbotar, por falso, o que non se axuste a el.

Non é que non nos pareza admirable o esforzo pidaliano nin que non simpaticemos coa súa viaxe de noivos á procura de romances, pero é necesario superar, e non acatar sen crítica, os seus esquemas. O propio Menéndez Pidal foi consciente en parte desta deformación.

Por outra banda, non só se subordina o *informante* como mero transmisor, senón, talvez, o propio colector que vai buscar o que *hai* que recoller. Pero isto non se produce por accidente senón por unha idea moi clara do que se busca: o que importa son os romances, e os romances son aqueles que pertencen a un sistema, o romancero español, que parte, supostamente, da poesía de xesta do século XIV. Por iso o carácter nacional é tan efectivo: porque é a asunción por parte das clases populares das referencias ideolóxicas das elites. E porque, despois de todo, o cantar de xesta é puramente nacional e os romances tamén o son. Non diremos que non haxa moito de verdade nesta reflexión, pero iso é polo que unha nación que non está nos seus mellores tempos políticos, como a galega, ou mesmo a portuguesa durante parte da súa historia, esquece os seus propios referentes, dando unha impresión de irradiación desde o centro castelán que habería que matizar.

Luis Díaz Viana (1999), recoñecendo todos os méritos do método pidaliano, explica como este ten un efecto esmagador sobre a produción local e desde logo sobre o estudo da transmisión. Pero ademais apunta os trazos elitistas do método, que despreza como sublitteratura gran parte das producións no medio oral.

Se isto sucede no ámbito natural do romancero en castelán, é dicir, en Castela, como non había suceder en ámbitos lingüísticos alleos, onde a propia tensión entre as dúas linguas afecta non só á produción senón tamén á propia colleita de materiais?

Así, a formación dun equipo no que non hai presenza de galegos (ata a incorporación de Forneiro) ou as incursións dunha soa xornada en áreas tan importantes para Murguía como Bergantiños, considéranse suficientes para a construción dun *Romancero xeral de Galicia* (1999), e, inda máis, para

utilízalo mesmo como contraste para xulgar o estado do romanceiro máis de cen anos atrás.

Como indican Mariño e Bernárdez (2002, p. 20) citando a propia Ana Valenciano (1999), xa Ramón Menéndez Pidal fixera observacións sobre o cambio nos comportamentos lingüísticos dos informantes segundo se sentían máis cómodos. Moi discretamente, os autores de *Romanceiro en lingua galega*, que polo momento é a máis ampla abordaxe a este problema, conclúen:

A respecto da maior ou menor galeguización da lingua dos romances, hai que ter en conta que os usos lingüísticos poden variar dependendo da personalidade dos informantes e dos colectores. A castelanización probablemente é máis acusada con colectores que non son galego falantes. (Mariño e Bernárdez 2002, p. 21)

Curiosamente, é o propio Forneiro quen nos relata unha interesante anécdota que revela a chamada castelanizante que o grupo esperta nalgúns dos informantes:

Esta deficiente competencia del español origina abundantes ultracorrecciones en las versiones gallegas. Alguna tan simpática como la que a veces se produce en uno de los versos iniciales de *La hermana cautiva*, en el que se sustituye *bella* por *vieja*, debido a que *vello* en gallego significa esto último:

Vaite de aí, mora *vieja*,
vaite de aí mora linda
(Por que *vieja* es ser linda, ¿non?),
deja beber mi caballo nesa fuente cristalina.
(Forneiro 2000b)

Inda que pareza que o transmisor está transformando, en directo, unha palabra para servir o perfil do enquisador, o certo é que a presenza do mesmo erro nos romances recollidos por Schubarth indica esa falta de dixestión das obras. Un *false friend* que é certamente significativo da distancia que pode separar linguas moi achegadas.

Pero hai que insistir, ademais, en que o romanceiro non constitúe o centro da pescuda de Murguía, interesado máis pola rima popular que pola poesía nacional. Habería que explicar por que un home supostamente

obsesionado por crear un romanceiro quere publicar un libro que se chama, de xeito significativo, *Rimas populares de Galicia*, é dicir: admite o seu contido heteroxéneo.

Os prólogos conservados na Academia Galega son de extraordinario interese para recuperar a metodoloxía de Murguía e a súa actitude cara ao folclore. Como podemos ver, trátase de dous prólogos distintos, ningún deles rematado, cunha datación bastante distante. O primeiro é de 1891, inmediatamente posterior polo tanto aos Xogos Florais de Tui de 1891, e nel fálase dun “descalabro” da Academia. Este momento é referido por Xesús Alonso Montero no seu artigo “Prehistoria da Academia” (1988). Xa nese momento Murguía expresa a idea de empregar a ortografía portuguesa. Pero este non é o prólogo que encaixa coa copia de Florencio Vaamonde, pois Murguía non ingresa na Delegación de Facenda ata 1893.

Do segundo prólogo contamos cun borrador de cinco cuartillas e mais un texto en limpo de catro. Non ten unha datación tan concreta, pero hai varias circunstancias que nos fan pensar que podería datar de 1895. E xa está incorporado Florencio Vaamonde ao traballo: como podemos ver, “A flor da auga” [§ II, 1] foi recollida na contorna da Delegación de Facenda e Florencio Vaamonde usa a letra de mocidade. De ser así, esta sería a preparación para o libro anunciado para 1895, ano despois do cal Murguía non o volverá anunciar.

Contidos das rimas populares

Pódese dicir que os conflitos de clase, sexan tratados dun xeito conservador co transgresor castigado, ou de xeito máis subversivo, son o tema máis recorrente das rimas recollidas. Os conflitos de tipo sexual, sexan casos de violación ou de sedución enganosa, superpóñense ao conflito de clases. Nalgúns casos hai unha aberta xustificación do crime que hoxe diríamos machista (“Dona Guiomar”, § I, 3). En “Aí nos vén un cabaleiro” [§ I, 43] descríbese unha agresión debida aos celos. A escena é moi dura, con asaño e violencia vicaria. Non sabemos o que podía haber atrás das lagoas, pero a intervención da virxe, *deus ex machina*, vén sendo coma o final dun soño.

Noutros como “Preso vai o conde” [§ I, 32], o estudo psicolóxico é tamén interesante. Non só polo engadido á maldade do violador, que entrega a romeira tamén ao seu criado, o que de novo é ademais unha transgresión de clase; senón polas dúas visións sobre os feitos, a masculina e a feminina, que se expresan ao final: os homes dirán que era un namorado, as mulleres

que un *relaxado*, entendemos que un herexe, no sentido de non respectar as normas da moral. Efectivamente, na segunda versión coa que contamos [§ 11, 24] o delito do conde é *querer* unha nena no Camiño de Santiago. Pero aquí tamén se pode translucir o conflito entre a nobreza local e o rei, que ademais está emparentado co papa.

“O emperador de Roma” [§ 1, 14] é un conto picante que tamén ten como fondo unha transgresión das clases sociais: a paixón sexual da señora polo mozo baril que está ao seu servizo. O encontro sexual conclúe coa recompensa mercenaria do seitor que a deixa satisfeita.

Outros versos poñen de relevo a posición abusiva da nobreza, non sempre cun sentido condenatorio.

Momentos de especial delicadeza ofréceos, por exemplo, “Margarida-Rosa” [§ 1, 9], cunha pudorosa e elegante elipse:

Com’eu non era fidalgo
no castelo non entrei,
así non podo decir
o que pasou dentro del.

Para Murguía os asuntos máis interesantes son aqueles nos que se manifesta unha conexión paneuropea: a datación, a interpretación antropolóxica e a interpretación histórica. Coido que nos dous últimos asuntos é onde máis desfasadas están as súas perspectivas, inda que non deixe de achegar ideas interesantes, como a do sentido simbólico dalgunhas árbores ou os conflitos nas vilas de reguengo. O lector e o investigador poderán xulgar por eles mesmos.

Un capítulo especial constitúeno uns poucos poemas da colección Murguía que son pezas que xa chegaran a nós por vía impresa ás veces co apoio de manuscritos de época. Algunhas delas son falsificacións históricas, no sentido de seren pezas que xa no momento da súa concepción foron creadas para pasar por tradicionais. Para entender isto hai que atender a que a concepción da tradición como lexitimadora do *status quo* político ou da necesidade da súa renovación non é un invento do romanticismo. Estes documentos foron aceptados como portadores dun contido épico histórico por Murguía e por outros moitos autores.

A estes romances, coñecidos de antigo porque xa se rexistraran en impreso (“No figueiral figueiredo” [§ 1, 21], ou “Romance da Frouseira” [§ 1, 24]), habería que engadir outros de achega recente: “Monte Medulio” [§ 1, 19] (Álvarez de la Braña 1894) ou os achegados por Murguía: “Don Gaiferos”

[§ 1, 18] ou “Lonxe, lonxe, lonxe” [§ 1, 20], atopado por un colaborador de José Ojea e transcrito por este en Celanova.

Varios elementos fan especialmente difícil tirar conclusións tallantes sobre a orixe destes poemas de procedencia escrita:

- A práctica falsificadora do século xvi. Sabido é que, coincidindo co momento de definitiva perda do poder de Galicia e tamén do uso do galego nos ámbitos xurídico e administrativo, se produciron falsificacións destinadas á promoción nobiliaria. Entre elas é notable a *Historia de don Servando* e algún dos poemas que trataremos a continuación, como o “Romance da Frouseira” [§ 1, 24]. A intencionalidade das falsificacións é dobre: promocionar as liñaxes galegas, por suposto non por seren galegas, senón por ser do interese dos seus promotores, e tamén facelas encaixar no esquema nacional español ou castelán que se está a construír. É unha época na que se busca esta promoción, pero sobre todo o seu entroncamento coas casas de Castela. A *Descripción do Reino de Galicia* do licenciado Molina é unha obra dunha calidade literaria ínfima que obedece tamén a este propósito.
- A inseguridade na codificación do galego.
- A transmisión involuntariamente deturpada, por accidentes ou por falta de rigor. Este fenómeno está relacionado coa propia inconsistencia do que se copia: Bernardo de Brito é mal copiado por Faria, mal copiado por Braga, mal copiado por Murguía, mal copiado incluso por Filgueira Valverde. É dicir, hai un xeral desleixo, quizais contaxiado pola propia inconsistencia das obras.
- A utilización do elemento tradicional en moitas das falsificacións.
- A posible popularización ou mesmo repopularización dalgunhas obras. Estes dous últimos fenómenos son difíciles de distinguir entre si. A falsificación con pretensións de xustificación dunha liñaxe tamén ten un potencial de reivindicación social, e isto non é estraño, pois intuímos que algo temos que ver coas conquistas dos individuos da nosa colectividade. Os nacionalismos non inventaron, senón que recolleron a reivindicación das fazañas nobiliarias como factor cohesivo das comunidades.

A propia práctica falsificadora denota que a conciencia dos séculos xix e xx do romancero popular como fonte de lexitimidade (nacional no segundo caso, nobiliaria no primeiro) é en realidade unha idea que xa estaba presente na sociedade, moito antes dos nacionalismos.

Neste capítulo de poemas que non encaixan no que normalmente se considera romanceiro debemos concluír que os manuscritos de Murguía teñen un papel de acreditación en poemas ata hoxe xeralmente considerados falsos, como “No figueiral, figueiredo”, que Murguía recolle varias veces [§ 1, 21, 22, 23], a última delas de Alejandra, que, por non estar no manuscrito de Florencio Vaamonde, recuperamos do Museo de Pontevedra a través da carta de Murguía a Said Armesto publicada por Xavier Groba (2012, II, p. 174), “Don Gaiferos” [§ 1, 18], que temos neste conxunto manuscrito en letra de Alejandra e coa acreditación da súa recollida oral, ou “Lonxe, lonxe, lonxe” [§ 1, 20], que foi copiado efectivamente dun foro por Ojea, como acredita a carta que editamos nos apéndices deste libro [§ co 1]. O carácter tradicional dos mesmos, por suposto, dependerá do que se entenda por tradicional.

Outro capítulo de interese que abre esta colección é o de achegar algúns poemas non conectados co folclore peninsular, pero que calquera que sexa a súa datación, liberados ademais da obsesión polo romanceiro, forman parte do noso acervo cultural, como poden ser “A virxe de San Breixo” [§ 1, 16], “Mariana” [§ 1, 8] e “Camariñas, Camariñas” [§ 1, 7]. Que se poidan chamar estes poemas romances galegos ou non é algo que non nos parece fundamental.

FONTES E CRITERIOS DE EDICIÓN

Unha única fonte, o cartafol SA II do fondo Víctor Said Armesto da Biblioteca da Fundación Barrié, é a base fundamental deste libro. Contéñense nel materiais que Manuel Murguía lle cedeu a Said Armesto ao final da primeira década do século xx. Como examinaremos a continuación, trátase dunha fonte complexa, na que os materiais están reordenados polas sucesivas intervencións, pero non identificados en canto á identidade de cada amanuense. Sen máis posibilidades de filiacións que as que suxiren a caligrafía, a numeración, a ortografía, a orde ou a disposición material de cada folla, o cartafol consiste nun conxunto de voces que repiten as composicións ancestrais, sen que haxa outro remedio que deducir cales delas son voces que ecoan outras, quen escoitou de cada vez a transmisión oral.

Copias de Florencio Vaamonde

De acordo coa información contida no fragmento de prólogo conservado na Real Academia Galega, Florencio Vaamonde foi o encargado de unificar desde o punto de vista ortográfico o texto. Florencio coincidira con Murguía na Delegación de Facenda. Como se pode comprobar, deslizará erros menores, pero en xeral a súa copia é fiel ás fontes.

Vaamonde comezou axudando a Murguía antes da decisión deste de utilizar a ortografía portuguesa, polo que unha parte do material non está afectado por esta decisión. É o que identificamos como fv2, que ademais coincide cun cambio operado na caligrafía. O cambio é tan consistente que nos fixo dubidar se se trataba da mesma persoa (Rodríguez González 2021). Pero puidemos comprobar nos escritos conservados no Museo de Pontevedra (§ MD 3 e MD 5) que Florencio Vaamonde modificou a forma de varias letras e a fasquía xeral dos seus trazos ao longo da súa vida.

A transformación ortográfica que Florencio Vaamonde realiza, por encargo de Murguía, na copia numerada, introduce un novo problema ao non distinguirse en formas como <Jesús> e outras se estamos ante unha pronuncia castelá ou galega. No caso de “O conde Alarcos” [§ II, 10], por exemplo, o texto de Alejandra apunta a un castelanismo, pois ela non representa

o xe galego con <j>, de xeito que cando Alejandra escribe j, parece querer representar /x/. Pero noutros casos non o podemos saber.

Copia Florencio Vaamonde o texto de Murguía ou copia as fontes primarias coleccionadas por Murguía? Algúns rastros, como o costume de ligar palabras ou certas abreviaturas, parece que pasaron ao texto de Florencio Vaamonde das prácticas escriptorias de Murguía. Así, podemos atopalas nos escritos de Vaamonde do fondo de Said Armesto que forman parte desta edición, pero non nos seus manuscritos de obra propia gardados no Museo de Pontevedra. Parécenos, pois, que Vaamonde copia, en xeral, directamente de Murguía e non dos seus colaboradores.

Tamén está claro que á parte de certos notables erros, non se modifica o que se copia. Florencio Vaamonde é un copista fiel ao extremo de introducir distinta ortografía nas mesmas palabras, seguindo o exemplo de Murguía. É dicir, copia tamén os accidentes.

Varias series a lapis indican un uso da colección fv para adaptala noutra estrutura. Para empezar, non todas as follas conteñen esta característica e isto desaparece a partir de determinada páxina. Por esta razón podemos pensar que se trata dun traballo non rematado.

Manuscritos de Alejandra

Alejandra é a fonte de moitos dos romances inéditos, polo cal a súa contribución manuscrita é extremadamente importante. Pero isto non sitúa os seus manuscritos como a primeira fonte, pois parece claro que as mostras que aparecen no fondo corresponden a copias en limpo de rimas non só presentadas por ela, senón tamén por Marcial Valladares. Polo tanto, hai que ir con moito coidado á hora de decidir cal é o estado dalgunhas palabras na súa fonte primeira. É dicir, como foron recollidas polo oído de Alejandra, pois a copia en limpo pode moi ben estar influenciada por Murguía.

Esta é a conclusión que tiramos da lea que se produce co nome *Pelasgo* / *Pelayo*, en “A doncela guerreira” [§ I, 6]. Tanto Florencio Vaamonde coma Murguía reproducen *Pelasgo*. Alejandra escribe *Pelayo*. Nunha primeira interpretación parecería que Murguía cambiou o nome *Pelayo* por *Pelasgo*, pero resulta moi difícil xustificar a súa intención. A dubitación á marxe do manuscrito de Murguía, “Pelayo? En nota lo de Rosalía” [§ I, 6] podería axudar a aclarar o asunto. A relación que ten Rosalía con tal nome, que saibamos, é un personaxe de *El caballero de las botas azules*. Por suposto que a relación co romance é nula pero o que si acredita é a existencia de *Pelasgo*

Cuando empecé a recoger las presentes reliquias de \nuestra/ cultura popular, fueron tan escasos (riscado: (por no decir))(riscado : nulos?) los romances que llegaron a mis manos que desde luego supuse y aun lo escribí que nosotros carecíamos de romances. Los mismos que habiendo adquirido dos o tres de estas composiciones sin importancia ni interés quisieron en su vista molestarnos por (riscado: nuestra) mi afirmación vinieron en realidad a darla mas fuerza, puesto que no habian logrado acopiar sino tan pequeña cosecha? \número/ de aquí que solo yo cayera en tan fácil error y me afirmara en el sino que lo viese adoptado por escritores de tanta autoridad en estas cosas como Theophilo Braga quien en ...¹⁵ acota con nuestras pala[-]

bras y asiente á ellas. Cosa (riscado: disculpable) razonable en el como lo fue en mi disculpable cuando se veía que el \mismo/ señor Mila despues de acudir a cuantos creyó en situación de poder ayudarle apenas pudo reunir en el

hermoso trabajo sobre la poesía... publicado en la *Romania* a mas de cuatro?? o seis romances ni todos \de importancia/ ni todos verdaderos romances.

A la pura casualidad debo sin embargo el (riscado: caso de poder) rectificar tan \facil/ error

Aquella¹⁶

¹⁵ Murguía parece deixar espazo para verificar o título.

¹⁶ Interrómpese aquí o borrador da versión B, non por mor da perda de cuartillas senón porque non foi continuado desde alí. Pero parece que a continuación viría a anécdota de Alejandra en Coímbra.

Rimas populares de Galicia

Manuel Murguía



PRIMEIRA PARTE

POEMAS PAXINADOS
TRANSCRITOS POR FLORENCIO VAAMONDE

[I, I]

PEPA REINA

Pepa Reina iba pra misa,
su padre hubo reparala:
—¿Tú que tienes, Pepa Reina,
que te levanta la saya?
5 O tienes el mal de aldrope,
o muy bien andas cargada.
—Ni yo tengo el mal de aldrope
ni muy bien ando cargada.
Tengo mal de callentura,
10 que es el mal que a mí me mata.
Cando tornó de la misa
la mandó echar en la cama,
y médicos y cirujanos
pide para registrala.
15 Uno le tentaba el pulso,
otro le tenta la cara
y el más nuevecito de ellos
dijo que andaba cargada.
—¡Ide, criados, por leña
20 al monte para quemala!
—¡Dios me dera a escribible
a don Carlos de Barrala!
—Escriba, señora, escriba;
yo le llevaré la carta.

1 *iba*: iva (FV) | 3-4 Signos de interrogación desta edición | 5 *de aldrope*: d'aldrope (FV).
Nota de CP: "creo que es hidropesía" | 7 *de aldrope*: d'aldrope (FV) | 10 *a mí*: á mi (CP, FV) |
11 *Cando*: Cuando (FV) | 13 y *médicos*: FV omite y | 14 *registrala*: registrarla (FV) | 15 *pulso*:
sobre esta liña, riscado, "Tientale uno la c" (CP) | 17 *más*: mas (FV, CP) | 19 *Ide*: Yde (CP) | 20
quemala: quemala (FV) | 21 *a*: á (CP, FV) | 22 *a*: á (FV).

- 25 —Pájaro que vas voando
por isas costas arriba,
si durmiendo lo encontrases
non deixes d'o despertar,
si lo encontrases comiendo
30 non lo deixes acabar,
si lo hallares paseando
non lo dejes voltear.
—Equí le vengo, don Carlos,
gran pesar vai a tomar
35 que lle queda Pepa Reina
dispostiña pra queimar.
—No se me da que la quemen
ni que la vuelvan quemar.
Dáseme por lo que ella lleva
40 que es hijo de calidad.
—Que consellos me dá, madre,
que consellos m'ha de dar?
Que xa queda Pepa Reina
dispostiña pra queimar.
45 —Ispe a roupiña que trás
e pon a de frade real,
como si foras o frade
que a iba a confesar.
No medio da confesión
50 tratarás de camiñar.

28 *d'o despertar*: de ô dispertar (FV), do despertar (CP) | 29 *lo*: le (FV) | 34 *a*: á (FV, CP) | 35-36 versos só presentes de CP | 38 *la*: le (FV) | 39 *Dáseme*: daseme (CP) | 41 *dá*: da (CP, FV). *madre*: sen comas (FV), só a primeira coma (CP) | 42 *m'ha*: m'a (FV). Signo de interrogación desta edición | 43 *xa*: ja (FV), xá (CP) | 45 *Ispe*: yspe (CP). *a*: á (CP) | 46 *a*: á (CP) | 47 *foras*: fores (FV). *o*: ó (CP) | 48 *iba*: ibas (FV). *a ... a*: á ... á (CP) | 49 *da*: d'a (CP). *confesión*: confesion (FV, CP) | 50 *tratarás*: tratarés (CP). Nota orixinal de CP: "Aquí la que me refirió este romance intercaló una relación en prosa de la manera que el disfrazado de fraile encontró el inconveniente de que el padre no quería que se confesase con el hasta que no habiendo, por no querer ella confesarse, [con] otro se apeló al novio disfrazado". Nota de FV: "Aquí la que recitó este romance intercaló una relación en prosa, contando como el padre de Pepa Reina no quería que se confesase con el disfrazado de fraile y como ella á su vez no quiso confesarse con los sacerdotes que se le presentaban, [oco]: entonces el novio."

—Vaite de aí, frai Rabudo,
no me la vengas robar.
Siete confesores tuvo,
no se quiso confesar.
55 No medio da confesión
trataron de camiñar:
—Ai!, vestidiños de seda,
como vos vexo picar!
—Cala, quiridiña, cala,
60 que millores que son ises
tengo yo para te dar.
(Verín)

Fontes:

Enviado por Camilo Placer. Follas de Gres y Placer, construtores da liña de ferrocarril de Verín, proxecto datado, que nunca se fixo, na década de 1870. Responde en parte ao modelo “A infanta preñada (dona Eusenda)” (Mariño e Bernárdez 2002, p. 286). En xeral seguimos a lectura de cp. Foi publicada, sen atribuír á Colección Murguía, en *Poesía popular gallega* (Said 1998, p. 190).

cp 3 f. (23 x 14cm, 23 x 14 cm, 22 x 11 cm). Numeradas na esquina superior dereita: “1”, “2” e “3”, nun impreso de xustificación das obras do ferrocarril (*destajos*). Na primeira, a lapis, en letra de Murguía: “Placer”. No dorso do última: “Gres y Placer”.

fv 2 f. (22 x 16 cm, 23 x 17 cm). Papel pautado á man. Numeradas na esquina superior esquerda: “1” e “2”. No dorso, a lapis: “37” e “38”. Versos agrupados de dous en dous, separados por guión.

Título de cp: “Romance de Pepa Reina”.

51 *aí*: d’ahí (fv), de ahí (cp) | 55 *confesión*: confesion (fv, cp) | 57 *Ai, vestidiños*: Ay vestidiños (cp), Ay! Vestidiños (fv) | 58 *vexo*: vejo (fv). Signo de exclamación desta edición | 59 *quiridiña*: queridiña (fv) | 60 *millores*: mellores (fv) | 62 (*Verín*): Verin (fv). Localización só presente en fv.

[I, 2]

A ROMEIRA

Por riba d'álbores verdes
unha romeira camiña:
leva saia sobre saia,
sobresaia de vasquiña.
5 Iba polo monte sola,
miraba si alguén a vía,
cando topa un caballero
que d'amor a pretendía.
—Eiquí teño de vengarme,
10 filla do conde da vila,
dos roubos e malos feitos
que tu padre me facía.
—Por Dios che pido, señor,
e pola Virxen María
15 que me deixes ir honrada
esta santa romaría.
Diron volta sobre volta,
un xuraba, outro xemía.
No medio e medio da loita
20 puñal d'ouro lle caía.
Colleuno mui modo amodo
a romeira pelegrina,
meteullo por unha illarga
i ó corazón lle saía.

1 *d'álbores*: d'Albores (FV), por entre de albores (LC) | 4 *vasquiña*: basquiña (FV, LC) | 5 *Iba*: Iva (FV). *polo*: pol-o (FV, LC). *sola*: soía (LC) | 6 *alguén*: alguen (FV, LC) | 7 *topa*: atopa (LC). *caballero*: cavallero (FV), cabaleiro (LC) | 8 *d'amor*: de amor (LC) | 9 *vengarme*: vingarme (LC). Coma desta edición | 10 *do*: d'o (FV) | 11 *dos*: d'os (FV) | 13 *señor*: siñor (LC). Comas desta edición | 14 *pola*: pol-a (FV, LC). *Virxen*: virxe (LC) | 18 *xuraba*: juraba (FV). *xemía*: gemía (FV) | 19 *No*: n'o (FV) | 21 *Colleuno*: colleino (FV). *a*: á (FV). *amodo*: a modo (FV) | 22 *pelegrina*: pelengrina (LC). Puntuación de LC | 24 *i ó*: y ó (FV), y-o (LC). *corazón*: coraçón (FV), curazón (LC).

- 25 —Por Dios che pido, romeira,
e pola Virxen María,
non digas que me mataches
na túa terra nin na miña.
—Non direi, non, caballero,
30 astra que volva prá vila,
que faga festa mi padre
con gaitas e monterías.
(Ribadavia)

Fontes:

FV 1 f. (23 x 17 cm). Papel pautado á man. Numerado na esquina superior esquerda: “3”. No dorso á lapis: “39”. Versos agrupados de dous en dous.

LC (1959, pp. 234-235).

Título de LC.

Correspóndese co modelo identificado no romanceiro pan-hispánico como “Unha fatal ocasión” (Mariño e Bernárdez 2002, p. 175), título ben pouco acaído, por certo. O romance, que aparece en *Poesía popular gallega* de Said Armesto (1998), igualmente recollido en Ribadavia, se é que non o foi na Peroxa que é o que indica LC, procede de Manuel [Núñez González] e posúe moitas concomitancias con este, entre elas o uso das formas *astra* e *albores*. A romeira, neste caso, camiña por riba das árbores, o que probablemente indique que vai por un camiño que pasa por riba dunha masa boscosa; no de Said Armesto —que tamén podería ter pasado por Murguía pois Núñez González é correspondente del—, por baixo delas, aínda que non sabemos se se trata dunha corrección de Said Armesto. Lois Carré resolve que camiñaba entre elas.

| 26 *pola Virxen*: pol-a Virxe (LC), pol-a Virgen (FV) | 27 *me*: FV omite *me*. *mataches*: matache (FV) | 28 *túa*: tua (FV, LC) | 29 *caballero*: cavallero (FV), cabaleiro (LC). Comas desta edición | 30 *astra ... prá*: até ... pra (LC). *astra*: hastra (FV) | 31 *festa*: festas (LC) | 32 *monterías*: monteirías (LC) | 33 (*Ribadavia*): “Recollido en S.^{ta} M.^a da Peroxa, partido xudicial de Ourense.” (LC).

[I, 3]

DONA GUIOMAR

Estando á miña ventana
fiando e torcendo seda,
vin vir un gran caballero
por entre os olmos da Pena.
5 Estrevinme e pregunteille
si viña quizais da guerra.
—Por quen pregunta, mi madre,
por quen pregunta, doncela?
—Pregunto polo meu fillo,
10 set’anos fai qu’anda nela.
—Ese seu fillo, señora,
diante vosté se pasea.
—Si ti foses o meu fillo
máis señas dado m’houberas.
15 —Señas lle darei, señora,
que llas traio para dar:
onde vai miña cortexa?
onde vai doña Guiomar?
—Túa cortexa, meu fillo,
20 en guarda debe d’estar.
Hoxe lle tratan a voda,
mañá se debe casar.

1 *á*: â (FV), a (LC) | 3 *caballero*: cavallero (FV), cabaleiro (LC) | 4 *entre os*: antr’os (LC). *da*: d’a (FV) | 6 *si viña quizais*: se cicais viña (LC). *da*: d’a (FV) | 7 *quen*: que (FV), quén (LC). *madre*: siñora (LC) | 8 *quen*: que (FV), quén (LC). *doncela*: Donzella (FV) | 9 *polo*: pol-o (FV, LC) | 10 *fai*: hai (LC). *nela*: n’ela (FV), ne-la (LC) | 11 *señora*: siñora (LC) | 12 *pasea*: paseia (LC) | 14 *m’houberas*: puntos suspensivos indicando unha lagoa (LC) | 15 *lle*: llas (LC). *señora*: siñora (LC). Comas de LC | 16 *qu’eu as trayo pra llas dar* (LC) | 17 *miña cortexa*: mina corteja (FV) | 19 *Túa*: Tua (LC, FV). *cortexa*: corteja (FV) | 20 *guarda*: garda (LC). *d’estar*: de estar (LC). Puntuación desta edición | 21 *Hoxe*: hoje (FV), oxe (LC). *voda*: boda (FV) | 22 *mañá*: mañan (LC). *se debe*: debese (LC).

- Por Dios lle pido, mi madre,
que ma deixe ir visitar.
25 —Non vaias alá, meu fillo,
tratarán de te matar.
—Non matan, mi madre, non,
que lles hei saber falar.
Chegado á porta da noiva
30 comenzou de retumbar:
—Que queres, bo caballero,
qu’á porta me vés petar?
—Cando xa non me coñeces
moito debín de mudar;
35 pero máis mudaches ti
cando me fas esperar.
—Eiquí non pode entrar nadia,
solo meu home ha de entrar.
—Cen onzas traio conmigo,
40 metá teño de che dar.
Abriúselle a porta entonces,
sacou do cinto un puñal,
e a doña Guiomar deu morte
pra que sirva de exemplar.
45 (Ribadavia)

23 *Por Dios lle pido*: Por Deus pídlle (LC) | 25 *vaias alá*: vais aló (LC) | 28 *hei*: ei (FV). *saber*: qu’eu hei saberlles (LC). Puntos suspensivos indicando lagoa (LC) | 29 *Chegado*: Chegada (FV). *á*: â (LC) | 30 *comenzou*: començou (FV). *de retumbar*: repinicar (LC) | 31 *caballero*: cavallero (FV), cabaleiro (LC) | 32 *qu’á*: qu’a (FV), que â (LC). *vés*: ves (FV, LC) | 33 *xa*: ja (LC). *xa non me*: xa me non (LC) | 35 *máis*: mais (FV, LC). *mudaches*: mudache (FV). *ti*: tí (FV, LC) | 36 *fas*: fás (LC). *esperar*: agardar (LC) | 37 *Eiquí non pode entrar nadia*: Ninguém pode entrar eiquí (LC) | 38 *solo*: soio (LC). *entrar*: d’entrar (FV) | 39 *onzas*: onças (FV). *traio*: trayo (LC) | 41 *Abriúselle*: Abriuselle (FV). *entonces*: destoncias (LC) | 42 *sacou*: tirou (LC). *un*: o (LC) | 43 *a*: á (FV). *doña*: Doña (FV), dona (LC) | 45 (*Ribadavia*): “Recollido na Peroxa — partido xudicial Ourense.” (LC).

Fontes:

FV 1 f. (22 x 16 cm). Numerado na esquina superior esquerda: “4”. Papel pautado á man. No dorso á lapis: “40”.

LC (1959, pp. 167-169).

Título de LC.

Corresponde ao tipo “A voda interrompida” (Mariño e Bernárdez 2002, p. 135).

[I, 4]

[ONDE VAS]

—Onde vas, que vés de Francia,
onde vas, triste de ti?
—Vou a ver a miña dama,
tempo fai que non a vin.
5 —Eu ó enterro che lle fun,
cas honras che lle corrín,
as velas que se queimaron
pasaban de cento mil.
—Adelante, mi caballo,
10 á capilla de San Fiz,
qu'ela morta ou viva sea
hame de falar a min.
Ó chegar junto á capilla
quixo o cabalo fuxir:
15 —No te asustes, caballero,
no te asustes tú por mí,
que yo soy la pecadora
que algún día te serví.
Brazos con que te abracé
20 tráigolos a par de mí,
ojos con que te miré
baixo da terra os metín,

1 *vés*: ves (FV). *que vés de*: se ves da (LC) | 2 *ti*: tí (LC). Coma en LC | 3-4 vou ver miña namorada / que hai ben tempo qu'a non vin (LC) | 4 *vin*: vín (FV) | 5 *lle*: le ou ll, non está clara a lectura (FV). *ó*: ao (LC) | 6 *cas*: c'as (FV), coas (LC) | 8 *pasaban*: pasavan (FV) | 9 adiante, meu cabalo (LC). Puntuación de LC | 10 *á*: â (FV). â capela de san Fís (LC) | 11 *qu'ela*: que ela (LC). *sea*: seia (LC) | 12 *min*: mín (FV) | 13 *Ó*: Ô (FV), O (LC). *á capilla*: â capela (LC) | 14 *cabalo*: cavalo (FV). *fuxir*: fugír (FV). Puntuación de LC | 15-17 Non te asustes cabaleiro / non te asustes tí por min / que eu son a pecadora (LC) | 16 *tú*: tu (FV) | 18 *algún*: algun (FV). *serví*: servín (LC) | 19 *abracé*: abracei (LC) | 20-21 trágochos a par de min / ollos con que t'eu mirei (LC).

- cabelos que tu peinaches
foron sogá para min.
25 —Francisquiña, Francisquiña,
a do corpiño xentil,
ábreme esa sepultura
pra quedare ó par de ti.
—Vós vivide, caballero,
30 qu'eu agora xa morrín,
e quedáronche tres fillos,
todos tres de ti pra min;
un deprenderalo a crego,
que diga misas por min;
35 i outro deprendelo a frade,
para qu'as diga por ti;
outro quedará na casa
caballero coma ti,
i a muller con que o cases,
40 Francisquiña coma min;
cando chamares por ela
acordaraste de min,
si auga bendita le echares
échala también a mí;
45 acordaivos, caballero,
o qu'esta muller vos di:
qu'os homes sodes tan duros
qu'olvidades logo ó fin.

(Verín)

24 min: mín (FV) | 26 a: á (FV). xentil: gentíl (FV) | 27 ábreme: Abréme (FV). esa: isa (LC) | 28 ó: ô (FV), a (LC) | 29 caballero: cavallero (FV) | 30 qu'eu agora: que eu agora (LC). xa: ja (FV) | 31 quedáronche: quedaronche (FV) | 32 ti pra min: tí para mín (FV) | 34 min: mín (FV, LC) | 35 i: y (FV). LC omite i. a: á (FV) | 36 qu'as: que as (LC). ti: ti (LC) | 37 outro: y-o outro (LC) | 38 caballero coma ti: Cavallero com'a tí (FV), cabaleiro coma tí (LC) | 39 i a: y a (FV), y-a (LC) | 40 coma: como (FV) | 42 min: mín (FV) | 43 si auga bendita lle botas (LC) | 44 échala también a mí: botasma tamén a mín (LC). también: tambien (FV). a: á (FV) | 45 caballero: cavallero (FV), cabaleiro (LC). Segunda coma desta edición | 46 qu'esta: qu'ista (FV). vos: os (FV). di: dí (FV, LC) | 47 qu'os: que os (LC) | 48 qu'olvidades: que olvidades (LC). ó: ô (FV), o (LC). Entendemos que o sentido da frase é “olvidades pronto finalmente”, polo que mantemos o acento | 49 (Verín): “Non costa o logar de procedenza.” (LC).

Fontes:

FV 1 f. (23 x 17 cm). Papel pautado á man. Numerado na esquina superior esquerda : “5”. No dorso, a lapis: “41”. Versos agrupados de dous en dous, separados por guión.

LC (1959, pp. 147-149).

Título de LC.

O romance, asimilable en parte ao coñecido como “La vuelta del navegante” (Valenciano 1999, pp. 370-371), recollido por Mariño e Bernárdez como “O quintado e a aparición da namorada morta” (2002, p. 96), que é obviamente a base do coñecido “Donde vas Alfonso XII”, recolleuse fragmentariamente no cancionero de Casto Sampedro (1982, p. 118), aínda que a fonte probable de Sampedro é Said Armesto.

[I, 5]

[FOISE O LOGO O CABALLERO]

...

Foise logo o caballero,
chegou a Valladolid.
Veu estar unha meniña,
a aquela faloulle así:
5 —Como te chamas, doncela,
la de la cara gentil?
—Clavellina, flor del campo,
así me lo han puesto a mí.

...

—Alí terás que calzar,
10 alí terás que vestir.
—Yo no me quiero casar,
yo no me quiero vestir.
Me quiero ir a un convento
donde me digan a mí:
15 Blanca Rosa, Blanca Rosa...
buena fuiste para ti.

1 *caballero*: cavallero (FV), cabaleiro (LC). Puntos suspensivos indicando lagoa antes deste verso en LC e FV | 2 *Valladolid*: Valladolid (FV), Valladolid (LC) | 3 *Veu*: viu (LC). Puntuación desta edición | 4 *a aquela*: daquela (LC) | 5 *Como*: cómo (LC). *doncela*: donzella (FV) | 6 *la de la cara gentil*: a da caraña xentil (LC). Puntuación desta edición | 7 *Clavellina, flor del campo*: Craveliña, frol do campo (LC) | 8 *a*: á (FV). *así me lo han puesto a mí*: así poñéronme a mín (LC). Puntos suspensivos indicando lagoa despois deste verso en LC e FV | 9 *calzar*: calçar (FV) | 11-20 —Eu non me quero casar / eu non me quero vestir / quérome ire a un convento / onde me digan así: / Branca Rosa, Branca Rosa / boa fuche para ti / ofrecéronche cabalos / os non quixeches admitir / ofrecéronche vestidos / os non quixeches vestir (LC). Sigue lagoa segundo LC.

Te han ofrecido caballos,
no los quisiste admitir.
Te han ofrecido vestidos,
20 no los quisiste vestir.

(Santiago)

Fontes:

FV 1 f. (23 x 17 cm). Papel pautado á man. Numerado na esquina superior esquerda: “6”. No dorso a lapis: “42”.

LC (1959, pp. 147-149).

LC edita este fragmento como parte do poema anterior (§ 1, 4) ademais de traducir as partes en castelán ao galego. De acordo con Víctor Said Armesto, que a reproduce no manuscrito de *Poesía popular gallega* (1997, p. 352), esta versión foi recollida en Santiago de Compostela por Alejandra Murguía. As dúas fontes sinalan a lagoon antes do primeiro verso.

18 *admitir*: admitír (FV) | 19 *ofrecido*: ofrecído (FV) | 20 *vestir*: vestír (FV) | 21 (*Santiago*): “Colección de M. Murguía. — Non costa o logar de procedenza.” (LC).

[I, 6]

[A DONCELA GUERREIRA]

- Grandes guerras hai armadas
en Castilla e Aragón,
probe de min que son vello
e non podo co pendón,
5 e sete fillas que teño
sen ningunha ser varón.
Falou doña Violante,
falou con moita razón:
—Dádeme cabalo e espada,
10 serei seu fillo varón.
—Por ese cabelo longo,
filla, vante conocer.
—Dádeme acá esas tallantas,
logo me quedo sin el.
15 —Ténde-lo seo moi alto,
filla, como has de facer?
—Poñendo un xustillo preto
ben o podrei esconder.
—Ténde-los pés miudiños,
20 filla do meu corazón.
—Dádeme uns zapatos grandes,
enchereinos d'algodón.

1 *hai*: hay (A, M) | 2 *e*: é (A). *Aragón*: Aragon (FV, M, A) | 3 *que*: q. (M) | 4 *e*: é (A). *pendón*: pendon (FV, M, A) | 5 *que*: q. (M) | 6 *sen*: sin (M, A). *ningunha*: ningun,a (A). *varón*: varon (FV, M, A) | 8 *razón*: razon (FV, M, A) | 9 *Dádeme*: Dademe. A omite o signo de diálogo. *cabalo*: cavalo (FV) | 10 *varón*: varon (FV, M, A) | 11 *cabelo*: cavelo (A), cabelo (FV) | 13 *Dádeme acá*: Dademe aca. A omite o signo de diálogo | 15 *Ténde-lo*: Tende lo (A), téndel'o (M). *moi*: moy (M, A) | 16 *como has*: com'as (M), ¿como has (FV). *facer*: fazer (FV). A omite as interrogacións | 17 *xustillo*: justillo (FV). A omite o signo de diálogo | 19 *Ténde-los*: Tende los (A), téndel'os (M), téndelos (FV) | *pés*: pes (FV, M, A) | 20 *corazón*: coraçon (FV), corazon (M, A) | 21 *uns*: dadem'uns (M) | 22 *d'algodón*: de algodón (M), d'algodón (FV, A). M anota á marxe: "moderno".

- Ténde-las mans fidalgueiras,
ollos de doce color;
25 tendes andar peneireiro,
filla do meu corazón.
—Se teño mans fidalgueiras,
oscuras se tornarán;
se teño andar peneireiro,
30 outro lle habrei de tomar.
—Filla se te vas á guerra,
di, como te has de chamar?
—Chamareime, meu paiciño,
Amaro do Figueiral.
35 —Chégate a min, Violante,
botareiche a bendición.
Santiago vaia contigo,
filla do meu corazón.
—Que capitán será aquel
40 que ben sabe pelear?
—É un fidalgo que se chama
Amaro do Figueiral.
—Ai, que mozo tan garrido!
que doce ten o mirar!
45 Quen me dera ser muller
para o poder namorar!
—Amaro do Figueiral,
prenda do meu corazón,
o corpo tedes de home,
50 os ollos de muller son.

23 *Ténde-las*: Tende las (A). *mans*: \mans/ (M). A omite o signo diálogo | 26 *corazón*: corazon (A, M), coração (FV) | 27 *Se*: si, sen marca de diálogo (A), s'e (M) | 27-28 FV omite estes dous versos. | 29 *se*: s'e (M) | 30 *habrei*: habrey (A), ll'habrei (M) | 31 *á*: â (FV) | 32 *has*: t'has (FV, M) | 35 *a*: á (A) | 36 *bendición*: vendicion (A), votareiche á bendicion (M), bendicion (FV) | 37 *vaia*: vaya (A, M) | 38 *corazón*: corazon (A, M), coração (FV) | 41 *Ê*: Ê (FV) | 41-42 A omite estes dous versos | 43 *Ai*: ¡Ay! (A). *que*: q. (M). *mozo*: moço (FV). Puntuación desta edición | 46 *o*: ó (A) | 48 *do meu corazón*: d'o coração (FV). *corazón*: corazon (A). Puntuación desta edición | 49 *o*: ó (A). *tedes*: tendes (M, FV).

- Polo capitán Amaro,
 miña nai, morro de amor;
 o corpo terá de home,
 os ollos de muller son.
- 55 —Decides ben, meu Pelasgo,
 e falades con razón,
 porque o capitán Amaro
 non ten andar de varón.
 Faremos unha experiencia
 60 por ver se é muller ou non:
 convidaralo esta noite
 para connosco cear,
 guisarei unha zamborca,
 con ela has de comezar.
- 65 Se don Amaro é muller,
 zamborca n'ha de probar.
 Don Amaro, de avisado,
 comeu dela hasta fartar.
 Pro a nai de don Pelasgo
 70 logo lle poido anotar
 que cando come a zamborca
 vénlle ganas de chorar.
 Ponse ruín, don Amaro,
 véñase, por Dios, deitar
 75 que na cama do meu fillo
 moi ben pode descansar.

51 *Polo*: pol-o (M, FV), Po lo (A) | 52 *nai*: nay (M). *de amor*: d'amor (M, FV) | 53 *o*: ó (A) | 55 *meu*: don (FV). *Pelasgo*: Pelayo (A) | 56 *e*: é (A). *razón*: razon (FV, M, A) | 58 *varón*: varon (FV, M, A) | 59 *unha*: un'a (A). *experiencia*: experiencia (M, A) | 60 *se é*: se (A), s'è (FV), s'e (M) | 61 *convidaralo*: convidaralo (A) | 62 *connosco*: con nosco (FV, M, A) | 63-64 M e FV omiten estes dous versos | 65 *don*: Dn (M), Don (FV). A omite este verso | 66 *n'ha*: na (A), n'a (M) | 67 *Don*: Dn (M, A), Don (FV) | 68 A omite este verso | 69 *a*: á (A). *nai*: nay (M). *don*: Dn (M, A), Don (FV). *Pelasgo*: Pelayo (A) | 70 *poido*: pudo (FV) | 71 *a*: á (FV, A) | 72 *vénlle*: venlle (FV, M, A) | 73 *ruín*: ruin (A). *don*: Dn (M, A), Don (FV) | 74 *véñase*: veñase (A). *Dios*: dios (A) | 75 *do*: d'o (M) | 76 *moi*: moy (A, M).

Díspase de toda a roupa
e máis quente ha de quedar.
—Teño xuramento feito,
80 non o hei de querbantar,
de non despirme da roupa
hastra da guerra tornar.
Véñenme cartas da terra
que meu pai está a expirar.
85 Decídeme, don Pelasgo,
querédesme acompañar?
—Vaite, meu fillo Pelasgo,
acompaña o capitán,
que don Amaro é unha dama,
90 con ela te has de casar.
—Meu pai, xa torno da guerra
con home para me casar.
Non soupo que era muller
no modo de guerrear,
95 que mo conoceu nos ollos,
non llo puiden remediar.
(Santiago)

77 *Díspase*: Dispase (A). *toda a*: tod'a (A) | 78 *máis*: mais (FV, M, A). *quedar*: quedará (M) | 76-77 FV omite estes dous versos | 80 *non o hei de querbantar*: no no hei de querbantar (A), e non hei de o crebantar (FV), e no hei de crebantar (M). Nota marxinal de M: "Verso igual al de Malvela" | 83 *Véñenme*: veñenme (FV, M, A). *cartas*: carta (M) | 84 *está a*: esta á (FV, A). *expirar*: espirar (A), acabar (FV) | 85 *decídeme*: decideme (A). *don*: Dn (M, A), Don (FV). *Pelasgo*: Nota marxinal de M: "Pelayo? En nota lo de Rosalía" | 86 *querédesme*: ¿queredesme (FV, M, A). Eliminamos a apertura de interrogante | 87 *Vaite*: Baite (A), sen marca de diálogo. *Pelasgo*: Pelayo (A) | 88 *acompaña*: acompaña (A). *capitán*: capitán. o: á ó (A) | 90 *te has*: t'has (FV, A) | 91 *pai*: pay (M), corrixido sobre *pai*. *xa*: ja (FV). *da*: d'a (M) | 93 *soupo*: supo (A) | 96 *puiden*: puden (A) | 97 (*Santiago*): Sant. (FV). Localización só presente en FV.

Fontes:

- A 3 f. (21 x 14 cm). Papel pautado impreso. Na terceira folla comeza “Don Gaiferos” [§ 1, 18].
- M 1 f. (20 x 14 cm). Numerado: “47”, na marxe dereita. Esta numeración coincide con “Mariana” [§ 1, 8]. Versos agrupados de dous en dous, separados por barra inclinada. Comentarios en [§ c 1, 6].
- FV 2 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numeradas na esquina superior esquerda: “7” e “8”. No dorso a lapis: “21” (na primeira folla); “22 y 23” (na segunda). Versos agrupados de dous en dous separados por guión.

Versión inédita do tema “A doncela guerreira”, do que Víctor Said Armesto achega outras tres versións por completo en galego (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 281-286). O romance foi recollido por Alejandra, tal e como se indica na nota que reproducimos en “Don Gaiferos” [§ 1, 18]. A copia de letra de Alejandra non parece, porén, a orixinal, pois consolida un cambio feito por Murguía: *Pelasgo* substitúese por *Pelayo*. Manteremos *Pelasgo* supoñendo que este sería o orixinal, de acordo co principio editorial que asumimos. Ademais, as omisións cruzadas indican que Alejandra estaría copiando a súa propia recollida (talvez con anos de por medio), por esta razón non seguimos a súa versión en palabras como *soupo* / *supo* ou *puiden* / *puden*.

[I, 7]

CAMARIÑAS, CAMARIÑAS

Gastan os camariñáns
cuello de volta, chapela,
sombreiro con prumas brancas;
monteira con pruma negra.
5 Chaleque branco ou de grana,
calzón de pano sedán,
botonaduras de prata,
zapatos de cordobán.
Gastan as nosas meniñas
10 chaqueta de manga preta,
saia de grana encarnada,
zapato e media de seda.
I a aqueles mozos garridos,
i a aquelas lindas doncelas,
15 o rei cuidou que podía
venderlles a súa terra,
terra que tanto querían
porque no seu chan naceran,
e coidaron, malpocado!,
20 que non sabían defendela.

1 *camariñáns*: camariñans (FV, M) | 2-4 Puntuación desta edición | 6 *calzón*: calzon (FV, M). *sedán*: sedan (FV, M) | 8 *cordobán*: cordoban (FV), cordovan (M) | 11 *saia*: saya (M) | 13 *I*: y (FV, M). *a aqueles*: introducimos a preposición *a*, ausente en todas as fontes, que supoñemos falta por erro na audición. *mozos*: moços (FV) | 14 *i*: y (FV, M). *a aquelas*: introducimos a preposición *a*, ausente en todas as fontes, que supoñemos falta por erro na audición. *doncelas*: donzellas (FV), doncellas (M) | 15 *rei*: rey (M). *podía*: podía (M) | 16 *a súa*: á sua (M), a sua (FV) | 17 *querían*: querían (M) | 19 *malpocado!*: Mal pocado (FV, M), entendemos que é unha imprecación xenérica como no galego medieval *mal pecado* e non precisa concordar co plural *coidaron*, seguimos polo tanto as fontes | 20 *sabían*: sabían (FV, M).

- Un rico-home doutras terras
vén a xunto o noso rei,
querlle mercar Camariñas
si lla quixera vender.
25 O rei era cubizoso,
vender quixo a nosa terra,
mais non se deixa vender
a xente que vive nela.
Temos bisarmas de lei
30 que non nos han de faltar,
non entrará xente allea
nin por terra nin por mar,
que os mozos de Camariñas
son valentes todos eles,
35 i onde non cheguen os homes
acudirán as mulleres,
que somos camariñáns,
defenderémoste ben,
que anque o rei mandou en ti
40 non mandará máis ninguén.
Camariñas, Camariñas,
o rei te quixo vender,
o que Camariñas compre
diñeiriño debe ter.
45 (Laxe)

21 *rico-home*: rico home (M). *doutras*: d'outras (FV) | 22 *vén*: ven (FV, M). *xunto*: junto (FV). *a*: á (M). *o*: ó (M) | 23 *mercar*: comprar\mercar/ (M). Non podemos saber se Murguía se está corrixindo a si mesmo ou galeguiza a palabra achegada por Alejandra; inclinámonos polo primeiro polo seu xeral non intervencionismo lingüístico | 24 *quixera*: quixese (M) | 25 *rei*: rey (M). *cubizoso*: cubiçoso (FV), cobizoso (M) | 26 *a*: á (FV, M) | 28 *xente*: gente (FV). *nela*: n'ela (FV) | 29 *bisarmas*: visarmas (FV). *lei*: ley (LC, M). LC só recolle desde aquí | 31 *xente allea*: gente allea (FV), xent'allea (M, corrixido sobre *xente allea*) | 33 *mozos*: qu'os moços (FV), qu'os mozos (M) | 35 *i*: y (FV, M) | 36 *acudirán*: acudiran (M) | 33-36 LC omite estes catro versos | 37 *camariñáns*: camariñans (FV, M, LC) | 38 *defenderémoste*: defenderemoste (FV, M). *ben*: bén (LC) | 39 *unque*: qu'unque (FV, M). LC omite *que*. *ti*: tí (FV, M) | 40 *máis ninguén*: mais ningen (FV, M, LC) | 42 *rei*: rey (M) | 44 *ter*: ten que ter (LC). LC engade dúas liñas de puntos indicando lagoa | 45 (*Laxe*): Laje (FV, M). "Trecho que figura na Coleición Murguía. — Non costa o lugar de procedenza." (LC)

Fontes:

O texto procede de Alejandra, como explica Murguía no seu comentario [§ c I, 7],
inda que non o conservemos da súa letra.

- FV 1 f. (22 x 17 cm). Numerado na esquina superior esquerda: “9”. No dorso
a lapis: “25”.
- M 1 f. (21 x 13 cm). Numerado na esquina superior dereita: “22”. Versos agru-
pados de dous en dous separados por guión. Comentarios que pasan ao
apéndice.
- LC (1959, p. 65). Só o fragmento final.

Título de LC.

Reproducido en *Poesía popular gallega* (Said 1997, p. 262) como remitido por
Murguía.

[I, 8]

MARIANA

Xa todos o dicen,
xa todos o saben
que casa Mariana
co conde de Andrade.
5 Pola súa terra
todos o sabían
que casa co conde
que vive alá arriba.
Seu mantelo novo
10 a viúda vestía,
a roupa das festas
se pon Hermesinda,
e polo camino
á xente decía:
15 —Vou ver Mariana,
vou ver miña filla,
que casou co conde
que mora alá arriba.
No seu mirador
20 está Mariana;
o conde lle fai
moi doce compañía.
—Que tes ti, muller,
que tes ti, Mariana?

1 *Xa*: Ja (FV) | 2 *xa*: ja (FV). *saben*: Nota de Murguía, que afecta a todo o texto: “En este romance se castiga la vanidad de los que olvidan su origen humilde” | 4 *co*: cô (LC), c’o (FV) | 5 *Pola súa*: Póla sua (M), pol-a sua (FV, LC) | 7 *co*: cô (LC), c’o (FV) | 9-18 LC omite estes versos | 10 *viúda*: viuda (FV, M). *vestía*: bestia (M) | 11 *das*: d’as (FV) | 12 *se*: s’e (M) | 13 *polo*: pol-o (FV), pó-lo (M) | 14 *á*: â (FV, M). *xente*: gente (FV) | 15 Puntuación e signo de diálogo desta edición | 17 *co*: c’o (FV) | 18 *alá*: ala (FV, M) | 22 *moi*: moy (M).

- 25 Puxéronte medo
aquelas villanas?
—N'hai tal como eso,
que medo hei de ter?
Son unhas veciñas
30 que me veñen ver.
Soltádelle os cans
e mais as cadelas,
porque non quero
ir falar con elas.
35 Soltádell'os cans,
que é xente ruín,
por eso non quero,
velas xunt'a min.
—Dóete de min,
40 miña Mariana,
mira que te trouxen
nas miñas illargas.
Vente, miña filla,
conmigo falar,
45 vente pra meu lado
que son túa nai.
—Miña María Ana,
miña Ana María,
son túa irmá máis vella
50 que ben che quería.
—Botádell'os cás,
que é xente ruín.

25 *puxéronte*: puxéronche (LC), Puxeronte (M), Puxerónte (FV) | 31 *Soltádelle os*: Botadelle os (LC), Soltalled'os (M) | 34 *ir*: Engadido por M, que o pon entre paréntese | 35 *Soltádell'os*: Sotall'os (M) | 35-38 LC reduce e reconstrúe estes catro versos: “Botádelle os cans / e mais as cadelas, / son xentes ruíns / que non quero velas.” | 36 *xente*: gente (FV) | 39 *Dóete*: Dózte (FV) | 46 *túa*: tua (FV, M, LC) | 49 *túa irmá*: tua hirmán (FV), tua hirman (M) | 51 *Botádell'os*: Votadell'os, sen signo de diálogo (FV).

- Miren que n'as quero
velas xunto a min.
55 Apartouse o conde
de onda Mariana
e chegouse á porta
falar coas villanas.
—Quen sodes, mulleres?
60 Quen es, nena hermosa?
—Esta é súa cuñada,
eu son súa sogra.
—Quédense conmigo
e veñan embora,
65 qu'eu son voso xenro
e vós miña sogra,
pois con Hermesinda
vou casar agora.
Aparta de diante,
70 Mariana traidora,
Botáchesll'os cans
á nai que che adora,
botach'as cadelas
á que é miña sogra.
75 Corazón de ferro
tes ti, Mariana,
por eso che boto
da miña compañía.

54 *xunto a*: junt'a (FV) | 56 *de onda*: dond'a (FV) | 58 *coas villanas*: c'a villana (FV), c'as villanas (M). *villana*: LC despraza a seguir os versos que omitiu ao principio: "seu mantelo novo / a viuda vestía / a roupa das festas / traía Hermesinda, e polo camiño / a xente dicía: / vou ver Mariana, / vou ver miña filla" | 60 *quen es tí fermosa?* (LC) | 61 *súa*: sua (FV, M, LC) | 62 *súa*: sua (FV, M, LC). *sogra*: Nota marxinal de Murguía sobre os dous últimos versos: "Esto es de trovador" | 65 *xenro*: genro (FV) | 71 *Botáchesll'os*: Botachesll'os (FV) | 72 *á*: â (FV) | 74 *á*: â (FV) | 75 *Corazón*: coraçon (FV), curazón (LC) | 77 *por eso te enxeito* (LC).

80 Quen é mala filla,
 quen é mala irmá
 para seu homiño
 nunca boa será.
 Collan Mariana,
85 bótena no mar;
 vexan que non quero
 con ela falar.
 Afóguena logo,
 traidora ruín,
 vexan que n'a quero
90 tela xunta mín.
 Antre dous criados
 lévana a afogar,
 cun ferro ó pescozo
 tírana no mar.

Fontes:

FV 2 f. (22 x 16 cm). Numeradas na esquina superior esquerda : “10” e “11”.
No dorso a lapis: “26” e “27 y 28”.

M 1 f. (20 x 13 cm). Numerada na esquina superior dereita: “47”. Comenta-
rios en [§ c 1, 8].

LC (1959, pp. 89-92).

Título de LC.

80 *irmá*: *hirman* (M), *hirmán* (FV) | 89 *n'a*: *non* (LC) | 90 *xunta*: *onda* (LC) | 91 *dous*: *dos* (FV)
| 92 *á*: *â* (FV) | 93 *cun*: *c'un* (FV). *ó pescozo*: *ô pescoço* (FV), *ô pescozo* (M), *ao pescozo* (LC) | 94
mar: M, anotado a lapis: “... falta”.

[I, 9]

MARGARIDA-ROSA

Aí vai Margarida,
bonita e garrida,
ten os ollos negros,
dourados cabelos
5 e pés meudiños
que non foron feitos
para andar camiños.
O conde a miraba,
d'amor lle falaba;
10 con doce sonrisa
dille: —Margarida!
—Déixeme, que levo présa,
rosas frescas vou coller,
mañán é día de festa,
15 falaremos de lecer.
Tornou Margarida
bonita e garrida,
e dicen os vellos:
—Aí vai Margarida;
20 aí, triste da nena
que en nobres se fía!
—Dígame, menina hermosa,
dígame como se chama.

1 Aí: Ahí (FV, LC), Ahi (M). vai: ven (LC). Margarida: Margarita. Coma desta edición | 5 pés: pes (M, FV). meudiños: miudiños (LC) | 8 conde a: cond'á (M) | 9 d'amor: de amor (LC) | 11 dille: —Margarida!: Margarida! dille Margarida: (LC). Nota marxinal de M: “debe faltar algo” | 12 Déixeme: Deixeme (FV, M). Coma desta edición | 12 présa: presa (FV, M, LC) | 14 mañán: mañan (M). é: e (M), è (FV). día: dia (M, FV) | 15 lecer: lezer (FV, M) | 19 aí: ahí (FV, M). aí vai Margarida: —Di ben Margarida (LC) | 20 Aí: ¡Ay (FV, M) | 21 que en: qu'en (LC). LC introduce puntos suspensivos a continuación deste verso indicando lagoa | 22 menina hermosa: miña señora (FV), meniña hermosa (LC)

- Eu chámome Margarida,
25 Margarida Rosa Branca.
—Rosa Branca, Rosa Branca,
Margaridiña querida,
por eses teus negros ollos
dera, nena, a miña vida.
30 Deixa, menina, a túa aldea,
vente, menina, connigo.
Ven, nena, non teñas medo
que non che corre peligro.
—Xa vou, meu amigo,
35 xa vou, meu señor.
Adiós, miña terra,
miña nai, adiós!
Aí vai Margarida,
aí vai, coitadiña.
40 Ai, triste da nena
que en nobres se fía!
—Margarida Rosa,
ben che puxo o cura,
pois eres, señora,
45 de tanta hermosura.
Nena de cabelos d'ouro,
percebas largas e negras
do mesmo cor dos teus ollos,
do color das miñas penas.
50 Ti naceches, Margarida,
pra recreo dos meus ollos
i encanto da miña vida.

28 por eses ollos tan negros (LC) | 30 a *túa*: a tua (FV), á tua (M). LC omite este verso | 31 *vente*: bente (M). *menina*: meniña (LC) | 34 *Xa*: Ja (FV) | 35 *xa*: ja (FV) | 37 *nai*: nay (M). *adiós*: adios (M) | 38 *Aí vai*: ahí vai (FV), ahi vay (M) | 39 *Aí*: Ahí (FV), ahi (M) | 40 *nena*: LC omite Ai | 41 LC supón unha lagoa despois deste verso | 42 LC omite signo de diálogo | 45 *de tanta hermosura*: de tal fermosura (LC) | 46 *d'ouro*: mouros (LC) | 47 *percebas*: perfebas (LC) | 48 *do mesmo cor*: da mesma côr (LC). *dos*: d'os (M) | 49 *do*: da (M). *das*: d'as (FV, M). negras como as miñas penas (LC). FV introduce puntos suspensivos indicando lagoa | 50 *naceches*: naceste (LC) | 51 *dos*: d'os (M) | 52 *i*: y (FV, M, LC). FV introduce puntos suspensivos a continuación indicando lagoa.

Oie, Margarida,
 aquel lle decía
 55 i os seus negros ollos
 de bágoas se enchían.
 Chegan ó castillo,
 grande festa había.
 Un merlo na porta
 60 cantando decía:
 —Coitadiña nena,
 probe Margarida.
 Ai, triste da nena
 que en nobres se fía!
 65 Com'eu non era fidalgo
 no castillo non entrei,
 así non podo decir
 o que pasou dentro del.
 D'alí a pouco tempo
 70 tornou Margarida,
 non alegre e linda
 como antes facía,
 como sempre hermosa,
 miña coitadiña,
 75 mais viña chorosa.
 Fóra do castillo
 o conde a botou

50 *naceches*: naceste (LC) | 51 *dos*: d'os (M) | 52 *i*: y (FV, M, LC). FV introduce puntos suspensivos a continuación indicando lagoa | 53 *Oie*: Oe (LC), Oye (M) | 54 *decía*: decia (M), dicía (LC). Nota marxinal de M: "(Falta algo)" | 55 *i*: y (M, FV). *i os seus negros ollos*: y os seus ollos negros (LC) | 56 *enchían*: enchian (FV, M) | 57 *ó*: ao (LC), ô (FV, M). *castillo*: castelo (LC) | 59 *merlo*: mirlo (M), merlo corrixido sobre *mirlo* (FV), e un merlo (LC) | 65 *Com'eu*: Como eu (FV) | 66 *castillo*: castelo (LC) | 67 *así*: así (FV, LC) | 67-68 Nota marxinal de M: "Esto es de un juglar" | 69 *D'alí a*: Dali á (FV, M) | 72 *facía*: soía (LC). Notas marxinais de M (esquerda): "(Al revés?)" ; dereita "(¿soía?)" , corrixido sobre *solía*. com'antes sempre facía (FV) | 73 Cal sempre fermosa (LC) | 74 *miña coitadiña*: viña, coidatiña (LC), viña coitadiña (M) | 75 LC engade este verso a continuación: "e descolorida". Parécenos que é unha interpolación para completar a estrofa. | 76 *Fóra*: Fora (FV, M, LC). *castillo*: castelo (LC) | 77 *cond'a*: conde a (LC). *botou*: votou (FV). LC introduce puntos suspensivos a continuación indicando que segue unha lagoa.

e nel a inocencia
a nena deixou.
80 E por eso a xente
sempre lle decía:
Ai, triste da nena
que en nobres se fía!
Margarida Branca
85 así lles decía
a cantas rapazas
oíla querían:
—Cando a inocencia
perdás, miñas nenas,
90 decide que a vida
vos tiren con ela.
Triste de min un día
coidando de mellorar,
cun nobre e rico home
95 marcheime do meu lugar.
Mais nunca m’eu fora
que a miña honra
tivera eu agora.
Así dende entonces
100 para Margarida
n’hai lúa na noite
nin hai sol no día:
chora a todas horas,
probe Margarida,

78 *nel*: en el (M), e nel a sua honra (LC) | 80 *a*: á (M). *xente*: gente (FV) | 81 *decía*: dicía (LC), decia (M) | 88 *Cando a*: cand’a (M) | 88-89 LC modifica estes dous versos: “Ai as miñas nenas / se perdés a inocencia” | 93 *mellorar*: millorar (LC) | 94 *cun*: con un (FV, M, LC). *rico home*: rico-home (LC) | 95 *lugar*: lugar (LC) | 97 *que a*: qu’a (M), porque a (FV) | 98 *tivera*: tería (LC) | 96-98 Nota marxinal de M: “Verso de muiñeira” | 99 *entonces*: entónçes (M), aquela (LC). *asi* desd’entonces (M) | 101 *hai*: hay (M). *lúa*: lua (LC, M, FV) | 102 *nin*: nen (LC). *hai*: hay (M) | 103 *a*: á (M).

- 105 pois vida de rosas
foi a súa vida.
Enmurchou á noite,
quen luceu no día.
Margarida Rosa,
110 probe Margarida,
foi gran desengano
para ti, meniña.
Pois dicen os vellos,
xa sabés meniñas:
115 Ai, triste da nena
que en nobres se fía.

(Laxe)

Fontes:

- FV 3 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numeradas na esquina superior esquerda: “12”, “13” e “14”. No dorso a lapis: “29”, “30” e “31”.
- M 1 f. (21 x 13 cm). Numerado na esquina superior dereita: “(60”. Comentaríos en [§ c 1, 9].
- LC (1959, pp. 92-96).

Título de LC.

Pola procedencia e polo o seu lugar na colección, probablemente foi recollido por Alejandra da muller de Laxe.

105 *rosas*: rosa (LC). Nota de Murguía: “Comparación erudita”. | 107 *noite*: esmuchou na noite (LC), enmurchou á noite (FV) | 108 *luceu no*: luceu n’o (FV), lusceu no (LC). LC introduce puntos suspensivos a continuación deste verso indicando lagoa | 112 *ti*: tí (FV, M, LC) | 113 *dicen os*: ben din os (LC) | 114 *xa*: ja (FV). *meniñas*: meniña (FV) | 115 *Ai*: ¡Ai (FV), ¡Ay (M), Ai! (LC) | 116 *qu’en*: que en (LC) | 117 (Laxe.): Laje (FV), “Coleición de Murguía. — Recollido en Camariñas.” (LC).

[I, 10]

ROSALINDA

—Rosalinda, Rosalinda,
nena dos longos cabelos,
ollos negros com'a noite
de sentimentos máis negros.
5 Anque morena é hermosa
a nena dos ollos negros,
mais ten o corazón duro
com'as pedras do quinteiro.
Con tod'eso, Rosalinda,
10 Rosalinda non che temo.
Quen desta sorte falaba
era un garrido mancebo,
vestía espada no cinto
e capa de terciopelo.
15 Rosalinda, qu'o mirou,
díxolle con modo meigo:
—Subide vós, meu amigo,
subide, non teñás medo.
—Ter eu medo, Rosalinda!
20 linda rosa, non che temo.
O leito de Rosalinda
leito d'espuma parece,
rodeado está de rosas,
de rosas color da neve.

2 dos: d'os (FV, M), de (LC) | 4 máis: mais (FV, M, LC) | 5 é: e (LC), e *corrixido sobre y* (M) | 6 a: á (M). dos: d'os (FV, M) | 7 corazón: corazón (FV) | 8 do: d'o (FV, M) | 9 LC introduce puntuación de diálogo ao principio deste verso. tod'eso: todo eso (LC) | 11 desta: d'esta (FV, M) | 13 vestía: vestia (M) | 15 qu'o: que o (FV, LC) | 16 con: de (LC) | 17 vós: vos (FV, M, LC) | 18 teñás: tenás (M) | 20 che temo: cho teño (LC) | 22 d'espuma: de plumas (FV), de escumas (LC) | 23 está: esta (M) | 24 da: de (LC, M).

- 25 Ai! Así ós tristes galáns
 Rosalinda tende as redes.
 Alá pola media noite
 reméxese Rosalinda:
 —Que buscades, linda Rosa,
 que busca súa señoría?
 —Busco a miña daga d'ouro
 para che tirar a vida.
 —Esa daga d'ouro, Rosa,
 xa na miña man cha tiña.
 35 Dito esto no corazón
 fíxolle grande ferida.
 Rosas qu'antes eran brancas
 cor de sangue se volvían.
 Rosalinda, cor de cera,
 40 cor de cera se volvía.
 Quedou sin sangue nas venas,
 quedou a nena sin vida.
 Aquel gallardo mancebo
 desta maneira decía:
 45 —Acabei xa coa hermosura
 da morena Rosalinda.
 Non matarás a máis homes
 ca túa doce sonrisa
 nin peinarás teus cabelos,
 50 teus cabelos, Rosalinda.

25 *Ai!*: Ay (M). *ós*: ôs (FV, M), os (LC). *galáns*: galans (FV, M, LC) | 26 *tende as*: LC omite *as* | 27 *Alá*: ala (M). *pola*: pó-la (M), pol-a (FV, LC) | 28 *reméxese*: remexese (M), remexeuse (FV) | 29 *Que*: Qué (LC). *Rosa*: rosa (FV) | 30 *que*: qué (LC). *súa*: á sua (M) | 31 *Busco a*: Busc'a (M), Búscó a (LC) | 32 *tirar a*: tirar á (M), tiral-a (LC) | 34 *xa*: ja (FV). *cha*: ch'a (M) | 35 *Dito esto*: Dit'esto (M). *corazón*: coraçon (FV), corazon (M) | 36 *fíxolle*: fixolle (M) | 37 *qu'antes*: que antes (LC) | 38 *cor de sangue*: côr de sangue (LC). *volvían*: volvian (M) | 39 *cor*: côr (LC) | 40 *cor de cera se volvía*: cada paso se poñía (LC). *volvía*: volvía (M) | 41 *Quedou*: queda (FV). *venas*: veas (LC) | 42 *a*: á (M). *sin*: sen (LC) | 44 *desta*: d'esta (FV, M). *decía*: decia (M), dicía (LC) | 45 *xa*: ja (FV). *coa*: co a (FV), câ (LC), c'a (M). *hermosura*: fermosura (LC) | 47 *a*: á (M). *xa non matará máis homes* (LC) | 48 *ca*: co a (FV), c'a (M). *túa*: ca sua (LC), tua (M, FV) | 49 *peinarás teus*: peinará seus (LC) | 50 *teus*: seus (LC).

Xurei vingar a meu pai
a quen ti tirach'a vida.
Tamén vinguei meu avó
que tanto ben me quería.
55 Dios che teña perdonado,
desgraciada Rosalinda.
—Dios cho pague, bon galán,
por lle tirares a vida.
Volve alegre á túa casa
60 mancebo, Dios te bendiga!

Fontes:

FV 1 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numerado na esquina superior esquerda: “15”. No dorso, a lapis: “32 y 33”. Versos agrupados de dous en dous separados por guión.

M 1 f. (21 x 13 cm). Numerado na esquina superior dereita: “30”. Versos agrupados de dous en dous separados por guión. Comentarios en [§ c 1, 10].

LC (1959, p. 205).

Título de LC.

Correspóndese co tipo pan-hispánico da Gallarda (Schubarth e Santamarina 1987, III, p. 277), ou “A serrana” (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 228-231).

51 *Xurei*: Jurei (FV). *a*: á (FV, M) | 52 *a*: á (FV). *ti tirach'a*: tí tirache a (LC) | 53 *avó*: abóo (M), abo (FV, LC) | 54 *quería*: quería (M) | 55 *perdonado*: perdoado (LC) | 56 *desgraciada*: disgraciada (LC) | 57 *cho*: che (LC), ch'o (M). *galán*: galan (FV, M) | 58 *a*: á (M) | 59 *á túa*: á tua (FV), á tua (M).

[I, I I]

SABELIÑA

- Sabeliña, Sabeliña,
filla do bon rei Galán,
quen te me dera, Sabela,
unha noite ó meu mandare.
5 —Unha noite a un caballero
mal se lle pode negare;
pro si fora alabadizo,
logo s'iría alabare.
Aínda o día non viñera
10 cando se foi alabare
que dormira ca mellor
nena das deste lugare.
Unhos dicen, quen sería?
outros dicen, quen serae?
15 Sería a filla do rei?
Por acá n'hai outra tale.
Seu pai así que o soubo
dixo que a iba queimare.
—Non se me dá que me queime
20 nin que me faga outro male.
Dáseme polo meu ventre
que é de sangue reale.

2 rei Galán: rey galan (FV), Rey Galán (BB) | 4 ó: ô (FV) | 5 a: á (FV). caballero: cavallero (FV) | 8 s'iría: s'iria (FV) | 9 día non: dia no (BB) | 10 foi alabare: foi a alabare (FV) | 11 ca: c'a (FV) | 12 das deste lugare: das que ten este lugare (BB). Corrixido de man de Murguía en BB: "das deste lugare". Mantemos a lectura de Murguía por ser metricamente preferible e non saber se o papel de BB é meramente de copista. | 15 rei: Rey (BB) | 16 tale: tal (BB) | 18 que a iba: c'iba (BB) | 19 dá: da (FV, BB) | 20 que: que (FV), q. (BB) | 21 polo: pol-o (FV) | 22 é: è (FV), he (BB). sangue: sangrue (FV). reale: réal (BB).

Quen me dera un paxariño
deses que saben voare
25 que me levara unha carta
a don Carlos Monte Alvare!
—Escrebe logo, Sabela,
que o páxaro á porta estae.
Camiño de sete légoas
30 andouno antes de xantare.
Non preguntaba por viño
nin preguntaba por pane:
preguntaba pola casa
de don Carlos de Monte Albare.
35 En chegando cabo dela
viuno na ventana estare:
—Dios o garde, aí!, don Carlos,
Dios o queira ben gardare.
—Ben venido, paxariño,
40 que novas me traerae?
—Aquí lle traio unha carta
de tristura e gran pesare,
qu’a súa dama Sabeliña
dicen que a van a queimare.
45 Hoxe lle fan a caleira,
mañá nela a van botare.
—Non se me dá qu’a queimen
nin qu’a deixen de queimare:
dáseme polo seu ventre,
50 que é de sangue reale.
O páxaro qu’isto oíu
emprinciou a chorare.

24 *deses*: d’eses (FV) | 26 *a*: á (FV). *don*: D. (BB). Signo de exclamación desta edición | 27 *Escrebe*: escribe (BB) | 28 *que o*: c’o (BB). *á*: â (FV). *estae*: está (BB) | 29 *Camiño*: camiñ (BB). *légoas*: legoas (BB, FV) | 30 *xantare*: jantare (FV) | 33 *pola*: pol-a (FV) | 35 *dela*: d’ela (FV) | 39 *paxariño*: paxaríño (FV) | 40 *que*: ¿qué (FV) | 43 *qu’a súa*: C’a sua (FV, BB) | 45 *Hoxe*: hoje (FV) | 46 *nela*: n’ela (FV) | 49 *polo*: pol-o (FV).

- Non chores, meu paxariño,
non queiras tanto chorare,
55 porqu'unque che digo esto,
outra é a miña vontade.
Vestido estaba de seda,
vesteuse de cardenale,
aparellou seu cabalo
60 e púxose a camiñare.
Cando don Carlos chegou
xa a levan para queimare.
—Dio-los garde, caballeros,
señores de este lugare:
65 a dama que vostés levan
mui mal vai sin confesare.
Buscáronlle sete frades,
a ningún contou verdade.
—Confésea vosté, padre,
70 por ver si lla contarae.
Colleuna por unha man
levouna tras do altare:
—Dime tu, aí! Sabeliña,
e non mo has de negare,
75 ó fillo que tes no ventre
que padre lle has de dare?
—Heille dar a Dios do ceo
i a Carlos de Monte Alvare.
—Ese nobre caballero
80 algo che houbo de dare.
—Deume unha saia de seda
que conmigo van queimare.

53 *paxariño*: paxaríño (FV) | 55 *porqu'unque*: Que anque (FV) | 56 *é*: è (FV) | 59 *cabalo*: cavalo (FV) | 62 *xa*: ja (FV) | 63 *caballeros*: Cavalleros (FV) | 67 *Buscáronlle*: Buscaronlle (FV) | 68 *nin-
gún*: ningun (FV, BB) | 69 *Confésea*: Cónfesea (FV) | 70 *contarae*: contará (BB) | 73 *ai!*: ¡ai! (BB)
| 74 *has*: as (FV) | 75 *ó*: Ô (FV) | 77 *Heille*: eille (FV) | 78 *i*: y (FV) | 79 *caballero*: cavallero (FV) |
80 *houbo*: ouvo (FV), houvo (BB).

- Ese nobre caballero
máis algo che houbo de dare.
85 —Dérame un anillo d'ouro
que tamén o van queimare.
—Dáme un chucho, Sabeliña,
librareite dese male.
—Non cho queira Dios do ceo,
90 nin a Virxen queira tale,
onde Carlos puxo os labios
que os poña un cardenale.
Colleuna entre os seus brazos
e púxo a no seu roane.
95 —Quédense con Dios, señores,
xusticias destes lugares,
non valen pra matar porcos
nin pra doncelas queimare.
Dálle espolas ó cabalo,
100 comenzou a camiñare.
Aló no medio do monte
comenzou ela a chorare.
—Pobriña triste de min,
deixárame eu queimare
105 que vou en poder dun frade,
non sei donde vou parare.
—Non chores, non Sabeliña,
non queiras tanto chorare,
non vas en poder de frade,
110 tampouco de cardenale:
quen te leva é teu amante,

83-84 Versos só presentes en BB | 84 *máis*: mais (BB). *che houbo*: che ouvo (BB) | 86 *tamén*: tamen (FV) | 87 *Dáme*: Dame (FV, BB) | 89 *Non cho*: No-no (FV) | 90 *Virxen*: Virgen (FV) | 93 *brazos*: braços (FV) | 94 Puntuación desta edición | 95 *Quédense*: quedense (FV) | 96 *xusticias*: justicias (FV). *destos*: d'estos (FV) | 98 *doncelas*: donzelas (FV) | 99 *Dálle*: dalle (BB, FV). *ó cabalo*: ô cavalo (FV) | 100 *comenzou*: començou (FV) | 102 *comenzou*: començou (FV) | 103-106 Versos só presentes en BB | 104 *deixárame*: deixaramme (BB) | 111 *é*: è (FV), e (BB).

don Carlos de Monte Alvare.
Non che faltarán vestidos,
os que queiras arrastrare;
115 non che faltarán sobrados,
por onde querais paseare;
nin che faltarán espellos,
para neles te mirares,
que comer e que beberere,
120 o que quixeres gastare.

Fontes:

BB 1 f. (32 x 22 cm). O dorso en branco.

FV 2 f. (22 x 16 cm). Pautado á man. Numeradas na esquina superior esquerda: “16” e “17”. No dorso a lapis: “34” e “35 y 36”.

Atribuída erroneamente a Said Armesto no libro *Poesía popular gallega* (1997, p. 188). A copia de BB é moito máis antiga ca a de Florencio Vaamonde, pois é coetánea da colaboración de Bernardo Barreiro con Murguía, pero non por iso a consideramos necesariamente máis fiel á fonte popular. En concreto, o *e* paragórico aparece sistematizado en FV e esquecido moitas veces por BB. Parécenos lóxico atribuír a desleixo de BB a diferenza.

[I, 12]

A VOLTA DA GUERRA

No seu castillo cerrada,
a señora desta terra
estaba nunha ventana
fiando e tecendo seda,
5 cando viu un caballero
que baixaba pola serra.
Astreveuse a preguntarlle
se viña de cara á guerra.
—Por que o pregunta, señora,
10 por que o pregunta, doncella?
—Ai! porqu’o meu maridiño
sete anos fai qu’anda nela.
—E non me dirá, señora,
que señas ese home leva?
15 —Levaba sete cabalos
vestidos dunha librea,
i o máis pequeniño diles
iba vestido de seda.
—Ese señor queda preso,
20 que foi ferido na guerra
e collérono us peós
por mandado da princesa.

1 *castillo cerrada*: castelo pechada (LC) | 2 *señora*: Señora (FV, LC). *desta*: d’esta (FV, LC) | 3 *nunha*: nun’ha (FV), n-unha (LC) | 4 *tecendo*: torcendo (LC). Coma só presente en FV | 5 *caballero*: cavallero (FV), cabaleiro (LC) | 6 *pola*: pol-a (FV, LC) | 7 *Astreveuse*: Estreveuse (LC) | 8 *cara á*: car’a (LC), cara â (FV) | 9 *señora*: siñora (LC) | 10 *por que*: porque (FV). *doncella*: donzella (FV), doncela (LC) | 11 *porque meu bô maridiño* (LC) | 12 *fai*: hai (LC). *nela*: n’ela (FV), n-ela (LC) | 13 *señora*: siñora (LC) | 15 *cabalos*: cavalos (FV) | 16 *dunha*: d’unha (FV) | 17 *i o máis*: y-o mais (LC, FV) | 18 *iba*: iva (LC) | 19 *Ese señor*: Ise siñor (LC). Coma só presente en LC.

- Canto me dará, señora,
canto me dará, doncella,
25 por traelo sano e vivo
diante da súa presenza?
—Dareille cen mil doblós
que teño no meu bolsillo.
—Eso é mui pouco, señora,
30 polo traer sano e vivo.
—Dareille máis us muiños
que estan á beira do río,
moen cousas delicadas
pra o rei e mais pro bispo.
35 —Eso é moi pouco, señora,
polo traer sano e vivo.
—Dareille tódalas terras,
a facenda i-o castillo,
e dareille as tres queridas
40 filliñas con quen eu vivo;
unha daralle o calzado,
outra daralle o vestido,
i a máis pequeniña delas,
esa casará contigo.
45 —Eso é mui pouco, señora,
polo traer sano e vivo.
—Pois que máis eu podo darlle
se non teño máis conmigo?

23 *Canto*: ¿Canto (FV) | 24 *doncella*: donzella (FV) doncela (LC) | 25 *sano*: san (LC) | 26 *súa*: sua (FV, LC) | 29 *mui*: moi (LC). *señora*: siñora (LC) | 30 *polo*: pol-o (FV, LC). *sano*: san (FV) | 31 *máis*: mais (FV), amais (LC). *muiños*: muiños (FV, LC) | 34 *pro*: prô (LC), pr'o (FV) | 35 *señora*: siñora (LC). Comas só presentes en LC | 36 *polo*: pol-o (FV, LC). *sano*: san (FV) | 37 *tódalas*: total-as (FV), todas as (LC) | 38 *a facenda*: a fazenda (LC), e facendas (LC). *i*: y (FV) | 41 *calzado*: calçado (FV) | 43 *i*: y (FV) | 45 *mui*: moi (LC). *señora*: siñora (LC) | 46 *polo*: pol-o (FV, LC). *sano*: san (FV) | 47 *Pois*: ¿Pois (FV). *máis*: mais (FV, LC) | 48 *máis*: mais (FV, LC). pois mais poderei darlle (LC).

—Ten outras cousas, señora,
50 ten outras cousas consigo
 que son de mui grande precio
 e teño en moita valía.
—Alto eí, o forasteiro,
 non siga tan mal camiño,
55 deteña, deteña a lingua
 ou vou a pegarlle un tiro,
 que esas cousas non son miñas,
 son cousas do meu marido,
 e a ninguén eu as dera
60 por todo canto hai na vida.
 E dixo oufano o mancebo
 entrando polo castillo:
 —Pois vounas a coller eu
 porque son o teu marido.
65 (Provincia de Ourense)

Fontes:

FV 2 f. (16 x 22 cm). Papel pautado á man. Numeradas na esquina superior esquerda: “18” e “19”. Numeradas a lapis ao dorso: “1” e “2”. Fóra de lugar: SA-19 (II).

LC (1959, pp. 165-167).

Título de LC.

51 *mui*: moi (LC) | 52 *cousas* que eu moito estimo (LC) | 53 *eí*: ehí (FV), ahí (LC) | 55 *lingua*: lingua (LC) | 56 ou con armas vou ferilo (LC) | 59 *dera*: daría (LC). LC engade puntos suspensivos indicando lagoa | 61 *mancebo*: mançebo (FV) | 62 *polo*: pol-o (FV, LC) | 63 Puntuación desta edición | 65 *Ourense*: Orense (FV). “Coleición de M. Murguía. —Folle mandada de Ourense.” (LC).

[I, 13]

LINDA RUFINIÑA

- Linda Rufiniña,
ti que fas aí?
—Gardando o meu gando
que o traigo eiquí.
5 —Tan linda pastora
a gardar o gando!
—Xa nacín coa fada
de ese traballo.
—Rufiniña hermosa,
10 tu vente conmigo,
nesta terra sola
corres en peligro.
—No'é de xente nobre
o dar tal consello
15 que procura a perda
do gandiño alleo.
—Eu gando alugado
tamén aquí traigo,
Rufiniña hermosa,
20 serei teu criado.
—Vaia Diolo majó
qu'así vén ufano
con medias de seda
a garda-lo gando.
25 —Medias e vestidos
quero recoller,
linda rapaciña,
para che dar e ter.

2 ti: tí. aí: ahí | 6 a: e | 7 Xa: Ja. coa: co a | 13 é: è. xente: gente | 18 tamén: tamen. Coma desta edición | 22 qu'así: casi | 24 gardalo: gardar'lo | 26 quero: queiro.

—Vaia d'aí o majo,
30 non me dé máis pena,
que van vir meus donos
traerme a merenda.
—Se veñen, teus amos
non comen a xente.
35 Non seas ingrata,
tan pouco clemente.
—Eu si son ingrata,
fago moito ben,
gardando o meu gando
40 non perdo a ninguén.
—Pois curre, querida,
a gardar o gando,
que destoutro lado
eu cho irei gardando.
45 —Vaia d'aí o majo,
non me dé tormento,
xa o non poido ver
nin de pensamento.
—Adiós, Rufiniña,
50 levo gran pesar,
anque non me queres
non t'hei de olvidar.
—Volva acá o majo,
vólcase correndo,
55 qu'anque o peito é firme
xa se vai rendendo.
—Vámonos, Rufina,
deste monte fóra,
a toma-lo fresco.

29 *d'aí*: d'ahí | 30 *dé máis*: de mais | 34 *a xente*: á gente | 40 *ninguén*: ninguen | 41 Comas desta edición | 45 *d'aí*: d'ahi. Signo de diálogo desta edición | 46 *dé*: de | 47 *xa*: ja | 49 *Adiós*: Adios | 52 *t'hei*: te'i | 54 *vólcase*: volvase | 55 *qu'anque*: Canque | 56 *xa*: ja | 58 *fóra*: fora | 59 *toma-lo*: tomál-o.

- 60 —Vámonos embora.
Ó fresco se foron,
i o fresco tomaron,
neste medio tempo
foron alexando.
65 Corran os do pobo
ter conta do gando
que se foi Rufina
co seu namorado.
(Provincia de Ourense)

Fontes:

FV 2 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numeradas na esquina superior esquerda: “20” e “21”. No dorso a lapis: “3” e “4”.

LC reproduce diversas versións deste romance, coñecido como “Rufina hermosa” ou “A pastora probada polo seu irmán (Rufina)” (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 205- 228), pero non esta de Murguía. O segundo título que adoita utilizarse no Romanceiro pan-hispánico volve ter unha perspectiva ideolóxica difícil de admitir hoxe en día —a obriga da defensa parece ser da pastora— e probablemente tampouco vixente nos tempos do romanceiro, ademais de reducir o tema ao incesto, que non está presente en moitas das versións.

[I, 14]

O EMPERADOR DE ROMA

O emperador de Roma
tiña unha filla bastarda;
condes e duques preténdena,
caballeros de gran fama.
5 A nena como era esperta
a todos os desdeñaba;
os condes por pequeniños,
os duques por longa barba,
e os demais caballeros
10 polo manexar da espada.
Unha mañán madrugou
i asomouse a unha ventana
peinando seu rico pelo,
lavando súa linda cara,
15 e viu andar tres seitores
segando nunha seara.
Mirounos de un en outro
o que máis engavillaba,
i aquel que andaba no medio
20 manada maor tiraba,
i ó punto o mandou chamar
por unha súa secretaria.

2 Punto e coma desta edición | 4 *caballeros*: cavalleros (FV), cabaleiros (LC) | 6 *a*: á (FV). *desdeñaba*: desbotaba (LC), desdeñava (FV) | 9 *caballeros*: cavalleros (FV), cabaleiros (LC) | 10 *polo*: pol-o (FV, LC). *manexar*: manejar (FV) | 11 *mañán*: mañan (LC) | 12 *i*: y (FV), e (LC). *a*: á (FV) | 14 *súa*: sua (FV, LC) | 16 *nunha*: n'unha (LC, FV) | 17 *de un en outro*: a un e outro (LC) | 18 *máis*: mais (FV, LC). *engavillaba*: engalillava (FV) Debe quere dicir “engavillaba”, entendemos que é erro do copista; agavelaba (LC) | 19 *i*: Y (FV). *andaba*: andava (FV). *medio*: meio (LC) | 21 *i*: y (FV), e (LC) | 21-22 LC altera estes dous versos: “Mandouno axiña chamar / por unha sua criada” | 22 *súa*: sua (FV).

- Ven acá, bon seitorciño,
qu'a miña infanta te chama.
- 25 —Non-a conozo, señora,
nin tampouco a quen me chama.
—Miña señora é aquela
que está naquela ventana
peinando seu rico pelo,
30 lavando súa linda cara.
—Pois non-a conozo eu
nin sei por que ela me chama.
—Miña señora é aquela
qu'está naquela ventana
35 esperando que te acerques
pra ela poder falarche.
—Que me quer súa señoría?
que me quer a linda infanta?
—Quero que rubas enriba
40 a segáresme a segada.
—Súa segada, señora,
pra min non está gardada.
—Si estará, bon seitorciño,
si t'estreves a segala.
- 45 Mandoulle facer a cena
e moito millor a cama;
botoulle sete colchós
e boas sábanas de Holanda;
e de cena ó seitorcillo
50 carne, queixo i avellanas.

23 *acá*: acó (LC). *bon*: meu (LC) | 25 *Non-a conozo*: No-na conoço (FV), non a conozo (LC) | 27 *é*: è (LC) | 28 *naquela*: n'aquela (FV), n-aquela (LC) | 30 *súa*: sua (FV, LC) | 31 *non-a conozo*: no-na conoço (FV), nin a conozo (LC) | 32 *que*: qué (LC) | 33-36 LC omite estes catro versos | 34 *qu'está naquela*: q'está n'aquela (FV) | 37 *que*: qué (LC). *quer*: quêr (LC). *súa*: sua (FV, LC) | 38 *quer*: quêr (LC). *infanta*: lind'infanta (FV) | 39 *rubas enriba*: veñas arriba (LC) | 40 *a segáresme*: á segarésme (FV) | 41 *Súa*: Sua (FV, LC) | 43 *sí, está meu bon seitorciño* (LC) | 45 *facer*: fazer (FV) | 47 *botoulle*: botouullo (FV). *colchós*: colchóns (LC) | 48 *sábanas*: sáboas (LC) | 49 *ó*: o (FV), ao (LC) | 50 *i*: y (FV). Deulle carne e lambetadas (LC).

—Chocolate che había dar
que é cousa que moito sabe,
pero dareiche licor
que é cousa máis estimable.
55 Alá pola media noite
díxolle ó seitor a infanta:
—Como vai, bon seitorcillo,
como vai miña segada?
—Vai moito millor, señora,
60 moito millor que coidara.
—E cantas, bon seitorcillo,
cantas manadas sacadas?
—Teño sacadas catorce,
pra quince solo unha marra.
65 —Pois dóblaas, bon seitorcillo,
qu'eu che doblarei a paga.
—Xuncras a leve, señora,
i o corpo que tanto marda
que se me acaban as forzas
70 e xa estou escurrichado.
Estando nestas razóns
os padres os escoitaran.
—Quen está contigo, infanta,
quen na cama con ti fala?
75 —Eu falo coa sacretaria
que me fixo mal a cama.

51 FV omite a marca de diálogo. *Chocolate*: Chiculate (LC). *che había*: ch'avía (FV), ch'había (LC) | 52 *é*: qu'é (LC) | 54 *máis*: mais (FV, LC). *estimable*: estimabre (LC) | 55 *pola*: pol-a (FV, LC). *media*: meía (LC) | 56 *díxolle*: dixolle (LC). *ó*: ô (FV), ao (LC) | 57 *Como*: cómo (LC). *seitorcillo*: seitoríño (LC) | 59 *Comas* desta edición | 61 *seitorcillo*: seitoríño (LC) | 64 *para* quince só unha me marra (LC) | 65 *pois* doblaas, meu seitoríño, (LC) | 66 *qu'eu*: que eu (LC) | 67 *Xuncras*: Juncras (FV) | 68 *i*: y (FV). y o corpo tan arrichado (LC) | 69 *me acaban*: m'acaban (LC). *forzas*: forças (FV) | 70 *xa*: cha (FV) | 71 *razóns*: n'estas razóns (FV), n-estas razóns (LC) | 72 o seu pai os escoitaba (LC) | 73 *Quen*: quen (LC) | 74 *quén* na tua cama fala (LC) | 75 *coa sacretaria*: co'a camareira (LC).

- E que sacretaria é esa
que tanto lle apunta a barba?
—Apúntelle ou non lle apunte,
80 que lle importa a osté, mi padre?
—Si me importa ou non mi importa
eu cho direi, condanada.
Erguédevos, meus filliños,
trataremos de matala.
85 Oíndo esto, o seitorcillo
moi grande medo cobrara,
e sin tempo pr'outra cousa,
mal como puido vestiuse
e tirou dunha ventana.
90 E díxolle a linda infanta
brincando tras el da cama:
—Aguarda, bon seitorcillo,
aguárdate pola paga:
diraslle ós teus camaradas
95 que non ganache aquí nada,
e ganache máis na noite
qu'eles en toda a semana.
Botoulle un rico fouciño
con fío moi afiado
100 e froles de prata e ouro
no cabo, de filigrana.

77 *é: è* (FV) | 77-78 *E qué camareira é esa / que tan forte ten a fala* (LC) | 79-80 *Se ten fala forte ou non / a vosté n'importa nada.* (LC) | 80 “mi” insertado sobre a liña (FV) | 83-84 LC omite estes dous versos | 85 *Oíndo*: Oíndo (FV, LC). *seitorcillo*: seitoriño (LC) | 87 LC omite este verso | 89 *dunha*: d'unha (FV). e fuxiu pol-a ventana (LC) | 90 *díxolle*: dixólle (FV) | 92 *Aguarda*: Agarda (LC). *seitorcillo*: seitorciño (LC) | 93 *aguárdate pola*: aguardate pol-a (FV). agarda, dareiche a paga (LC) | 94 *diranche teus compañeiros* (LC) | 95 *que eiquí non gañaches nada* | 96 *ganache*: gañaches (LC). *máis*: mais (FV, LC) | 97 *qu'eles*: que eles (LC) | 99 *fío*: fio (LC) | 101 *no*: e (FV), no (LC).

Botoulle tamén seis onzas
con un pañuelo de Holanda:
valía máis o pañuelo
105 que o diñeiro que levaba.

Provincia de Ourense

Fontes:

FV 2 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numeradas na esquina superior esquerda: “22” e “23”. No dorso a lapis: “5” e “6, 7 y 8”.

LC (1959, pp. 219-222).

Trátase do romance chamado comunmente “A bastarda e o seitor” (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 145-150). No cancionero de Casto Sampedro hai outra versión recollida por Víctor Said Armesto (1982, p. 121). Nesta mesma colección hai outra versión en castelán, recollida en Ribadavia [§ III, 14]. Este é un dos romances mais intervídos por Lois Carré, ás veces polo que parecen meras preferencias persoais.

102 *tamén*: tamen (FV, LC). *onzas*: onças (FV) | 103 *pañuelo*: pañiño (LC) | 104 *máis o*: mail-o (FV). *pañuelo*: paniño (LC) | 106 *Orense*: “Coleición de M. Murguía. —Procede de Ourense.” (LC).

[I, 15]

DONA SILVANA

Estando Doña Silvana
na horta que o rei lle tiña,
dixo tocando a viola
á beira da figueiriña:
5 —As outras túas fillas, pai,
son casadas con familia,
i eu, por ser a máis bonita,
aquí me vexo rendida.
—Que queres, filla, che faga,
10 si non che acho compañía,
non sendo o conde d’Agüela
que é casado e ten familia?
—Pois mándao chamar, meu pai,
da túa parte e mais da miña,
15 pra que se presente aquí
antes dun avemaría.
—Que quere súa maxestade?
Que quere súa señoría?
—Quero que mates a conda
20 pra casar coa miña filla
e me traigas a cabeza
nunha dourada bacía,
coberta cun manto d’ouro
que no teu palacio había.

4 *á*: â (FV, LC) | 5 *túas*: tuas (FV, LC) | 7 *i eu*: y eu (FV), y-eu (LC). *máis*: mais (FV, LC) | 8 *vexo*: vejo (FV) | 9 *Que*: qué (LC) | 10 *acho*: hacho (FV) | 12 *é*: è (FV) | 13 *mándao*: mando (LC), mandao (FV) | 14 *túa*: tua (FV, LC) | 15 *aquí*: aquí (LC) | 16 *dun avemaría*: dun ave maría (FV), d’un Ave María (LC) | 17 *Que*: qué (LC). *súa*: sua (FV, LC). *maxestade*: magestade (FV) | 18 *Que*: qué (LC). *súa*: sua (FV, LC) | 20 *coa*: co’a (FV) | 21 *traigas*: trayas (LC). *cabeza*: cabeça (FV) | 22 *bacía*: vacía (FV) | 23 *cun*: c’un (LC).

- 25 E si así non o figueres
antes dun avemaría
xuro pola miña croa
que a vida che sacaría.
Marchouse Agüela á súa casa
30 cheo de melancolía,
cerrou portas e ventanas,
cousa que nunca faguía,
e mandou cubri-la mesa
antes dun avemaría.
35 Puxéronse a ela os condes;
nin un nin outro comía,
pois eran moitas as bágoas
que pola mesa corrían;
i a coitadiña condesa
40 dixo con moita agonía:
—Cóntame dos teus pesares
qu'eu che darei alegría.
—Pois vámonos ó xardín
qu'alí todo eu cho diría.
45 Marcháronse ó seu xardín
donde mil frores había;
todas estaban abertas
nin un nin outro as collía.
E mudos, sin se falaren,
50 pasou así todo o día,
tod'a tarde, e veu a noite
i a condesa lle decía:

25-28 Versos omitidos por fv | 26 *dun avemaría*: d'un Ave María(LC), dun Ave maría (fv) | 28 *que a*: qu'a (LC) | 29 *á*: â (LC). *súa*: sua (fv, LC) | 33 *cubri-la*: cubril-a (fv, LC) | 34 *dun avemaría*: dun ave maría (fv), d'un Ave María (LC) | 35 *Puxéronse*: Poñeronse (LC) | 38 *pola*: pol-a (fv, LC) | 39 *i a*: y a (fv), y-a (LC) | 40 Puntuación de LC | 41 *dos*: d'os (fv) | 43 *vámonos*: vamonos (fv). *ó*: ao (LC). *xardín*: jardin (fv) | 45 *ó*: ao (fv). *xardín*: jardin (fv) | 46 *donde*: onde (LC) | 51 *tod'a*: toda a (LC) | 52 *i a*: y a (fv), y-a (LC). *decía*: decía (LC).

- Cóntame dos teus pesares
qu'eu che darei alegría.
55 —Pois vámonos á nosa cama
que alí todo cho diría.
Fóronse os condes á cama
donde a condesa parira
un rapaciño mui cuco
60 faría unhos trinta días.
Non poidera cerrar ollo,
nin un nin outro dormía
i ela entre abrazos e bágoas
sin cansar lle repetía:
65 —Cóntame dos teus pesares
qu'eu che darei alegría.
—Mándame o rei que te mate
pra casarme coa súa filla
e que leve a túa cabeza
70 nesa maldita bacía
coberta dun pano d'ouro
que na nosa casa había;
pois se así non o fíguese
a vida me sacaría.
75 —Cala conde, cala conde,
qu'eso bo remedio tiña;
manda vir un ciruxano
que me dé unha sangría
e nun baño pouco a pouco
80 a sangue descorrería;
pero antes traime o meu fillo,

53 dos: d'os (FV) | 57 Fóronse: forónse (FV). á: â (FV) | 59 rapaciño: rapaziño (FV). mui: moi (LC) | 61 poidera cerrar: poideron pechar (LC) | 62 dormía: durmía (LC) | 63 i ela: y ela (LC), y-ela (FV). abrazos: abraços (FV). entre abrazos e bágoas: entre bágoas e apertas (LC) | 65 dos: d'os (FV, LC) | 68 casarme: casar (LC). coa: co'a (FV). súa: sua (FV, LC) | 69 túa: tua (LC). cabeza: cabeça (FV) | 70 bacía: vacía (FV) | 71 dun: c'un (LC), d'un (FV) | 76 bo: bon (LC) | 78 dé: de (FV, LC).

o fillo da alma miña,
que lle vou dar de mamar
por última vez na vida.
85 Chupa, meu filliño, chupa
deste peito d'amargura,
pois que mañán destas horas
xa farei na sepultura.
Naquel inmediato tempo
90 tocaron na serra os sinos.
—Tocan os sinos na serra!
Ai! Dios meu, quen morrería?
E dixo o neno de peito,
o neno dos trinta días,
95 con unha voz d'home grande
que frío e medo metía:
—Morreuse doña Silvana
dunha morte repentina
por querervos descasar,
100 cousa que Dios non quería.
(Provincia de Orense)

Fontes:

FV 2 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numerado na esquina superior esquerda: "24" e "25". No dorso, a lapis: "9" e "10".

LC (1959, pp. 192-194).

Título de LC.

Trátase, en realidade, do romance "O conde Alarcos", que comparte algúns trazos co que comunmente se considera "de Silvana" (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 103-104).

82 *alma*: y-alma (LC) | 85 *chucha*, meu filliño, *chucha* (LC) | 86 *deste*: d'este (FV, LC) | 87 *destas*: d'estas (FV, LC) | 88 *xa*: ja (FV). *xa farei*: xacerei (LC) | 90 *na*: n'a (FV, LC). *sinos*: sínos (FV) | 91 *sinos*: sínos (FV) | 92 *Dios meu*: meu Dios (LC) | 94 *dos*: d'os (FV), de (LC). *días*: días (FV) | 96 *metía*: poñían (LC) | 98 *dunha*: d'unha (LC) | 100 *cousa*: coma ou cousa (FV) | 101 Localización só en FV. LC engade: "Coleición de M. Murguía. —Ten unha nota que dí foi recollido n-unha fiada. — Non costa o lugar da procedenza."

[I, 16]

A VIRXE DE SAN BREIXO

—Quen é aquela Señora
que baixa polo areal?
—É a Virxen de San Breixo
que vai ver a de Rendal.
5 Levaba unha colandrilla
arriba da súa coroa:
o Señor bendiga a ave
que leva nosa Señora.
...
Parouse na fonte crara,
10 parouse na augua fría,
lavar pañales do neno,
boa falla lles facía!
Veu por alí a lavandeira
para llos ir a tender.
15 Volve ó niño, lavandeira,
que moito alí tes que ver:
os paxariños dos ovos
saíen e saben voar
e teñen conta da roupa
20 que quedara no tendal;

1 *é*: è (FV) | 2 *polo*: pol-o (FV), pó-lo (M) | 3 *É*: È (FV). *Virxen*: Virgen (FV, M). Nota de M: “Ya queda advertido que la ge, gí, se pronuncia á la manera de la j francesa. Nuestra j lo mismo”. *Breixo*: Breijo (FV, M) | 5 *unha*: un-ha (M). Nota de M, copiada por FV: “Este fragmento de romance se recogió en Padrón en cuyo país colandrilla significa golondrina mientras en la mayor parte de Galicia se las llama anduriñas por lo mucho que se mueven y revolotean. Tales también las rondinellas italianas.” | 6 *súa*: su (FV), sua (M) | 7 *bendiga*: bendí (LC). *a ave*: á áve (FV) | 8 Todas as fontes indican lagoa despois deste verso | 11 *lavar*: labar (M) | 13 *lavandeira*: labandeira (M) | 15 *ó*: ô (FV) | 17 *os*: Ôs (FV) | 18 *saíen*: sayen (M).

maduran amoras verdes
pra os páxaros peteírar;
as herbiñas arrecenden,
a Virxen vainas cheírar.
25 Xa marcha aquela Señora
que baixa polo areal,
Virxen do santo San Breixo,
que vai ver a de Rendal.

Fontes:

fv 1 f. (22 x 16 cm). Numerado na esquina superior esquerda: “26”.

m (Murguía 1888, pp. 164-165).

lc (1959, pp. 246-247).

Título de lc.

22 *pra os*: pro'os (fv), pró os (m) | 23 *herbiñas*: herviñas (fv) | 24 *Virxen*: Virgen (fv, m) | 25 *Xa*: ja (fv) | 26 *polo*: pol-o (fv), pôlo (m) | 27 *Virxen*: Virgen (fv, m). *Breixo*: Breijo (fv, m) | 28 *a*: â. Nota de m: “En Alemania, dice Gubernatis (Mithol. zool., t. II, p. 253), se llama á la golondrina pájaro de la Virgen. No de otra manera se la mira en Galicia, como se ve por el romance transcrito. Según parece, es un ave sagrada, y se la considera como en oposición á un símbolo fálico.” (De Gubernatis 1874, II, p. 253).

[I, 17]

A FADA FADIÑA

A fada fadiña
coa súa vasquiña
pasa a mañán
aliña que aliña,
5 nos seus cabelíños
ouros, louriños
com'ouro enxebre
so os penediños.
Coma o ourego,
10 coma o esprego
rescende de lonxe.
Coma o incenso
é o alento
que leva o vento
15 da carballeira,
fólgase o peito!

Miña xoiña,
miña fadiña,
lémbreme o verte
20 a pequeniña
qu'onte no berzo,
qu'onte no berzo
eu a arrolaba,
xa non a vexo!

2 *coa*: c'a (FV, M) | 3 *mañán*: mañan (FV) | 4 *que aliña*: qu'aliña (FV, M) | 5 *cabelíños*: cavelíños (FV) | 7 *com'ouro*: coma o ouro (LC) | 8 *so*: sô (FV, M) | 9 *o*: ó (M) | 10 *o*: ó (M) | 11 *lonxe*: longe (FV) | 12 *incenso*: inxenzo (LC) | 13 *é*: è (FV), y-é (LC). *o*: ó (M) | 14 *o*: ó (M) | 15 *carballeira*: carvalleira (FV), sua cabeleira (LC). Engadimos a puntuación | 16 *o*: ó (M). ¡folgare o peito! (LC). Aquí rematan FV e M. Non está moi claro que o resto das estrofas que recolle LC pertencen ao mesmo poema. LC separa con liña de puntos as tres estrofas | 19 *lémbreme*: lembirme (LC).

25 Válgate o diacho,
rompeche o cacho
qu'era de barro
de Casamacho;
tomeio na feira
30 da Pelitreira,
vendeumo Sura,
a alcoviteira.

Fontes:

- FV 1 f. (22 x 16 cm). Numerado na esquina superior esquerda “27”).
LC (1959, pp. 259-260).
M (Murguía 1888, p. 213).

Lois Carré Alvarellos, na súa edición, indica: “Recollido pol-a irmán do colleitor”, que entendemos que se refire á irmá de Murguía.

[I, 18]

[DON GAIFEROS]

A donde irá aquel romeiro,
meu romeiro a donde irá?
Camiño de Compostela,
non sei si alí chegará.
5 Os pés leva cheos de sangue
e non pode máis andar;
malpocado, probe vello,
non sei si alí chegará.
Ten longas e brancas barbas,
10 ollos de doce mirar,
ollos gazos, leonados
verdes com'augua do mar.
—A donde ides meu romeiro,
a donde ides meu velliño?
15 —Camiño de Compostela.
A onde ides vós, soldadiño?
—Compostela miña terra
sete anos hai que marchei,
non coidei volver a ela.
20 Dígame, diga o seu nome
...

1 *donde irá*: ond'irá (FV, M) | 2 *a*: á (A). *donde irá*: dond'irá (FV, M) | 4 *si alí*: s'ali (FV, M) | 5 *pés*: pes (FV, A) | 6 *máis*: mais (FV, A, M) | 7 *malpocado*: Palpocado (A), mal pocado! (M), malpocado! (FV). *vello*: bello (A). Comas desta edición | 8 *si alí*: s'ali (FV, M) | 9 *brancas barbas*: brancar varvas (A) | 10 *doce*: doçe (FV, M) | 13 *donde*: Adond' (FV, M). A omite marca de diálogo | 14 *donde*: Adond' (FV, M). *veliño*: belliño (A) | 15 A omite marca de diálogo | 16 *onde ides*: ond'ides (FV, M). *ós*: vos (A, FV, M) | 17 A omite marca de diálogo | 18 *sete*: Sete (FV), sete, en cursiva (M). *hai*: hay (A), fai (FV, M). *marchei*: marchei (A) | 19 *a*: á (A, M) | 20 *Dígame*: digame (A). *o*: ó (A). Despois deste verso puntos suspensivos indicando lagoa en FV e M. Aceptamos esta lectura consistente co sentido dos versos.

- Cóllase a min, meu velliño,
repare que non ten forzas
para seguir o camiño.
—Eu chámome don Gaíferos,
25 Gaíferos de Mormaltán.
Se agora non teño forzas,
meu esprito mas dará.
Chegaron a Compostela
e foron á catedral,
30 desta maneira falou
Gaíferos de Mormaltán:
—Gracias, meu señor Santiago,
a vósos pés me tes xa.
Se queres tirarme a vida
35 pódesma señor tirar,
porque morrerei contento
nesta santa catedral.
I o vello das barbas longas
caíu tendido no chan.
40 Cerrou os seus ollos verdes,
verdes coma augua do mar.
O obispo que esto veu
alí o mandou enterrar.
Así morreu, meus señores,
45 Gaíferos de Mormaltán.
Este é un dos moitos miragres
que Santiago Apóstol fai.

21 *Cóllase*: collase (A, M). *a*: á (A) | 22 *repare*: reparo (FV). *forzas*: forza (A) | 23 *o*: ó (A, M) | 27 *mas*: m'as (A) | 28 *a*: á (A) | 29 *e*: é (A). *á*: â (FV, M). *catredal*: Catedral (FV, M) | 31 *Mormaltán*: Mormaltan (A, M, FV) | 32 A omite marca de dialogo | 33 *a*: á (A). *pés*: pes (A, FV). *xa*: ja (FV), xá (M) | 34 *queres*: querés (A). *tirarme a*: Tirarm' (FV), tirarm'á (M) | 35 *pódesma*: podesma (A) | 36 *porque*: por que (A) | 37 *catredal*: Catedral (FV, M) | 38 *I*: y (FV, A, M). *barbas*: varvas (A) | 39 *caíu*: caeu (A, M, FV) | 41 *augua*: com'augua (FV) | 42 *que esto*: qu'esto (FV, M) | 43 *o*: ó (A) | 44 *Así*: Asi (A) | 45 *Mormaltán*: Mormaltan (FV, A, M) | 46 *é*: este he (A), Est'è (FV). *miragres*: milagros (FV, M) | 47 *Apóstol*: Apostol (A).

Fontes:

A 2 f. (21 x 14 cm).

FV 2 f. (22 x 16 cm). Numerado na esquina superior esquerda: “20”. Sen marcas ao dorso.

M (Murguía 1888, pp. 423-424).

Título do manuscrito de Alejandra.

O texto procede de Alejandra, como indica a propia nota final do seu manuscrito. Ela copia a continuación o texto de “Si voy al palacio real” [§ III, 1]. A continuación engade: “El romance de el Capitan Amaro / y el de don Gaiferos me lo enseñó la madre de Maria y es evidente que es de Lage, como” [interrómpease aquí].

Na propia edición de Murguía infírese que era cantado na catedral, en aparente contradición coa declaración de Alejandra. Pero non todo o que achega a muller de Laxe, informante de Alejandra segundo esta nota, hai que atribuílo á súa infancia.

[I, 19]

[MONTE MEDULIO]

Do foron os homes,
fillas et peculio?
Intra nostras cobas
du monte Medulio.
5 E pois o romao
a morrernos veu,
morrán ellos, canes,
nas covas Momao.
Na monte Biobra
10 campan nosos homes,
et porque sunt poucos
nengun aló sobra.
Anxiña, pomares,
fortes nos fecimos
15 et cum os paxares
nos queimaron vivos.
Intra nosas covas
e intra os hortos
quedaron os homes
20 tooiños mortos.
Et nostras mulleres,
e as nostras fillas,
quedaron, cuitadas!
tooiñas cautivas.

1 Eliminamos o signo de apertura de interrogación | 4 *Medulio*: Medulio | 16 *nos*: non. Nota de fv, probablemente da autoría de Murguía, comentando unha nota do propio Álvarez de la Braña: “El señor Braña cree que atendido á la tradición (á la historia mejor) debía decir quemarnos ¿Quién sabe si los historiadores se equivocaron al relatar el hecho? No lo creemos.”

25 Et aqueles loubos
do quer as mordían,
et elas poubriñas
xemían... xemían.
(Ponferrada, O Bierzo)

Fontes:

Ramón Álvarez de la Braña (1894, pp. 292-293).

fv 1 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numerada na esquina superior esquerda: “31”. No dorso a lapis: “1 y 2”.

Título desta edición.

O texto de fv reproduce o de Álvarez de la Braña. A fonte do texto redúcese polo tanto a Álvarez de la Braña, que indica foi Manuel García Buelta, residente en Ponferrada, quen lle enviou o romance (1894, p. 288). Ao indicar que se trata dunha “copia literal” remítenos a unha fonte manuscrita. Aínda así, apuntaremos os pequenos erros de fv como indicativo dos problemas das transcricións.

A Filgueira Valverde (1973, p. 13) éralle tan antipático este romance que o descarta do conxunto dos textos que, a pesar de non ser populares, podían ofrecer algunha información histórica. En contraposición ao coñecemento do latín — non impresionante pero tampouco vulgar— que o texto amosa e que delata a súa procedencia culta, é importante destacar o seu descoñecemento do galego histórico. O desdobraemento vocálico (*poubriñas*) revela un intento de darlle antigüidade ao texto que parece apuntar á súa posible procedencia: unha executoria de fidalguía ou un falso cronicón, dos que hoxe non hai restos.

25 *aquelos*: aqueles.

[I, 20]

[LONXE, LONXE, LONXE]

Polo camiño eí vén un home,
aínda vén lonxe, lonxe, lonxe.
Inda eu non sei si anda ou si corre,
porque vén lonxe, lonxe, lonxe.
5 Quen fora galgo,
 quen fora paxaro
 quen fora vento!

 Fai moito tempo que nos deixou,
 alá para lonxe, lonxe, lonxe.
10 Anda na guerra polo señor
 alá moi lonxe, lonxe, lonxe.

 Quen fora etc.

 E viñeron os mouros arrenegados
 lá de moi lonxe, lonxe, lonxe.
15 Todo arrasaron i estaba il
 alá moi lonxe, lonxe, lonxe.

 Quen fora etc.

 E aqueles homens eran us demus
 lá de moi lonxe, lonxe, lonxe.

1 *Polo*: Po lo (JOA), po-lo (FV). *eí*: ehí (LC), hay ben (JOB). *un home*: hum omens (JOB) | 2 *lonxe*: lonje, lonje, lonje (JOB), lonxe, lonxe, lonxe (JOA, FV). Así en todo o poema | 3 Nota de JOA e FV: “Se sigue la ortografía del original que suponemos del siglo XVIII”. *sei*: sey (JOB). *se anda*: sanda (JOB) | 6 *paxaro*: páxaro (FV, JOA), corriximos cara a forma normalizada, pois o texto do foro non contiña acentos. Así en todo o poema | 7 *vento*: bentos (JOB) | 10 *polo*: po-lo (FV) | 12 A partir deste verso o retrouso está abreviado: “Quen fora &c” | 13 *E*: JO omite E | 14 *lá*: la (FV). *moi*: moy (FV) | 15 *i*: e (FV), y' (JO) | 16 *moi*: moy (FV) | 18 *aqueles omens*: Aquiles homes (JO). *demus*: demos (JO) | 19 *moi*: moy (FV, JO).

- 20 Todo levaron e nós fuxemos
 alá pra lonxe, lonxe, lonxe.
 Quen fora etc.
- O altariño do noso Dios,
 que mora lonxe, lonxe, lonxe,
25 quedou como noitiña sin sol,
 fuxido lonxe, lonxe, lonxe.
 Quen fora etc.
- Entre penedos i entre touzas,
 alá lonxe, lonxe, lonxe,
30 levamos o Cristo con outras cousas
 alá para lonxe, lonxe, lonxe.
 Quen fora etc.
- I os mouros arrenegados
 foron detrás, lonxe, lonxe...
35 I aqueles penedos arrodeados,
 era moi lonxe, lonxe, lonxe.
 Quen fora etc.
- Pobres de nós! todos berraban
 alá moi lonxe, lonxe, lonxe.
40 Válanos Cristo! apelidaban,
 era moi lonxe, lonxe, lonxe.
 Quen fora etc.
- Xa dos penedos na buratiña,
 alá moi lonxe, lonxe, lonxe,
45 víanse as cara de tal xentiña,
 alá lonxe, lonxe, lonxe.

28 i: y (FV, JO) | 30 o: levamo-lo (LC). *outras*: coutras (JO) | 31 *Ala*: lá (JO), alá (FV) | 33 E mais os mouros (FV) | 35 *I aqueles*: I a quiles (JO) | 36 *moi*: moy (JO) | 38 *berraban*: verraban (JO) | 39 *moi*: moy (FV) | 40 *Válanos Cristo*: ¡Valanos Cristo! (JO) | 41 *moi*: moy (JO) | 44 *moi*: moy (JO).

Quen fora etc.

Cristo, Cristo, todos á unha,
dixeron lonxe, lonxe, lonxe,
50 i esmagada aquela xentiña
quedou alá lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora etc.

Ben te vin vir polo camiño,
alá lonxe, lonxe, lonxe.
55 O Cristo amparounos, meu queridiño,
e fóronse lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora etc.

(Celanova)

Fontes:

- joa 1 f. (28 x 21 cm). Escrito polas dúas caras. Primeira versión remitida por Jose Ogea.
- job Correccións enviadas por José Ogea en 30 de outubro de 1879 [§ co 1], en parte incorporadas por fv pero non por Murguía na súa edición.
- jo Común nas dúas versións de José Ogea.
- fv 3 f. (22 x 16 cm). Numerados na esquina superior esquerda: “32)”, “33)” e “34)”. Numerados no dorso a lapis: “3”, “4” e “5”.
- lc (1959, pp. 56-59). Tomado do impreso de Murguía, polo que non a teremos en conta.
- m Edición do texto por Murguía en *La Ilustracion Gallega y Asturiana*. Tomo III, n. 2. 18 de Xaneiro de 1881. Plenamente coincidente con joa.

Título desta edición.

48 unha: un’a (fv, jo) | 49 Dixeron: deixemos (jo) | 53 Ben te: Vente (jo). polo: pó-lo (fv) | 58 Celanova: Celanoba (fv).

Procede dun texto enviado por José Ogea, copiado doutra persoa cuxa identidade descoñecemos. O propio Ogea corríxeo despois nunha carta que trascribimos nos apéndices [§ co 1] unha vez que tivo diante o manuscrito. Murguía publicao pouco despois de recibilo (1881a), sen atender as segundas correccións. Murguía supuxo que o ataque dos mouros era histórico e Bernardo Barreiro (1885, pp. 68-74) acabou atribuíndoo a unha ofensiva á vila de Cangas, título co que aparece ás veces.

[I, 21]

[NO FIGUEIRAL FIGUEIREDO]

No figueiral figueiredo á no figueiral entrei
Seis niñas encontrara, seis niñas encontrei
Para ellas andara, para ellas andey
Lhorando as achara, lhorando as achei
5 Logo lhes pescudara, logo lhes pescudei
Quem as maltratara y tão mala ley?
No figueiral figueiredo a no figueiral entrey
Uma replicara “Infançom nam sey,
Mal houvesse la terra que teme ó mal rey
10 S’eu las armas usara y a min fee non sey
Se hombre a min levava de tão mal ley
A Deos vos vayades, garzam, ca non sey
Ir onde me falades mais vos falarey”.
No figueiral figueiredo, a no figueiral entrey
15 Eu lle replicara: A mim fee non irey
—Ca olhos d’essa cara caro los comprarey
—A las longas terras entrar vos me irey
—Las compridas vías eu las andarey
—Lingua de aravias eu las falarey
20 —Mouros se me visse eu los matarey.
No figueiral figueiredo a no figueiral entrey
Mouro que las goarda cerca lo achey
Mal la ameçara eu mal me anogey
Troncons desganhara todolos machuquey
25 Las niñas furtara las niñas furtey
La que a min falara n’alma la chantey
No figueiral figueiredo a no figueiral entrey
(Braga)

25 *furtey*: furtei (fv).

Fontes:

Teófilo Braga (1871, pp. 191-194) Recollido de frei Bernardo de Brito e de Mariano Soriano Fuertes.

fv 1 f. (22 x 16 cm). Numerado na esquina superior esquerda: “35”. No dorso a lapis: “6 y 7”.

Mantemos en xeral a ortografía, dado o carácter híbrido e semiapócrifo do poema.

fv copia o editado por Teófilo Braga, que provén á súa vez da obra de Bernardo de Brito *Segunda parte da Monarchia Lusitana* (1609, f. 296 v.), coa música de Mariano Soriano Fuertes (1855, I, pp. 111-114 e lámina nº 7). Murguía tráeno a colación para efectos comparativos, pois a súa opinión da versión de Braga é moi desfavorable [§ N 92].

[I, 22]

[NO FIGUEIRAL FIGUEIREDO]

RESTITUCIÓN DE MURGUÍA

No figueiral figueiredo,
en'o figueiral entrei.
Seis meniñas encontrara,
seis meniñas encontrei.
5 Eu para elas andara,
par'elas eu andei.
Chorand'eu as achara,
chorand'eu as achei.
Logo as pescudara,
10 logo as pescudei,
quen as maltratara,
a tan mala lei.
En o figueiral figueiredo,
en o figueiral entrei.
15 Unha reprecara
infanzón non sei,
mal conoce a terra
que ten o mal rei,
s'armas usara
20 a boa fe non sei.
S'home a min levara
de tan mala lei,
adios vaiades
garzón ca non sei.

10 *pescudei*: Nota de m á marxe: “(preguntar)” | 14-15 Nota de m entre liñas: “debe separarse pues el previo es como descanso. La composición sigue. Especie de estribillo a no ser que se quiera que es al revés y indique haber sido cantado por juglares que tomaban aliento como quien dice en el primer verso &” | 16 *infanzón*: *infançon* (fv) | 24 *garzón*: *garçon* (fv). Nota de m: “De que tiempo es Garzon vid Covarrubias. Viene del garçon; francés”.

25 S'onde me falades
mais vos falarei.
No figueiral figueiredo,
en o figueiral entrei.
Eu lle reprecara
30 mia fe non m'irei
ca ollos d'esa cara
caros comprarei.
A as longas terras
eu tras vos m'irei.
35 Aí compridas vías,
eu as andarei.
Lingua d'aravias,
eu as falarei.
Mouros se me visen,
40 eu os matarei.
No figueiral figueiredo,
eu no figueiral entrei.
Mouro qu'as gardaba
cerca o achei.
45 Mal qu'as gardaba,
cerca o achei.
Mal m'amenaçara,
eu mal m'anoxei.
Troncon desgallara,
50 troncon desgallei.
Todos os machucara,
todos os machuquei.
As meninas furtara,
as meniñas furtei.
55 A que á min falara
na alma a chantei.
No figueiral figueredo,
en o figueiral entrei.

30 Nota de m: "Giro asturiano mia fe".

Fontes:

- fv 1 f. (22 x 16 cm). Numerada na esquina superior esquerda: “36”. No dorso a lapis: “7 y 9”.
- m 1 f. (21 x 14 cm). Comentarios en [§ c 1, 22].

Editamos aquí, tal como Murguía o tiña previsto, a restitución do texto de Brito, que coñece a través de Teófilo Braga. Non parece verosímil a procedencia dunha fonte oral, como nos faría supoñer a nota rexistrada en fv, que engade ao pé: “Sant.”. Tampouco é crible unha coincidencia tal co texto anterior, polo que consideramos é un erro de fv. Said Armesto reproduce un fragmento ata o verso 26 (1998, p. 345).

[I, 23]

NO FIGUEIRAL FIGUEIREDO

No figueiral, figueiredo,
no figueiral, figueiredo, entrei,
atopei a tres meniñas,
tres doncelas atopei,
5 de tres doncellas qu'había,
todas tiñan que facer:
a unha estaba a tallar,
a outra estaba a coser,
outra sentada nun tallo
10 laváball'os pés ao Rei.

II

No figueiral, figueiredo,
no figueiral, figueiredo, entrei.
—Señor, que veñen os mouros,
15 señor, eu que lles direi?
—Se falan linguas d'aravias,
na miña lles falarei.
Anque son doncella nova
señor, valente serei,
20 e con esta miña espada
cabezas eu cortarei.
No figueiral figueiredo,
no figueiral entrei.

4 Nota de m: "Aquí debe faltar algo del romance" | 7 Nota de m: "En otra copia a fiar" | 9 *nun*: nún | 10 *laváball'os pés ao Rei*: lababalle os pes ô Rey | 15 *direi*: farei. Nota de m: "En otra copia: eu que lle direi" | Despois deste verso m engade: "Na miña faliña doce / que é fala de mellor ley", e a nota: "estos dos versos solo se hallan en una de las copias" | 21 Despois desde verso m engade: "Ay qe doncella valente / ten ô seu servicio ó rey", e a nota: "En Portugal dicen el Rey, y en Galicia en los tiempos medios se decía también el rey. Hoy vulgarmente dicen ó rey, no se si sucede lo mismo en Portugal, en caso negativo, es indicio seguro de qe el romance es gallego y de los siglos xvi ó xvii."

Fontes:

Sampedro *Cancioneiro popular galego* de Casto Sampedro (1982, pp. 127-128).

M Carta a Said Armesto, 1903 (Groba 2011, II, pp. 173-174).

Neste caso non temos o manuscrito de fv, inda que sabemos que era o que estaba aquí.

A versión que lle envía Murguía a Said Armesto non é a que Alejandra recibiu da muller de Melide, que menciona Casto Sampedro, senón en realidade unha versión facticia, feita de varias versións que el conservaba.

Víctor Said Armesto en *Poesía popular gallega* de (1997, pp. 343-345) recolle tres versións. A primeira correspóndese á de Alejandra; a segunda parece unha edición das rimas que Murguía inclúe na carta; a terceira é un fragmento de § 1, 22.

O salto de numeración no conxunto de fv, que vimos seguindo nesta primeira parte, e mais a nota da propia Alejandra [§ N 1] deixan ver que o seu fragmento, non presente en fv, ocupaba esta posición, a páxina 37 de acordo coa numeración a lapis no dorso do poema anterior [§ 1, 22]), que era o 36. Inda que hai que considerar a versión de Murguía a editada na carta, optaremos, por coherencia co resto desta edición, por privilexiar a versión de Alejandra, xa que, como indicamos na introdución, é imposible chegar á vontade final de Murguía. En todo caso quedan consignadas todas as variantes que propuña Murguía.

[I, 24]

ROMANCE DA FROUSEIRA

A min chaman todo mira,
señora do gran tesouro,
por estrela escrarecida
fago neste Vale de Ouro.
5 Mais tedor foi que un mour,
o vilao que me vendeu,
que de Lugo a Ribadeu
todos me tiñan temor.
De min a triste Frouseira
10 que por treizón foi vendida,
derribada na ribeira
ca xamais se veu vencida.
Por traizón tamen vendido
Xesús, noso redentor,
15 e por aquestes tedores
Pedro Pardo meu señor. &
Vinte e dous foran chamados,
os que vendido o han,
non por fame de sustentos,
20 de carne, viño, nen pan.
Nin por outro minister
que falezcan de bondad,
senon por súa vilanía
e mais por mala intenzón.

2 *tesouro*: Nota marxinal a lapis de M: “Tesoro cosa germánica tal vez por lo del Valle del Oro” | 6 *vilao*: vilão (FV) | 10 *treizón*: treíçon (FV) | 12 *xamais*: jamais (FV) | 13 *traizón*: traiçon (FV) | 16 O signo & provén do impreso de Saavedra e resulta importante para a teoría dos dous poemas de Álvarez Blázquez (1965). Segundo Filgueira Valverde (1966), esta omisión responde á falta de estes versos: “Destes fora capitán / o Cofano do Valedouro / mais aínda que fose un mouro / non me dera máis afán” | 24 *intenzón*: Intençon (FV).

- 25 Eles quedan por treidores
 e seu amo por leal,
 pois os reis á súa filla
 súas terras mandou dar.
 A Deus darán conta delo
30 que llos queira perdoar
 co que acabou ca Frouseira
 i a vida do mariscal.

Fontes:

fv 1 f. (22 x 16 cm). Numerada na esquina superior esquerda “38”.

m 1 f. (21 x 13 cm). Comentarios en [§ c 1, 24].

Título de m.

Aparece na *Historia de Galicia* de Benito Vicetto (1872), de onde o recolle Lois Carré (1959, pp. 63-64), pero no propio fondo SA hai dúas copias probablemente procedentes de arquivos nobiliarios da Executoria da Frouxeira, copiadas do libro de Fernando Saavedra. Filgueira Valverde (1966) e Eduardo Pardo de Guevara (1981, pp. 185-196) atoparon copias que parecen apuntar tamén á súa difusión popular.

[I, 25]

JESUCRISTO E A LÚA

Jesucristo está sentado
á beira da fonte crara.
—Dáme a túa craridá, Lúa,
que quero ver esta augua.
5 —Craridá non podo darvos,
Señor, non teño ningunha.
Son pálida e sin color,
por eso me chamo Lúa.
—Augua da fonte pequena,
10 augua crara e cristalina,
—Vinde nenos, vinde nenos,
Jesucristo lles decía.
—Vinde mirar esta augua,
espello de gran valía.
15 Vinde mirar esta Lúa,
vinde que hermosa a facía.
—Inocente crara Lúa,
prenda eres de gran valía,
ti serás reina da noite
20 coma o Sol é rei do día,
que co poder de meu pai,
anque eres descolorida,
lumearás dondamente
a noite triste e sombriza.

1 *está*: esta (A) | 2 *á*: à (FV). Nota de Murguía no manuscrito de Alejandra: “Historia de Galicia tomo 2, p. 435”. (Murguía 1866). Refírese ás pasaxes sobre o culto á Lúa en diversos pobos, entre eles Galicia. | 3 *a*: á (A). *túa craridá Lúa*: tua crarida lua (A), tua craridad lua (FV) | 4 *ver*: ber (A) | 5 *Craridá*: crarida (A), craridad (FV) | 6 Puntuación desta edición. *ningunha*: ningun,a (A) | 7 *e*: é (A) | 8 *Lúa*: lua (A, FV) | 10 *augua*: agua (FV). *e*: é (A) | 13 *augua*: agua (FV) | 15 *Lúa*: lua (FV, A) | 16 *a facía*: á facia (A), a fazia (FV). Probablemente debiera dirir “vede”, no canto de “vinde”, como suxire Nélida Cosme | 17 —*Inocente*: Ynocente (A). *Lúa*: lua (A) | 18 *prenda eres*: prend’eres (FV) | 19 *serás*: seras (A) | 20 *coma o Sol é*: como ó Sol e (A). *rei*: rey (A) | 21 *co*: c’o (FV) | 23 *lumearás*: lumearas (A).

- 25 —Dio'voló pague, Señor,
i a vosa madre María,
son unha probe muller
que tanto non merecía.
—Eres linda, Lúa hermosa,
30 eres linda, hermosa Lúa,
que a modestia na muller
éche a mellor hermosura.
Vinde nenos, vinde nenos,
mirar a modesta Lúa.
35 Verédela chea de luz
quen era pálida e'scura.
Desta maneira meu pai
socorre a inocencia pura.
O inocente neste mundo
40 a groria terá por súa.
Por eso desde aquel día
á noite alumea a Lúa.
O Sol meteulle cobiza
que falen da súa hermosura.
45 Logo dixo o Sol á Lúa
que se fose retirar,
que non era de mulleres
andar de noite a rondar.
Mais a Lúa respondeulle:
50 —Triste fada foi a miña,
Dios mandoume andar de noite
porque vós andas de día.
(Santiago)

25 *Dio'vo-lo*: Dio-vo-lo (FV), dio bo,lo (A). Signo de diálogo desta edición | 26 *i*: y (A, FV). *vosa*: bosa (A) | 27 *unha*: un,a (A) | 28 Engadimos o punto. | 29 *Lúa*: lua (A, FV) | 30 *Lúa*: lua (A, FV) | 34 *a*: á (A). *Lúa*: lua (A, FV) | 35 *Verédela*: beredela (A) | 36 *e'scura*: é'scura | 37 *Desta*: d'esta (FV) | 38 *a*: á (A) | 39-40 FV omite estes dous versos | 42 *á*: â (FV). *a*: á (FV). *Lúa*: lua (A) | 43 *cobiza*: cobiça (FV) | 45 *á*: â (FV). *Lúa*: lua (FV, A) | 46 *fose retirar*: fose a retirar (FV) | 49 *Lúa*: lua (FV) | 50 Puntación desta edición | 51 *mandoume*: mandame (A) | 52 *vos*: bos (A). *andas*: andès (FV). *día*: dia (A) | 53 Localización só presente en FV.

Fontes:

- A 1 f. (21 x 13 cm). Papel de loito con orla negra, o dorso en branco. Comentario de Murguía reproducido nos Apéndices [§ c 1, 25]
- FV 1 f. (22 x 16 cm). Numerada na esquina superior esquerda: “39”. Ao dorso a lapis: “13 y 14”.

Poema mencionado por Murguía no artigo “El folklore gallego” (1881b). Said Armesto reproducíoo como “obtido por Manuel Murguía en 1881” e localizándoo en Melide (1998, p. 278), seguramente por confusión entre a persoa e o lugar onde se recolle. Mantemos a forma *Jesucristo*, pois Alejandra adoita usar <x> cando se trata do fonema fricativo palatal xordo.

49 *lúa*: lua (FV) | 50 Puntación desta edición | 51 *mandoume*: mandame (A) | 52 *vos*: bos (A).
andas: andès (FV). *día*: dia (A) | 53 Localización só presente en FV.

[I, 26]

XERINELDO

—Sentádevos xunta min,
pícaros e raparigas,
que vos vou contar un conto,
un conto de mil mentiras.
5 Érase un rei poderoso
e a princesa súa filla,
era o paxe Xerineldo,
a quen o rei máis quería.
O rei, como xa vai vello,
10 non coida da súa filla
se n'é pr'agarimala
e darlle canto quería;
ben é certo qu'a princesa
todo eso merecía,
15 pois era doce, bondosa
e máis que todo, bonita.
Tiña cabelos dourados,
cara de color de rosa,
dentes pequenos e brancos,
20 ollos negros coma adoas.
Mais ó paxe Xerineldo
non lle gana en hermosura,
non hai mozo máis garrido
nin de máis linda figura.

1 *xunta*: junta (FV) | 2 *pícaros*: pícaros (FV, M) | 3 *vou*: vuo (M) | 5 *Érase*: Erase (FV, M) | 6 *súa*: sua (M) | 7 *paxe Xerineldo*: page Jerineldo (FV), paxe Guerineldo (LC) | 8 *rei*: rey (M). *máis*: mais (FV, M, LC) | 9 *rei*: rey (M). *xa*: ja (FV) | 10 *súa*: sua (FV) | 12 *quería*: queria (FV, M) | 13 *ben é certo*: ben è certo (FV), ven e certo q'a (M), certamente (LC) | 14 *merecía*: merecia (M) | 16 *máis*: mais (FV, M, LC) | 18 *de color de rosa*: da color da rosa (LC), do color da rosa (M) | 20 *adoas*: doas (LC) | 21 *ó paxe Xerineldo*: ô paxe Xerinaldo (M), ô page Jerineldo (FV) | 23 *hai*: hay (M). *mozo*: moço (FV). *máis*: mais (FV, M, LC) | 24 *máis*: mais (FV, M, LC), *figura*: fegura (M).

- 25 Deste modo sucedeu
o que había suceder,
porqu'el namorouse dela,
ela namorouse del.
—Xerineldo, Xerineldo,
30 paxe do rei máis querido,
dime, dime, Xerineldo,
quéreste casar comigo?
—Que máis quixera, princesa.
—Xerineldo respondía—.
35 Se fora conde ou fidalgo
contigo me casaría,
pero como non o son
teu pai non consentiría.
—Cálate ti, Xerineldo,
40 moi pouco deso sabías,
antes de seren fidalgos
todos villanos serían;
vaite logo onde meu pai
e pídelle a súa filla,
45 que se el cha non quere dare
logo te eu socorrería.
—Que me queres, Xerineldo,
di, paxe, que me querías?

25 *Deste*: D'este (LC). *sucedeu*: socedeu (LC) | 26 *había suceder*: había de suceder (M), había soceder (LC) | 27 *porqu'el*: por que'el (FV) | 28 *namorouse del*: namorouse d'el (FV) | 29 *Xerineldo*: Jerineldo (FV), Guerineldo (LC), Xerinaldo (M) | 30 *paxe*: page (FV) | 31 *Xerineldo*: Jerineldo (FV), Guerineldo (LC), Xerinaldo (M) | 33 *máis*: mais (FV, M, LC) | 34 *Xerineldo*: Jerineldo (FV), Guerineldo (LC), Xerinaldo (M). Puntación desta edición | 37 *non o*: no no (FV), no-no (LC) | 39 *Cálate*: Calate (M), *Xerineldo*: Jerineldo (FV), Guerineldo (LC), Xerinaldo (M) | 40 *moi*: moy (M). *deso*: d'eso (FV), deso (M). *sabías*: sabias (M) | 42 *serían*: serian (M) | 44 *pídelle*: pidelle (FV). *a*: á (M, LC), â (FV). Nota de M á marxe: "Bien prueba este verso el origen popular, por cierto." | 45-46 FV e M omiten estes dous versos | 47 *Xerineldo*: Jerineldo (FV), Guerineldo (LC), Xerinaldo (M) | 48 *paxe*: page (FV).

Fala presto, meu amigo,
50 dareiche o que me pediras.
—Señor, quero regar frores,
elas estamo pedindo.
—Xa as regará o hortelano,
que ese non é teu oficio.
55 —Señor, quero segar herba,
que s'está poñendo seca.
—Esas túas mans fidalgas
vánchese poñer mui negras.
—Señor, a princesa Lira,
60 quérome casar con ela.
—Tírate de diante, ruín,
se non córtoche a cabeza;
casar ca princesa Lira,
filla de tan gran nobreza!
65 Aquí falou a princesa
e falou con gran razón:
—Se son vilanos ou nobres,
deso non sabe o amor,
meu pai, tan solo conoce
70 o que val o corazón,
e do paxe Xerineldo
namoreime, meu señor.
Con el teño de casarme,
meu pai, cal queras, cal non.

53 *Xa*: Ja (FV). *regará*: segará (LC) | 54 *ese*: q'ese (FV). *é*: è (FV) | 55 *herba*: herva (FV, M) | 56 *s'está poñendo*: se esta ponendo (M), se está poñendo (LC) | 57 *túas*: tuas (FV, M, LC) | 58 *vánchese*: vanchese (M). *mui*: moy (M), moi (LC) | 59 *a*: á (M). *Lira*: Elvira (LC) | 61 *Tírate*: Tirate (FV). *ruín*: ruin (M) | 62 *senón*: se non (FV, M). *córtoche*: cortoche (M). *cabeza*: cabeça (FV) | 63 *ca*: c'a (M, FV). *Lira*: Elvira (LC) | 68 *deso*: eso (FV), d'eso (M, LC). *non*: no (FV) | 69 *pai*: pay (M) | 70 *o*: ó (M). *corazón*: coração (FV). ó q. val o corazon (LC) | 71 *paxe*: page (FV). *Xerineldo*: Jerineldo (FV), Guerineldo (LC), Xerinaldo (M) | 74 *pai*: pay (M). *queras*: queiras (LC).

- 75 —S'ese é o teu gusto, Lira,
teu pai non cho tirará,
non oies os meus consellos
e acaso che pesará.
Aquí falou Xerineldo,
80 e falou desta maneira:
—Eu señor, non lle son paxe,
son fillo de gran nobleza.
Chámome Sueiro de Laxe,
conde de Casa Peneda.
85 Lá no palacio do rei
grandes festas se fixeron,
que casa a princesa Lira
co fidalgo don Sueiro.
(Santiago)

Fontes:

- FV 2 f. (22 x 16 cm). Numerados na esquina superior esquerda: “40” e “41”.
Pautado á man. No dorso: “15” e “16 y 17”.
M 1 f. (20 x 13 cm). Numerado: “43”. Comentario en [§ c 1, 26].
LC (1959, pp. 152-155).

As indicacións toponímicas parecen remitir á muller de Laxe, da que xa hai outras mostras de confusión na localización como Santiago de Compostela. O propio Murguía escribelle a Said Armesto disuadíndoo da dificultosa viaxe a Laxe e indicándolle que os poemas desa informante non foron recollidos alí (Groba 2012, t. I, p. 120).

75 o: ó (M). FV e LC omiten “o”. *Lira*: Elvira (LC) | 76 *pai*: pay (M) | 77 *oies*: oyes (M, LC) | 79 *Xerineldo*: Jerineldo (FV), Guerineldo (LC), Xerinaldo (M) | 80 *desta*: d’esta (FV, M, LC) | 81 *paxe*: page (FV) | 83 *Chámome*: Chamome (M). *Sueiro de Laxe*: Sueiro de Laje (FV), Lueiro de Laxe (LC) | 85 *Lá*: La (M, FV) | 87 *a*: á (M). *Lira*: Elvira (LC) | 88 *Sueiro*: Lueiro (LC) | 89 (*Santiago*): Sant. (M, FV), “Colección de M. Murguía. —Non costa o logar da procedenza” (LC).

[I, 27]

ROMANCE DE LA INFANTINA

- Tente, tente, caballero,
tente, par'onde vas?
—Malos fados me fadaron
no ventre da miña nai.
5 Set'anos menos un día
nest'oliveira hei d'estar,
non beber hei augua fría
nin comer cousa con sal,
malos fados me fadaron
10 no ventre da miña nai.
—Tente, tente, caballero,
tente, para onde vas?
Si quieres miña compañía,
túa me podes levar.
15 —Veña, pois, miña señora,
miña nena, veña xa.
Montouna no seu cabalo,
e perto da vila están.
A meniña rise, rise,
20 rise e xa non pode máis.

1 *caballero*: cabaleiro (LC). Nota de m: “Este parece comienzo de otro romance”. | 2 *par'onde vas*: para donde vas (M), par'onde vás (LC). LC introduce punto e coma no canto de interrogante. | 3 *FV* engade signo de diálogo. | 4 *no*: no (FV), n'o (M). *da*: de (FV) | 6 *nest'oliveira*: n'esta oliveira (M), n-esta oliveira (LC) | 7 *hei*: bererei (M). *auga*: auga (LC) | 11 *caballero*: cavallero (FV), cabaleiro (LC). M omite o signo de diálogo | 12 *para*: p^a (M). *vas?*: vás, signo de punto no canto de interrogación. Puntos suspensivos indicando lagoa (LC). | 13 *miña*: mi (FV). *compañía*: compaña (LC) | 14 *túa*: tua (FV, M, LC) | 15 *señora*: sra. (M) | 16 *xa*: ja (FV) | 17 *cabalo*: cavalo (FV) | 18 *están*: xa (LC) | 19 *meniña*: menina (FV). *rise*: ríse (LC). Coma desta edición | 20 *rise*: ríse (LC). *xa*: ja (FV). *máis*: mais (FV, M, LC).

—De que ris, miña señora,
de que vos rides, meniña?
—Ríome do caballero,
da súa grande cobardía,
25 ter a meniña no campo
e catarlle cortesía.
—Volva acá, miña señora,
unha cousa me esquecía.
—Non volverei, meu amigo,
30 xa sei o que me quería,
mais sepa que anque volvese
a min non s'atrevería.
Encantos traio conmigo
que ben me defenderían,
35 i o home que a min chegase
ben caro lle costaría.

Fontes:

FV 1 f. (22 x 16 cm). Numerada na esquina superior esquerda: “42”. No dorso a lapis: “18”.

M 1 f. (21 x 13 cm). Numerada: “18”. Comentario en [§ C I, 27].

LC (1959, pp. 75-76).

Título de Murguía.

21 ris: rís (LC). señora: sra. (M) | 22 rides: rídes (LC). meniña: menina (FV) | 23 Ríome: Riome (M). caballero: cavallero (FV), cabaleiro (LC) | 24 da: d'a (M). súa: sua (FV, M, LC). grande: gran (LC). Mantemos a lectura de FV e de M, na liña fidelidade ao orixinal, a pesar de que a de LC é máis acaída métrica e lingüisticamente | 27 acá: cá (LC) | 30 xa: ja (FV). quería: quera (M) | 31 sepa: seipa (LC) | 32 a: á (M) | 33 traio: trayo (M). conmigo: comigo (LC) | 35 i: y (M, FV), e (LC). a: á (FV, M) | 36 ben: muy (M), moi (LC) | 37 LC engade: “Coleición Murguía. —Non costa o lugar de procedenza.”.

[I, 28]

[DONA XIMENA]

Paseando no seu quinteiro
estaba dona Ximena
e veu vir un soldadiño
que s'encaraba con ela.
5 —Que queredes, meu soldado,
novas me traés da guerra?
—Por quen pregunta, señora,
por quen pregunta, doncella?
—Pregunto polo meu home,
10 set'anos fai que vai nela.
—Dígame, miña señora,
dígame que señás leva.
—Levaba cabalo branco
con silla dourada e negra,
15 o pelo enrebillicado
debaixo da súa monteira.
—Ese caballero, dama,
morto lle queda na guerra
i o cabalo que montaba
20 o paxe do rei o leva.
Ximena qu'aquesto oieu
caieu tendida na terra
e cando volveu en si
falaba desta maneira:

2 *Ximena*: doña Jimena (FV), D^a Ximena, corrixido o X sobre J (M) | 4 *s'encaraba*: se enca\ ra/ba (FV) | 8 *doncella*: donzella (FV) | 9 *polo*: pol-o (FV), po-lo (M) | 10 *set'anos*: sete anos (FV) | 11 Engadimos as comas | 12 *leva*: levas (M) | 13 *Levaba*: Levava (M), *cabalo*: cavalo (FV) | 16 *da*: d'a (M), *súa*: sua (FV, M), *monteira*.: Nota de M: "indica que es moderna" | 17 *caballero*: cavallero (FV) | 19 *i*: y (FV, M), *cabalo*: cavalo (FV) | 20 *paxe*: page (FV), *do*: d'o (M) | 21 *Ximena*: Jimena (FV) | 21-22 *oieu ... caieu*: oyeu ... cayeu, corrixido sobre *oieu ... caieu* (M) | 23 *si*: sí (FV) | 24 *falaba*: falava (FV), *desta*: d'esta (FV, M).

- 25 —Adiós! Adiós, meu marido.
Adiós! Adiós, miña prenda.
—Non se desdiche, señora,
non se desdiche, doncella.
D'ouro, prata e terciopelo
30 vos vestirei, miña reina.
—Ouro, prata e terciopelo
para min non se fixeron,
fíxose un saio de loito
e fíxose un manto negro.
35 Enseñarei ós meus fillos,
pois seis filliños eu teño,
á memoria do seu pai,
han de terlle gran respeto.
...
Escopeta do meu home
40 con qu'el a cazar salía,
a ventana que da ó norte
donde asomarse soía,
todo me fai recordar
a vida da miña vida.
45 Nunca coidei, meu homiño,
que nunca máis te vería.
O soldado qu'esto oieu
desta maneira decía:
—Ven acá, doña Ximena,
50 ven onda min, miña vida.
Tan desfigurado veño
que xa non me conocías?

28 *doncella*: donzella (FV) | 33 *fíxose*: fixose (M). *saio*: sayo (M) | 34 *fíxose*: fixose (M) | 35 *ós*: ôs (FV, M) | 37 *á*: â (FV). *do*: d'o (M) | 40 *el*: êl (FV). *a*: á (M). *cazar*: caçar (FV) | 41 *ó*: ô (FV), o (M) | 44 *a*: á (M) | 46 *máis*: mais (FV, M) | 48 *desta*: d'esta (FV) | 49 *Ximena*: Jimena (FV) | 52 *xa*: ja (FV).

55 Esto dixo don Reinaldos
 á hermosa dona Ximena,
 cando ó cabo de sete anos
 á casa tornou da guerra.
 (Lestrobe)

Fontes:

- FV 1 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numerada na esquina superior esquerda: “43”. No dorso a lapis: “19, 20”.
- M 1 f. (21 x 14 cm). Numerado na esquina superior dereita: “(28)”.

53 *Don*: D. (M) | 54 *á*: â (FV). *Doña*: D^a (M). *Ximena*: Jimena (FV) | 55 *ó*: ô (FV, M) | 56 *á*: â (FV, M). *da*: d’a (M) | 57 (*Lestrobe*): Lestrove? (M), Lestrove (FV).

[I, 29]

OS MOUROS

Alto, alto, vai o Sol,
foi cerca da mediodía,
cando chegaron os mouros
que viñan da mourería.
5 Pobre veiga de Padrón
de Santa María a Dina,
verse toda chea de mouros,
de mouros de mourería!
Te'en ollos negros e bravos,
10 teñen a color morena,
non son bonitos e roxos
com'a xente desta terra.
Ai, meu Santiago me valla
e nolos quite da terra!
15 que nunca pudo ser boa
xente de cara tan negra.
Traían longas espadas
que brillan com'augua fría
e con sangue dos cristianos
20 encarnadas se volvían.

1 o: ó (M) | 2 *foi*: foi, corrixido sobre *vai* (FV), fai (M), vai (LC). *da*: de (LC, M) | 4 *da mourería*: da moureria (M), de mourería (LC) | 5 *Padrón*: Padron (FV, M) | 6 *a*: á (M). *Dina*: dina (LC) | 8 Engadimos o signo de admiración. | 9 *Te'en*: Teen (FV), tên (LC), ten (M) | 10 *a*: á (M) | 12 *xente*: gente (FV). *desta*: d'esta (M, LC) | 13 *Ai*: ay (M). LC omite "Ai". Este *ai* é unha intervención de Murguía, como se pode ver no comentario [§ c I, 29] | 14 *nolos*: no los (M), nol-os (LC). Este verso non o recolle FV. | 15 *pudo*: puido (LC) | 16 *xente*: gente (FV) | 17 *Traían*: traian (M) | 18 *com'augua*: como augua (FV), com'agua (LC) | 19 *con*: cô (LC). *dos*: d'os (FV) | 20 *volvían*: volvian (M).

Ai, meu Santiago nos valla
i a Virxen Santa María!
e nos quite desta terra
a xente da mourería.

25 (Lestrobe)

Fontes:

FV 1 f. (22 x 16 cm). Numerada na esquina superior esquerda: “44”. No dorso, numerado a lapis: “21”. E a pluma: “2ª”.

M 1 f. (21 x 14 cm). O dorso en branco. Comentario en [§ c 1, 29].

LC (1959, pp. 59-60).

Título de LC.

21 *Ai*: ay (M), LC omite “Ai”. | 22 *i a Virxen*: y a virgen (FV), y á virxen (M), y a virxe (LC) | 23 *quite*: quiten (LC). *desta*: d’esta (FV) | 24 *a*: á (M). *xente*: gente (FV). *da mourería*: d’a mourería (M), de mourería (LC) | 25 (*Lestrobe*): Lestrove (M), “Coleición Murguía. —Recollido en Padrón.” (LC).

[I, 30]

[LAURIANA]

Empeñadas traigo, madre,
as armas mailo cabalo
se non dormir coa Lauriana
antes de cantar o galo.
5 E de gañar esta aposta
poderíame folgar
se vosté, com'outras veces,
me quixere aconsellar.
—Que consello ch'hei dar, fillo,
10 que consello ch'hei de dar
pra dormires coa Lauriana
antes do galo cantar?
Ispe a roupiña que trás,
viste a miña de gardar,
15 pon unha roca na cinta,
colle un fío de fiar,
i á portiña de Lauriana
ben lle saberás falar.
—Bos días teña, Lauriana,
20 Dio-la libre dalgún mal.
—Quen foi esa boa señora
que tan ben soupo falar?
—Son unha tecedeiriña
da raia de Portugal.
25 Fáltame un ramo de seda
i eiquí o veño buscar.

2 *mailo cabalo*: mai-lo cavalo | 3 *dormir coa*: dormír co á | 9 *ch'hei*: ch'ei | 10 *ch'hei*: ch'ei | 11
coa: co á | 14 *a*: á | 17 *i*: y | 19 *días*: dias | 20 *dalgún*: d'algun | 25 *Fáltame*: Faltame | 26 *i*: y.

- Esa seda, tecedeira,
ind'está por debanar,
quédesse eiquí esta noite
30 debanare devagar.
—Quen ten fillos e marido
mal se pode eiquí quedar.
—Unha noite, tecedeira,
boíña é de pasar.
35 —Ten us criados moi pillos
e poideranme enganar.
—Dormiremos as dúas xuntas,
xuntiñas de par en par.
Alá pola media noite
40 comenzaron de loitar
i a Lauriana daba gritos,
non cansaba de berrar.
—Ai! Que fixen? qu'é un home,
un home com'un larpán!
45 Ai! que me sacan a honra!
ai, que ma queren sacar!
O [...] meu xa furaron
aquele teu propio lugar.
—Levantádevos, criados,
50 e facede de almorzar
pra convidar esta amiga
que xa se quere marchar.
—Quen ten fillos e marido
mal podería esperar.

29 *quédesse eiquí*: quedese eiquí | 32 *eiquí*: eiquí | 34 *é*: è | 37 *dúas xuntas*: duas juntas | 38 *xuntiñas*: juntifias | 39 *pola*: po-la | 40 *comenzaron*: començaron | 41 *i a*: y á | 42 *cansaba*: cansava | 43 Signo de diálogo desta edición | 44 *larpán*: larpan | 47 FV, ou a fonte anterior, borra por razóns de decoro a palabra poñendo puntos suspensivos. *xa*: ja | 50 *facede*: fazede. *almorzar*: almorçar | 52 *xa*: ja.

55 Quedade con Dios, mociños,
 mociños deste lugar,
 qu'eu dormín coa Lauriana
 antes do galo cantar.
 E fixo moi ben o mozo
60 en non querer almorzar
 porque a bulrada Lauriana
 coidaba d'o envenenar.

 (Provincia de Ourense)

Fontes:

fv 2 f. (22 x 16 cm). Numeradas na esquina superior esquerda: “45” e “46”.
 No dorso, a lapis: “2^a, 15 e 16”.

Título desta edición.

Correspóndese con “A aposta gañada (a tecedeira)” (Mariño e Bernárdez 2002, p. 159).

55 *mociños*: moçiños | 56 *mociños*: moçiños. *deste*: d'este | 57 *coa*: co a | 59 *mozo*: moço | 60
almorzar: almorçar | 62 *coidaba*: coidava. *d'o*: d'ó | *Ourense*: Orense.

[I, 31]

[A LAVANDEIRA]

Como canta a lavandeira
ó son da súa barrela;
os panos que ela lavaba
eran do rei de Castela.
5 O xabón que lle botaba
viñéralle d'Inglaterra.
A leña qu'ela queimaba
era de cravo e canela.
O caldeiro éralle d'ouro
10 i o cesto de metal era.
Ela lavaba no río
e tendía ó par da serra
sobre o gromiño da silva
i a folliña da malvela.
15 (Verín)

Fontes:

FV 1 f. (22 x 16 cm). Numerada na esquina superior esquerda: "47". No dorso a lapis: "(17)".

LC (1959, pp. 321-322). "Trechos de romances", II.

Título desta edición.

Enviado a Murguía desde Verín. A canción coincide case plenamente coa recollida por Said Armesto en Cuñas, de Rita Veleiro (1998, p. 191). O verso 11, que no recollido por Said é "torcía no lavadoiro", e algúns pequenos detalles son as únicas diferenzas, cousa que proba, de acordo coas nosas teses, a difusión desta canción.

2 ó: o (LC). súa: sua (LC, FV) | 3 lavaba: lavava, corrixido sobre lavaba (FV) | 4 rei: Rei (LC) | 5 xabón: jabon (FV). botaba: botava (FV) | 6 viñéralle: viñeralle (FV) | 7 queimaba: queimava, corrixido sobre queimara? (FV) | 10 i o: y ó (FV), y-o (LC) | 12 ó: ao (LC) | 13 sobre o: sobre ó (FV), sobr'o (LC) | 14 i a: y a (FV), y-a (LC) | 15 LC omite o lugar de recollida.

[I, 32]

PRESO VAI O CONDE

Preso vai o conde, preso,
preso vai i arrematado.
Non vai preso por ladrón
nin por matar vai atado;
5 deshonrou unha meniña
no camiño de Santiago.
Non bastou burlarse dela
se non o darlla ó criado.
A nena, como discreta,
10 ond'o rei foi decontado.
A sentencia qu'o rei dera
non-a dera un gran letrado
qu'ou ha de casar con ela
ou ha morrer aforcado.
15 —Nin hei de casar con ela
nin hei morrer aforcado,
con lle pagar o seu dote
hei de vivir sin cuidado.
Que non me enterren na igrexa
20 nin tampouco no sagrado,
senón nalgún agro verde
en donde pastará o gando,

2 i *arrematado*: y-arrematado (FV), y arrematado (LC) | 3 *ladrón*: ladron (FV) | 6 *Santiago*: Sant Iago (LC) | 7 *dela*: d'ela (FV, LC) | 8 *se non*: senon (LC). ó: ô (FV), ao (LC) | 10 *ond'o*: pr'onde (LC). *decontado*: de contado (FV) | 11 *qu'o rei*: que el Rei (LC) | 13 *con ela*: co'ela (LC) | 14 *aforcado*: enforcado (LC) | 15 *con ela*: co'ela (LC) | 16 *aforcado*: enforcado (LC) | 17 *pagar o*: pagalo (LC) | 18 *sin*: sen (LC). Despois deste verso, liña de puntos indicando que falta un anaco (LC) | 19 *igrexa*: igreja (FV) | 21-22 LC omite estes dous versos | 21 *senón nalgún*: se non n'algun (FV) | 22 *pastará*: pastara (LC).

25 e póñanme á cabeceira
a silla do meu cabalo
pra cando pase algún home
diga: eiquí está o namorado;
cando pase unha muller
diga: eiquí está o relaxado.
(Verín)

Fontes:

FV 1 f. (16 x 22 cm). Pautada á man. Numerada na esquina superior esquerda:
“50”. No dorso, a lapis: “(21”.

LC (1959, pp. 235-236).

Título de LC.

23 *póñanme*: *poñánme* (FV). *á* : *a* (LC) | 28 *diga*: FV omite esta palabra. *eiquí*: *eiquí* (FV) | 29
(*Verín*): “Coleición de M. Murguía. —Non costa o lugar de procedenza” (LC).

[I, 33]

[MOITO MADRUGA A VIUDA]

Moito madruga a viuda
o domingo pola praza
a pedirlle a Dios do ceo
que lle dea boa compañía.
5 S'ela lla pedira boa
el Señor mellor lla daba.
—Nena, tu pides bautismo
e queres ser bautizada,
a quen queres por padriño,
10 de quen qués ser afillada?
—Por padriño, a Dios do ceo,
madrinha a Virxen sagrada.
(Verín)

Fontes:

FV 1. f. (16x 22 cm). Numerada na esquina superior esquerda: “51”. No dorso,
a lapis: “22”.

2 *praza*: pol-a praça (FV) | 3 *a*: á (FV) | 10 *qués*: ques (FV). Signo de interrogación desta edición
| 11 *padriño*: padrino (FV). *a*: á (FV) | 12 *Virxen*: Virgen (FV) | 13 (*Verín*): (Verín) (FV).

[I, 34]

[MAÑANCIÑAS DE SAN XOÁN]

Mañanciñas de San Xoán,
cando o sol alborexaba
Xesucristo se paseia
ó redor da fonte crara.
5 —Bendecida quedas, fonte,
bendecida quedas, auga,
venturosa da doncela
que coa túa frol se lavara.
Oíuno a filla do rei
10 desde o pazo donde estaba,
mui de présa se vestira
mui de présa se calzara,
colleu o cántaro d'ouro
e prá fonte camiñaba.
15 E no medio do camiño
con Xesucristo encontrara,
astreveuse e preguntoulle
s'había de ser casada.
—Casadiña si, por certo,
20 e mui ben afortunada.

1 *Mañanciñas*: *Mañanciñas* (FV), *mañanciña* (LC). *Xoán*: *Joan* (FV) | 3 *Xesucristo*: *Jesucristo* (FV) | 4 *ó*: *ô* (FV), *ao* (LC) | 5 *Bendecida*: *Bendezida* (FV) | 6 *bendecida*: *Bendezida* (FV) | 7 *doncela*: *donzella* (FV) | 8 *coa*: *co a* (FV). *túa*: *tua* (FV, LC) | 10 *pazo*: *paço* (FV). *donde*: *d'onde* (FV) | 11 *présa*: *presa* (FV, LC) | 12 *présa*: *presa* (FV, LC). *calzara*: *calçara* (FV) | 14 *prá*: *pr'a* (LC) | 16 *Xesucristo*: *Jesucristo* (FV). *encontrara*: *atopara* (LC) | 17 *e preguntoulle*: *a preguntarlle* (LC) | 19 Signo de diálogo desta edición | 20 *mui*: *moi* (LC). *afortunada*: *afertunada* (LC).

Solo tres fillos has ter,
todos de capa i espada;
un ha ser obispo en Roma,
outro cardenal en Braga,
25 i o máis pequeno de todos
paxe da Virxe sagrada.

(Verín)

Fontes:

FV rf. (16 x 22 cm). Numerada na esquina superior esquerda: "(52)". No dorso,
a lapis: "(23)".

LC (1959, pp. 253-254).

22 i: y (FV, LC) | 24 *cardenal*: cardeal (LC) | 25 i: y (FV, LC). *máis*: mais (FV, LC) | 26 *paxe*: page (FV).
Virxe: Virge (FV), virxen (LC) | 27 (*Verín*): Verin (FV), "Coleición de M. Murguía. —Recollido
en Verín." (LC).

[I, 35]

[VOCES DABA O MARIÑEIRO]

[...]

Voces daba o mariñeiro,
voces de que s'afogaba.
Respondéralle o Pecado
do outro lado da auga.
5 —Cuanto deras, mariñeiro,
a quen de aí te sacara?
—Daríall'os meus navíos
cargados d'ouro e de prata.
—Nin che quero os teus navíos
10 nin o ouro nin a prata.
Quero que cando te morras
a min m'entregues a alma.
(Verín)

Fontes:

fv 1 f. (26 x 11 cm). Numerada na esquina superior esquerda: “54”. No dorso,
a lapis: “25”.

fv indica con puntos suspensivos que ao romance lle falta a parte inicial. No
romanceiro pan-hispánico este tema leva o título “Marinero al agua”, un chisco
pintoresco de máis na nosa opinión (Valenciano 1999, II, p. 403).

1 Voces: Vozes | 2 voces: voces | 3 *respondéralle*: responderalle. *Pecado*: pecado | 4 *do*: d'o | 6
a: á. *aí*: ahí | 7 *Daríall'os*: Daríall'os | 10 o: ó | 12 a: á.

[1, 36]

[BERNALDO]

Ben se pasea Bernaldo
polas ribeiras d'Hungría,
trescentos cabalos leva,
tódolos ganou nun día.
5 Xuntos os leva a beber
ás fontelas d'auga fría.
Respondéralle seu tío
da cama donde dormía:
—Deses cabalos, Bernaldo,
10 a terceira parte é miña.
—Léveios todos, meu tío,
que pra min eu ganaría.
—Ai Bernaldiño, ai Bernaldo,
bota pouca fantesía,
15 qu'o que se gana nun ano
todo se perde nun día!
(Verín)

Fontes:

fv 1 f. (26 x 11 cm) Numerada na esquina superior esquerda: "55". No dorso a lapis: "26".

2 *polas*: pol-as | 3 *cabalos*: cavalos | 4 *tódolos*: todol-os. *nun*: n'un | 5 *Xuntos*: juntos | 6 *ás*: âs
| 9 *Deses cabalos*: d'eses cavalos. Engadimos o signo de diálogo | 12 *min*: mín | 14 *bota*: vota
| 15 *nun*: n'un | 16 *nun*: n'un.

[I, 37]

[MIÑA NAI MANDOUME Á FONTE]

Miña nai mandoume á fonte,
á fonte do salgueiriño.
Mandoume lavar a ola
con frol de romeu frolido,
5 i eu laveina con area
e rompínlle un bouqueliño.
—Ven acá, perra traidora,
donde tíña-lo sentido?
Nono tiñas tu na roca
10 nin na pomba do sarillo,
tíña-lo naquel mancebo
que fala d'amor contigo.
(Verín)

Fontes:

FV 1 f. (26 x 11 cm). Numerada na esquina superior esquerda: “56”. No dorso,
a lapis: “27”.

Esta canción estaba moi estendida. Dorothé Schubarth escoitoua, con moi
poucas variacións, en Vilardevós (Schubarth e Santamarina 1987, I, 2 54^a).

1 á: â | 2 á: â. do: d'o | 5 i: y | 8 tíñalo: tiñal-o | 9 Nono: no no. roca: rosa. Supoñemos que é
un lapsus de FV por roca | 11 tíña-lo naquel: tiñalo n'aquél | 13 (Verín): Verin.

[I, 38]

[FIANDO NA ROCA Ó SOL]

Estando na miña porta
fiando na roca ó sol
vira vir un cabaleiro,
cabaleiro cazador.
5 Preguntou s'era casada,
dixenlle que si señor,
perguntoume que con quen,
dixenlle que cun pastor.
—Mal haia teu pai, meniña,
10 que cun pastor te casou
podendo tu ser muller
dun conde ou dun gran señor.
—Pois por ben que se malfade,
o meu marido é pastor
15 e trai un fato d'ovellas
que nubra os raios do sol.
—Raios partan as ovellas
e volvan polo pastor.
—I o primeiro río d'auga
20 que barra co cazador.
(Verín)

2 ó: ô | 3 vir: vír. *cabaleiro*: cavaleiro | 4 *cabaleiro*: cavaleiro. *cazador*: caçador | 5 *casada*: casa, evidente erro por *casada* | 6 *dixenlle*: dixerlle | 8 *cun*: c'un | 9 Engadimos o signo de diálogo | 12 *dun*: d'un | 14 *é*: è | 18 *polo*: pol-o | 19 *I*: Y. *río*: río | 20 *co cazador*: c'o caçador.

Fontes:

FV 1 f. (22 x 16 cm). Numerada na esquina superior esquerda: “57”. No dorso, a lapis: “(28”.

Título desta edición.

Correspondese ao modelo “A muller do pastor” (Valenciano 1999, p. 323). O incipit non consta en Lois Carré, en Ana Valenciano nin en Schubarth, pero si en Said Armesto (1998, p. 163). A introdución da ‘roca’ podería provir da ‘raiola de sol’ presente en moitas versións, ‘raça de sol’ en moitas versións publicadas por Leite de Vasconcelos (*Pan-Hispanic Ballad Project*, fichas 2703, 3385, 6545, 6546).

[I, 39]

[APÉATE, CABALEIRO]

- Apéate, cabaleiro,
que pousada eu che daría.
—Como me eu hei d'apear
s'o cabalo non arrima?
5 —Toma esa banda de seda
para prendelo a esa oliva.
Collérao pola man,
subírao escaleira arriba.
Colgadas detrás da porta
10 cen cabezas d'home vira.
—El esto qu'é, serrana,
el qu'é esto, miña vida?
—Son as cabezas dos porcos
que nesta casa se crían.
15 —Mentes, mentes, aí! serrana,
mentes, mentes, miña vida:
unha é a de meu pai,
pola barba conecida;
outra é de meu irmán,
20 a prenda qu'eu máis quería.
De perdices e coellos
fixera unha cena rica.
—Cume, cume, cabaleiro,
cume que ben o precisas.

1 *Apéate*: Apeate. *cabaleiro*: cavaleiro | 3 *eu*: m'eu | 4 *cabalo*: cavalo | 6 *a*: á | 7 *Collérao*: collerao. *pola*: pol-a | 8 *subírao*: Subira-o | 10 *cabezas*: cabeças | 11 *qu'é*: qu'e | 13 *cabezas*: cabeças | 14 *nesta*: n'esta. *crían*: crian | 18 *pola*: po-la | 19 *irmán*: hirman | 20 *máis*: mais | 21 *perdices*: perdizes | 23 *cabaleiro*: cavaleiro.

- 25 —Comín en cas de meu pai,
i alí foi a despedida.
Fórame logo a deitar,
cabaleiro non dormía.
—Durme, durme, cabaleiro,
30 durme que ben o precisas.
—Durmín en cas de meu pai,
i alí foi a despedida.
Furtáralle un puñal de ouro
que baixo o cabezal tiña.
35 Vindo pola media noite,
serrana se revolvía.
—Tu que buscas aí, serrana,
tu que buscas, miña vida?
—Busco un puñalciño de ouro
40 para che arrincar a vida.
—Ese puñaliño d'ouro
xa en meu poder estaría.
Botáronse brazo a brazo
cual d'abaixo, cual d'arriba,
45 deulle sete puñaladas,
coa de menos correría.
—Ábreme a porta, porteiro,
porteiro da portería.
—Como ch'hei d'abrir a porta?
50 Serrana me mataría.
—Serrana queda xa morta,
na propia cama tendida.

26 i alí: y ali | 28 cabaleiro: cavaleiro | 29 cabaleiro: cavaleiro | 32 i: y | 33 Furtáralle: Fúrtaralle | 34 cabezal: cabeçal | 35 pola: pol-a | 37 aí: ahí | 40 che arrincar: ch'arrincar | 40 Engadimos o signo de diálogo | 42 xa: ja | 43 brazo: braço | 46 coa: co á | 47 Ábreme: abréme | 48 da portería: d'a porteria | 49 ch'hei: ch'ei. Engadimos o interrogante | 51 xa: ja.

—Ben haias tu, cabaleiro,
i a mai que che deu a vida,
55 de cen homes qu'eiquí entraran
solo tu marchas con vida.
(Verín)

Fontes:

FV 2 f. (22 x 16 cm). Numeradas na esquina superior esquerda: “58” e “59”.
Numeradas ao dorso a lapis: “29” e “30”.

Correspóndese co tipo pan-hispánico da “Gallarda” (Schubarth e Santamarina 1987, III, p. 277) ou “A serrana” (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 228-231), o mesmo que “Rosalinda” [§ 1, 10].

[I, 40]

[DÍA DE SAN XOÁN ALEGRE]

Día de San Xoán alegre,
meniña vaite lavar;
pillarás augua do páxaro
antes de que o sol raia;
5 irás ó abrente do día
a iaugua fresca catar,
da iaugua do paxariño
que saude ch'ha de dar.
Corre, meniña,
10 vaite lavar.
Alá na fonte,
t'has de lavar
i a fresca iaugua
desta mañecida
15 cor de cereixa
che ten que dar.
S'arraiaira, s'arraiaira,
tódalas meigas levara;
xa arraiou, xa arraiou,
20 tódalas meigas levou.

1 *Xoán*: Joan (FV), xoa (M) | 2 *lavar*: labar (M) | 5 *Irás ó*: Yras ô (FV) | 6 *iaugua*: yaugua | 7 *iaugua*: yaugua | 8 *ch'ha*: che a (FV), ch'a (M) | 10 *lavar*: labar (M) | 12 *lavar*: labar (M) | 13 *i*: Y á (FV). *iaugua*: yaugua (M) | 14 *desta*: d'esta (FV) | 15 *cereixa*: cereija (FV) | 17 *s'arraiaira*, *s'arraiaira*: s'arrayara, s'arrayara (M) | 18 *tódalas*: toda-las (FV), toda-las (M). *levara*: lebara (M) | 19 *Xa ... xa*: ja ... ja (FV). *s'arraiou*, *s'arraiou*: s'arrayou, s'arrayou (M) | 20 *tódalas*: toda-las (FV), toda-las (M).

Peladas eran,
peladas serán
tódalas meigas
qu'andan polo chan.
25 Peladas son,
peladas eran
tódalas meigas
qu'andan pola terra.

Fontes:

FV 1 f. (26 x 11 cm). Numerada na esquina superior esquerda: "60". No dorso, a pluma, da man de Murguía: "1ª/ En esta seccion Dama Gelda ?]". O interrogante é do propio Murguía.

M (Murguía 1881b).

Lois Carré (1959, pp. 247-248) recolle outra versión practicamente idéntica que tira de Uxío Carré Aldao (1911, pp. 184-185), inda que polo contexto parece seguro que procede da de Murguía.

23 *tódalas*: total-as (FV), toda-las (M) | 24 *polo*: pol-o (FV), pó-lo (M) | 27 *tódalas*: total-as (FV), toda-las (M) | 28 *pola*: pol-a (FV), po-la (M).

[I, 4I]

[DONA SILVELA]

Indo doña Silvela
por un corredor arriba,
tocando nunha vigüela
na calle da Figuría,
5 ergueuse seu pai da cama
co estrondo que facía:
—Que tendes, doña Silvela,
que tendes, a vida miña?
—O rei tiña, ai! tres fillas
10 casadiñas con familia,
eu por ser a máis bonita
aquí me hallo rendida.
—Que che farei, miña filla,
se pra ti n’hai compañía?
15 —Esté calado, meu pai,
qu’eu remedio lle pondría:
chame o conde d’Algalia,
casadiño con familia,
que matarall’a condesa
20 por casar coa súa filla.
E manda chamar o conde
da súa parte e da filla.

1 *Indo*: Yndo (FV), indou (MF) | 3 *nunha*: n-unha (MF) | 4 *na ... da*: n-a ... d-a (MF). *Figuría*:
Figuria (FV, MF) | 5-8 Estes catro últimos versos, que FV traduce ao galego, foron engadidos
no seu día por Milá, procedentes, como indicamos máis arriba, de Teófilo Braga: “Acordou
seu pae da cama / con o estrondo que facía: / Que tendes, Doña Silvana que tendes, a vida
minha?” | 6 *co*: co o (FV) | 7 Eliminamos a apertura do interrogante de FV | 9 *rei*: Rey (MF). *ai*:
ahi (MF) | 11 *máis*: mais (FV, MF) | 12 *aquí me hallo*: Subliñado en FV. Itálica en MF | 14 *n’hai*: no
hai (FV), no hay (MF) | 15 *pai*: pay (MF) | 16 *qu’eu*: que eu (FV). *pondría*: pondria (MF) | 17 *conde*
d’Algalia: conde de Algalia (FV) | 19 *matarall’a*: matara i-a (FV), matara y-a (MF) | 20 *súa*: sua
(FV, MF) | 21-22 Estes dous versos foron engadidos por Milá | 21 *o*: ó (FV) | 22 *súa*: sua (FV, MF).

- Chámache o rei de palacio;
non sei que che querería.
25 —Que manda súa maxestá?
que manda a súa señoría?
—Que matares a condesa
por casar coa miña filla.
—Por que a hei de matar, triste,
30 s'eu motivo ningún tiña?
—Presentarasm'a cabeza
nesta dourada bacía;
e si non ma presentaras
arrebatareiche a vida.
35 Tornou o conde da Algalia
máis triste que d'alegría,
cerrou portas e ventanas,
cousa que nunca facía,
e mandou cubri-la mesa
40 figurando que comía,
as bágoas que del caían
por tod'a mesa corrían.
Baixouse doña condesa
a preguntarlle que tiña:
45 —Que ten o conde da Algalia,
por que chora, miña almiña?
—Mandoume o rei de palacio
que che vos quitar'a vida
e que si non cha quitaba
50 que el me quitaría a miña;

23 *Chámache*: Chamache (MF). *rei*: Rey (MF) | 24 *sei*: sey (MF). *querería*: quiereria (MF) | 25 *súa maxestá*: sua magestá (FV), su maxestá (MF). Eliminamos a apertura de interrogante de FV | 26 *súa*: suha (lectura incerta, FV), ma (MF). Eliminamos a apertura de interrogante | 29 *a hei*: ha ei (FV) | 30 *ningún*: ningun (FV) | 31 *Presentarasm'a*: Presentarm-a (FV). *cabeza*: cabeça (FV) | 32 *bacía*: vaçía (FV), vacia (MF) | 33 *ma*: m'a (MF) | 36 *máis*: mais (FV, MF), *d'alegría*: de alegría (FV), d'a leyria (?) (MF) | 37 *e*: é (MF) | 38 *facía*: facia (FV) | 39 *cubri-la*: cubril-a (FV) | 40 *comía*: comia (MF) | 41 *del*: d'él (MF) | 42 *tod'a*: toda a (MF). *corrían*: caian (FV), corrian (MF) | 44 *a*: á (MF). *preguntarlle*: preguntarle (MF). *tiña*: tina (FV) | 48 *quitar'a*: quitara a (FV) | 50 *quitaría*: quitaria (MF).

—Mandoume o rei de palacio
que che vos quitar’a vida
e que si non cha quitaba
50 que el me quitaría a miña;
quérem’o rei de palacio
pra casar coa súa filla;
presentárell’a cabeza
nesa maldita bacía.
55 —Non chore o conde d’Algalia
qu’eu remedio lle pondría.
Mande vir un ciruxano
que m’abra unha sangría,
que pouquiniño a pouco
60 váiseme acabando a vida.
Déixame dar unha volta
desta sala prá cociña,
despedirme dos criados
con que me eu adivertía.
65 Déixame tamén pasear
toda esta miña casiña.
Dádeme o fillo máis vello
que o quero peitear;
traem’acá esoutro máis novo
70 e dareille de mamar:
“Mama, mama, meu neniño,
deste leite d’amargura,
porque mañán destas horas
verasme na sepultura”.

51 *quérem’o*: quèreme o (FV). *rei*: Rey (MF) | 53 *presentárell’a*: presentarella (FV), presentareille (MF). *cabeza*: cabeça (FV) | 54 *nesa*: n’esa (MF). *bacía*: vacía (FV, MF) | 55 *d’Algalia*: da Algalia (FV) | 56 *qu’eu*: Que eu (FV) | 57 *Mande*: manda (MF) | 58 *m’abra*: me abra (FV). *sangría*: sangría (MF) | 60 *váiseme*: vaiseme (FV), vaisem (MF) | 61 *Déixame*: Deixame (FV) | 62 *desta*: d’esta (FV, MF). *prá*: pra (FV, MF). *cociña*: couciña (MF) | 67 *máis*: mais (FV, MF) | 68 Verso engadido por Milá: “que o quero pentear”. Nota de Milá: “La versión gallega decía unicamente «Peina-rei-n-o.»” | 69 *traem’acá esoutro*: traeme esoutro (FV). *máis*: mais (FV, MF) | 71 *Mama, mama*: Máma, máma (FV). Verso engadido por Milá, que copia mal a Braga, pois de acordo cos seus criterios debía deixar a voz *menino*. | 72 *deste*: d’este (FV, MF). *d’amargura*: de amargura (FV) | 73 *mañán*: mañan (MF). *destas*: d’estas (FV, MF) | 74 *verasme na*: veraisme n-a (MF) | 71-74 Engadimos as comiñas.

- 75 Estando o neno mamando
xa comenzou de falar;
toda a xente pola calle
xa se empeza a alborotar.
Toca a campana en palacio,
80 non sei que alí habería
que morreu doña Silvela
dunha morte repentina.
Morreu a filla do rei
pola soberbia que tiña:
85 descasar a ben casados,
cousa que Dios non quería.

Fontes:

MF Milá y Fontanals (1877, pp. 68-69).

FV 3 f. (22 x 16 cm). Numerada na esquina superior dereita: “61”, “62” e “63”.

Milá recólleo como enviado por Murguía, pero procede en última instancia de Saco Arce. Lois Carré (1959, pp. 195-198) indica que procede do cancionero de Pérez Ballesteros (1886, III, pp. 259-262), polo que non anotaremos as diferenzas.

Pérez Ballesteros sácao de Milá. Saco Arce pola súa banda insíreo na súa propia recollida (1987) conservando as modificacións que fixera Milá. O catalán completou as lagoas con versos procedentes da versión de Teófilo Braga, “Conde Alberto” (1867, pp 68-71), pero aquí non se marcan nin tampouco en Pérez Ballesteros nin en Lois Carré. Só son marcadas por Saco Arce e Milá mesmo. Pero, ademais, na segunda edición do seu *Romanceiro geral portuguez*, Braga (1906, I, pp. 553-556) acaba incorporando este texto, procedente “da Galliza”, pero como probablemente o tira de Ballesteros, inclúe as modificacións sacadas como dicimos dunha peza recollida por el mesmo inda que nese momento Braga o esquecera, como se fosen recollidas tamén en Galicia. O caso é representativo das voltas que pode dar un texto e o arriscado que resulta atribuír os cambios á intencionalidade dos autores.

76 xa: ja (FV). comenzou: començou (FV, MF) | 77 xente pola: gente pol-a (FV), gente po-la (MF) | 78 xa: ja (FV). se empeza a: se empeça á (FV), s’empeza’a (MF) | 83-84 Versos engadidos por Milá: “Morreu a filla do rey pela soberba que tinha:” | 84 pola: pol-a (FV) | 85 a: á (FV) | 86 quería: queria (MF).

[I, 42]

[ALBUELA]

Paseando esta Albuela
no seu palacio real
coas dolores de parto
que así lle fan exclamar:
5 —Vállame, Nosa Señora,
Dios me queira consolar,
teño dolores de parto,
non me queren amainar.
Quen me dera estas dolores
10 xunto a mi madre pasar!
Quen me dera estar agora
no palacio de meu pai
descansando estas dolores
nos brazos de miña mai!
15 A sogra que tal oía
dend'a sala donde está:
—Ti que é o que tes, Albuela,
que non fas senón chorar?
—S'estivera en cas meu padre
20 eu me soupera queixar.
—Pilla xa, Albuela, pillá,
pilla logo a camiñar,
pois en casa de teu padre
moi ben podías estar.

2 *no*: por (A1a, A1b) | 3 *coas*: co as (FV, A1c, A1b), con os (A1a) | 4 *que así lle*: q'asille (A1a), q'así lle (A1b). *exclamar*: exclamar (A1a, A1b) | 5-10 Estes versos foron engadidos entreliñas en A1a, despois da primeira copia do texto | 9 *Quen*: Quén (A1) | 10 *xunto*: Junto (FV, A1) | 14 *brazos*: brazos (FV). *mai*: nai (FV) | 15-24 Versos omitidos en A1a e A1b | 17 *é*: è (FV) | 18 *senón*: senon (FV, A1c) | 21 *xa*: ja (FV) | 22 *a*: á (FV).

- 25 Márchate d'aí, Albuela,
de présa, non devagar.
—Don Berso é cazador,
no monte vai a cazar,
cando don Berso viñer,
30 quen lle porá de xantar?
—Don Berso era meu fillo,
ben o saberei amar,
do meu pan e do meu viño
para el n'ha de faltar.
35 Cando don Berso viñer
eu lle porei de xantar,
do que da caza trouguere
teño de te regalar.
Cando don Berso chegou
40 comenzou a preguntar:
—Onde vai o meu espello,
o meu espello leal?
Onde vai o meu espello
en que me soio mirar?
45 —Perguntas polo de vidro
ou é polo de cristal?
—Pergunto por miña Albuela
en que me soio mirar.
Madre, onde vai Albuela
50 que non me pon de xantar?

25 *d'aí*: d'ahí (A1), de ahí (FV) | 26 *présa*: presa (FV, A1). *devagar*: de vagar (FV, A1). *si te queres retirar* (A1a) | 27-28 Versos omitidos en A1a e A1b | 27 *cazador*: caçador (FV) | 28 *cazar*: caçar (FV) | 29 *viñer*: vir (A1a, A1b) | 30 *xantar*: jantar (FV, A1c), cenar (A1a, A1b) | 32 *saberei amar*: sabrei estimar (A1a) | 34 *el*: él (FV, A1c) | 36 *xantar*: jantar (FV, A1) | 37 *caza*: caça (FV). *trouguere*: trouxere (A1a, A1b) | 38 Despois deste verso engade A1b: “de saír acaba Albuela / e don Berso viña ja”, versos que aparecen tamén en A1a riscados | 40 *comenzou a*: Començou á (FV) | 44 *soio*: soyo (FV, A1) | 45 *polo*: pol o (A1c, A1b), pol-o (FV) | 46 *é*: è (FV). *polo*: pol o (A1c, A1b), pol-o (FV) | 48 *en que*: donde (A1a, A1b). *soio*: soyo (FV, A1) | 50 *xantar*: jantar (FV, A1c), cenar (A1a, A1b).

—O teu espello, don Berso,
por esas calles se vai
dando gritos e alaridos
cal muller dun rufián:
55 a min chamárame bruxa
e a ti, fillo de tal nai.
O teu espello, don Berso,
dous galáns vai namorar,
vaiche pola calle abaixo
60 con catro galáns de par.
Malo sías ti, meu fillo,
pola non ires matar!
—Eso é verdá, madre miña,
madre miña, eso é verdá?
65 —Si non é verdá, meu fillo,
que me volva pedra imán.
—Xuramento fago a Dios,
non o hei de crebantar,
de non comer nin beber
70 hastra esa esposa buscar.
Ensíllenme aquel cabalo,
de présa, non devagar,
cal o ruzo, cal o branco,
cal o de mellor andar.
75 —Súbete arriba, meu fillo,
trataremos de xantar.
—Unha vez o teño dito
non o volva a reprecicar,

51 —Tua Albuela fillo meu (A1a, A1b) | 52 Despois deste verso, riscado en A1a: “Albuela vai pola calle” | 54 *dun*: d'un (A1), de un (LC). *rufián*: rufian (FV, A1) | 55 *bruxa*: bruja (FV, A1) | 56 *de tal nai*: de nai tal (A1a) | 57 Albuela marchou a casa (A1b) | 58 con dous galáns par a par (A1b) | 59-60 A1a e A1b omiten estes versos | 67 *Xuramento*: Juramento (FV, A1). *a*: á (FV) | 68 *non o*: non-o (FV). *crebantar*: qrebantar (FV) | 71 *cabalo*: cavalo (FV) | 72 *présa*: presa (FV, A1). *devagar*: de vagar (FV, A1) | 73 *ruzo*: ruço (FV) | 76 *xantar*: jantar (FV) | 77 *o*: ó (FV) | 78 *non o*: non-o (FV). *a*: á (FV).

- me ensille o cabalo, madre,
80 que me quería marchar.
Cacheei ríos e fontes,
non a puiden encontrar,
por eso, a cas de seu padre
que alí había de estar!
85 Indo por aquel camiño
un paxe vén a chegar,
saludouno así decindo,
así o veu a saludar:
—Dios me lo garde, don Berso,
90 Dios me lo queira gardar:
aquí o veño buscando,
novas lle quería dar
de pracer e de alegría,
de pracer, non de pesar.
95 Don Berso, vos dou albízaras
albízaras vos quero dar,
—De quen son esas albízaras?
de quen mas queredes dar?
—Que a infantiña nena
100 pariu neno mui galán,
súa esposa está na cama
co neno de par en par.
—Malas nascidas te maten!
A madre non coma pan!
105 O neno non mame leite...!
—Don Berso non diga tal,
non profira unha soberba;
mire que o collerá!

79 *cabalo*: cavalo (FV) | 81-84 A1a e A1b omiten estes versos | 82 *non a*: non-a (FV) | 85 *Indo*: Yndo (FV), Estando nestas razons (A1a, A1b) | 86 *paxe*: page (FV, A1). *a*: á (FV, A1C), veu a (A1a, A1b) | 88 *a*: á (FV) | 92 *novas*: Nóvas (A1C) | 95 *albízaras*: alviçaras (FV), albíz'ras (A1a) | 97 *albízaras*: alviçaras (FV), albíz'ras (A1a), Albízras (A1C) | 101 *súa*: sua (FV).

- Antes que bocado coma
110 mas ten ela de pagar.
Pica o cabalo don Berso
e a Albuela vai buscar.
—Entra pra dentro, don Berso,
entra, si queres entrar;
115 pariu a túa muller
un fillo coma un cristal.
—Baixa par'abaixo, Albuela,
baixa si te qués baixar
que se arriba che subo
120 protesto de te matar.
—Muller parida dunh'ora
como se ha de levantar!
—Levantat'aí, Albuela,
se te queres levantar,
125 que si outra vez che o digo
ha de ser co meu puñal.
Os padres que tal oíron
se puxeron a chorar.
—A onde me léva-la filla?
130 a onde ma queres levar?
Porque se me a filla matas,
conta dela m'has de dar.
—Cálense, meus padres, cálense,
non se deixen lastimar,
135 que a muller a seu esposo
nadie lla pode privar:
sempre llo oín decir,
sempre llo oín cantar.

111 *cabalo*: cavalo (FV) | 112 *a*: á (FV, AI) | 113-116 A1a e A1b omiten estes versos | 115 *túa*: tua (FV, A1C) | 117 *Baixa par'abaixo*: baixate abaixo (A1a, A1b) | 118 *baixa si te qués*: si te querías (A1a, A1b) | 119 *que se arriba che*: Pois si arriba me (A1a, A1b) | 121 *dunh'ora*: d'unh'ora (FV, AI) | 125 *che o*: Así en todas as fontes | 128 *a*: á (FV) | 127-132 Versos omitidos por A1a e A1b | 129 *léva-la*: leval a (A1C), leval-a (FV) | 133 *Cálense*: Cálénse (FV) | 135 *a ... a*: á ... á (FV) | 136 *lla*: ll'a (AI) | 137 *llo*: ll'o (AI) | 138 *llo*: ll'o (AI).

- Apacíguate, don Berso,
140 si te qués apaciguar;
muller dunh' hora parida
mal podía camiñar!
—Baixa para baixo, perra,
baixa si te qués baixar,
145 que se arriba che subo
a vida che ha de custar.
—Présteme, mi padre, présteme
faixa para me enfaixar;
a muller a seu marido
150 naide lla pode privar.
—Non cha hei d'emprestar, nena,
que che a teño de dar.
—Présteme, mi padre, présteme
un lenzo pra me limpar;
155 que a muller a seu marido
naide lla pode privar.
—Non cho hei d'emprestar, nena,
que che o teño de dar.
—Présteme, mi padre, présteme
160 cabalo pra camiñar;
a muller a seu marido
naide lla pode privar.
—Non cho hei d'emprestar, nena,
que che o teño de dar.
165 As doncelas que a visten
non cesaban de chorar.

139 *Berso*: Bersos (A1C) | 141 *d'unh' hora*: d'unh' ora (FV, A1) | 143-164 A1a e A1b omiten estes versos | 149 *a*: á (FV) | 152 *che a*: Así en todas as fontes | 154 *lenzo*: Lenço (FV) | 158 *che o*: Así en todas as fontes | 160 *cabalo*: cavalo (FV) | 161 *a*: á (FV) | 164 *che o*: Así en todas as fontes | 165 *doncelas*: donzelas (FV).

O que aparella o cabalo
non cesa de suspirar.
Unha lle trae o xustillo,
170 outra que trae o zagal.
—A onde me levas, traidor,
a onde me queres levar?
—Se che no camiño morre
conta dela me has de dar!
175 —Adiós padres e irmaos,
adiós campo do Villar;
para tod'a miña vida
xa vos teño de olvidar.
Logo a pon a cabalo
180 e presto se pon a andar,
e no medio do camiño
volveu a cabeza atrás.
—Míra-lo pazo paterno
ou miras algún galán?
185 Non miro o palacio, non,
nin miro ningún galán,
miro as ancas do cabalo
que ensagrentadas xa van.
Adiós ríos, adiós fontes,
190 lavadoiros de lavar,
para tod'a miña vida
aquí non volvo a pasar!

167 *cabalo*: cavalo (FV) | 169 *trae*: trahe (AIC). *xustillo*: justillo (FV, AI) | 170 *trae*: trahe (AIC) |
171-178 Versos omitidos por A1A e A1B | 173 *morre*: mórre (AIC) | 174 *dela*: d'ela (FV, AI) | 175
Adiós: Adios (FV, AI). *irmaos*: hirmaos (FV, AI) | 176 *adiós*: adios (FV, AI) | 178 *xa*: ja (FV, AI) | 179
a cabalo: d'a cavalo (FV) | 180 *presto*: logo, corrixido sobre *presto* | 182 *cabeza*: cabeça (FV) |
183 *Míra-lo pazo*: miralo paço (FV), miras palacio (A1B), miras palacio, corrixido sobre *míralo*
pazo (A1A) | 184 *algún galán*: algun galan (FV, AI) | 186 *ningún galán*: ningun galan (FV, AI) | 187
cabalo: cavalo (FV) | 188 *xa*: ja (FV) | 189-192 A1A e A1B omiten estes versos | 192 *a*: á (AIC).

- Camiñando máis arriba
o neno empeza a chorar.
195 —Dáll'o peito ó neno, Albuela,
qu'eran horas de llo dar.
—Como ll'hei de dar o peito,
como o peito ll'hei de dar?
Mira par'o meu cabalo,
200 mira par'o meu rodar...
O parto que de min corre
parece un río caudal.
—Dáll'o peito ó neno, Albuela,
qu'é ben horas de llo dar.
205 Pero ela sufocada
lle dixo, con que pesar!
—Toma ese neno, don Berso,
que me quero desmaiar...
Vállame Nosa Señora!
210 Dios me queira consolar!
Búscame crego, don Berso,
que me quero confesar.
—Adiante, esposa miña,
adiante crego hai.
215 —Por Dios che pido, don Berso,
que me deixes confesar.
—Cando chegues á ermida,
alí te confesarán.
—Xa que de min non te fías,
220 volve os teus ollos atrás.
Os camiños que pisamos
parecen ríos caudás,

194 *empeza*: *empeça* (FV). *a*: á (A1c) | 195 *dáll'o*: *dall'o* (FV, A1) | 196 *qu'eran horas de llo dar*: que é ben hora de ll'o dar (A1a), que é ben horas de ll'o dar (A1b) | 197-204 A1a e A1b omiten estes versos | 199 *cabalo*: *cavalo* (FV) | 208 *me*: ~~*deixe confesar*~~ (FV). *desmaiar*: *desmayar* (A1). Puntos suspensivos ausentes en A1a e A1b | 213-214 *Adiante*: *adiante* (FV, A1) | 219 *Xa*: *Ja* (FV, A1) | 222 *ríos*: *rios* (FV, A1).

e o cabalo donde vou
de blanco tornou roán.
225 Caíu no chan ó momento
e o marido así a exclamar:
—Vállame a Virgen pura!
Dios me queira consolar!
A muller morta no suelo
230 e o neno por bautizar!
Vólvell'o alento á esposa
e principia así a falar:
—Báixate abaixo, don Berso,
baixa logo a aquel lugar,
235 pois alí hai lugar santo
dond'o meu corpo enterrar,
tamén pía de bautismo
para o neno bautizar,
como tamén sacerdote
240 para me adeministrar.
Che pido que a ese inocente
á túa madre non llo leves
porque cho ha de matar;
levaralo á madre miña
245 qu'esa cho ha de criar.
Lévame a aquela capilla,
se ti me queres levar,
de san Xoán Retornado,
qu'alí non han de faltar

223 *cabalo*: cavalo (FV) | 224 *roán*: roan (FV, AIC, AIA) | 226 *exclamar*: esclamar (FV) | 230 *bautizar*: bautiçar (FV) | 231 *Vólvell'o*: Vólvello o (AI), vólvell-o (FV). *á*: â (FV) | 233 *báixate*: baixate (FV) | 238 *bautizar*: bautiçar (FV) | 239 *tamén*: tamen (FV, AI) | 240 *me*: o (AIA) | 241 *Che pido*: Así en todas as fontes | 242 *á túa madre non llo leves*: non llo leves á tua nai (AIB), ~~non llo~~ *leves* a tua madre non lo lleves (AIA) | 245 *qu'esa cho*: qu'esa cho (AIC), q'esa ch'o (AIA). *ha*: a (FV) | 246 *a*: á (FV, AIC) | 247 *queres*: quéres (AIC) | 248 *Xoán*: Joan (FV, AI) | 249 *qu'alí*: q'ali (AIA, AIB), c'ali (AIC).

250 sean curas sean fraires,
para me a min confesar.
Antes de chegar á ermida
Albuela morta iba xa.
—Xuramento teño feito,
255 non'o hei de crebantar,
de non comer nin beber
hastra miña nai matar.
Desfartunado de min,
que camiño hei de levar?,
260 un corpo morto no monte,
unha alma por enxemprar!
—Enxémpreme, meu padre, enxémpreme
se me quería enxemprar,
desdichadiño de min
265 que morro sen bautizar!
Que a alma de mi madre
ó ceo se vai sanar,
e a alma de vostede
ben se pode proparar,
270 ca ialma da miña avoa
xa no inferno vai penar.
Chega ó palacio don Berso,
ó seu palacio real,
vai a buscar a súa madre,
275 encontrouna pedra imán.
Volveuse para a ermida,
non cesaba d'implorar:
—Por Dios che pido, Albuela,
que me queiras perdoar.

252 a: á (FV, AIC) | 253 xa: ja (FV, AI) | 254 Xuramento: Juramento (FV, AI) | 255 non'o: non no (AI). crebantar: qrebantar (FV), quebrantar (A1a, A1b) | 259-274 A1a e A1b omiten estes versos | 259 Engadimos este interrogante | 265 bautizar: bautiçar (FV) | 269 proparar: porparar (AIC) | 270 ialma: yalma (FV). avoa: aboa | 273 ó: ô (FV) | 274 a: á (FV, AI) | 276 ermida: hermida (FV, AI) | 278 Dios: Dïos (AIC).

280 —Perdóneche Dios do ceo
qu’el che pode perdoar...
—De quen é aquel enterro
de tanta xente a chorar?
—O enterro é de don Berso
285 que se morreu de pesar:
por consellos de súa madre
a súa esposa foi matar.

Fontes:

- A1a Bosquexo manuscrito de Antonio de la Iglesia, na Real Academia Galega. (signatura C 355/35).
- A1b Manuscrito de Antonio de la Iglesia, na Real Academia Galega (signatura C 355/36).
- A1c Antonio de la Iglesia (1886, pp. 105-113).
- A1 Utilizamos as siglas A1 para indicar que as tres fontes de Antonio de la Iglesia coinciden.
- FV 10 f. (26 x 11 cm). Numeradas na esquina superior esquerda: “64”, “65”, “66”, “67”, “68”, “69”, “70”, “71”, “72” e “73”. Numeradas na esquina superior dereita: “1”, “2”, “3”, “4”, “5”, “6”, “7”, “8”, “9” e “10”.

Trátase do romance coñecido como “A mala sogra” (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 239-273), do que temos outra versión en [§ II, 32].

FV copia directamente o texto de A1c polo que este último constitúe neste caso a nosa fonte preferente. Sobre o tema de Albuela consérvanse catro manuscritos na Academia pertencentes a Antonio de la Iglesia; dous deles corresponden a esta variante, que logo publica en *El idioma gallego* (1886, pp. 105-113). Como se pode apreciar, hai versos que se intercalan ou cambian de orde entre o primeiro (A1a) e o segundo manuscrito (A1b), e tamén con respecto á edición impresa (A1c). Cremos que os cambios obedecen ao propio método de rexistro, que, a diferenza das gravacións sonoras, obriga a facer calar o informante mentres se remata de escribir unha tirada, o que provoca saltos na copia que se cumprimentarían en sucesivas voltas. Neste proceso, ás vacilacións da testemuña habería que engadir

283 *xente*: gente (FV) | 284 *enterro*: entérro (A1c). *é*: è (FV) | 286 *súa*: sua (FV) | 287 *a súa*: â sua (FV), á sua (A1). | A1b engade: “(Romanceiro gallego)”.

as modificacións (moitas veces traducións) que pode facer o que toma as notas, cando trata de reter un longo fragmento. Os cambios entre A1b e a edición impresa probablemente respondan nalgúns casos a intervencións editoriais para mellorar a coherencia ou a métrica, inda que é difícil precisalo.

Lois Carré, que non contamos entre as fontes por non acudir neste caso á colección Murguía á que tivo acceso, tómao do libro *El idioma gallego* de Antonio de la Iglesia, de onde parece proceder tamén a copia de fv. É de supoñer que Antonio de la Iglesia recollese este poema durante a súa actividade como inspector de Educación. Anotamos as variantes de Antonio de la Iglesia, a pesar de non afectar ao libro de Murguía, polo seu interese na orixe do texto. Eliminamos todas as aperturas de interrogante e exclamación.

[I, 43]

[AÍ NOS VÉN UN CABALEIRO]

Aí nos vén un cabaleiro
tratante en panos e seda
e tamén enamorado
dunha principal donxela.
5 Casadiños e velados
marcharon del para a terra,
ond'ó cabo dalgún tempo,
díxolle triste así ela,
vendo xornada emprendía
10 cos seus panos e a súa seda:
—O que ch'encargo, marido,
que larga a ausencia non sea,
pois sabes que quedo encinta
de nove meses á fecha.
15 Com'ó medio do camiño
o demo se lle presenta
todo en figura de frade,
descalzo de pé e perna.
—Pr'onde vas?, lle preguntou,
20 túa xornada, onde te leva?

1 *Aí*: Ahí (FV), Áhi (MV, A). *vé*n: ven (FV, MV, A). *cabaleiro*: cavaleiro (FV) | 2 *e*: de (FV), é (A) | 3 *tamén*: tamen (FV, A, MV) | 4 *dunha*: d'unha (FV, MV, A). *donxela*: donjela (A), donjela (MV) | 5 *e*: é (A) | 6 *d'el*: d'él (FV, MV, A). *a*: á (A) | 7 *ond'ó*: Onde ao (FV). *dalgún*: d'algún (FV, MV, A) | 8 *díxolle*: dixolle (A), díjolle (MV). *así*: así (MV) | 9 *xornada*: jornada (FV, MV). *emprendía*: emprendida (A) | 10 *cos*: c'os (A, MV). *súa*: sua (A, FV, MV) | 11 *ch'encargo*: che encargo (FV), che engargo (A) | 12 *a*: á (A) | 13 *encinta*: en cinta (FV, MV, A) | 14 *nove*: nòve (MV). *á*: â (FV), à (MV) | 15 *Com'ó*: Coma ô (FV), Com'ô (A), Com'ò (MV). *do*: d'o (MV) | 18 *descalzo*: descalço (FV). *pé*: pe (FV), pè (MV). *e*: é (A). *perna*: pèrna (MV) | 19 *Pr'onde*: pra onde (FV). Todos os manuscritos teñen signo de interrogación | 20 *túa*: tua (FV, MV, A). Eliminamos a apertura de interrogación.

- A moi ben lonxe, responde,
cen leguas da miña aldea.
—Ai! Na túa casa esta noite
prepáras'unha gran cea,
25 e túa dona está na cama
e un galán está con ela.
—Quen volo dixo, meu frade,
saber agora quixera.
—Ti queres que cho eu diga;
30 mais preguntad'á donxela
o coral que ti lle deche
cando casache con ela.
Marchou o home á súa casa
botando as mans á cabeza;
35 pro, cando á porta chegou,
esclama alí a sirventa:
—Alegría, señor amo,
que pareu Mari-Manuela!
—Mari-Manuela rebente
40 e o fillo tamén con ela.
Traim'a chave do seu cuarto
que quero subir a vela
darlle sete puñaladas,

21 A: Á (MV). *ben*: bèn (MV). *lonxe*: longe (FV), lonje (MV) | 22 *cen*: Cén (A), cèn (MV). *leguas*: lèguas (MV). *miña*: milla (A) | 23 *Ai!*: Ay! (A). *Na*: n'á (A), n'a (MV). *túa* (MV, FV, A) | 24 *prepáras'unha*: preparas'unha (A, MV), prepárase unha (FV). *cea*: cea (FV, MV) | 25 *dona*: dòna (MV). *na*: n'a (A, MV) | 26 *galán*: galan (A, FV, MV). *ela*: èla (MV) | 27 *Quen*: Quén (MV). *volo*: vo-l-o (MV, A), vol-o (FV). *dixo*: dijo (MV) | 28 *agora*: agora (FV). *quixera*: quixèra (MV) | 29 *cho*: ch'o (A, MV) | 30 *preguntad'a*: pregunta de da (FV). *donxela*: donjèla (MV, A) | 31 *o*: ò (MV). *deche*: dèche (MV) | 32 *ela*: èla | 33 *á*: â (FV), à (MV) | 34 *á*: â (FV), à (MV). *cabeza*: cabeça (FV) | 35 *pro*: pró (A). *á*: â (FV), à (A, MV). *porta*: pòrta (MV) | 40 *tamén*: tamen (MV, FV, A) | 41 *Traim'a*: Traime a (FV). *do*: d'o (A, MV) | 42 *quero*: quèro (MV). *subir*: sibir (A). *a*: á (MV). *vela*: ve-l-a (MV, A) | 43 *sete*: sète (MV).

- anqu'á primeira morrera,
45 face-lo mismo co neno,
matalo d'igual maneira.
- Tirou da casa o que pudo,
xornada de novo empeza,
e no medio do camiño
50 o demo se lle presenta,
todo en figura de frade,
descalzo de pé e perna.
—Pra onde vas?, lle preguntou,
túa xornada, onde te leva?
55 —A moi ben lonxe, responde,
cen leguas da miña aldea.
—Mira qu'aí vén a xusticia,
poderá ser que te prenda.
Se queres ser aforcado,
60 a aforcarte m'ofrecera
cun cordón de san Francisco
que traio na faltriqueira.
Mais, ó cinguirlo ó pescozo,
a Virxe Madre esto ordena:

44 á: â (FV), à (MV). *morrera*: merréra (A) | 45 *face-lo*: Face-l-o (A, MV), Facel-o (FV). *co*: c'o (A, MV) | 46 *matalo*: mata-l-o (A, MV), matal-o (FV). Despois deste verso todas as fontes introducen unha liña de puntos indicando lagoa ou pausa | 47 *da*: d'a (MV) | 48 *xornada*: jornada (A, FV, MV). *empeza*: empeça (FV). *novo empeza*: nõvo empèza (MV) | 49 *no*: n'o (A, MV). *do*: d'o (A, MV) | 50 *demo*: démo (A), dèmo (MV) | 52 *descalzo*: descalço (FV). *pé e perna*: pè e pèrna (MV), pe e perna (A, FV) | 53-54 Puntación desta edición | 54 *túa*: tua (MV, FV, A). *xornada*: jornada (MV, FV), xornada (A) | 55 *lonxe*: longe (FV), lonje (MV), A corríxe “lonxe”, sobre “longe” | 56 *Cen leguas*: Cèn lèguas (MV). *da*: d'a (MV) | 57 *qu'aí*: qu'áhi (MV, A), que ahi (FV). *a*: á (A). *xusticia*: justicia (FV, MV) | 59 *queres*: quères (MV) | 60 *a*: á (MV). *m'ofrecera*: m'ofrecêra (MV), me ofrecera (FV) | 61 *cun*: c'un (A, MV). *cordón*: cordon (A, FV, MV). *San*: S. (A, MV) | 62 *traio*: trayo (MV, A). *na*: n'a (MV) | 63 *ó ... ó*: ò ... ò (MV, A). *pescozo*: pescoço (FV) | 64 *Virxe*: Virge (FV, MV, A).

- 65 —Vaite d'aí, Satanás,
e deixa o que teu non era,
deixa esa alma qu'é moi miña
e o meu fillo redemera.
Vólvet'á casa, bon home,
70 que túa muller boa era.
—Como volverme, Señora,
se morta a muller me queda?
Volveus'o tratante ó fin
botando as mans á cabeza,
75 pro cando á porta chegou,
súpeta señal o alegre,
sinte o meniño chorar,
cantar a Mari-Manuela.
- 80 —Perdona, muller, perdona,
perdónam'a crueleza,
que, Satanás se non fora,
eu a ti non t'ofendera.

Fontes:

MV Caderno de 22 páxinas (22 x 16 cm). Páxinas 8 a 13.

A 3 f. (21 x 13 cm). Papel pautado.

FV 3 f. (22 x 15 cm; 23 x 16 cm). Papel pautado á man. Numeradas: “77”, “78” e “79”.

O colector orixinal neste caso é Marcial Valladares, ao que seguimos de xeito preferente. Trátase dunha versión inédita do tema “O cordón do demo”, do que tamén recolleu unha versión Said Armesto (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 275-276)

65 *d'aí*: d'ahí (FV, MV, A) | 66 FV omite *e. deixa*: deixa (MV) | 67 *deixa*: deixa (MV). *qu'é*: qu'è (FV, MV) | 68 *redemera*: redemerá (A), redeméra (MV) | 69 *Vólvet'á*: Volver'à (FV), Volver'a (A) | 70 *boa*: böa (FV, MV, A) | 72 *morta*: mòrta (MV) | 73 *ó*: ao (FV), ò (MV) | 74 *á*: â (FV), à (MV). *cabeza*: cabeça (FV) | 75 *Pro*: Pró (MV). *á porta*: à pòrta (MV) | 77 *o*: ó (MV, A) | 78 *a*: á (MV). Despois deste verso todas as fontes introducen unha liña de puntos indicando lagoa ou pausa | 80 *perdónam'a*: perdonam'a (MV), perdoname a (FV) | 81 *Satanás*: Satanas (A) | 82 *a*: á (MV, A). *ti*: tí (FV). *t'ofendera*: te ofendera (FV).

[I, 44]

[ÉRAS' A FILLA DUN REI]

Éras'a filla dun rei,
moi devota de María
e tres rosarios rezaba
cada un día de rodillas;
5 o primeiro, de mañán;
o segundo, tras comida;
o terceiro, alá de noite
cando nadie a interrumpía.
Rezando está unha ves
10 chégas'a Madre Divina,
e dille: que fas, infanta?
Que é o que fas, devota miña?
—Señora, aplico o rosario
de Nosa Madre Divina.
15 —Infanta, vente comigo
a unha larga romaría.
—Antes licencia pedir
vou a quen eu debo a vida.
Marchouse de sala en sala
20 ó xeitiño e pensativa,
hast'o máis alto apousento
en qu'o monarca dormía.
—Esperte padre, lle dixo,
que traio grande noticia,

1 *Éras'a*: Érase á (FV), *Éras'a* (MV). *dun*: d'un (MV, FV) | 5 *mañán*: mañan (FV, MV) | 8 *interrumpía*: interrumpia (MV, FV) | 9 *está*: esta (FV, MV). *ves*: vés (MV, FV) | 10 *chégas'a*: chegase a (FV) | 11 *que*: qué (MV). *fas*: fás (MV) | 12 *é*: è (MV). *fas*: fás (MV) | 13 *o*: ó (MV) | 14 *nosa*: nós (MV) | 16 *a*: á (FV, MV) | 18 *a*: á (FV) | 20 *ó*: ô (FV), ò (MV). *xeitiño*: geitiño (FV, MV) | 21 *hast'o*: hasta o (FV). *máis*: mai (MV) | 22 *qu'o*: que o (FV) | 23 *Esperte*: Espèrte (MV). *dixo*: dijo (MV) | 24 *traio*: trayo (MV).

- 25 pois dentro deste palacio
 áchas'a Reina Divina
 e quere eu vaia con ela
 a unha larga romaría.
 —Estonces, contesta o rei,
 30 meu palacio, quen habita?
 —Deixalo ós pobres, señor,
 eu hoxe consellaría.
 —Por te levar quen te leva
 vaite con Dios, miña filla.
 35 Fórons'ó monte Calvario
 onde xa Cristo subira,
 onde a cobra asubiaba
 e a serpente respondía.
 Ó qu'a este sitio chegaron
 40 dixo a señora divina:
 —Infanta, aquí pasarás
 set'anos e mais un día.
 Mandareiche por un ánxel
 sustento que cause envidia
 45 e, por blanquiña paloma,
 moi deliciosa bebida.
 Ó cabo do tempo dito,
 volveu a Virxe María
 e preguntoulle bondosa:
 50 —Como che foi, miña amiga?
 —Foime ben, gracias a Dios
 e á madre que me sostiña.

25 *deste*: d'este (MV, FV) | 26 *áchas'a*: háchase a (FV), háchas'a (MV) | 27 *quere*: quère (MV). *ela*: èla (MV) | 28 *a*: á (MV) | 30 *quen*: quèn (MV) | 31 *Deixalo*: deixal-o (FV), deixa-l-o (MV). *ós*: òs (FV), òs (MV) | 32 *hoxe*: hoje (FV, MV) | 33 *quen*: quèn (MV). *leva*: lèva (MV) | 35 *Fórons'ó*: Foronse ao (FV) | 36 *xa*: ja (FV, MV) | 37 *cobra*: còbra (MV). *asubiaba*: asuviaba (FV), asuviaba (MV) | 39 *Ó*: Ò (FV), Ò (MV). *qu'a*: qu'á (MV) | 40 *dixo*: dijo (MV) | 42 *Set'anos*: Sèt'anos (MV) | 43 *ánxel*: ángel (FV, MV) | 47 *Ó*: Ò (FV), Ò (MV). *do*: d'o (MV) | 48 *Virxe*: Virge (FV, MV) | 51 *Foime*: Fòime (MV), Fóime (FV). *ben*: bèn (MV). *a*: á (FV, MV) | 52 *á*: à (MV).

- Tres estadiños ch'ofrezo,
de todos a milloría.
55 Se queres o de casada,
marido tes enseguida.
Se queres entrar de monxa,
convento che busco axiña.
Se queres subir ó ceo,
60 a man che dará María.
—Casada non quero ser,
nin en convento acollida.
Quero, si, subir ó ceo,
pois non vexo millor dicha.

65 Tocan campanas, bo rei,
como tocan d'alegría
por aquela vosa infanta
que para o ceo camiña!

Fontes:

mv Caderno de 22 páxinas (22 x 16 cm). Páxinas 13 a 16.

fv 3 f. (22 x 16 cm). Numeradas na esquina superior esquerda: “80”, “81” e “82”; e na esquina superior dereita: “1”, “2” e “3”.

Recollido por Marcial Valladares. Existen versións en castelán no *Cancioneiro popular galego* (Schubarth e Santamarina 1987, III, pp. 182-183), “A devota do rosario”, e Ana Valenciano, “La devota de la virgen en el yermo” (1999, II, p. 396).

53 *ch'ofrezo*: che ofrezo (fv) | 56 *tes*: tès (mv). *enseguida*: en seguida (fv, mv) | 57 *monxa*: monja (fv, mv) | 58 *convento*: Conbento (fv). *axiña*: agiña (fv), ajiña (mv) | 59 *ó ceo*: ao céo (fv), ò cèo (mv) | 61 *quero*: quèro (mv) | 63 *Quero*: Quèro (mv). *ó*: ao (fv) | 64 *vexo*: vejo (fv, mv). A continuación deste verso puntos marcando unha transición | 65 *bo*: bó (mv) | 68 *ceo*: cèo (mv).

[I, 45]

O SOLDADO

- Soldadiño xeneroso,
por qu'andas triste na guerra?
Falo por teus pais, acaso,
ou xente da túa terra?
- 5 —Non o fago por meus pais
nin xente da miña terra;
fágoo, si, tan solamente
por miña esposa e donxela.
—Que deras ti, soldadiño,
10 que deras por hoxe vela?
—Cen doblóns, aí!, eu daría
e o meu paniño de seda.
—Non che quero os cen doblóns
nin o paniño de seda.
- 15 Monta neste meu cabalo;
corre lixeiro ó pé dela,
e, así qu'un ano se pase,
vólvet'á miña bandeira.
Indo por Despeñaperros
20 descubre unha sombra negra;
o cabalo se ll'espanta
e el de susto, case tremba.

1 *xeneroso*: generoso (MV, A, FV) | 2 *qu'andas*: que andas (FV). *na*: n'a (A) | 3 *Falo*: fa-lo (A), fal-o (FV), fa-l-o (MV). *pais*: páis (FV, MV) | 4 *xente*: gente (MV, FV). *túa*: tũa (MV, A, FV) | 5 *Non o*: Non-o (FV) | 6 *xente*: gente (MV, FV) | 7 *fágoo*: fago-o (A, FV), fágo-o (MV) | 8 *donxela*: donzela (A), don-jela (MV) | 10 *hoxe*: hoje (MV, FV). *vela*: ve-la (A), vel-a (FV), ve-l-a (MV) | 11 *doblóns*: doblons (FV, MV, A). *daría*: daría (A, FV) | 13 *quero*: quero (MV). *cen*: cén (MV). *doblóns*: doblons (MV, A, FV) | 15 *neste*: n'este (MV, A). *cabalo*: cavalo (FV), cabálo (MV) | 16 *lixeiro*: ligeiro (MV, FV). *ó*: ô (FV). *pé*: pe (FV). *dela*: d'ela (A), d'èla (MV) | 17 *así*: así (MV, A, FV). *qu'un*: que un (FV) | 18 *vólvet'á*: volvete â (FV), volvet'a (A) | 19 *Indo*: yndo (A). *Despeñaperros*: Despeña-Perros (MV, A, FV) | 21 *cabalo*: cavalo (FV), caballo (A). *ll'espanta*: lle espanta (FV) | 22 *el*: él (MV, FV).

- Cabaleiro, non t'asustes,
dille unha vos alí cerca,
25 qu'é o que te trai por aquí,
aquí por Serra Morena?
—Miña esposa, de quen vivo,
hai set'anos en ausencia.
—Diant'está do cabaleiro,
30 non ande máis xa por vela.
—Se miña esposa é a que dis,
por que súas falas me nega?
Por que seus labios, ó verme,
amorosa non despega?
35 —Porqu'aquí n'os teño agora.
—Os teus ollos de donxela,
con qu'un día me mirabas,
porqu'amostrarme recelas?
—Porqu'aquí n'os teño agora.
40 —Por qu'os brazos con que leda
alá un tempo m'abrazabas
non m'abrazan sin espera?
—Porqu'aquí n'os teño agora.
—Onde pois, di, sombra negra.
45 —Adiós, adiós, cabaleiro,
qu'agardando por min queda
o vivo fogo do inferno,
en qu'a alma non sosega.

23 *Cabaleiro*: Cavaleiro (FV). *t'asustes*: te asustes (FV) | 25 *qu'é*: qu'e (A), que é (FV), qu'è (MV) | 26 *Serra Morena*: Serra-Morena (FV, MV) | 27 *quen*: quen (MV) | 28 *set'anos*: sete anos (FV) | 29 *Diant'está*: diante está (FV). *cabaleiro*: cavaleiro (FV) | 30 *máis xa*: mais ja (FV, MV). *vela*: ve-la (FV, A), ve-l-a (MV) | 31 *é*: è (FV) | 32 *por que*: ¿Pórque (MV, FV). *súas*: suas (MV, FV, A) | 33 *por que*: pórque (MV). *seus*: sues (A). *ó*: ao (FV) | 35 *Porqu'aquí*: porque aquí (FV), porqu'aquí (MV, A) | 36 *donxela*: donzela (A), donjela (MV) | 37 *qu'un*: que un (FV) | 39 *Porqu'aquí*: porque aquí (FV) | 40 *Por qu'os brazos*: por que os braços (FV) | 41 *m'abrazabas*: me abraçabas (FV) | 42 *m'abrazan*: me abraçan (FV) | 43 *n'os*: nos (A) | 45 *cabaleiro*: cavaleiro (FV) | 46 *qu'agardando*: que agardando (FV) | 47 *do inferno*: d'o inférno (MV) | 48 *qu'a*: que a (FV).

—Estimara de saber
50 por qu'estabas alí en pena.
—Porque de Dios m'esquecendo,
ti meu Dios tan solo eras.
—Queres que venda o cabalo
e misar por ti ofreza?
55 E, s'o cabalo non basta,
qu'eu, por ti, tamén me venda?
—Ai! que nin eso me vale
e agardando por min queda
o vivo fogo do inferno
60 en qu'a alma non sosega.

Fontes:

mv Caderno de 22 páxinas (22 x 16 cm). Páxinas 16 a 19.

A 2 f. (21 x 13 cm). Papel pautado.

fv 2 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Numeradas na esquina superior esquerda "83" e "84" e na dereita "1" e "2".

Título de mv.

Recollido na Ulla por Marcial Valladares. Correspóndese con "O quintado e a aparición da namorada morta" na clasificación do romanceiro panhispánico (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 96-99), o mesmo que "Á fonte foi a meniña" [§ II, 13].

Retiramos o signo de apertura de interrogación e exclamación en 2, 3, 9, 25, 32, 33, 38, 39, 40, 53 e 57 e as comiñas presentes xunto coa marca de diálogo.

49 *Estimara*: Estimára (mv) | 50 *porqu'estabas*: porque estabas (fv), pórqu'estabas (mv) | 51 *m'esquecendo*: me esquecendo (fv) | 53 *cabalo*: cavalo (fv) | 54 *misar*: misas (A) | 55 *s'o cabalo*: se o cavalo (fv) | 56 *tamén*: tamen (mv, A, fv) | 58 *e*: el (fv) | 59 *do*: d'o (A, mv) | 60 *qu'a*: que a (fv).

[I, 46]

[HOLOFERNES]

A noite era preta;
a Lúa faltaba;
o vento i a chuva
con rabia fungaba.
5 Sauliña dormía
soliña na casa;
o can co fociño,
da porta na racha,
ladraba, ladraba.
10 Sauliña espertouse
cara ó can mirando;
sintiu pasos fóra
á beira da casa,
ganou unha volta
15 para espreguizarse,
e dixo estirando
as pernas i os brazos:
—Holofernes, cala,
que é xente que volve
20 da súa xornada;
é xente que pasa.

2 *Lúa*: lua | 3 *i a*: y'a | 4 *rabia*: ravia | 8 A inversión do sintagma parece culta, de gusto romántico. | 11 *ó*: o | 12 *fóra*: fora | 13 *á*: a | 15 *espreguizarse*: espreguiçarse | 17 *i os brazos*: y'os braços | 19 *xente*: gente | 20 *súa xornada*: sua jornada | 18-21 Comiñas indicando o diálogo, redundantes co guión, o mesmo que noutros manuscritos desta colección procedentes de Marcial Valladares | 19 *xente*: gente | 21 *xente*: gente. Un eco de Poe: "only this and nothing more". O mesmo que en *The Raven*, a repetición, con variación non se sabe se se dirixe a un mesmo. Tamén Sauliña, parece querer convencerse a si mesma.

O can deulle ó rabo
ó falarlle a ama,
e erguendo as orellas,
25 fincando nas patas
i os pelos de punta,
ladraba, labraba.
A noite era preta,
e iba avanzada;
30 a Lúa non vira,
i o vento i a chuva
fungaba e medraba.
Bateron mui fortes
golpes nas ventanas
35 que feitas añicos
saltaron rachadas.
Brincando por elas
dous homes na sala
coas caras tapadas,
40 e teas ardendo
e anchas espadas.
O can adiantouse
e deu duras dentadas
rasgándolle a roupa
45 con ámbalas garras:
dispois veu ó chao
coberto de sangue,
con moitas feridas,
pasado de espadas.
50 A tea apagouse:
Sauliña na cama
cun nudo na gorxa
tremaba e rezaba.

22 ó: ô | 26 i os: Y'os | 29 *avanzada*: avançada | 30 *Lúa*: lua | 31 i o: y o. i: y | 44 *rasgándolle*:
rasgandolle | 45 *ámbalas*: amba'las | 46 ó: ô.

55 Ningún máis barullo
se escoitou na casa;
solmente Holofernes
aíña rosmaba:
roufiños liales
do can que morría
60 defendendo a ama.
Esclarexe o día;
as campás da igrexa
xa tocan a alba.
En sendos cabalos
65 dous homes, ou diabros,
non corren que voan
da serra no alto
cobertos con mantos
i as caras tapadas.
70 Parecen dous meigos,
dous negros pantasma
que veñen de lonxe
de atenta-las almas.
Un vulto rebuxan
75 con moito coidado:
é Saula garrida
que levan roubada.

Fontes:

FV 3 f. (26 x 11 cm). Numeradas na esquina superior esquerda: “88”, “89” e “90”. Na esquina superior dereita: “1”, “2” e “3”.

Este poema, que evidentemente non é popular, foi copiado por FV e ocupa o último lugar dos folios numerados. Está construído en hexámetros que se poden ver como dodecasílabos de gaita galega, perfectamente acentuados, de xeito moi semellante ao empregado por Rosalía en “A xustiza pola man”, poema co que comparte a temática: a violencia sobre a muller, o ambiente nocturno que remata ao final coa alba, con abundancia de hipérbato e repeticións.

54 *Ningún máis*: ningún mais | 61 *día*: día | 63 *xa*: ja. *alba*: alva | 64 *cabalos*: cavalos | 67 *da serra no alto*: nova inversión culta | 69 *i as*: y’as | 72 *lonxe*: longe | 73 *atenta-las*: atental-as. | 74 *vulto*: bulto.

SEGUNDA PARTE

POEMAS NON PAXINADOS
TRANSCRITOS POR FLORENCIO VAAMONDE

[II, I]

[A FLOR DA AUGA]

Mañanciña de san Xuán,
 anda a auga enamorada
 e, estando Nosa Señora
 collendo na flor da auga,
 5 desta maneira decía,
 desta maneira falaba:
 —Cal será, cal, a doncella
 que veña hoxe a catala?
 A filla do rei, oíndoa,
 10 sin paxe sal e sin dama;
 a toda présa camiña
 e dícelle ó tropezala:
 —Señora, gárdevos Dios.
 —Doncella, moi ben chegada.
 15 —Filla do rei son, señora,
 veño trala flor da auga.
 —Para ser filla de rei,
 vés ti mal acompañada.
 —Veño sin saber mi padre;
 20 qu’a sabelo, s’enfadara.
 Xerriña traio de vidro;
 vós ma daredes de plata.

1 Xuán: Juan (FV2) | 2 anda: ánda (MV) | 3 Nosa: Nòsa (MV) | 5 desta: d’esta (FV2, MV) | 6 desta: d’esta (FV2, MV) | 7 Eliminamos o signo de apertura interrogación de MV e FV2 | 8 hoxe: hoje (FV2). a: á (MV). MV utiliza comiñas ademais de guión de diálogo | 9 rei: Rey (FV2, MV). oíndoa: oindo-a (FV2, MV) | 10 paxe: page (FV2) | 11 présa: prèsa (MV), presa (FV) | 12 dícelle: dicelle (FV2, MV). ó: ao (FV2), ò (MV) | 14 Doncella: donzella (FV2). ben: bèn (MV) | 15 rei: Rey (FV2, MV) | 16 trala: tra-l-a (MV), tral-a (FV2) | 17 rei: Rey (FV2, MV) | 18 vés: ves (FV2), vès (MV) | 20 qu’a: qu’á (MV), que a (FV2). sabelo: sabélo (MV). s’enfadara: s’enfadára (MV) | 21 Xerriña: jerriña (FV2). traio: trayo (MV) | 22 vós ma: vos m’a (MV). daredes: darédes (MV).

- Ben está; mais, se che din
quen che dou tan linda xarra,
25 contesta qu'unha señora
que sobre todos mandaba.
—E, pois mandás sobre todos,
mandá qu'eu sea casada.
—Casadiña, miña filla,
30 e máis ben afortunada;
casadiña con tres fillos,
todos de capa e d'espada.
Un será rei de Sevilla,
outro será de Granada,
35 outro será para o ceo,
para Dios, que así ll'agrada.
Estando nestes falares
e caíndo ela esmaiada,
Nosa Señora envolveuna
40 nos plegues da súa capa.
Pro chega Xesús e dille:
—Mi madre, qu'é o que aí garda?
—A filla do rei eu gardo,
que d'esmaiárseme acaba.
45 Noso Señor descubreuna
e, alí tocándoa na cara,
a filla do rei esperta
e esperta na súa cama.

23 *Ben*: Bèn (MV) | 24 *xarra*: jarra (FV2) | 25 *qu'unha*: que unha (FV2) | 30 *ben*: bèn (MV) | 33 *rei*: Rey (FV2, MV) | 35 *ceo*: cèo (MV) | 37 *nestes*: n'estes (FV2, MV) | 38 *caíndo*: caíndo (MV). *esmaiada*: esmayada (FV2, MV) | 40 *nos*: n'os (FV2, MV). *súa*: súa (FV2, MV) | 41 *Xesús*: Jesús (FV2) | 42 *qu'é*: ¿que è (FV2), ¿qu'è (MV). *aí*: ali (FV2), ahí (MV) | 43 *rei*: Rey (FV2) | 44 *d'esmaiárseme*: desmayarse (FV2), d'esmayarsem'e (MV) | 45 *descubreuna*: descubréuna (MV) | 46 *alí tocándoa*: ali tocándoa (MV). *na*: n'a (MV) | 47 *esperta*: espèrta (MV) | 48 *esperta*: espèrta (MV). *súa*: sua (FV2), súa (MV) | FV2 engade "De la Ulla".

Fontes:

FV2 1 f. (23 x 16 cm). Escrito no verso de papel do Ministerio de Facenda.

MV 1 f. (21 x 13 cm). Papel pautado. Fóra do caderno do que veñen as súas outras achegas.

Título desta edición.

Trátase do romance “A flor da auga”. Precede ao texto de mv, en letra de Murguía: “(de la Ulla)”. E en letra de mv: “2ª Romance”.

[II, 2]

[A FLOR DA AUGA]
[RECOLLIDA EN RIBADEO]

Mañaniña de San Xuán,
cando o sol alboreaba
estaba Nosa Señora
en silla de oro sentada.
5 Mui de présa se vestía
e muito máis se calzaba,
colliu a xarra nas mans
e prá fonte camiñaba,
e no medio do camiño
10 un caballero encontrara.
—A dónde vai a doncela
tan cedo e de madrugada?
—Eu son a filla do rei,
vou coller a flor da auga.
15 —Para ser filla do rei
non vés ben acompañada,
con (...) en las manos,
para bendecir a auga.
Botou a xarra na fonte,
20 ouro fino se tornara;
en medio de todo esto
desmaiada se quedara.
Colleuna a Magdalena
por o rodo da súa saia:

1 Xuán: Juan | 5 *présa*: presa | 6 *calzaba*: calçaba | 7 *xarra*: jarra | 9 *no*: n'o | 11 Eliminamos o signo de apertura da interrogación. *doncela*: donzella | 17 (...): "(una palabra que no se entiende y que está escrita *consoligrid*)" | 19 *xarra*: jarra | 23 *colleuna*: colleula | 24 *súa*: sua.

- 25 —Dígame, miña señora,
si teño de ser casada.
—Casadiña si por certo,
reina ben aventurada,
terás tres fillos varois,
30 todos de capa e espada:
un será rei de Sevilla,
outro cura de Granada,
outro padre santo en Roma
porque Dios así o manda.
35 (Ribadeo)

Fontes:

rv2 1 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. En dúas columnas.

[II, 3]

[ESTANDO COSENDO]

Estando cosendo
na miña corbata,
miña agulla de ouro,
meu dedal de prata;
5 pasou un caballero
pidindo pousada:
—Si meus pais quixeren,
eu de boa gana.
Puxéronlle a mesa
10 no rincón da sala
con cuchillo de oro,
tenedor de prata.
Puxéronlle a cama
no medio da sala
15 con colchós de seda,
sábanas de Holanda.
...
A la media noche
el se levantaba:
...
—Ven comigo, nena,
20 ven comigo, alma!
Encontrei a Virxen:
—D'onde vés, mi alma?

3 *miña*: mina | 4 Puntuación desta edición | 9 *Puxéronlle*: Puxeronlle | 10 *rincón*: rincon | 13 *Puxéronlle*: Puxeronlle | 16 *sábanas*: sabenas. A continuación deste verso, liña de puntos que parece indicar lagoa | 17-18 Estes dous versos en castelán, no medio de dúas lagoas, poden ser produto dun baleiro na memoria | 18 A continuación deste verso, liña de puntos que parece indicar lagoa | 19-20 Puntuación desta edición | 22-23 Engadimos o signo de diálogo | 22 *vés*: ves.

—Eu non o sei, Virxen,
non o sei, amparo
...
25 Fíxolle unha cova,
alí a enterrara
ca cabeza fóra
i os brazos ao aire.
Pasó un pastorcillo,
30 por el o chamaba:
—Ven aquí, meniño,
ven aquí, mi alma.
Levántame, neno,
levántame, alma,
35 que un caballero
a min me robou,
e en esta cova
aquí me deixou.
(Laxe)

Fontes:

FV2 1 f. (22 x 17 cm). Papel pautado á man. Texto en dúas columnas. O dorso en branco.

A localización fainos supoñer que é un texto recollido da muller de Laxe a través de Alejandra.

23 *Virxen*: Virgen. Puntuación desta edición | 24 A continuación deste verso, liña de puntos que parece indicar lagoa | 27 *ca cabeza fóra*: c'a cabeça fora | 28 *i os brazos*: y os braços | 30 *el*: èl | 31 Signo de diálogo desta edición | 37 *cova*: coba | 39 (*Laxe*): A localización, en letra de Murguía.

[II, 4]

SANTA HELENA

—Que ermita é aquela
que hai naquel prado?
—É de santa Helena
que foi degollada.
5 —Señora santa Helena,
meu amor primeiro,
perdóname a morte,
serei teu romeiro.
—Non podo nin quero,
10 ladrón carniceiro,
que dos meus dedíños
fixeche candelas
e dos meus braciños
fixeche candieiros.
15 —Señora santa Helena,
meu amor primeiro,
perdóname a morte,
serei teu romeiro.
—Nin poido nin quero,
20 ladrón carniceiro,
que dos meus dedíños
fixeches candelas
e dos meus braciños
fixeche candieiros.

1 *ermita é*: hermita è | 2 *naquel*: n'aquel | 3 *É*: È | 7 *perdóname*: perdoname | 10 *ladrón*: ladron
| 11 *meus*: meu | 20 *ladrón*: ladron.

- 25 —Señora santa Helena,
meu amor primeiro,
perdóname a morte,
serei teu romeiro.
—Nin poido nin queiro,
30 ladrón carniceiro
que dos meus dedíños
fixeche candelas
e dos meus braciños
fixeche candieiros.
35 —Señora santa Helena,
meu amor primeiro,
perdóname a morte,
serei teu romeiro.
—Vístete de azul
40 que é color do ceo,
ponte aquí detrás,
serás meu romeiro.

Fontes:

FV2 1 f. (22 x 16 cm).

[II, 5]

A ROMERÍA DO VAL

- Deitaivos cediño huxe
que mañán é grande día.
Deitaivos, deitaivos logo,
meu filliño e miña filla.
5 —E s'o folión aínda dura?
—Xa acabou a algarabía
e as bombas de palenque
anunciaron a alegría
que mañán a todos enche
10 desde a choza á abadía.
—Inda é cedo, e polo monte
anda a gaita tailalila
tocando i as luminarias
inda alumbran coma día.
15 —Pois facede o que queirades,
cumplide a vosa manía,
eu voume a meter na cama
para madrugar, miña filla.

—A pé, rapaces, ergueivos
20 qu'alborada anuncia o día,
ergueivos e preparaivos
pra ir logo á romería.

1 *Deitaivos*: Deitavos (FV2). *huxe*: huxe (FV2), uxe (JO) | 5 *s'o folión*: so folion (JO), s'o folion (FV2). *aínda*: ainda (JO, FV2). Engadimos o signo de interrogación | 6 *acabou*: acobou (FV2) | 8 *a*: á (JO) | 9 *a*: á (JO) | 10 *choza á*: choça â (FV2) | 11 *Inda*: Ynda (JO). *é*: è (FV2). *polo*: pol-o (FV2) | 13 *i*: y (JO) | 14 *coma*: como (FV2) | 16 *a*: á (JO) | 17 *a*: á (JO) | 19 *pé*: pe (JO, FV2). *ergueivos*: ergeivos (JO) | 20 *qu'alborada*: que'alborada (FV2). C'a alborada (JO) | 21 *ergueivos*: ergeivos (JO) | 22 *á*: â (FV2).

- Mi padre: inda é cediño
i'o sono dános fatiga.
25 —Eu volo decía onte;
pero por máis que decía
vós sempre en saír coa vosa
poñés empeño e porfía.
Si vos deitárades cedo...!
30 —No' tamén, sempre fungando
e fungando, Ave María!
Camiño da santa ermita
marchan Pedro e mais María,
rapaces coma carballos
35 por sobra de bazaría.
Ela leva no pescozo
un collar d'alxofaría.
El leva monteira nova,
ela adrezo que dá envidia;
40 leva el chaqueta azul
i ela azul de cotonía,
saia fruncida, e na man
rosiñas d'Alexandría.
Tamén Pedro; mui fachenda,
45 tan fachenda que dá risa,
un caraveliño da onza,
da monteira alá na cima,
leva cravado e na man
forte garrote de encina.

24 *i*: y (JO). *dános*: danos (JO, FV2) | 25 *volo*: vol-o (JO, FV2) | 26 *máis*: mais (FV2, JO) | 27 *vós*: vos (FV2, JO) | 28 *poñés*: podes (JO) | 29 Eliminamos a apertura do signo de exclamación | 30 *No' tamén*: no tamen (FV, JO) | 37 *d'alxofaría*: alfofaria (FV2), alxofaria (JO) | 39 *adrezo*: adreço (FV2). *dá*: da (FV2, JO) | 40 *el*: él (FV2) | 43 *rosiñas d'Alexandría*: Rosinas d'Alexandría (FV2), Rosinas dalexandria (JO) | 44 *Tamén*: tamen (FV2) | 45 *dá*: da (FV2, JO) | 46 *caraveliño da onza*: carabeliño da onça (FV2), carabelcino da onza (JO) | 47 *na cima*: no cima (JO).

- 50 O señor Lucas detrás,
e cos seus satenta encima,
estribándose nun pau
ao rabo diles camiña,
máis dereitiño que un fuso,
55 pola vereia da ermita.
Pra xantar alá na festa
leva a merenda María
nunha cestiña de xuncos
na cabeza: levaría
60 unha coroniña d'ouro
coa mesma resalería.
—Non toleedes, rapaces.
—Todo huxe é tolería.
—Levade xuício, meus fillos.
65 —Non é xuício romería.
—Ide con modo; e ten conta
do teu cesto, tu María.
—Deixe que, anque me caia o cesto,
hemos de ter comida:
70 Nosa Señora do Val
non é desagradecida,
i as mozas que a festexan
sempre contan coa bendita
imaxen que as favorece
75 nos trances todos da vida.
—Si: fíate en Dios e non corras,
e non corras, miña filla.
—Eu seino por experiencia.
—Tu eres tola, María!

51 *satenta*: satente (JO) | 53 *ao rabo*: o raba (JO) | 54 *máis*: mais (FV2). *dereitiño*: dereitino (FV2).
que un: cun (JO) | 55 *pola*: pol-a (FV2, JO) | 56 *xantar*: jantar (FV2) | 58 *xuncos*: juncos (FV2) |
60 un,a coroniña d'ouro (JO) | 63 *huxe é*: huxe è (FV2), uxe é (JO) | 64 *xuício*: juicio (FV2) | 65
é: è (FV2, JO). *xuício*: juicio (FV2) | 68 *caia*: cansa? (FV2), caya (JO) | 72 *mozas*: moças (FV2) | 74
imaxen: Imagen (FV2) | 78 *experiencia*: experiencia (JO).

- 80 —Non son tola: muitas veces
a comer canto quería
me convidaron os mozos.
—Vaiche boa, miña filla!
—E mui ben que me teimaron.
- 85 —E tu tamén teimarías...
—Eu teimaba a que non;
e, por máis que non quería,
non tiña outro remedio
que comer unha rosquilla
90 anque non fora máis.
—Miña filla, miña filla!
Anda, curre que se armou
unha de paus, santa Brígida!
i o meu Pedriño anda nela
- 95 mallando coma en gavilla.
—Boa estuvo a festa, boa,
da nosa Virxen María,
que alá no alto do Val
ten a súa santa ermita.
- 100 Cansadiños vimos todos,
ben o fixeche, María,
e tu, Pedro, ben bailache
coa filla de Xan García.
Que bonita estaba a Virgen!
- 105 —Non a vin. Pero estaría.
—Tu solo tuveche tempo
prá filla de Xan García.
—Tampouco a vin eu, mi padre.
—Ben cho creo, ben, non verías.

82 *mozos*: moços (FV2) | 83 Eliminamos a apertura do signo de exclamación | 85 Engadimos os puntos suspensivos | 87 *máis*: mais (FV2) | 90 *máis*: mais (FV2) | 91 *Miña ... miña*: Mina ... mina (FV2) | 94 *Brígida*: Brígida (FV2, JO) | 94 *Pedriño*: Pedrino (JO) | 95 *gavilla*: gabilla (FV2) | 96 *a*: á (JO) | 97 *Virxen*: Virgen (FV2) | 99 *súa*: sua (FV2) | 101 *ben*: ven (FV2) | 103 *Xan*: Jan (FV2) | 107 *prá*: pra (FV2, JO). *Xan*: Jan (FV2) | 108 *a*: á (JO).

- 110 Pra bailar e parrafeos
 o tempo che parecía
 pouco; i así facedes todas
 en vez de rezar, María.
 —Déixeme de contos: durma.
- 115 —Si, durmirei, miña filla,
 e que me digan os cregos
 que é santa a romería!

Fontes:

- JO 1 prego (27 x 21 cm). Carta de José Ogea a Murguía [§ co 2].
- FV2 2 f. (23 x 17 cm). Texto en dúas columnas, pautado á man. O dorso de cada folia en branco.

Composición dun gaiteiro de Ourense transmitida polo seu fillo e copiada ao ditado por José Ojea (§ Apéndice Carta de José Ogea). Murguía considerábaa un exemplo de composición semipopular.

115 *Si, durmirei*.; *Sí, durmireis* (JO) | 117 *a: á* (JO).

[II, 6]

[SANTA IRENA]

Estando cosendo
na miña almoada,
miña agulla d'ouro,
meu dedal de prata,
5 miña tixeiriña
de folla de lata;
pasa un caballero,
pídeme pousada;
meu pai era vello,
10 non me dixo nada.
...
De tres irmás qu'eros
a min me levou,
no medio do monte
el me preguntou
15 que nome me puxo
quen me bautizou.
...
—Ai!, na miña terra
Irena me chaman,
agora, na casa,
20 triste e malfadada.
...

2 *almoada*: almohada (LC) | 3 *d'ouro*: de ouro (LC) | 7 *caballero*: cavallero (FV2), cabaleiro (LC)
| 11 *irmás*: hirmás (FV2). *qu'eros*: que éramos (LC) | 13 *do*: d'o (M) | 17 *Ai*: Ay (M) | 20 *mal-*
fadada: mal fadada (M).

Sacou o puñal
e alí a matou,
cuberta de toxos
alí a deixou.
25 D'alí a sete anos
por alí pasou.
...
—Pastoriños novos
que andades co gando,
que imaxen é aquela
30 que está nese adro?
—Esa é santa Irena
que o traidor matou,
cuberta de toxos
alí a deixou.
35 —Miña santa Irena,
meu amor primeiro,
dádeme saúde
no brazo dereito!
—Como cha hei de dar,
40 tirano e traidor,
si ti me mataches
sin pena e sin dor?

Fontes:

FV2 1 f. (22 x 16 cm).

M (1865, pp. 579-580).

LC (1959, pp. 108-110). LC copia o texto da *Historia de Galicia* de Murguía.

Título desta edición

21 o: ó (M) | 22 a: á (M) | 23 toxos: tojos (FV2) | 27 Engadimos o signo de diálogo | 29 é: è (FV2)
| 31 é: è (FV2) | 33 toxos: tojos (FV2) | 37 saúde: saude (FV2, M, LC) | 38 brazo: braço (FV2) | 41
ti: tí (LC) | 42 dor: dôr (FV2).

[II, 7]

[DECÍDEME SEÑORA]

- Decídeme señora,
vós por estes camiños,
a donde ides tan sola
con eses picariños?
5 —Me voy para mi tierra,
que soy de gran linaje.
—A donde ides tan sola
con tanta criatura?
—Me voy para mi tierra,
10 que es tierra de hermosura.
S'é terra de fidalgos
vosa terra, señora,
será terra de reies
a que deixás agora.
15 S'é terra de hermosura
a terra de Castilla,
será bendita groria
aquesta terra miña.
Hermosura sen auga,
20 sen arbres e sin prados,
sin frores nin ribeiras,
sin mares e sin lagos.
Decídeme, señora,
dou Dios outra máis mala
25 entre todas as terras
que a terra castellana?

2 *vós*: vos (A, FV2) | 6 *linaje*: lineage (A, FV2) | 11 *S'é*: S'è (FV2), S'e (A) | 13 *reies*: reyes (A) | 14 *a*: á (A) | 15 *S'é*: S'è (FV2), S'e (A) | 16 *a*: á (A) | 17 *será bendita*: Sera vendita (A) | 20 *e*: é (A) | 21 *ribeiras*: riveiras (A) | 23 *Decídeme*: Decideme (A) | 24 *Dios*: dios (A). *outra*: otra (A). *máis*: mais (A) | 26 *a*: á (A).

Arbres, veigas e prados,
frores, mares, ribeiras,
de todo eso hai dabondo
30 naquela miña terra.

Fontes:

- A 1 f. (13 x 20). Os versos de dous en dous separados por barra.
FV2 1 f. (17 x 23 cm). Papel pautado en sentido transversal ao texto. Os versos de dous en dous separados por barra.

28 *ribeiras*: riveiras (A) | 29 *hai*: hay (A). *dabondo*: da bondo (A), d'abondo (FV2) | 30 *naquela*: na aquela (A), naquesta (FV2).

[II, 8]

AS FILLAS DO REI FERINO

As fillas do rei Ferino
saliron a pasear,
a máis bonita perdeuse;
seu padre foina buscar.
5 Busca por riba e por baixo
e nunca a podía topar,
anda tras das palomiñas
que sempre soía andar.
Levaba collar de perlas,
10 almendrillas de coural.
Calzaba zapato fino
con charoles o ha de atar.
Vestido bordado d'ouro
que ben á cara ll'está,
15 co'aqueles cabelos longos
recollidos para tras.
—Menina dos ollos garzos,
de mirar namoradeiro,
dígame, miña señora,
20 que busca nestes outeiros?

2 *a*: á (M). Puntuación desta edición | 3 *máis*: mais (M, FV2, LC). Puntuación de LC | 4 *foina buscar*: foina a buscar (FV2), foina á buscar (M). Anotación de M á marxe, referida aos catro primeiros versos: “Estos versos los cantan las niñas en el corro (Mad.)” | 6 *podía*: a podría (LC), á podía (M) | 7 *das*: d’as (M). *palomiñas*: pombiñas (LC) | 8 *que*: cal (LC). *soía*: soia (M) | 9 *collar de perlas*: colar de pérolas (LC) | 10 *coural*: coral (LC) | 11 *Calzaba*: Calçava (FV2) | 12 *con charoles o ha de atar*: con cordós para os atar (LC). *o*: ó (M) | 13 *Vestido*: Bestido (M). *d’ouro*: de ouro (FV2) | 14 *ben*: ven (M, FV2). *á*: â (FV2), á (M) | 15 *co’aqueles*: C’o aqueles (M, FV2), co aqueles (LC) | 16 *tras*: atrás. (LC) LC indica unha lagoa despois deste verso. Nota de M á marxe: “Esto denota su antigüedad pues recuerda lo de doncella sin capillo.” | 17 *Menina*: Meniña (LC). *dos*: d’os (M). *garzos*: garços (FV2), gazos (LC) | 19 *dígame*: digame (M) | 20 *nestes*: n-estes (LC). Engadimos o signo de interrogación.

- Galán, busco palomiñas,
palomiñas d'alas brancas.
—Deixe as palomas, meniña,
que xa debe estar cansada.
25 Veña parolar conmigo
e séntese xunt'a min.
Nunca cara máis fidalga
en muller ningunha vin.
—Ben vos espricás, mancebo,
30 e con moita cortesía,
pero sepa que son eu
a princesa Ceferina,
e qu'en palabras corteses
non se fiou nin se fía.
35 Meu pai ten unha pereira
en que se dá a pera fina,
e ten na ponla máis alta
un letreiro que decía:
“En palabras de mancebos
40 non vos fiedes, meniñas”.
Nin pensés que o seu honor
vos catará cortesía.
Malditas sean as mulleres
que nos mancebos se fían:

21 *Galán*: Galan (FV2, M). *busco palomiñas*: procuro pombiñas (LC) | 22 *palomiñas d'alas*: pombiñas de aliñas (LC), palomiñas de alas (FV2) | 23 *Deixe as*: Deixéas (M). *palomas*: pombiñas (LC) | 24 *xa*: ja (FV2) | 25 *conmigo*: comigo (LC) | 26 *séntese*: sentese (M). *xunt'a*: junta (FV2), a par de (LC) | 27 *máis*: mais (FV2, M), tan (LC) | 28 *vin*: vín (FV2) | 31 *sepa*: seipa (LC) | 32 *a princesa*: a prinzesa (FV2), á princesa (M) | 33 *qu'en*: que en (LC) | 34 *fía*: fía (M, FV2) | 36 *dá a*: da a (FV2), dâ á (M), da (LC) | 37 *máis*: mais (FV2, M, LC) | 38 *decía*: decia (FV2, M) | 39 *mancebos*: mancebos, corrixido sobre *mançebos* (FV2) | 40 *fiedes*: fiédes (FV2, M). FV2 e M pechan as comiñas ao final deste verso | 41 *pensés*: coidés (LC) | 42 Peche de comiñas en LC, que introduce a continuación puntos suspensivos | 44 *mancebos*: mancebos, corrixido sobre *mançebos* (FV2). *fían*: fian (FV2). LC introduce puntos suspensivos a continuación.

45 que colleran unha corda,
 as colgaran dunha viga;
 que colleran unha moza
 e que a deixaran sin vida,
 e con esto d'escarmento
50 as meniñas serviría.
 Valdeorras (aprendido en Simancas)

Fontes:

M 1 f. (21 x 13 cm). Numerado: "25". Versos agrupados de dous en dous.

FV2 1 f. (22 x 16 cm). Versos agrupados de dous en dous.

LC (1959, pp. 229-231).

Supoñemos que este romance provén de Alejandra, escoitado da chamada nena de Valdeorras.

46 *dunha*: de unha (FV2), d'unha (M, LC) | 48 *deixaran*: qu'as dei\xa/ran (M) | 49 *esto*: eso (LC) | 50 *as*: âs (LC). *serviría*: serviría (M). Nota de M: "No me parece completo ni todo el de un tiempo mas intercalado etc" | 51 *Simancas*: LC descoñece o lugar de recollida.

[II, 9]

O DUQUE CEGO

—Ábreme as portañas,
ábreme o postigo,
dáme do teu lenzo,
ai!, meu ben, que veño ferido.
5 —Pois si vés ferido,
vés a mala hora,
que as miñas portañas
non se abren agora.
—Si a ninguén as abres
10 ábrema a mín,
son un pobre cego
que veño a pedir.
—Dálle pan ao cego,
dálle pan e viño,
15 dálle pan ao cego,
que siga o camiño.
—Eu non quero pan
nin tampouco viño,
quero que a túa filla
20 me amostre o camiño.
—Anda, vai, meniña,
colle roca e liño,
vai co pobre cego
móstralle o camiño.
25 —Adiós, miña casa!
Adiós, miña terra!
Adiós, miña nai!
Ai!, meu ben, qu'este bon pasar era!

3 *dáme*: dame. *lenzo*: lenço | 6 *vés*: ves | 9 *ninguén*: ninguén | 13 *Dálle*: Dalle | 14 *dálle*: dalle
| 15 *dálle*: dalle | 19 *túa*: tua | 24 *móstralle*: mostralle.

Fontes:

fv2 1 f. (22 x 16 cm). Texto en dúas columnas.

Título de lc.

Lois Carré (1959, p. 102) toma o texto da *Historia de Galicia* de Murguía (1865), polo que non o teremos en conta nas variantes.

Murguía data a recollida do texto en 1865 (Murguía 1881a) en Santiago de Compostela, a través de Alejandra, segundo calculamos nun artigo na revista *Follas Novas* (Rodríguez González 2021).

fv2 tal vez copia do folleto de Milá (1877), pois a disposición é semellante a outros textos que copia de alí.

[II, 10]

O CONDE ALARCOS

Aí vén o conde de Alarcos,
Jesús, que mozo garrido!
Montado no seu cabalo
metido o pé polo estribo.
5 Aí vén o conde de Alarcos,
Jesús, que mozo tan feito!
cal que se poña sentado,
cal que se poña dereito.
Pasou unha muradana,
10 bonita coma unha estrela,
ao vela o conde de Alarcos
ponse a parolar con ela.
—A donde vas, muradana,
toda vestida de negro?
15 Nena, se vestes de loito,
loito non é o terciopelo.
A meniña respondeu
moito de moi boa gana:
—Son de Muros, son de Muros,
20 soy de la flor de las damas,
como son da beiramar
non gasto dengue de grana.

1 Aí: Ahí (FV2, LC). *ven*: ven (FV2, LC, A). o: ó (A) | 2 *Jesús*: Xesús (LC). *mozo*: moço (FV2) | 3 *seu*: sue (A) | 4 *o pé*: o pe (FV2), ó pe (A) | 5 Aí: Ahí (FV2, LC). o: ó (A) | 6 *Jesús*: Xesús (LC). Puntuación de LC | 9 *unha*: un,a (A) | 10 *unha*: com'unha (LC), como un,a (A). Puntuación de LC | 14 Engadimos o signo de interrogación | 15 *vestes*: veste (LC) | 16 *é*: è (FV2). o: ó (A) | 17 *respondeu*: lle responde (LC) | 18 *moi*: moy (A) | 20 son de Muros, muradana (LC) | 21 *beiramar*: beira mar (LC), veira-mar (FV2), veira mar (A) | 22 LC engade dous versos a continuación: “son de Muros, son de Muros, / e sonche da flor das damas.”.

—Perdone, miña señora,
perdone, miña graciosa,
25 anque se veste de negro
parece así máis hermosa.
Neve que cae no venteno
moito máis alba parece,
estrela no ceo da noite
30 moito mellor resplandece.

Fontes:

A 1 f. (21 x 13 cm). Papel pautado. No verso da folla, versos 23 a 30.

FV2 1 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. Verso en branco.

LC (1959, pp. 96-97).

Título de LC.

O manuscrito de Alejandra do fondo Said Armesto foi publicado por primeira vez por Henrique Monteagudo en *The Muros Times* (2015). O poema foi publicado en *Poesía popular gallega* de Said Armesto (1998, p. 216) co título “A muradana” como remitido por Murguía (1998, p. 161). Descoñecemos se a copia de Said se realizou a partir da de Alejandra, da de Florencio Vaamonde ou ben sobre unha terceira, que podería ser a de Murguía, por exemplo. Said Armesto corrixe, non sabemos porque, o nome *Alarcos* por *Alario* e engade como localización Muros. O romance só ten en común o nome do protagonista co romance do “Conde Alarcos”.

23 *Perdone*: perdoe (LC). Puntuación de LC | 24 *perdone*: perdoe (LC). Puntuación de LC | 26 *así máis*: así mais (FV2, LC). *hermosa*: fermosa (LC) | 27 *venteno*: benteno (A). Segundo comenta Henrique Monteagudo, refírese a unha especialización da voz *venteno* ‘pano de vinte centenas de fíos’ cara á súa versión negra. | 28 *máis alba*: mas alva (FV2) | 30 *resplandece*: resprandece (LC) | “Coleición de Murguía. —Non costa o logar de orixe.” (LC).

[II, 11]

NA VOLTA DA ROMARÍA

Viñen eu da romería,
de romeira viñen eu,
viñen eu da romería
coa variña do romeu.
5 Era nunha noite crara,
nunha noite de luar,
vin vir a Nosa Señora
cun ramalliño na man.
Eu pedinlle unha folliña,
10 ela doume o seu cordón
que me daba sete voltas
d'arredor do corazón.
Puxo o pé na barca d'ouro
i arrimouse ao seu bordón:
15 un ánxel terma da vela,
outro terma do timón.
Leva o meniño no colo,
Xesús, que bonito é!
Era larguiño de perna,
20 era cortiño de pé.
Trai escravina de cunchas
que collera na ribeira,
i a cara mesmo parece
unha pela de manteiga!

4 *coa*: co'a (FV2). *variña do*: ramiña de (LC) | 5 *nunha*: n-unha (LC) | 6 *nunha*: n-unha (LC) | 8 *cun*: c'un (FV2). *ramalliño*: ramilliño (LC) | 10 *cordón*: cordon (FV2) | 12 *corazón*: coraçon (FV2), curazón (LC) | 13 *pé*: pe (FV2) | 14 *i*: e (LC). *bordón*: bordon (FV2) | 16 *outro*: y outro (LC). *timón*: timon (FV2) | 18 *Xesús*: Jesús (FV2). *é*: è (FV2) | 20 *pé*: pe (FV2) | 21 *Trai*: traía (LC) | 23 *i*: y (LC) | 24 *pela*: penla (LC).

25 Meu amigo san Simón,
 bendecime este cordón
 que che me dá sete voltas
 d'arredor do corazón
 e doumo Nosa Señora
30 nunha folla de limón.
 De bágoas e de sospiros
 o fixo Nosa Señora,
 que anque se atopa no ceo
 polos pecadores chora.

Fontes:

FV2 1 f. (23 x 17 cm). Papel pautado en sentido contrario ao texto. Hemistiquios emparellados separados por barras.

LC (1959, pp. 245-246).

Título de LC.

25 *Simón*: Simon (FV2) | 26 *cordón*: cordon (FV2) | 27 *dá*: da (FV2, LC) | 28 *d'arredor do corazón*: darredor do corazón (FV2) | 29 *Nosa*: nosa (FV2) | 30 *limón*: limon (FV2) | 31 *bágoas*: bàgoas (FV2) | 32 *Nosa*: nosa (FV2) | 34 *polos*: pol-os (FV2, LC).

[II, 12]

DESPEDIDA DE DON AMARO VEIRA DA SILVA
DE DONA MARÍA DE (...)

—Decídeme, meu fidalgo
de tan grande fidalguía:
aquela que vos miraba
decide, que vos quería?
5 —Sabede, miña señora,
se é que antes non-o sabía,
que quen ten sangue fidalga
nunca fixo villanía.
Os meus pais foron fidalgos
10 e tiveron señoría,
no coro, cabo do bispo
tiveron a súa silla.
I anque probe non trocara
meus blasós por canto tiña,
15 o conde de ...,
condestabre de Castilla.
Nacido de nobre cuna,
saberá súa señoría
que quen ten sangue fidalgo
20 nunca fixo villanía.
—Non dudo de vós, fidalgo,
nin da vosa fidalguía,
i os meus ditos foron fillos
do cariño que vos tiña.

4 *decide*: decides (LC) | 6 *se*: s'e (FV2). *non-o*: no no (FV2, M). *sabía*: sabia (M) | 7 *sangre fidalga*: sangue fidalgo (LC) | 8 *villanía*: vilanía (LC) | 12 *súa*: sua (FV2, LC, M) | 13 *I anque*: y anque (FV2). LC omite i. *probe*: pobre (LC) | 14 *blasós*: brasós (LC) | 17 nacido de nobre alcuña (LC) | 18 *súa*: sua (FV2, LC, M) | 20 *villanía*: vilanía (LC) | 21 *vós*: vos (FV2, M) | 23 i: y (LC, FV2).

- 25 O amor ten as súas dozuras
que se volven cada día
en ácedas reprensións
(...) bravía.
—Señora, é ben diferente
- 30 a vosa i-alma da miña;
non desconfiei de vós,
nunca desconfiaría,
que anque amárades a outro
eu nunca celos tería,
- 35 mentres vós me querás algo
amándovos morrería.
Adiós, pois, miña señora,
confíe en min, miña vida,
nobreza do corazón
- 40 uno á miña fidalguía.
—Adiós, adiós, meu fidalgo,
adiós, e que El vos bendiga!
Nosa Señora da Barca
vos socorra en mourería.
- 45 Meu grorioso san Amaro,
san Breixo e santa Lucía,
miña Virxen do Corpiño
lle garden a súa vida.
—Ide con Dios, meu amigo,
- 50 quede con Dios, miña almiña,
santa María vos traia
logo á miña compañía.

25 *súas*: suas (FV2, LC, M) | 29 *é*: e (FV2) | 30 *i-alma*: y-alma (FV2, LC) | 31 *vós*: vos (FV2, M) | 34 *celos*: ciumes (LC) | 35 *vós*: vos (FV2, M) | 39 *corazón*: coraçon (FV2) | 40 *á*: â (FV2) | 42 *El*: el (FV2) | 51 *María*: Mariã (FV2) | 52 *á*: â (FV2).

Así a despedida foi
de Amaro Beira da Silva
55 e a nena dos ollos garzos,
hermosa dona María,
e cando volveu da guerra
con ela casarse había,
pero antes de se casaren
60 van facer unha visita
a San Andrés de Teixido
i á groriosa Santa Minia
e fóronse casar logo
a aquela santa capilla
65 da nobre Virxen da Barca
Nosa señora os bendiga!
(Sobrado)

Fontes:

FV2 2 f. (22 x 16 cm). Numerados: “1” e “2”.

LC (1959, pp. 243-244). “Decídeme meu fidalgo” e “A despedida”.

M 1 f. (21 x 13 cm). Numerado na esquina superior dereita: “33”. Comentario de Murguía transcritto nos Apéndices [§ c II, 12].

LC publica desde o verso 37 ata o final como un texto diferenciado (1959, pp. 242-243), pero non o tira de manuscrito, senón dunha publicación de Murguía (1915b, pp. 11-12) na que se indica que procede de Arzúa e que o recibiu a través de Alejandra en torno a 1868. En 1915 Murguía xa non tiña acceso aos papeis que lle cedera a Said, falecido en 1914, polo que é posible que os dous fragmentos, nunha segunda copia, se separaran.

A localización, Sobrado, probablemente se refira a Sobrado, Viladavil, Arzúa.

55 *garzos*: garços (FV2). LC omite “e” | 56 *hermosa*: fermosa (LC) | 62 *á*: a (FV2, LC) | 63 *fóronse*: foronso (FV2) | 67 (*Sobrado*): Segundo LC procede de Arzúa.

[II, 13]

[Á FONTE FOI A MENIÑA]

Á fonte foi a meniña
blanca como el alba nieve,
como es ella tan garrida
nadie a mirarla se atreve.
5 Por alí vén un soldado,
por alí un soldado vén,
el mirouna cos seus ollos,
o corazón lle fireu.
Sacou da bolsa un espello,
10 á meniña llo entregou.
—Mírese a este espello, nena,
nunca se en outro mirou.
Da fonte vén Alba Nieve,
como sempre vén garrida,
15 y la que fue tan alegre
torna triste y abatida.
Albas Nieves, Albas Nieves,
a meniña máis garrida
colle un meniño no colo
20 que seu fillo parecía.
O meniño é como un sol
e moito se nel revía.

1 Á: Â (FV2), A (A, LC). *foi*: foy (A) | 2 branca como a alba neve (LC). *alba*: alva (A) | 3 como ela é tan garrida (LC) | 4 ningún a mirala se atreve (LC). *a*: á (FV2, A) | 5-6 *vén*: ven | 7 *cos*: c'os (FV2), côs (LC) | 8 *corazón*: coração (FV2), corazón (A). *fireu*: en letra de Víctor Said Armesto, a lapis : "colleu, tolleu?, fireu?" (A) | 10 *á*: â (FV2, LC) | 11 *mirouse no espello a nena* (LC). *a*: á (A). Puntación desta edición | 12 *en outro*: n-outro (LC) | 13 *vén*: ven (FV2, LC) | 14 *vén*: ven (FV2, LC) | 15 e a que fora tan alegre (LC) | 18 *máis*: mais (FV2, A), tan (LC) | 21 *é*: e (FV2, A) | 22 *se nel revía*: n-el se vía (LC). *revía*: rebía (A).

Albas Nieves, Albas Nieves,
aquela nena garrida
25 desta maneira cantaba,
desta maneira decía:
—Cerré puertas y ventanas
para que no entrase el sol,
mis ilusiones son muertas,
30 destrozado el corazón.
Dime tú, pena, mi pena,
la que me causa pesar,
dime, pena, si te marchas
o me acabas de matar.
35 Al hijo de mis entrañas
padre no le ha de faltar,
si no lo halla en esta tierra
en otra lo ha de encontrar.
Niñas, cuando vos peinedes
40 mirarvos en la corriente,
que otro espejo no hallaredes
como el agua de la fuente.

(Santiago)

Fontes:

- A 1 f. por dúas caras. Apareceu descolocado en SA-17 (I) entre os papeis que serviron de base para *Poesía popular galega* de Víctor Said Armesto e con algunhas anotacións a lapis deste.
- FV2. 1 f. (16 x 23 cm). Papel pautado en sentido transversal ao texto, dúas columnas. Verso en branco.
- LC (1959, pp. 129-130).

23 *Albas ... Albas*: alvas ... alvas (A). *Nieves ... Nieves*: neves ... neves (LC) | 25 *desta*: d'esta (A). *cantaba*: cantava (A). LC omite este verso | 26 *desta*: d'esta (A, LC). *decía*: decia (A) | 27-30 A agrupa estes versos cun signo que parece indicar que a secuencia se repite | 27 *ventanas*: bentanas (A) | 30 *corazón*: corazon (FV2, A) | 31-34 Puntuación desta edición | 31 *tú*: tu (A, FV2) | 34 *o*: ó (A) | 35-38 A agrupa estes versos cun signo que parece indicar que a secuencia se repite | 38 *ha*: á (A) | 39-43 *nenas cando vos peinedes / na veira da fonte fría / outro espello non busques / que a y-auga, como eu facía* (LC) | 41 *hallaredes*: allaredes (A) | 43 Nota de A: "Este romance lo aprendí en Santiago / lo cantaba una muger en la plaza no re-/cuerdo quien".

[II, 14]

EU XUNGUÍN OS MEUS BOICIÑOS

Eu xunguín os meus boiciños
e leveinos á arada,
e no medio do camiño
olvidouseme a aguillada.
5 Volvín á casa por ela.
achei a porta pechada;
—Ábreme a porta, muller!
Ábreme a porta, malvada!
—Como che hei de abri-la porta
10 se estou facendo a colada?
—A colada que tu fas
é estar co crego na cama.
Púxenlle o ombreiro á porta
e arrumbeina sin gran calma,
15 abrina por fin e entrei,
deiteime onde acostumaba,
mirei darredor e vin
bulir debaixo da cama.
Pregunteille á muller:
20 —Que está debaixo da cama?
—É o gato do convento
que anda tras da nosa gata.

1 *xunguín*: junguín (FV2) | 2 *á*: â (FV2, LC) | 4 *olvidouseme*: olvidouseme (FV2) | 5 *á*: â (FV2), a (LC) | 7 *Ábreme*: abreme (LC) | 8 *Ábreme*: abreme (LC) | 9 *Como*: Cómo (LC). *che hei*: che ei (FV2), ch'hei (LC). *de abri-la*: d'abril-a (LC) | 11 *fas*: fás (FV2), faz (LC) | 12 *é*: e (FV2, LC). *co*: cô (LC) | 13 *ombreiro*: hambreiro (FV2). *á*: â (FV2), a (LC) | 14 *sin*: sen (LC) | 15 *abrina*: abrin-a (FV2). *e entrei*: y-entrei (LC) | 17 *darredor*: d'arredor (LC). *vin*: vín (FV2) | 18 *bulir*: bulír (FV2) | 19 *á*: â (FV2, LC) | 20 *Que está*: Qu'está (LC). Engadimos o signo de interrogación | 21 *é*: è (FV2), eche (LC) | 22 *tras*: atrás (LC).

- Nunca vin gato raxado
e coa cabeza pelada.
- 25 Traime pra cá a carabina
que lle hei tirar á cara.
Ao ouvir esto o gato
saíuse pola ventana.
- Que é aquilo, criado,
30 que saíu pola ventana?
—Éll'o frade do convento
que anda tras da nosa ama.
- Quen te me dera, muller,
no medio daquela arada
35 con cen carros de carbón
i outros tantos de boa rama,
i outros tantos de recina
para abrasarte, malvada!
- Quen te me dera, marido,
40 no medio daquela sala
con cuatro fachas encendidas
i a cor amarillada,
e cuatro cregos á porta
dicindo: “que saia, saia!”
- 45 qu'o loito que había pór
é unha baeta encarnada
pra que os viciños dixesen:
“Que viuda tan honrada!”

23 *raxado*: rajado (FV2) | 24 *coa cabeza*: co'a cabeça (FV) | 25 *pra cá*: pracó (LC), para ca (FV2) | 26 *lle hei*: lle ei (FV2), ll'ei (LC). *á*: â (FV2, LC) | 27 *ouvir*: ouvir (FV2) | 28 *saíuse pola*: saíuse pol-a (FV2), brincou pol-a (LC) | 31 *Éll'o*: è llo (FV2), elle o (LC) | 32 *tras*: atrás (LC) | 34 *daquela*: d'aquela (FV2), de aquela (LC) | 35 *carbón*: carbon (FV2) | 36 *i outros*: y outros (FV2), y-outros (LC) | 37 *i outros*: y outros (FV2), y-outros (LC) | 38 *abrasarte*: queimarte (LC) | 40 *daquela*: d'aquela (FV2, LC) | 41 *cuatro*: catro (LC). *encendidas*: alcendidas (LC) | 42 *cor*: côor (FV2), côr (LC) | 43 *cuatro*: catro (LC). *á*: â (FV2, LC) | 44 *saia, saia*: saia saia (FV2), saya saya (LC). Comiñas desta edición | 45 *qu'o*: Co (FV2). *pór*: pôr (LC), por (FV2) | 46 *unha*: una (FV2). Engadimos é para lle dar sentido ao versos | 47 *viciños*: veciños (LC) | 48 Engadimos a exclamación e as comiñas.

Fontes:

FV2 1 f. (22 x 16 cm). Texto en dúas columnas. Verso en branco.

LC (1959, pp. 272-275).

[II, 15]

LEVANTOUSE MANUEL

Levantouse Manuel
un lus pola madrugada
e xungueu os seus boiciños,
e camiñou prá arada.
5 Recordou polo camiño
lle esquecera a súa aguillada,
volveu á casa por ela,
topou a porta cerrada.
—Ábreme a porta, Maruxa!
10 Ábrem'a porta, malvada!,
que no medio do camiño
recordóuseme a aguillada.
—Vente, maridiño, vente,
e veñas en hora mala,
15 téñoche a roupa da seiva,
voulle facer a bogada.
Como a casa é tan pequena
e a vista tan reparada,
choei a porta por iso
20 que tu atopache cerrada.
—E que é aquilo, Maruxiña,
que está debaixo da cama?
—Éch'o gato do convento
que vén ver a gata parda.

3 *xungueu*: jungueu | 5 *polo*: pol-o | 6 *súa*: sua | 7 *á*: â | 9 *Maruxa*: Maruja | 15 *téñoche*: teño-
che | 17 *é*: è | 21 *é*: è | 23 *Éch'o*: Echo | 24 *vén*: ven.

- 25 —Teño andado moitas terras
de Sevilla pra Granada,
e non vin gato nin gata
coa cabeza rapada.
Trai d'alí a miña escopeta
30 e tirareille unha bala.
—Non faigas eso, marido,
non teñas tan mala alma,
que si tu bebías bon viño,
el era quen cho pagaba;
35 os teus fillos e os meus
el os vestía e calzaba.
—Dios te me dera, muller,
no porto de Augaderrama
con vinte carros de leña
40 e outros tantos de retama.
—Dios te me dera, marido,
envoltiño nunha saba,
coa color amarela,
coa narís ben afiada
45 e cos cregos diante a porta
dicíndoche: “saia, saia”.

Fontes:

fv2 1 f. (22 x 16 cm).

[II, 16]

MEU COMPADRE SANTO ANTÓN

Meu compadre santo Antón,
vós da groria foste rei,
o fillo da fror da palma,
defensor da vosa lei.
5 —Deixa de fregar, Antonio,
ven acá xa de repente,
ven acodir a teu pai
que morre inocentemente.
—Nosentemente non morre
10 nin na morte foi culpado,
levántate, hombre muerto,
no seu hospital enterrado.
Por hallar un home morto
de parte do omnipotente
15 dícame quen te matou,
desengáñame esta gente.
—Ese home non me matou
nin con el tiven señaís;
foron falsos testimonios,
20 enemigos moito máis.
O home que me matou
na compañía o levais,
e non quer o rei da groria
que vos desengañe máis.
25 Adiós, que vou para Italia,
meu sermón vou acabar:

1 Antón: Anton | 2 da: dá. rei: reis | 3 o fillo: os fillos | 4 da vosa lei: das vosas leis | 5 Sen
marca de diálogo | 6 xa: ja | 9 Sen marca de diálogo | 15 dícame: diceme | 17 Sen marca de
diálogo | 20 máis: mais | 24 máis: mais | 26 sermón: sermon.

o meu nome era Fernando
e mudeino para Antonio
pra librar as crianciñas
30 da tentación del demonio.
Polos difuntiños todos,
todos hemos de rogar
que Dios os tire de penas,
y los lleve a descansar.
35 (A Pobra do Caramiñal)

Fontes:

FV2 1 f. (23 x 17 cm).

[II, 17]

SABELA, MIÑA SABELA

Sabela, miña Sabela,
Sabela, madama miña,
dime por quen trás o loito
i esa color desmaída.
5 —Tráigollo por miña nai
que na ialma lle quería.
—Dime donde está enterrada,
qu'eu a rezárchelle viña.
—Aló enriba no altar
10 xunto da Virxen María.
Mirou pra unha sepultura
en donde un letreiro había
con letras d'ouro que dicen
ser a propia qu'el decía.
15 Meteu a man par'abaixo,
tirou por ela pra riba
i ela era Branca Rosa
e saíu Rosa frorida.
(Verín)

Fontes:

FV2 1 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man. No dorso a lapis: "(18)".

LC (1959, p. 321). Trechos de romances, I.

3 *dime*: dime (FV2). *trás*: tras (LC) | 4 *i*: y (FV2, LC) | 5 *Tráigollo*: Traigoio (FV2) | 7 *Dime*: díme (FV2) | 8 *a*: á (FV2). *rezárchelle*: rezarchelle (LC) | 9 *Aló enriba*: Alá arriba (LC) | 10 *xunto*: junto (FV2). *Virxen*: virgen (FV2) | 15 *par'abaixo*: par'abáixo (FV2), para baixo (LC) | 17 *i ela*: y ela (FV2), y-ela (LC) | 18 *saíu*: saíu (LC) | 19 LC omite a localización.

[II, 18]

XENEROSO CAPITÁN

Xeneroso capitán
que vén a esta terra
pra quintar os soldados
e levalos á guerra,
5 cento leva quintados,
trinta voluntarios foron.
Dos quintados
un mui triste vai á guerra.
—Por que vas triste, soldado?
10 Por que te vas triste a ela?
—Eu non vou por pai nin mai
nin cormanciños que teña,
vou por unha dama e doncela
que levo medo que me morra.
15 —Sete anos te dou d’ausolto,
que te volvas por onda ela.
Ó cabo dos sete anos,
que te botes á guerra.
—Volta, meu cabalo, volta,
20 volta antes que se morra.
Chegando a ver a capilla
de Rodomi,
o cabalo se m’espanta;
eu tamén m’espuliñei,
25 oín unha voz que decía:

1 *Xeneroso*: Generoso (FV2). *capitán*: capitán (FV2, MF) | 2 *vé*n: veu (SA), vên (MF). *terra*: guerra (FV2, MF). FV2 corrixe sobre *terra*, máis fiel á edición de Milá que ao sentido do texto | 4 *levalos* á: leval-os á (FV2). *guerra*: terra (FV2, Mfilá) | 11 *mai*: nai (SA) | 13 *doncela*: donzella (FV2) | 18 *á*: â (FV2) | 25 Nota de Murguía á marxe: “Milá” no manuscrito FV2.

- Non teñas medo, caballero,
non me teñas medo a min,
que son a dama e doncella
que algún tempo te servín.
- 30 —Se es a dama e doncella
que algún tempo me serviches,
por que no'me falas a min?
Se es ti a dama e doncella
que algun tempo me serviches,
- 35 por que non bicas a min?
—Os labios con que te bicaba
na terra xa os metín.
Abur, caballero, abur,
non podo estar máis eiquí
- 40 porque os infernos están
agardando xa por min.
—Se t'agardan os infernos
venderei o meu cabalo
e terei misas por ti.
- 45 —Non vendas o teu cabalo
non teñas misas por min;
cantas máis misas me teñas,
máis penas son para min.
—Se por ti agarda o inferno
- 50 venderei as miñas rentas
e terei misas por ti.
—Non vendas as túas rentas
nin teñas misas por min;
cantas máis misas me tengas,
- 55 máis tormentos son pra min.

28 *doncella*: donzella (FV2) | 30 *doncella*: donzella (FV2) | *no'me*: no me (FV2, MF). Seguimos a lectura de SA | 36 *bicaba*: vicaba (FV2) | 37 *na*: n'a (MF). *xa*: ja (FV2) | 39 *non*: no (MF, FV2). *máis*: mais (FV2, MF) | 40 *porque*: por qué (MF) | 41 *xa*: ja (FV2) | 42 *t'agardan*: te agardan (FV2) | 47 *máis*: mais (FV2) | 52 *túas*: tuas (FV, MF) | 54 *máis*: mais (FV2) | 55 *máis*: mas (FV2).

O día da miña morte
mal día che foi por min,
por olvidarme de Dios
e por membrarme de ti.
60 Si te casas, meu soldado,
cásate en Valladolid;
a primeira filla que teñas
poñeraslle com'a min,
pra que cando chames, sepas
65 acordarte ti de min.

Fontes:

- FV2 1 f. (22 x 16 cm) Papel pautado á man. Recortado en dous anacos.
MF Milá y Fontanals, *De la poesía popular gallega* (1887, pp. 69-70).
SA Saco Arce (1987, p. 229).

Nota marxinal, en letra de Murguía: “Milá”.

É un texto enviado a Milá por Saco Arce. Indicamos algunha variación de Saco Arce polo seu interese na orixe do texto.

59 e *por membrarme*: por acordarme (SA) | 64 *sepas*: sepeas (FV2, MF, SA) | 65 Despois do último verso SA identifica o lugar de recollida: “Puga, Toén”.

[II, 19]

[POR UNHA MAÑÁ DE RAMOS]

Por unha mañá de Ramos,
ó punto que amañecía,
dixolle o conde ó sarxento:
—Vamos ver a nosa vila
5 que xa n'estou acordado
da xente que nela había.
Encontraran dúas damas
vindo da misa do día,
unha vestida de branco
10 i a outra de grana fina.
Dixolle o conde ó sarxento
cual delas lle parecía.
—A do branco ben parece
i a da grana ind'é máis linda.
15 Quedaran ambos mirando
ond'as damas se metían:
foise unha prá cas da nai
i a outra prá cas da tía.
Vindo pola media noite
20 sarxento á porta batía:
—Quen á miña porta bate
a moito s'estrevería.

2 ó: ô (FV2, MN) | 3 ó: ô (FV2, MN) | 4 Engadimos o signo de diálogo | 5 xa: ja (FV2). *n'estou*: n-estou (FV2, MN) | 6 *xente*: gente (FV2). *había*: habia (MN) | 7 *dúas*: duas (FV2, MN) | 10 *i a*: y a (FV2), y-a (MN) | 11 *Dixolle*: Dixolle (FV2). *ó: ô* (FV2, MN). *sarxento*: sargento (FV2) | 12 *delas*: d'elas (FV2, MN) | 13 Engadimos o signo de diálogo | 14 *i a*: y a (FV2), y-a (MN). *da*: d'a (MN). *ind'é máis*: ind'è mais (FV2) | 16 *ond'as*: onde as (FV2). *damas*: d'amas (MN). *metían*: metian (FV2, MN) | 17 *prá*: pra (FV2, MN). *da*: d'a (MN) | 18 *i a outra*: y a outra (FV2), y-autra (MN). *prá*: pra (FV2, MN) | 19 *pola*: pol-a (FV2, MN) | 20 *sarxento*: sargento (FV2). *á*: â (FV2, MN) | 21 *Quen*: Quén (MN). *á*: â (FV2).

—Eu sarxento sou, señora,
veño buscar a súa filla.
25 —A miña filla, sarxento,
marchou prá cas de súa tía.
—Pois marchare ou non marchare,
eu sin ela non m'iría...

Fontes:

MN Carta de Manuel Núñez González a Murguía [§ co 3].

FV2 1 f. (23 x 17 cm).

23 *sarxento*: sargento (FV2) | 24 *á súa*: â sua (FV2) | 26 *prá*: pra (FV2, MN). *súa tía*: sua tia (FV2, MN) | 27 Nota de MN: “Creo que queda incompleto. Veré si puedo completarlo”.

[II, 20]

SILVANA

Era a princesa Silvana
Silvana Rosa María,
filla dun rei poderoso
que aló noutro tempo había.
5 Foi hermosa, nunca houbera
outra tan hermosa e linda,
tiña com'as azucenas
a cara descolorida.
Cando se ríe parece,
10 anque é triste a súa sorriso,
o sol que detrás dos montes
se pon ao morrer do día.
E nos seus ollos azules
parés que se adiviñaba
15 a tristura que se esconde
en tan candorosa alma.
Parecen as súas bágoas,
como ela é tan hermosa,
o orballo da mañán
20 sobre as follas dunha rosa.
Silvana estaba unha tarde,
tarde era do mes de abril,
vestida de branco liño
no seu frorido xardín.
25 O pai así que a veu sola
d'aqueste modo lle diz:
—Silvana, Rosa María,
filla, ti que fas aquí?

3 *dun*: d'un (FV2) | 4 *noutro*: n-outro (FV2) | 7 *azucenas*: açucenas (FV2) | 10 *é*: è (FV2). *súa*: sua (FV2) | 18 *é*: è (FV2) | 19 *orballo*: orvallo (FV2). *mañán*: mañan (FV2) | 24 *xardín*: jardín (FV2) | 28 *tí*: tí (FV2, LC). Interrogante desta edición.

—Pai e señor, collo rosas,
30 das que hai por este xardín.
Mais dígame, meu padriño,
por que me mirás así?
—Eu mirarte, miña filla,
que d'amor morro por ti.
35 —Meu pai, anque son hermosa
inda non lle son ruín.
—Anda, traidora, a unha torre,
que te hei de cerrar alí
sete anos menos un día
40 sin quen se doia de ti.
Ao cabo de sete anos
asomouse a unha ventana,
alí veu os seus irmáns:
—Dádeme un pouco d'auga
45 que teño lume no peito,
do corpo me foxe a ialma.
—Silvana Rosa María,
tírate desa ventana,
sabe que por causa túa
50 a reina está mal casada.
Non come co rei na mesa
nin dorme con el na cama,
está sempre na cociña
como unha triste criada.
55 Foise Silvana María,
moi triste e desconsolada.
Veu estar as súas irmáns
bordando panos de Holanda.

30 *xardín*: jardín (FV2) | 34 *d'amor*: de amor (LC). *ti*: tí (FV2, LC) | 37 *a*: á (FV2) | 38 *hei*: ei (FV2) |
40 *quen*: que (FV2) | 42 *asomouse*: asomou-se (FV2). *a*: á (FV2) | 43 *alí*: Alí (FV2). *irmáns*: hirmans
(FV2) | 46 *foxe*: foge (FV2). *ialma*: y-alma (LC2) | 48 *desa*: d'esa (FV2, LC) | 49 *túa*: túa (FV2, LC) |
51 *co*: c'o (FV2), cô (LC). *na*: â (LC) | 52 *el*: él (LC) | 54 *como unha*: com'unha (LC) | 57 *súas irmáns*:
suas hirmans (FV2), suas irmans (LC).

- Irmáns miñas, irmanciñas,
60 dádeme unha sede d’auga
que teño lume no peito
e teño dores na ialma.
—Déracha, Rosa María,
dariámoscha, Silvana,
65 mais si o sabe noso pai
a cabeza nos cortara.
Tornouse Silvana Rosa
e asomouse a unha ventana,
veu estar o rei seu pai
70 que polo xardín paseaba:
—Pai e señor, vós meu pai,
non me terés perdonada?
Vede que morro de sede,
dádeme unha pouca d’auga.
75 —Dareicha, Silvana Rosa,
s’eres miña enamorada.
—Eu lume teño no peito
e dores teño na ialma,
mais anque de sede morra
80 non serei súa namorada.
Miña nai, miña naiciña,
miña nai que me parira,
dóíase da súa Silvana,
dóíase da súa filla,
85 mire que morre de sede
e que se queda sin vida.
—Silvana da miña alma,
miña filliña querida,

59 *Irmáns*: Hirmans (FV2). *irmanciñas*: hirmanciñas (FV2) | 60 *dádeme*: dáde-me (FV2) | 63 *Déracha*: déra-cha (FV2) | 64 *dariámoscha*: daríamos-cha (FV2) | 66 *cabeza*: cabeça (FV2) | 67 *Tornouse*: Tornou-se (FV2) | 68 *asomouse*: asomou-se (FV2) | 70 *polo xardín*: pol-o jardín (FV2), pol-o xardin (LC) | 71 *vós*: vos (FV2, LC) | 75 *Dareicha*: Darei-cha (FV2) | 78 *ialma*: y-alma (LC) | 80 *súa*: sua (FV2, LC) | 83 *dóíase*: dóia-se (FV2). *súa*: sua (FV2, LC) | 84 *dóíase*: dóia-se (FV2). *súa*: sua (FV2, LC) | 87 *alma*: y-alma (FV2).

se o rei teu pai o sabe
90 hame de quitar a vida.
Nada me importa meu home,
meu home n'importa nada.
Vaian, vaian, meus criados,
por portas e por ventanas!
95 Levade augua en xerros d'ouro,
levádea en xerros de prata,
levádelle á miña filla,
á miña pobre Silvana!
Os que máis pronto chegaron
100 por portas y por ventanas
foron as súas doncellas,
que eran as que máis a amaban;
mais todos chegaron tarde
pois Silvana morta estaba,
105 morta nun leito de rosas,
nun leito de rosas brancas,
e na cabeceira tiña
unha palomiña branca
que era Santa María
110 nosa Virxe soberana.

Fontes:

FV2 2 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á mán. Pola ligazón entre palabras, parece estar copiando dun texto transcrito por Murguía.

LC (1959, pp. 209-210). Versos 21 a 90.

Trátase de “Silvana e Delgadina” (Mariño e Bernárdez 2021, pp. 191-192), sobre o desexo incestuoso do pai pola súa filla. Publicado por Murguía (1878)

90 *hame*: ha-me (FV2). *quitar a*: tira-la (LC) | 95 *xerros*: jerros (FV2) | 96 *xerros*: jerros (FV2) | 97 *levádelle á*: levade-lle â (FV2) | 98 *á*: â (FV2) | 99 *máis*: mais (FV2) | 101 *súas*: súas (FV2) | 102 *máis*: mais (FV2) | 107 *cabeceira*: cabeçaeira (FV2) | 110 *Virxe*: Virge (FV2).

[II, 21]

SILVANA

Paseándose Silvana
por un corredor arriba
llevaba diadema de oro,
vestido de plata fina.
5 Su padre que así la vio
deste modo le decía:
—¿Qué haces aquí, Silvana,
tú que haces, hija mía?
—Vengo, señor, a pasearme,
10 que siempre hacerlo solía.
—Al mirarte tan hermosa
estoy pensando, hija mía,
que has de ser mi enamorada
aunque me cueste la vida.
15 Silvana que aquesto oyó
tornose descolorida,
del color de los jazmines
que en aquel jardín había.
—No permita Dios del cielo
20 ni la Virgen soberana
que yo enamorada fuere
del padre que me engendrara.
El padre que aquesto oyó
n'una torre la encerraba,
25 no le da para comer

1 *Paseándose*: Paseandose (M) | 5 *vio*: vió (FV2) | 8 *tú*: tu (FV2, M) | 12 *mía*: mia (M) | 22 *engendrara*: engendrada (M), enjendrara (FV2) | 24 *n'una*: nuna (M, FV2).

más que sardinas saladas,
no le da para beber
sino una jarra de agua.
Al cabo de siete años
30 se asomaba a una ventana
y vio estar a sus hermanos
que por un jardín andaban.
—Hermanos, si lo sois míos,
dadme una jarra de agua,
35 que tengo fuego en el pecho,
la garganta se me abrasa.
Al oírla hablar así,
ellos volvieron la espalda,
y de allí tornó Silvana
40 mucho más desconsolada.
—Padre, mi padre y señor,
dadme una gota de agua,
que la boca se me seca,
la garganta se me abrasa.
45 —Te la daré, Silvanita,
será con miel y naranja,
si consientes, hija mía,
de seres mi enamorada.
—No permita Dios del cielo
50 ni la Virgen soberana
que yo enamorada fuere
del padre que me engendrara.
Madre mía, madre mía,
dadme una poca de agua,
55 que la boca se me seca,
la garganta se me abrasa.

33 *míos*: *mios* (FV2) | 37 *oírla... así*: *oirla ... asi* (M) | 43 que tengo fuego en el pecho (FV2) |
44 como lo tengo en el alma (FV2) | 45 Signo de diálogo desta edición | 47 *mía*: *mia* (FV2) |
48 *seres*: *seres* (M, FV2) | 49 Signo de diálogo desta edición | 53 *mía... mía*: *mia... mia* (FV2).

—Vayan, vayan mis criados
por puertas y por ventanas,
unos con jarro de oro,
60 otros con jarros de plata.
Por muy pronto que llegaron
Silvana ya muerta estaba,
toda cubierta de rosas,
de azucenas coronada.
65 Y a la cabecera tiene
una palomita blanca,
que era la madre de Dios,
que es la Virgen soberana.
Los cencerros del infierno
70 por el mal padre doblaban.
Unos dicen: ¡muera!, ¡muera!
Otros dicen: ¡vaya!, ¡vaya!
Otros dicen: ¡al infierno!,
¡al infierno con su alma!

Fontes:

FV2 2 f. (17 x 22 cm). Pautadas á man. A segunda, numerada: (2). O verso de cada folla en branco. FV2 engade baixo o título: “(Versión Castellana)”.

M 4 f. (11 x 21 cm). Numeradas (1-4). O verso de cada folla en branco.

O romance foi publicado por Murguía (1878).

58 por las puertas y ventanas (FV2) | 59 jarro: jarros (FV2).

[II, 22]

EL ESCUDERO DEL REY

- El escudero del rey
vai por la calzada arriba,
si los cabelos son d'ouro,
la pucha é de plata fina.
- 5 Que sube la calzada,
 que súbela, meniña.
 Lleva la cruz de Santiago
 en el arzón de la silla.
 Que sube la calzada,
10 que súbela, meniña.
 Si lle mirades a cara,
 moito ao rei se somellaba.
 Que súbela, meniña,
 que sube la calzada.
- 15 Mais non é paxe nin deudo,
 parente nin cabaleiro,
 que do rei era escudeiro,
 mais non saben d'onde viña
 nin cal é o nome que tiña.
- 20 Que sube la calzada,
 que súbela, meniña.
 Ninguno saber podía
 si ten don ou señoría,
 solo que súa maxestá
- 25 no escudeiro se revía.

4 é: è | 8 arzón: arzon | 10 súbela: subela | 13 súbela: subela | 15 é: è. paxe: page | 19 é: è | 24
súa maxestá: sua magestá.

I anque se reverá nel,
ningún milagre facía.
Que sube la calzada,
que súbela, meniña.
30 Unos le llaman don Juan,
aquehoutros don García.
Que sube la calzada,
que súbela, meniña.
Anque ch'el veña del Austria,
35 non gasta cara de Hungría.
Que sube la calzada,
que súbela, meniña.

Fontes:

FV2 1 f. (23 x 16 cm).

Coincide parcialmente con “Señor infante Farol” [§ II, 26], recollido por Alejandra. Nos versos 32 e 33 parece a típica ligazón de palabras de Murguía, tal vez por estar copiando FV2 un manuscrito del.

[II, 23]

O CONDE LÉVANO PRESO

O conde lévano preso,
o conde Miguel de Prado,
non por mortes que ficese
nin por roubos procesado,
5 si por querer a unha nena
no Camiño de Santiago.
Ela é parenta do rei,
sobriña do Padre Santo,
com'era de tal linaxe
10 xa fortes prisiós lle han dado.
E decía o señor conde,
o conde Miguel de Prado:
—Si estivera aquí meu primo,
ai! meu primo don Bernaldo!
...
15 O rei dend'o seu balcón
vira vir a don Bernaldo
con nova espada no cinto,
trazas de detreminado.
—Sube arriba, sube arriba,
20 e xogaremos un rato.
Aló no medio do xogo
unha voz sonou cramando:

5 a: á | 6 *Camiño*: camiño | 7 é: è. *Rei*: Rey | 9 *linaxe*: linage | 10 xa: ja | 11 *decía o*: decir áo | 12 o: ao. Interpretamos un erro de fv2 copiando á Murguía, que tende a acentuar o o. Puntos suspensivos indicando lagoa despois deste verso. Engadimos dous puntos, considerando que non hai tal lagoa | 13 Signo de diálogo desta edición | 14 Puntos suspensivos indicando lagoa despois deste verso | 15 *rei*: Rey. *balcón*: balcon | 19 Engadimos signo de diálogo | 20 *xogaremos*: jogaremos | 21 *xogo*: jogo.

- “Ai, don Bernaldo! teu primo
xa vai a ser aforcado.”
- 25 Trinta pasos de escaleira
dun brinco saltou Bernaldo,
das calles, por onde el iba
quedan as pedras tembrando.
Chegou aló, veu qu’o primo
- 30 logo iba a ser aforcado,
deu un puntapé á forza
e no chan a ha tumbado,
deu un sabrazo ao verdugo
e deixouno escabezado.
- 35 Xa salvo vos queda o conde,
o conde Miguel de Prado.

Fontes:

- fv2 1 f. (16 x 22 cm). Papel pautado á man. Texto en dúas columnas. O sete últimos versos, na segunda columna. Sospeitamos que copia un manuscrito de Murguía, pola ligazón en “de Santiago” (v. 6).

23 Ai: ai | 24 xa: ja | 26 dun: d’un | 27 iba: iva | 29 veu: veo | 30 iba: iva | 31 á: â | 32 a ha:
a’ha | 35 Xa: Ja. Engadimos a coma.

[II, 24]

[ÍNDOSE UNHA LAVANDEIRA]

Índose unha lavandeira
pola beira dunha fonte
veu vir a Nosa Señora,
toda cuberta de loito.
5 —Que tedes, Nosa Señora,
Señora do meu amor?
—Matáronm'o meu filliño,
prenda do meu corazón:
está colgado nunha cruz,
10 como un infame pendón
por lle facer ben ao mundo,
prenda do meu corazón.
—Cálese, Nosa Señora,
señora do meu amor,
15 porque tamén o miñado
os filliños me levou.
—Vente, vente lavandeira,
vente ti embora comigo,
iremos chorar as dúas
20 da outra banda do río.

Fontes:

FV2 1 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man.

Toda a puntuación é desta edición.

1 *Índose*: Indose | 2 *pola*: pol-a. *dunha*: de unha | 5 Signo de diálogo desta edición | 7 *Matáronm'o*: mataronmo | 8 *corazón*: coraçon | 10 *pendón*: pendon | 11 *ben*: ven | 12 *corazón*: coraçon | 13 *Cálese*: Càlese | 15 *tamén*: tamen | 18 *embora*: en bora | 19 *iremos*: Yremos. *dúas*: duas.

[II, 25]

NOSA SEÑORA DA BARCA

- Nosa Señora da Barca
iña polo mar abaixo
na súa lancha dourada
feita de pau de naranxo.
5 Anque a barquiña era dela
aniñouse nun rincón.
Jesús, que linda parece
arrimada ó seu bordón.
Un ánxel terma dos remos,
10 outro terma do timón,
outro térmache da vela,
outro terma da veliña.
Levan os cabelos negros,
de corales a escraviña,
15 cabelos que espalla o vento
sobre da capa encarnada,
somellan rachas de noite
que van fuxindo á alborada.
Nosa Señora da Barca
20 vela aí vai pola ribeira
collendo conchiñas d'ouro,
meténdoas na faltiqueira.

2 *iña*: yña (A, FV2). *polo*: pol-o (FV2), po-lo (A). *abaixo*: abaxo (A) | 4 *naranxo*: naranjo (FV2) | 5 *a*: á (A). *dela*: d'ela (A) | 6 *nun rincón*: n'un rincon (FV2, A) | 7 *Jesús*: Jesus (FV2). Deixamos esta forma xa que Alejandra adoita utilizar o <x> para o palatal fricativo xordo | 8 *ó*: ao (FV2). *bordón*: bordon (FV2, A) | 9 *ánxel*: anjel (FV2) | 10 *timón*: timon (FV2), tímon (A) | 14 *a*: á (A) | 15 *o*: ó (FV2, A) | 17 *noite*: noiten (A, FV2) | 18 *fuxindo*: fugindo (FV2). *á*: â (FV2) | 20 *aí vai*: ai vay (A), ahí vai (FV2) | 22 *meténdoas*: mentendoas (A).

- Nosa Señora da Barca
leva un xustillo moi feito,
25 que llo dou a do Corpiño
para axustar o seu peito.
Nosa Señora da Barca,
pequeniña e ben feita,
botádeme a bendición
30 ca vosa manciña dreita.
Nosa Señora da Barca,
queimadiña polo sol,
ó pé do voso penedo
déixovos o corazón.
35 O saio leva de liño,
a faixa de fina seda,
como ela non'hai no mundo,
como ela non'hai na terra.

Fontes:

A 1 f. (13 x 21 cm). Papel pautado.

FV2 1 f. (22 x 16 cm). Texto principal en dúas columnas, comentarios ao pé ocupando toda a caixa.

Poema recollido por Alejandra na Matanza (Padrón). Parte dos versos aparecerán máis adiante en “A Virxe de Guadalupe”, coñecido popularmente como “A Rianxeira”.

24 *leva*: leba (FV2). *xustillo*: justillo (FV2). *moi*: moy (A) | 25 *a*: á (FV2, A) | 26 *axustar o*: axuntar ao (FV2), axustar ó (A). Preferimos a lectura de Alexandra, *axustar*, pola etimoloxía de *xustillo* e mais por ser ela a colectora | 29 *a*: á (FV2) | 30 *ca*: c'a (FV2) | 32 *polo*: pol-o (FV2), po lo (A) | 33 *ó*: ao (FV2). *pé*: pe (FV2, A) | 34 *déixovos*: deixovos (A, FV2). *corazón*: corazon (FV2). Nota de A: “Este romance lo aprendí en la matanza [ie. Matanza]. Tiene música y lo cantaba la madre de Zacarías. También tiene esta otra copla además de las apuntadas.”. Nota de FV2: “Este romance tiene también, además de las apuntadas, estotra copla” | 37 *non'hai*: no n'hay (FV2), no na hay (A) | 38 *non'hai*: no n'hay (FV2), no na hay (A).

[II, 26]

[SEÑOR INFANTE FAROL]

Señor infante farol,
señor infante de España,
farolade noutra terra
que aquí temos moita maña,
5 i anque lle non temos toga
falamos como togados:
señor infante farol,
farolade noutros lados.
Non queremos alguaciles,
10 xueces nin escribanos
porque todos lle sabemos
que lle son primos hermanos.
Xa teñen o inferno cheo
de alguaciles e escribanos,
15 porque todos lle sabemos
que lle son primos hermanos.
Non vos fiedes no conde,
que sirve o señor Borbón,
o señor conde é ladino,
20 o señor rei é pasmón.
Ninguno saber podía
si ten don ou señoría,
solo que súa maxestá
no escudeiro se rebía,
25 i anque se rebera nel
ningún milagre facía.

2 *España*: d'Hespaña (FV2) | 5 *i*: y (A) | 10 *xueces*: jueces (FV2) | 13 *Xa*: Ja (FV2) | 18 *Borbón*: Borbon (A) | 19 *é*: è (FV2) | 20 *rei é*: rey è (FV2). *pasmón.*: pasmon (A, FV2). A copia de FV2 remata aquí | 23 *súa*: sua (A) | 25 *i*: y (A).

Que sube la calzada,
que sube la meniña.
Unos le llaman don Juan,
30 aqueloutros don García.
Que sube la calzada,
que sube la meniña.
Anque ch'el veña del Austria,
non gasta cara de Hungría.
35 Que sube la calzada,
que sube la meniña.

Fontes:

A 1 f. (14 x 10 cm). Dous versos en cada liña. Segue no dorso a partir do verso 17.

FV2 1 f. (22 x 16 cm).

Reproducido en *Poesía popular gallega* de Víctor Said Armesto (1998, p. 262), que agrega a información de que foi recollido por Alejandra Murguía.

[II, 27]

RUFINA

(I)

—Rufina hermosa,
ti que fas aí?
—Percuro o meu gado
que perdín aquí.
5 —Percurando gado
tan hermosa dama?
—É porque nacemos
nesta mala fada.
—Percurando gado
10 tan xentil señora!
—É porque nacemos
nesta mala hora.
—Rufiniña hermosa,
15 vente connigo.
Neste monte sola
córreche peligro.

Fontes:

FV2 1 f. (22 x 16 cm).

2 *aí*: ahí. Engadimos o interrogante | 10 *xentil*: gentil.

[II, 28]

RUFINA

(2)

- Rufina hermosa,
ti que fas aí
nese monte sola
gardando ganado?
5 —Señor, eu xa lle nascín
para este traballo.
—Rufina hermosa,
vente connigo,
nese monte sola
10 córreche peligro.
—Ai, María Santísima,
quen tal m’aconsella!
Vosté quere que se perda
a hasenda allea!
15 —Eu non quero tal,
ni tal como eso,
quero que vaíamos
a tomar o fresco.
—Tal como eso
20 eu non’o farei,
que dirá meu amo
que me enridei.
—Si di teu amo
que te enredaste,
25 veu unha nube
da que t’abrigaste.

1 *Rufina*: ¿Rufina | 2 *aí*: ahí | 5 *xa*: ja | 14 *a hasenda*: á hasénda | 18 *a*: á | 20 *non’o*: nó no.

—A contar verdás,
que mentir non sei,
vou buscar o gando
30 que o perderei.
—Rufina, o gando
eu cho buscarei.
Vós vedes o majo
como vén ufano
35 con mangas de seda
gardando ganado?
—Vestidos e mangas
teño de romper,
Rufina hermosa,
40 por che dar placer.
—Vai d'aí, galán,
no me dés tormento,
que non che podo
ver co pensamento.
45 Vai d'aí, galán,
non me deas pena,
qu'ha de vir meu amo
traerme a merenda.
—Oxalá viñera,
50 oxalá chegara,
oxalá supera
que contigo estaba.
Quédate, Rufina,
quédate a boa hora,
55 vai botar o gando
daquel valo fóra.

33 Vós: vos | 34 vén: ven | 41 d'aí: d'ahi | 42 dés: des | 45 d'aí: d'ahi, galán: galan | 47 qu'ha:
c'a | 49 Oxalá: ojala | 50 oxalá: ojalá | 51 oxalá: ojala | 56 daquel: d'aquel.

—Volve acá, galán,
volve acá correndo,
que ó amor bondoso
6o xa se vai rendendo.

Fontes:

FV2 1 f. (22 x 16 cm).

[II, 29]

RUFINA

(3)

- Hermosa Rufina,
que fas por aí?
—O meu gando gardo,
non fuxa d'aquí.
5 —Hermosa Rufina,
anda, anda comigo;
pois no monte sola
ti corres peligro.
—Ai, chada de min!
10 quen tal me desea,
quer el que se perdan
facendas alleas.
—Non fales así,
non che digo eso
15 e sí que vaiamos
a toma-lo fresco.
—E se chega o amo,
que respondo eu?
—Di que t'abrigache
20 ó qu'en chober deu.
—Contando verdá,
qu'eu mentir non sei,
vou garda-lo gando,
vou, que o perderei.

2 *aí*: ahí (MV) | 4 *fuxa*: fuja (FV2, MV) | 7 *no*: n'o (MV) | 9 *chada*: Nota de MV tamén copiada por FV2: "Desdichada" | 11 *el*: él (MV) | 12 *facendas*: Fazendas (FV2) | 13 *así*: así (MV, FV2) | 15 *vaiamos*: vayámos (MV) | 16 *toma-lo*: tomal-o (FV2), toma-l-o (MV) | 23 *garda-lo*: gardal-o (FV2), garda-l-o (MV).

- 25 —O gando, Rufina,
eu cho gardaría
se ti ser quixeras
compañeira miña.
—Por Dios, maganiño,
30 que vés ben ufano,
con mangas de seda
a gardarm'o gando!
—As mangas qu'importan,
deixáraas romper,
35 hermosa Rufina,
por darche placer.
—Vai, magán, d'aí;
non me dés tormento,
que estás xa decote
40 no meu pensamento.
—Hermosa Rufina,
moi en hora boa,
vai bota-lo gando
daquel valo fóra.
45 Vait'alá, Rufina,
mais ven decontado,
qu'o que hoxe apostei
deixo aquí ganado:
unha manta ida
50 cun remendo roxo,
unha cabra cega
cun cabrito coxo,

29 *maganiño*: Nota de mv tamén copiada por fv2: “Guapote, majetón” | 30 *vés ben*: vès, bèn (mv) | 32 *a*: á (mv) | 34 *deixáraas*: dejara-as (mv), deixaraas (fv2) | 36 *placer*: plazer (mv) | 37 *magán*: magan (fv2, mv). *d'aí*: d'ahí (fv2, mv) | 38 *dés*: des (mv, fv2) | 39 *xa*: ja (fv2, mv). *decote*: de cote (fv2, mv) | 42 *moi*: moy (mv) | 43 *bota-lo*: botal-o (fv2), bota-l-o (mv) | 44 *daquel valo*: d'aquel balo (mv), d'aquel valo (fv2). *fóra*: fôra (mv) | 46 *ven*: vén (fv2) | 47 *hoxe*: hoje (fv2) | 49 *ida*: ìda (mv) | 50 *cun*: c'un (mv). *roxo*: rojo (mv) | 52 *cun*: c'un (mv).

e, de tres ovellas,
dúas que non comen,
55 outra que non sabe
onde as dúas dormen.
Homes e mulleres,
solteiriños todos,
vide a ve-lo dote
60 que me dou meu sogro.

Fontes:

MV 2 f. (21 x 14 cm).

FV2 1 f. (22 x 16 cm).

54 *dúas*: düas (MV), duas (FV2) | 56 *dúas*: düas (MV), duas (FV2) | 59 *ve-lo*: ve-l-o (MV), vel-a (FV2).

[II, 30]

[LA VIRGEN SE ESTÁ PEINANDO]

La Virgen se está peinando
debajo de la olivera,
cabellos color de noche
con cintas de primavera.
5 Cabelos son com'a noite,
ollos da mesma color,
alma branca, tornou preta,
así lla puxo a delor.
Nosa Señora choraba
10 debaixo daquel ramallo,
bágoas que can dos seus ollos
eran de mañán de orballo.

Fontes:

FV2 1 f. (24x17 cm). Papel pautado en sentido contrario ao texto.

10 *daquel*: d'aquél | 12 *orballo*: orvallo.

[II, 31]

[POR AQUELA SERRA ADIANTE]

Por aquela serra adiante
linda romeiriña iba;
levaba o pelo tan largo
qu'ás herbas se lle prendía.
5 Encontrou un cabaleiro,
d'amores a requería.
—Déixame ir honradamente
a cumprir a romaría.
Cabaleiro descortés
10 díxolle que non quería.
Anduveron brazo a brazo,
cual debaixo, cual de riba.
A nena, que era discreta,
un puñal de ouro traguía
15 i ó descortés cabaleiro
o curazón lle partía.

Fontes:

MN Carta de Manuel Núñez González a Murguía [§ co 3].

FV2 1 f. (23 x 17 cm).

4 *qu'ás*: qu'as (FV2, MN) | 5 *cabaleiro*: cavaleiro (FV2) | 6 *a*: á (MN). *requería*: requeria (FV2) | 7 *Déixame*: Deíxame (MN) | 8 *a ... a*: a ... á (MN) | 9 *Cabaleiro*: cavaleiro (FV2) | 11 *brazo a brazo*: brazo a brazo (FV2). *a*: á (MN) | 14 *traguía*: traguía (MN) | 15 *i ó*: y- ô (FV2, MN). *cabaleiro*: cavaleiro (FV2) | 16 *curazón*: curaçon (FV2).

[II, 32]

ROMANCE DE MALVELIÑA

Paseábase Malveliña
da sala pr'o quintanal,
dolores lle dan de parto,
non teñen conto nin par.
5 Tanto apertou os dedos
qu'os anillos fai crebar,
—Dios me der'estes dolores
na raia de Portugal,
Dios me dera estes dolores
10 á cas miña nai levar.
—Aló os levarás, traidora,
si t'astreves a levar,
levarás contigo un paxe
que te vaia acompañar.
15 —Se vén don Verso da caza,
quen lle m'ha dar de xantar?
—Éche don Verso meu fillo,
eu lle darei de xantar,
e da caza que nos traía
20 gardareivos a mitad.
Da perdiz será o de menos
e da pomba será máis.

1 *Paseábase*: Paseabase (M, FV2). *Malveliña*: \Dona/ Malbela (BB) | 2 *quintanal*: pro ventanál (BB) | 4 *teñen*: tenen (M) | 6 *qu'os*: que os (BB). *fai*: fay (BB) | 7 *der'estes*: der'estos (M) | 8 *raia*: raya (M, BB) | 10 *a*: á (FV2, M, BB). *nai levar*: may lebar (BB) | 13 *levarás*: levaras (M, BB). *paxe*: page (FV2, BB) | 14 *te vaia*: té vaya (M), vaya (BB) | 15 *vén don*: ven D. (FV2, M, BB). *da*: d'a (M, FV2). *caza*: casa (FV2) | 16 *m'ha*: m'á (M, BB), m'a (FV2) | 17 *Éche*: Eche (M, BB, FV2) | 18 *xantar*: jantar (FV2). Nota marxinal de M: "D. Bueso" | 19 *caza*: caça (FV2). *traía*: traya (M), traiga (BB) | 20 *gardareivos*: gardareiche (corrixido por M), gardareivos (BB), guardareivos (FV2). *a*: á (M). *mitad*: mita-e (BB) | 21 *menos*: ó de/ menos (interpolación de M) | 22 *máis*: mais-e (BB), mais (M, FV2).

- Malvela sal pola porta,
don Verso entra no portale,
25 sube arriba e non encontra
a quen soía abrazare.
—Donde vai o meu espello
donde me soía mirare?
—Por cal preguntas, meu fillo,
30 polo d'ouro ou de cristale?
—Non pregunto polo d'ouro
nin polo fino cristale,
que pregunto polo espello
en que me soía mirare.
35 —O teu espello, meu fillo,
camiñache a Portugale.
Lévache un paxe consigo,
pénsoche qu'é o seu galane.
Vente para riba, meu fillo,
40 e dareiche de xantare.
—Xuramento teño feito,
non-o hei de crebantare,
de non comere un bocado
astra Malvela encontrare.
45 —Si non a matas, meu fillo,
conmigo non terás pace.
Desaparellou a mula,
aparellou o roán
por aquela veiga verde

23 *Malvela*: Malbela (BB). *pola*: po-la (M) | 24 *portale*: Nota ao pé de m: “Desde aquí sigue la e” | 26 *soía*: soia (M), solia (BB) | 27 *vai*: vay (BB) | 28 *soía*: soia (M), solia (BB) | 30 *polo*: pó-lo (M). *d'ouro*: douro (BB). *ou*: oú (M) | 32 *polo*: po-lo (M), por lo (BB) | 33 *que*: “que”, engadido por Murguía en BB | 34 *soía*: soia (M) | 36 *camiñache a*: camiñache á (M), camiñache a (BB) | 37 *Lévache*: levache (BB, FV2, M) | 38 *pénsoche*: pensoche (M, BB) | 40 *xantare*: jantar (FV2). Nota marxinal de m no seguinte interlineado: “Aquí hay falta de versos?” | 41 *Xuramento*: juramento (FV2) xuramento (M) | 42 *non-o*: no no (M, BB). *de*: ~~que~~ (M) | 45 *a*: á (M) | 46 *pace*: paze (FV2) | 47 *a*: á (M) | 48 *o*: ó (M). *roán*: Roan (M).

- 50 vola com'un gavián,
e no medio do camiño
veulle un paxaro falare:
—Albízaras hai, don Verso,
qu'eu véño-chas a dare,
55 que Malveliña pareu
un neno com'un cristale.
—Nin o neno mame teta
nin a súa nai coma pan:
un fillo de tantos padres
60 non pode ser bo galán.
Vén ver a sogra a don Verso
e foise a el a abrazare:
—Albízaras hai, don Verso,
albízaras, ll'hei de dar:
65 Malveliña ten un neno
qu'é máis lindo que un cristal.
—Nin o neno mame teta
nin a súa nai coma pan;
si ese neno ten dous padres
70 a vida ll'ha de costar.
Dígalle que baixe pronto
antes qu'a vaia buscar;
si me fai subir qu'entenda
que a vou a asesinar.

50 *vola*: Murguía engade *voa* debaixo desta palabra no manuscrito BB. *gavián*: gavián (M) | 53 *Albízaras hai*: Albizaras ai (M), albiçaras hai (FV2), albizaras ai (BB) | 54 *qu'eu véño-chas*: qu'eu venochas (M), que eu veño-chas (BB), qu'eu veño-chas (FV2) | 58 *súa nai*: sua nay (M), sua may (BB) | 59 si ese neno ten dous padres (M) | 60 non pode ser tan galán (BB), non pode ser tan galán (FV2), a vida ll'ha de costar (M) | 61 *Vén a*: ven á (M, BB), ven â (FV2). *a*: á (M, FV2) | 62 *a*: á (M). *abrazare*: abraçar (FV2), abrazar (M) | 63 *Albízaras hai*: albizaras ai (M), albiçaras ai (FV2), albizaras ai (BB). M non inclúe o signo de diálogo | 64 *albízaras*: Alvizaras (M, FV2) | 66 (*qu'é*): Conxectura presente en M e en FV entre parénteses. Engadido por Murguía en BB. *máis*: mais (FV2, M, BB) | 68 *a*: â (M). *súa*: sua (M) | 69 Corrección de Murguía por riba do verso en BB: “si dous pais ten ese neno”. A continuación, riscado, “pais” | 70 *ll'ha*: lla (BB) | 71 *Dígalle*: digalle (M). *baixe*: baixe (BB) | 72 *qu'a vaia*: á vaya (M), que a vaya (BB). *buscar*: buscar (M, FV2) | 73 *entenda*: entendo (M, FV2) | 74 *a ... a*: á ... á (M).

- 75 Alí lle falara o padre
 como debía falare:
 —Muller dunha hora parida
 mal se pode levantar.
 —Que dunha hora ou de dúas
 80 ela ha de camiñare.
 Entonces falou a madre
 como debía falar:
 —Levántate, Malveliña,
 si te podes levantar,
 85 qu’a muller ó seu marido
 non se lle pode negare.
 Pideu á prisa Malvela
 vestido e mais que calzare,
 e máis á présa pañales
 90 pr’o meniño enmuruxare.
 Colleuno antre os seus dous brazos
 e púxoo sobre o ruane,
 anduveron sete légoas
 sin palabra se falare.
 95 Ó cabo das sete légoas
 comenza o neno a chorare:
 —A ese neno, aí!, Malvela,
 non lle deches de mamare.
 —Como ll’hei de dar, traidore?
 100 traidor, como ll’hei de dare?
 Muller dunha hora parida
 mal podía camiñare.

76 *falare*: lle debía falar (M), falar (FV2) | 77 *dunha*: d’unha (M). *hora*: ora (BB) | 79 *dunha*: d’unha (M), de unha (BB). *dúas*: duas (FV2, M, BB) | 81 *a*: á (M) | 82 *debía*: debía (M, BB) | 83 *Levántate*: Levantate (M) | 85 *ó*: ô (M) | 86 *negare*: no se lle pode negar (M, FV2) | 87 *Malvela*: Mabela (BB) | 90 *pr’o*: pr’ô (M). *enmuruxare*: emboruxare (M). No manuscrito de BB, en letra de Murguía: “enboruxar?” | 92 *púxoo*: pujo (BB), puxo (FV2, M). *o*: ó (M) | 96 *a*: á (M) | 97 *aí!*: ay! (M) | 99-100 *ll’hei*: lle hey (BB). Engadimos o signo de interrogación | 101 *dunha*: d’una (M) | 102 *podía*: podía (M).

- E si ti non qués crelo,
mira prá cola ó ruane.
- 105 Antes ruán era branco,
agora ll'é un puro corale,
i o camiño qu'andivemos
parece un río caudale.
Este neno qu'aquí levo
- 110 hasmo de dar a criare:
non llo entregues a tu madre
que cho mo vaia matare,
entregarasllo á miña
que moi ben m'o ha de cuidare.
- 115 E agora búscame un crego
que me quero confesare.
Oieuse unha voz do ceo
a Malvela consolare:
—Non t'aflixas, Malveliña,
- 120 que Dios ch'o ha de remediare,
set'anos che dá de vida
para o meniño criare.
Verso ó oír esto comeza,
comenzou así a falare:
- 125 —Oh, desgraciado de min!
Dond'hei eu de ir a parare?
Malvela morta no monte
e o neno por bautizare?
Entr'as sete e oito horas
- 130 comeza o neno a falare:
—Non te aflixas, aí!, mi padre,
non tome tanto pesare.

103 *crelo*: creelo (M) | 104 *prá cola ó ruane*: ácola ó Ruane (M), pra cola o Ruan (BB) | 105 *ruán*: Ruan (M, FV2) | 106 *ll'é*: lle' (M) | 107 *i*: y (M). *qu'andivemos*: qu'andibemos (M) | 108 *río*: río (M) | 111 *a*: á (M) | 112 *vaia*: vay (M) | 113 *miña*: Nota de M: "Entregallo á miña nai" | 117 *Oieuse*: oyeuse (M) | 121 *dá*: da (M) | 122 *meniño*: Meñino (M). *criare*: criare (BB) | 123 *ó oír*: ô ir (M) | 126 *a*: á (M) | 130 *a*: á (M) | 131 *ai*: ay! (M, BB).

Alí ten os meus padriños
que m'han de bautizare.
135 Alí ten tamén a ermita
para mi madre enterrare.
Non teña pena por ela
porqu'ós altos cielos vai,
mi padre, coide da ialma,
140 non sei si se salvará.
A traidora de mi abuela
pra o inferno vaia xa.

Fontes:

- M 2 f. (21 x 13 cm). Numeradas: “71” (na esquina esquerda da primeira folla), e “1” e “2” nas esquinas dereitas de cada unha delas. O verso da segunda folla en branco. Comentario de Murguía transcrito nos Apéndices [§ c II, 32].
- FV2 2 f. (23 x 17 cm). Incompleto. Numeradas: 1 e 2.
- BB 1 f. dobrado en dous (21 x 31 cm). Texto en dúas columnas.

Romance “A mala sogra” (Mariño e Bernárdez 2002, pp. 239-273), do que temos outra versión: “Albuela” [§ I, 42].

As tres fontes alternan “roan” e “ruan/ruane” coa mesma distribución e con maiúscula inicial coma se fose un nome propio; eliminamos a maiúscula pero mantemos a inconsistencia.

133 Alí: ali (M, BB) | 135 Alí ... tamén: Ali... tamen (M, BB). a ermita: á hermita (M) | 138 porqu'ós: por qu'os (M), que os, modificado por Murguía introducindo “por” diante (BB). vai: vay (M) | 139 ialma: yalma (M) | 141 abuela: Nota de M: “Tr[aidora]: de miña aboo”.

[II, 33]

[TODA CUBERTA DE NUBES]

Toda cuberta de nubes
chegouse Nosa Señora:
—Agarímate onda min,
miña alma pecadora.
5 Eu chegárame onda vós,
miña dona e miña dama.
Miña alma non é miña,
téñolla ó demo entregada.
Cunha folla de romeu
10 cúrbete, alma pecadora.
Ela che abrirá camiño
polas portiñas da groria.
Cúrbete, alma pecadora,
ca poliña do romeu.
15 O demo non manda nada
en donde non quero eu.
Ponla de romeu frorida,
dixolle Nosa Señora,
que cando tiven calor
20 abrigoume a túa sombra,
e cando lavaba a roupa
na auga crara do río,
os paxariños ma collen,
téndena no teu ramiño.

2 *Nosa Señora*: nosa señora (A) | 3 Engadimos a puntuación de diálogo | 5 *chegárame*: chegárame, corrixido sobre *chegareime* (A). *vós*: vos (A, FV2) | 7 *é*: è (FV2) | 8 *téñolla*: teñolla (A). *ó*: ao (FV2) | 9 *Cunha*: cun,a (A) | 12 *polas*: pol-as (FV2) | 14 *ca*: Co'a (FV2) | 18 *dixolle*: dixolle (A). *Nosa Señora*: nosa señora (A), nosa Señora (FV2) | 20 *a túa*: á tua (A), a sua (FV2) | 21 *a*: á (A) | 22 *auga*: augua (A). *río*: rio (A) | 24 *téndena*: tendena (A).

25 A folliña do romeu
 salva a alma pecadora,
 cuberta con ela entra
 polas portiñas da groria.

 O cantar que a Virxen canta
30 á folliña do romeu,
 o cantar que a Virxen canta
 tamén o cantarei eu.

Fontes:

- A 1 f. (19 x 14 cm). Versos agrupados de dous en dous separados por barra inclinada.
- FV2 1 f. (24 x 17 cm). Papel pautado no sentido contrario ao texto. Versos agrupados de dous en dous separados por barra inclinada.

Publicado en *Poesía popular gallega* (Said 1998, p. 304). O propio manuscrito, en letra de Said Armesto, atribúelle a información a Dolores Mato, que achega outras contribucións a Said Armesto no ano 1903. A exactitude na reprodución do texto lévanos a pensar que o máis probable é que Said Armesto se trabucase na identificación do papel.

25 A: á (A) | 26 a: á (A), â (FV2) | 28 *polas*: pol-as (FV2). FV2 e A introducen unha liña de separación despois deste verso | 29 a: ca (A), *Virxen*: virgen (FV2) | 30 á: â (FV2) | 31 a: ca (A). *Virxen*: virxen (A), virgen (FV2) | 32 *tamén*: tamen (A, FV2).

[II, 34]

[MAÑANCIÑA DE SAN XOÁN]

(VERSIÓN DE VIVEIRO)

Mañanciña de San Xoán,
cando o sol alboreaba
estaba Nosa Señora
en silla d'ouro sentada.
5 Mui to á présa se vestía
e mui to máis se calzaba.
Colleu a xarra nas maos
e á ponte s'encamiñara,
e no medio do camiño
10 un caballero encontrara.
—A dónde va la doncella
tan cedo e de madrugada?
—Eu son a filla do rei,
vou coller a flor da iagua.
15 —A ser la hija del rey,
vienes mal acompañada.
Al oír estas razones
se cayera desmayada.
San Pedro como era home
20 doulle unha gran bofetada.
—Recorda, nena, recorda
como estás atormentada.
Colleu á Nosa Señora
do rodo da súa saia:

1 *san Xoán*: S. Joan (FV2) | 5 *á presa*: a presa. *vestía*: vestía (FV2) | 6 *máis*: mais (FV2, NI). *calzaba*: calçaba (FV2) | 7 *xarra*: jarra (FV2) | 8 *e*: é (NI) | 9 *e no*: en o (FV2, NI) | 11 *doncella*: donzella (FV2). Introducimos o signo de diálogo | 14 *da iagua*: da-i-agua (FV2), da-y-agua (NI) | 15 para ser hija del Rey (FV2) | 24 *súa*: sua (FV2, NI).

25 —Dígame, miña señora,
si serei ou non casada.
—Casadiña si, por certo,
e reina ben fortunada:
terás tres fillos varoes,
30 todos de capa e espada:
un será rei en Sevilla,
o outro cura en Granada,
outro padre santo en Roma
porque Dios así o manda.
(Viveiro)

Fontes:

NI 1 f. (18 x 12 cm). Letra non identificada.

FV2 1 f. (22 x 16 cm). Papel pautado á man.

27 Engadimos o signo de diálogo | 35 *Viveiro*: Vivero (FV2, NI). NI engade: “Incorrecto e incompleto recogido de una vieja de Vivero”. Nota de Murguía en NI: “Recorda, por acorda, esto es, dispierta”.

TERCEIRA PARTE

POEMAS PRESENTES NO CARTAFOL DE MURGUÍA
NON TRANSCRITOS POR FLORENCIO VAAMONDE

[III, I]

[SI VOY AL PALACIO REAL]

Si voy al palacio real
no voy por ver a las dueñas
ni voy por ver el palacio,
que voy a ver a la reina,
5 y voy por ver al infante
que con el moro pelea,
por quien daría gustoso
la sangre que está en mis venas.
Sepan que los marineros
10 no temen a la pelea
en la tierra ni en el mar,
ni les arredra la guerra.

Fontes:

A 1 f. (21 x 14 cm). Papel pautado. Escrito a continuación de “Don Gaiferos”
[§ I, 18].

2 a: á | 4 a: á | 6 *pelea*: pela | 7 *daría*: daria | 10 a: á.

[III, 2]

[CASTILLO DE SAN GREGORIO]

Castillo de San Gregorio,
el más grande en toda España,
cornisas tiene la puerta,
cornisas en la ventana.
5 En la más alta de todas
está una hermosa madama,
mirando, mirando estaba
el camino de Iria Flavia.
Vio venir un caballero
10 con la lanza destrozada.
Ella llena de alegría
estas palabras exclama:
“El rey Ramiro venció
con sus huestes en Granada”.
15 (Lestrobe)

Fontes:

- M 1 f. (11 x 14 cm). A lapis. No dorso, unha folla de propaganda da *Gran carta geográfico-enciclopédica de la isla de Cuba* (1881), editada pola *Propaganda Literaria*.

11 *alegría*: alegría | 12 *exclama*: esclama. | 13-14 Engadimos as comiña. | Nota de Murguía: “Este romance debe ser muy antiguo y de cuando había dicho Castillo” | *Lestrobe*: lestroke.

[III, 3]

[UNA NOCHE TRISTE, OSCURA]

Una noche triste, oscura,
en el rigor del invierno
murió un alma pecadora
sin recibir sacramentos.
5 Fue a ver la cara divina
así que salió del cuerpo:
—Señor mío, Jesucristo,
yo a visitarvos vengo,
yo soy la oveja perdida
10 que a vuestro rebaño vuelvo.
—Escucha, alma pecadora,
que yo te escuché primero.
Cuando estabas n'otro mundo
no me eras de provecho.
15 Yo te dejé mis aúnos,
tú los pasabas comiendo,
te dejé mis crucifijos,
tú habías dolor del cuerpo.
Cuando estabas a la misa
20 nunca estabas con atiando,
entre la hostia y el cáliz
siempre te hallabas durmiendo.
¿A dónde lo irás penar?
¿A los profundos infiernos!

1 *oscura*: obscura (M) | 4 *sacramentos*: sacramentos (EP) | 5 *a*: á (M, EP) | 6 *que*: q. (EP) | 7 *mío*:
mio (M, EP) | 8 *a*: á (M). *visitarvos*: visitaros (M) | 9 *oveja*: oveja (M) | 10 *a*: á (M, EP) | 13 *notro*:
notro (M) | 15 *aúnos*: aunos (M) | 16 *tú*: tu (EP, M) | 18 *tú*: tu (EP, M) | 19 *a*: á (EP, M) | 20 *atiendo*:
atiendo (M) | 21 *cáliz*: caliz (EP) | 22 *durmiendo*: durm^o (EP) | 23 *A dónde*: adonde (EP), a donde
(M). Interrogantes só presentes en M | 24 Exclamación só presente en M.

- 25 Salió la Virgen María,
palabras del evangelio:
—Recuérdate de esa alma,
mira que se va perdiendo,
hijo mío de mi vida,
30 regalo de mi consuelo,
por la leche que has mamado
de estos virginales pechos,
por la sangre que derramas
la noche del monumento.
35 —Ya que mi madre lo manda,
cúmplase el mandato luego,
san Miguel tome los pesos,
pese esa ialma corriendo.
Tantos eran sus pecados
40 que el peso cayó en el suelo,
saca María su toca,
en los pesos la pusieron.
Con la gracia de María
todo se quedó en silencio.
45 Reza el rosario, cristiano,
no lo traigas por el suelo,
que la Virgen es devota
y para ti está pidiendo.
Quien esta oración dijere
50 todos los viernes del año,
quita un ánima de pena,
la suya de gran pecado;

25 *salió*: salio (M), *María*: Maria (EP, M) | 27-30 Puntuación desta edición | 27 *recuérdate*: acuerdate (M). M esquece marcar o galeguismo co subliñado | 28 *que*: q. (M, EP) | 29 *mío*: mio (EP, M). Engadimos o signo de diálogo | 31 *que*: q. (M, EP) | 33 *que*: q. (M, EP) | 35 *que*: q. (M, EP). Engadimos o signo de diálogo | 38 *pese*: pesar (EP). *ialma*: yalma (M) | 41 *María*: Maria (EP) | 42 Puntuación desta edición | 43 *María*: Maria (EP) | 47 *que*: q. (EP) | 49 Puntuación desta edición | 51 *ánima*: anima (EP, M).

55 quien la sabe y no la dice
 quien la oye y no la depende
 el día de gran juicio
 le darán con que se acuerde.
 (Corcubión)

Fontes:

- M 3 f. (21 x 14 cm). Papel cuadriculado de cadro rectangular. O verso de cada folla en branco.
- EP 1 f. (27 x 22 cm). Papel co membrete do viceconsulado de Corcubión. A letra podería ser de Eduardo Pondal.

Poema de orixe probablemente eclesiástico e non estritamente popular. Recollido tamén con variantes por Saco Arce en Chantada (1982, pp. 226-227).

53 EP omite y | 54 *depende*: depende (M). EP omite y | 56 *que*: q. (EP, M) | 57 A localización só en M.

[III, 4]

[EMBARCOSE MARCELINA]

Embarcose Marcelina,
día de Nuestra Señora,
pensando de navegar
el día y la noche toda.
5 Se levantó una tormenta
n'aquel canal de Lisboa,
lloraban los marineros,
lloraba la gente toda.
No lloraba Marcelina
10 porque era noble persona.
Cogió un libro en las manos
pidiendo a Nuestra Señora:
—Virgen del Puerto, valedme,
valedme dendes d'agora,
15 que si d'esta me librades
vos ofrezco la crona.

(Santiago)

Fontes:

EP 1 f. (27 x 22 cm). Mesmo folio e coa mesma caligrafía que o anterior,
“Una noche triste, oscura” [§ III, 3]. Imaxe dispoñible no anexo gráfico.

M 1 f. (21 x 13 cm).

Toda a puntuación é desta edición.

2 *Nuestra*: Ntra. (EP, M) | 5 *una*: un (EP) | 6 *n'aquel*: naquel (EP, M) | 10 *porque*: porq. (EP), por q. (M) | 11 *Cogió*: Cojió (EP), cojio (M) | 12 *a*: á (M). *Nuestra*: Ntra. (EP) | 14 *d'agora*: É interesante observar que os galeguismos aparecen moitas veces asociados á oralidade, coma neste caso | 15 *librades*: libredes (EP) | 16 *crona*: corona (M), cróna (EP).

[III, 5]

[POR LOS CAMINOS DEL CIELO]

Por los caminos del cielo
se pasea una doncella
toda vestida de blanco,
cubierta de gracia llena.
5 Preguntó san Juan a Cristo:
—¿Qué doncellita es aquella?
—Aquella es nuestra madre,
nuestra madre verdadera.
—Si aquella es vuestra madre,
10 todos adoremos n'ella,
los ángeles en el cielo
y los hombres en la tierra.
(Santiago)

Fontes:

- EP 1 f. (27 x 22 cm). Mesmo folio e coa mesma caligrafía que os dous anteriores: “Una noche triste, oscura” [§ III, 3] e “Embarcose Marcelina” [§ III, 4]. Imaxe dispoñible no anexo gráfico.
- M 1 f. (21 x 13 cm). Papel cuadriculado de cadro rectangular.

Toda a puntuación desta edición.

[III, 6]

[HE VISTO LLORAR LA VIRGEN]

He visto llorar la Virgen
debajo de una olivera.
—¿Por qué llora usted, señora?
¿Por qué llora usted, doncella?
5 —Lloro por una noticia
que me ha dado Madanela,
que un hijo que yo tenía
sin dolores lo pariera.
Allá en el monte Calvario
10 hay tres pasos de madera,
donde murió Jesucristo,
salvador de cielo y tierra.
No murió por sus pecados,
que nunca ningún tuviera,
15 murió por los pecadores
por nos dar el cielo y tierra.
(Santiago)

Fontes:

M 1 f. (21 x 14 cm). Papel cuadriculado de cadro rectangular.

EP 1 f. (27 x 22 cm). Mesmo folio que os tres anteriores: “Una noche triste, oscura” [§ III, 3], “Embarcose Marcelina” [§ III, 4] e “Por los caminos del cielo” [§ III, 5].

Toda a puntuación desta edición.

1 *He*: Hé (EP) | 2 *olivera*: olivera (M) | 3 *qué*: q. (M). *usted*: V. (EP, M). Engadimos os signos de interrogación | 4 *usted*: V. (EP, M). Engadimos os signos de interrogación | 6 *qué*: q. (EP), que (M) | 7 *tenía*: tenía (EP, M) | 11 *murió*: murio (M) | 12 *de*: del (EP) | 13 *murió*: murio (M). *por*: pr (EP) | 14 *que*: q. (EP). *ningún*: ningun (EP), ningun (M) | 16 *por nos dar*: por nos dar (M).

[III, 7]

[DÉANLLE LIMOSNA A UN POBRE]

Déanlle limosna a un probe,
déanlla con devoción,
neste mundo terán premio
e no outro salvación.

Fontes:

- EP 1 f. (27 x 22 cm). Mesmo folio que os precedentes: “Una noche triste, oscura” [§ III, 3], “Embarcose Marcelina” [§ III, 4], “Por los caminos del cielo” [§ III, 5] e “He visto llorar la Virgen” [§ III, 6].

[III, 8]

[YENDO YO POR UN CAMINO]

- Yendo yo por un camino,
me picó una silverita.
—¿Qué me quieres, silverita,
silverita de mi vida?
5 —Yo soy una lavandera
que ando por las cercanías,
y que te traigo un presagio
que tú aún no esperarías.
Callose la silverita,
10 callose por aquel día.
Al otro día a las once,
esa hora aún no sería,
vio venir un caballero
que ella no conocía.
15 Le dijo: —Lavanderita,
lavandera de mi vida,
¿puedes lavarme esta mano
que me la arañó una silva?
—Ahora no puedo, señor,
20 que estoy muy entretenida.

2 *picó*: pico (M, RC). *silverita*: silverita (M, RC) | 3 *Qué*: que (M, RC). Marca de diálogo só presente en M | 4 Engadimos o signo de interrogación | 5 *lavandera*: labandera (M, RC). Marca de diálogo só presente en M | 7 *presagio*: presajio (RC) | 8 *tú aún*: tu aun (RC, M) | 10 *día*: día (M, RC) | 11 *día*: día (M, RC), *sería*: seria (M, RC) | 15 *Lavanderita*: labanderita (M, RC). Marca de diálogo en M | 16 *lavandera*: labandera (M, RC) | 18 *arañó*: arañó (RC, M). *silva*: silba (RC), silva (M) | 19 Marca de diálogo en M | 20 *entretenida*: ~~me la arañó una silba~~ (RC).

- En mi vida vi muchacha
que con tanta altanería
se niega a lavar las manos
al rey de la Escocia fina.
25 Ven conmigo, niña hermosa,
ven conmigo, hermosa niña,
serás la reina de Escocia
y serás la esposa mía.
—Yo no quiero grandes hombres,
30 menos de la Escociería,
parecen ourizos cachos
cuando ya no tienen vida,
y parecen un rebolo,
un rebolito de espiñas,
35 pican por los calcañales,
pican y por la cagotería,
y hasta pica su mirada
que parece vengativa.
Apártate, gran malvado,
40 hijo de la Escociería,
que hasta la tierra que pisas
pisarla yo no querría.
El que tiene cu de potro,
la nariz de trompetilla,
45 rojo como los carbones
que en mi fuego bien ardían.

22 *altanería*: altanería (RC, M) | 23 *niega*: niegue (M) | 24 *Escocia*: escocia (RC) | 27 *Reina*: \ tu/ serás reina (RC) | 28 *serás*: seras (RC, M), *esposa*: Esposa (RC) | 29 Engadimos o signo de diálogo | 30 *Escociería*: escociería (RC, M). Entendemos que é unha deformación burlesca do topónimo polo que poñemos maiúscula inicial | 31 *ourizos*: ourizos cachos (M, RC) | 33 *rebolo*: rebolo (M, RC) | 34 *rebolito*: rebolito (M, RC) | 35 *calcañales*: calcañares (M) | 36 *cagotería*: cogotería (M) | 39 *Apártate*: apartate (M, RC) | 42 *querría*: querría (RC) | 43 *cú*: c. (M) | 46 *ardían*: ardían (RC).

Los pies medirán de largo
tanto como mi camisa,
que aunque pequeñita soy
50 para pies hay sobradía.
Apártate, rey de Escocia,
hijo de la Escociería,
no quiero ser tu mujer
ni tampoco tu querida.

Fontes:

RC 1 f. (21 x 15 cm). Papel cuadriculado. Todos os versos seguidos, sen salto de liña. Identificamos esta letra como a de Rosalía de Castro (Rodríguez González 2017).

M 1 f. (21 x 14 cm). Papel cuadriculado de módulo rectangular.

Said Armesto inclúe erroneamente este poema dentro dos papeis que el posúe de Marcial Valladares, esquecendo que foi Murguía quen lle entregou eses manuscritos, como se demostra pola súa relación co resto de fondo. Curiosamente, si que se dá conta de que a letra é feminina (Said 1997, p. 199).

[III, 9]

JUEVES SANTO, JUEVES SANTO

Jueves Santo, Jueves Santo,
tres días antes de Pascua,
cuando el redentor del mundo
a sus disciplos llamaba.
5 Los llamaba uno a uno,
dos a dos los ajuntaba.
Desde que los tenía juntos
desta manera les habla:
—¿Cual de vos, disciplos míos,
10 por mí morirá mañana?
Se miran unos a otros,
ninguno respondió nada,
si no fue san Juan Bautista,
predicador de montaña:
15 —Por vos moriré, señor,
por vos moriré mañana.
—No quiero, san Juan Bautista,
que por mí padezcas nada;
esta muerte tan cruel
20 para mí se está guardada.
Al otro día de viernes
Jesucristo caminaba
con una cruz de madera,
de madera muy pesada.

1 *Santo, Jueves Santo*: santo, jueves santo (M) | 2 *días*: días (M) | 4 *disciplos*: disciplos (M) | 7 *que los tenía*: q. los tenía (M) | 10 *mí*: mí (M) | 12 *respondió*: respondió (M) | 15 *moriré*: morire (M) | 16 *moriré*: morire (M) | 19- 20 Estes dous versos aparecen nun lateral, colocámoslos onde parecen ter máis sentido.

- 25 La sangre que de él caía,
 caía en un cáliz sagrado;
 el hombre que de él bebiera
 será bienaventurado,
 n'este mundo sería rey,
30 n'el otro rey coronado.
 [...]
 Con una soga al cuello
 por donde Judas tiraba
 que lo hacía arrodillar.
 La Magdalena que tal vía,
35 por sus cabellos tiraba,
 y quitando su pañuelo
 el su rostro le secaba.

Fontes:

M e RC 1 f. (21 x 15 cm). Os trece últimos versos en letra de Rosalía, moi descoidada.

F. A. Coelho (1873) recolle en Tui unha versión galega que referencia Milà i Fontanals no seu famoso artigo “La poesía popular gallega” (1877, p. 54).

O orixinal carece de puntuación.

25 *de él caía*: del caia (RC) | 26 *caía*: caia (RC). *cáliz*: caliz (RC) | 27 *de él bebiera*: del veviera (RC) | 28 *será*: sera (RC). *bienaventurado*: vienhaventurado (RC) | 29 *neste*: n'este (M) | 29- 30 RC só inclúe un verso: “Neste mundo sería rey coronado”, corrixido por M no xeito que manifestamos, pero que parece proceder de que reconstrúen a medias un poema. Consideramos que despois hai unha lagoa | 36 su, engadido por M.

[III, 10]

PADRE NUESTRO PEQUENIÑO

Padre nuestro pequeniño
léveche por bo camiño.
Alá fun, alá cheguei,
tres Marías encontrei
5 preguntando por Jesús.
Jesús estaba na cruz
cos peñños a sangrar,
as Marías a chorar.
Chora, Madalena, chora
10 e non para de chorar,
qu'estas son as cinco llagas
que por ti hei de pasar.
Padre nuestro pequeniño
anda no monte co gando,
15 todo cuberto de neve
chovendo e sarabeando.
A cruz leva ás costas,
os pés a sangrar,
tremendo de frío
20 non pode chorar.
Canto por nós
inda ten que pasar!

2 *léveche*: lebeche. *bo*: bó | 3 *Alá ... alá*: ala ... ala | 4 *Marías*: Marias | 5 *Jesús*: Jesus | 6 *Jesús*: Jesus | 7 *a*: á | 8 *a*: á | 11 *qu'estas*: q'estas | 12 *que*: q.. *hei*: ei | 16 *e*: á | 17 *ás*: as | 18 *pés a*: pes á | 19 *frío*: frío | 21 *nós*: nos.

Fontes:

M 1 f. (21 x 15 cm). A lapis, excepto a última liña. Ao final da mesma folla de “Jueves Santo, Jueves Santo” [§ III, 9].

Juan Naya pode estar citando esta curiosa versión do Pai Noso ou outra similar, cando fala de “el padre nuestro en gallego” como procedente de Rosalía (1953, p. 69).

[III, II]

[OIGA USTED, SEÑOR SOLDADO]

- Oiga usted, señor soldado,
ya que usted ha servido al rey,
diga usted de mi marido
si lo ha visto alguna vez.
5 —Ese hombre no le conozco,
deme usted las señas d'él.
—Mi marido es gentilhombre,
gentilhombre aragonés,
tiene un caballo blanco y negro
10 que le ha ganado al inglés,
y en la punta de la espada
tiene las armas del rey.
—Ese hombre bien le conozco,
de mi regimiento es,
15 tres días hay que se ha muerto
y se ha enterrado anteayer.
Las cargas que traigo aquí
que me case con usted.
—Después que mi marido ha muerto,
20 no lo quiera santa Juana
ni tan poco santa Inés.

1 *usted*: U, así en todo o texto | 6 *d'él*: del | 8 *aragonés*: aragones | 10 *inglés*: ingles | 14 *regimiento*: rejimiento | 19 *Después*: Despues | 21 *Inés*: Ynes.

De las tres hijas que tengo
las acomodo muy bien:
la una con doña Juana,
25 la otra con doña Inés,
la más chiquitita de ellas
que me calce y que me vista,
que me lleve por la mano
a casa del coronel.

Fontes:

RC 1 f. (21 x 15 cm). Na mesma folla que “Estando mi blanca niña” [§ III, 12].
Texto seguido sen saltos de liña. A mesma folla contén un fragmento de
prosa, probablemente procedente dunha narración rosaliana.

Engadimos toda a puntuación.

25 *doña*: dña | *Inés*: Ynes | 26 *más*: mas.

[III, 12]

[ESTANDO MI BLANCA NIÑA]

Estando mi blanca niña,
estando mi blanca flor,
sentadita en una silla
bordando en un bastidor,
5 pasó por allí don Carlos,
hijo del emperador
tocando en una vihuela.
D'esta manera cantó:
—Quisiera, mi blanca niña,
10 quisiera, mi blanca flor,
dormir contigo una noche,
si no fuera por temor.
—Don Carlos, si usted quisiera,
no una noche sino dos,
15 que mi marido va fuera
n'esas terras de Aragón.
Estando en estas razones
marido a puerta llamó,
llamó una vez, llama dos,
20 a las tres le respondió.
—Blanca niña, ¿estás encinta
o tienes algún temor?
—Marido, ni estoy encinta
ni tengo ningún temor,
25 solo que perdí las llaves
de aquel rico bastidor.

5 *Pasó*: paso (RC, M). *allí*: alli (RC, M). *don*: Dn. (RC) | 7 *vihuela*: viguela (M), bihuela (RC) | 8 *d'esta*: desta (RC, M). *cantó*: le hablo (M), canto (RC) | 13 *Don*: Dn (RC). *usted*: U. (RC) | 16 *n'esas*: nesas (RC, M) | 20 *tres*: a la tres (M) | 22 *algún*: algun (RC, M) | 24 *ningún*: ningun (RC, M).

- Si las perdiste de plata,
de oro te las traigo yo.
Se ha sentado en una silla,
30 no sé cómo reparó:
—¿De quién es aquella capa,
de oro tiene el cintón?
—Tuya es, marido, tuya,
tu hermano te la envió.
35 —Muchas gracias a mi hermano,
cuando yo no la tenía
no me la enviaba, no.
¿De quién es aquel sombrero,
de oro tiene el cintón?
40 —Tuyo es, marido, tuyo,
tu hermano te lo envió.
Muchas gracias a mi hermano,
cuando yo no lo tenía
no me lo enviaba, no.
45 Mira a un lado, mira a otro,
no sé cómo reparó:
—¿Quién es aquel caballero
que pasea en mi balcón?
—Es el ratón de cocina,
50 que viene a tomar el sol.
—Muchas tierras traigo andado,
traigo Mellid y Aragón,
no he visto ratón alguno
que venga al balcón al sol.
55 Santiago

30 *sé cómo*: se como (RC, M) | 32 *cintón*: cintón (RC, M) | 34 *envió*: envío (RC, M) | 38 *quién*: quien (RC, M) | 39 *cintón*: cintón (RC, M) | 41 *envió*: envío (RC, M) | 48 *balcón*: balcon (RC, M) | 49 *ratón*: ratón (RC, M) | 52 *Mellid*: Melliz (RC). *Aragón*: Aragón (RC, M) | 54 *balcón*: balcon (RC, M) | 55 Localización en M. Nota de Murguía: “Parece que lo hay en gallego, pero Alejandra no lo recuerda”.

Fontes:

M 1 f. (20 x 13 cm).

RC 1 f. (21 x 15 cm).

Puntuación desta edición.

[III, 13]

[ESTANDO LA BLANCA NIÑA]

Estando la blanca niña
asomada a su balcón
pasó por allí un soldado
de buena o mala nación,
5 que le dijo: —Hermosa niña,
con usted durmiera yo.
—Suba, suba, soldadito,
que cama le daré yo.
Mi maridito está en caza
10 en los montes de León,
para que no vuelva a casa
le echaré mi maldición:
que se hunda del puente
abajo de los montes de León.
15 Estando en estas palabras
el maridito llegó:
—Ábreme las puertas, cielo,
ábreme las puertas, Sol,
te traigo un conejo blanco
20 de los montes de León.
Al bajar por la escalera
el color se le mudó.
—¿Has tenido calentura?,
¿tú que tuvistes, amor?
25 —No he tenido calentura,
que muy buena estaba yo,

3 *pasó*: paso | 5 Engadimos signo de diálogo | 6 *usted*: U. | 7 Engadimos signo de diálogo | 8 *que*: q. | 11 *que*: q. | 12 *echaré*: hecharé. *maldición*: maldicion.

es que he perdido las llaves
de tu lindo corredor.
—Si la llave era de plata,
30 de oro te la traigo yo,
que un obrero tengo en Francia,
otro tengo en Aragón.
Estando en estas palabras,
para su cuarto miró.
35 —¿De quién es aquella espada
que en mi cuarto veo yo?
—Es un espadín que tienes,
mi padre te lo dejó.
—Muchas gracias a tu padre,
40 que espadines tengo yo.
¿De quién es aquel sombrero
que en mi cuarto veo yo?
—Es tuyo, marido, es tuyo,
mi madre te lo dejó.
45 —Day las gracias a tu madre,
que sombreros tengo yo.
¿Quién es aquel caballero
que en el jardín veo yo?
—No es caballero, marido,
50 no es caballero, señor:
es el gato del vecino
que va por el corredor.
—Muchas tierras tengo andado
en Castilla y Aragón,
55 nunca vi gato ni gata
que gaste media y calzón.

Salga aquí ese caballero
que le quiero matar yo.
—Pues antes de que le mates
60 te echaré la maldición:
que te hundas del puente abajo
de los montes de León.

Simancas

Fontes:

M 1 f. (21 x 13 cm).

A localización en Simancas indícanos unha contribución, probablemente, de Alejandra.

60 *echaré*: *hecharé*.

[III, 14]

EL EMPERADOR DE ROMA

El emperador de Roma
tiene una hija bastarda,
que la quería casar
con la nobleza de España.
5 Ella, como era muy rica,
a todos los desdeñaba:
a los condes por ser condes,
y a los duques por las barbas.
Mañanita de San Juan,
10 asomose a la ventana
a peinar su rico pelo
y a lavar su blanca cara.
Vio a andar tres seitorcillos
segando trigo y cebada,
15 y uno que andaba en medio
en todo la enamoraba,
y lo mandara llamar
por la suya secretaria.
—No conozco a la señora
20 ni tampoco a la su dama.
Yo, por no ser descortés,
voy a ver a quién me llama.
—Ven acá, mi seitorcillo,
que he de ajustar mi segada.
25 —Su segada, mi señora,
para mí no está guardada.

3 *quería*: quería | 8 *a*: á | 9 *San*: S. | 10 *asomóse*: asomose | 12 *lavar*: labar | 15 *que*: q. | 20 *a*: á
| 21 *descortés*: descortes | 22 *a ... a*: á ... á | 26 *está*: esta.

Haga el favor de decirme
dónde la tiene sembrada.
—Téngola en el monte oscuro,
30 debajo de las enaguas.

.....

En vez de poner la mesa,
trataron de se ir a cama,
allá por la media noche
la señora recordara:
35 —No te vayas, seitorcillo,
que voy a darte tu paga:
cuatrocientos mil escudos
y un pañizuelo de Holanda.
No te vayas, seitorcillo,
40 que has de beber limonada.
A la vera de un camino
el seitorcillo lloraba,
por los ojos le salía
la ponzoña que tragara.
45 —Si muero en esta congoja
no me den tierra sagrada;
entiérrenme en camino verde
donde las trojes segaba.

Ribadavia

Fontes:

M 2 f. (21 x 14 cm).

27 Haga: hága | 28 dónde: donde | 32 a: á | 36 que: q.. a: á | 46 no: Corrixido sobre “non”.

[III, 15]

MAÑANCITA DE SAN JUAN

Mañancita de San Juan,
mañana en que el sol baila,
está la princesa Lucinda
xunto a unha fontaña clara.
5 Malpocado da princesa,
malpocado desgraciada,
que aunque ella tiene dinero,
dinero no le bastaba,
que aunque ella tiene dinero,
10 lágrimas de amor lloraba.
Llora porque un caballero
que a Lucinda enamoraba,
que no es de sangre real
ni menos de sangre hidalga,
15 que es el paje Godrofredo,
el de figura gallarda.
Maldito sea mi reinado
y mis blasones mal haya,
que blasones sin amor
20 a mí no me importan nada,
y aunque yo tenga criados
y zapatos de oro y plata,
mientras no tenga su amor
seré siempre desgraciada.

Fontes:

M 1 f. (11 x 17 cm). Versos aliñados de dous en dous separados por barra.

1 *San*: S. | 2 *que*: q.. *baila*: ~~bailaba~~ | 3 *la*: a (a lapis) | 5 e 6 Temos de novo o uso interxectivo e non adxectivo de § 1, 7, polo que non concorda con “princesa” | 11 *porque*: pr. q. | 12 *a*: á | 15 *paje*: page | 24 *seré*: sere.

[III, 16]

[EL SOL]

El Sol se va escondiendo
por detrás de aquella sierra.
Lleva su alma labrada,
que la labró Magdalena.

Fontes:

M 1 f. (21 x 13 cm). Versos aliñados de dous en dous.

2 *detrás*: *detras* | 4 *que*: *q.*. *labró*: *labro*.

[III, 17]

DOÑA JIMENA

Asomada a su ventana
estaba doña Jimena,
vio venir un caballero
que se encaraba con ella.
5 Se le atrevió a preguntar
qué nuevas hay de la guerra.
—¿Por quién pregunta, señora?,
¿por quién pregunta, doncella?
—Pregunto por mi marido,
10 siete años ha que va en ella.
—Diga, diga, mi señora,
dígame qué señas lleva.
—Llevaba el caballo blanco,
la silla dorada y negra,
15 el pelo rebirizado
debajo de la montera.
—Ese caballero, dama,
muerto le queda en la guerra,
y el caballo que montaba
20 el paje del rey lo lleva.
No lloréis, no, mi señora,
hermosa doña Jimena.
Os daré manto de seda
como el que trae la reina,
25 os pondré siete criados,
que os servirán a la mesa,

1 *a*: á. *ventana*: bentana | 2 *doña*: D^a | 5 *atrevió a*: atrevio á | 6 *qué*: que | 7-8. *quién*: quien.
Signos de interrogación desta edición | 11 *señora*: Sra. | 12 *qué*: que | 15 *rebirizado*: rebirizado
| 19 *que*: q. | 21 *lloréis*: lleveis | 21 *señora*: sra | 22 *doña*: D^a | 24 *que*: q. | 25 *pondré*: pondre |
26 *servirán*: serviran.

tendreis outros tantos pajes,
que os levarán a la iglesia.
—No quero manto de seda,
30 como el que trae la reina,
ni quero siete criados
que me sirvan a la mesa,
ni quero outros tantos pajes
que me lleven a la iglesia.
35 Quiero enseñar a mis hijos
y mandarlos a la escuela,
la primer letra que nombren,
nombren a su padre en ella.
Allá por la media noche
40 siente que llaman de fuera:
—¿Quién de la triste viuda
viene a llamar a la puerta?
—¿Por qué estáis triste, señora,
señora doña Jimena?
45 —Lo estoy por las malas nuevas
que me traen a esta tierra.
—¿Quién os las trajo, señora?,
¿quién os las trajo, doncella?
—Me las trajo un caballero
50 que de mala muerte muera.
—Bendígaos Dios, mi señora,
Dios os bendiga, Jimena,
que guardáis tanta constancia
a quien teníais en ausencia.
55 De vuelta está vuestro esposo,
de vuelta está de la guerra,

28 *que*: q.. *llevarán*: llevaran. *a*: á | 30 *que*: q. | 32 *que*: q.. *a*: á | 34-36 *a*: á | 37 *primer*: primer | 38 *a*: á | 40 *que*: q. | 41 *Quién*: quien | 42 *a*: á | 43 *qué estáis*: que estais. *señora*: sra. Engadimos o signos de interrogación | 44 *señora doña*: Sra. D^a | 46 *que*: q. *a*: á | 47 *Quién*: quien. *señora*: sra. | 50 *que*: q. | 51 *Bendígaos*: Bendigaos. *señora*: sra. | 54 *teníais*: teniais.

y os quiere abrazar, señora,
venid junto a mí, Jimena.
Esto dijo don Reinaldos
60 cuando volvió de la guerra
a la tan hermosa dama,
señora doña Jimena.

Fontes:

M 1 f. (21 x 13 cm).

[III, 18]

UNHA VODA

O piollo e a pulga
querían casar,
non tiñan panciño
nin onde o buscar.
5 Saleu a formiga
da súa graneira
e di: “Corra a voda,
qu’eu son panadeira”.
—Ai!, vidiña miña,
10 panciño xa temos,
pro fáltanos carne,
onde a buscaremos?
E contesta o lobo
detrás do valado:
15 —Se carne queredes,
mandame recado.
—Ai!, vidiña miña.
a carne xa temos,
pro fáltanos viño,
20 onde o buscaremos?
E veu o mosquito
dicindo lixeiro:
—O viño non falta,
qu’eu son arreeiro.

1 *piollo*: piollo | 6 *súa*: süa | 14 *do*: d’o | 16 *mandame*: mandáme | 19 *pro*: pró | 22 *lixeiro*:
ligeiro.

- 25 —Ai!, vidiña miña,
viñiño xa temos;
mantese nos faltan,
onde os buscaremos?
E responde a araña
30 na súa arañeira:
—Celébres'a voda,
qu'eu son tecedeira.
—Ai!, vidiña miña,
mantese xa temos;
35 gaiteiro quixera,
onde o buscaremos?
E o grilo cantou
alá nun buxeiro:
—Por eso non quede,
40 que son eu gaiteiro.
—Ai!, vidiña miña,
gaiteiro xa temos;
danzantes non hai,
onde os buscaremos?
45 E salen dous sapos
por moi arrogantes:
—Avíses'en tempo;
seremos danzantes.
—Ai!, vidiña miña,
50 danzantes xa temos;
madríña eu non vexo,
onde a buscaremos?
E berra unha ran
na charca veciña:
55 —Comigo entenderse,
que vou de madríña.

30 na súa: n'a sua | 38 nun buxeiro: n'un bujeiro | 48 seremos: serémos | 53 berra: bèrra | 54
na: n'a.

—Ail, vidiña miña,
madríña xa temos;
padriño é o que resta,
60 onde o buscaremos?
E dilles o rato
na porta do muíño:
—S'o gato prendedes,
eu son o padriño.
65 Mais, cando pra a voda
se puña en camiño,
o gato atisbouno
e caza o padriño.

Fontes:

mv Caderno de 22 páxinas (22 x 16 cm). Páxinas 3 a 5.

Ay: ai (en todos os casos) | xa: ja (en todos os casos) | voda: boda (en todos os casos). Introducimos os signos de diálogo.

59 é: è | 61 dilles: dílles | 62 porta do: pòrta d'o | 67 atisbouno: atísvouno | 68 o: ò.

[III, 19]

UN GATO

Estabas'un señor gato
en silla d'ouro sentado,
calzando media de seda,
zapato blanco e picado.
5 Preguntáronll'uns amigos
se quería ser casado
con Micuchiña Morena
qu'andaba alí d'el ó lado.
Fíxose desentendido,
10 de seu rango moipreciado;
mais, indo un día tras ela
caeuse dend'un tellado.
Vendo as costelas partidas
e hast'un pé desconxuntado
15 médicos e cirujanos
veñen a el decontado.
Ningún a curalo acerta,
solo, si, pobre afamado,
con varas de longaniza
20 sint'as qu'había roubado,
e libras de bo pernil
que s'achaba mal gardado,
decindo namentres el
en tono desconsolado:

7 *Micuchiña Morena*: micuchiña morena | 8 *alí d'el ó*: ali d'él ò | 9 *Fíxose*: fíjose | 11 *día*: dia.
ela: èla | 14 *pé desconxuntado*: pè desconxuntado | 16 *a el*: á él. *decontado*: de contado | 17 *a*
curalo acerta: á curalo acèrta | 21 *bo*: bó | 22 *s'achaba*: s'hachaba | 23 *el*: él.

25 —Ñamadriña, se me morro
non m'enterren en sagrado;
entérrenm'en campo verde,
ond'a pacer vai o gado.
Déixenme cabeza fóra
30 e o cabelo ben peinado,
para que digan as xentes:
“Este pobre desdichado
non morreu de tabardillo
nin tampouco de costado.
35 Morreu, si, de mal d'amores.
Ai! Que mal desesperado!”

Fontes:

mv Caderno de 22 páxinas (22 x 16 cm). Páxinas 6 e 7.

25 Introducimos o signo de diálogo | 26 *m'enterren*: *m'entèrren* | 27 *entérrenm'en*: *entèrrenm'en*
| 28 *a*: *á* | 29 *déixenme*: *deijenme*. *fóra*: *fòra* | 30 *ben*: *bèn* | 31 *xentes*: *gentes* | 32-36 Versos
subliñados por mv | 36 *Ai*: *ay*.

[III, 20]

[QUE ORDENABAS DE CASAR]

Que ordenabas de casar
chegou á miña noticia.
O meu enterro e a túa voda
serán dúas festas nun día.
5 Pasarasme pola porta
lucindo gran comitiva.
Entra, que m'atoparás
na derradeira agonía.
A ti ha de conducirte
10 ó pé do altar a madriña;
a min hanme de levar
catr'homes en tomba fría.
Ó que chegares á igrexa
e doubles nela a rodilla,
15 verás para min abrirse
a sepultura precisa.
Ti as arras gardarás
en rico pano caídas;
eu baixarei par'a cova
20 do casamento enseguida.
A ti mesa han d'ofrecer
cuberta d'Holanda fina;
e a min han de botar
terra e lastre por encima.

2 a: à | 3 *túa voda*: tua boda | 4 *dúas festas*: duas fêstas | 5 *pasarásme po-l-a pòrta* | 8 *na*: n'a
| 9 *A ti ha*: Á ti há | 10 *ó pé do*: ò pè d'o | 11 *a min hanme*: á min hánme | 13 *Ó que chegáres*
á ilesia | 14 *nela*: n'èla | 19 *baixarei*: baijarei | 20 *do*: d'o. *enseguida*: en seguida | 22 *cuberta*:
cubèrta | 23 a: á.

- 25 A ti servirán manxares
e tamén grata bebida;
a min comeranme os vermes
gozando na carne miña.
Mais cando volvas á igrexa,
30 rézam'un avemaría
por aqueles pasatempos
de mocedá primeiriza.
E anque estas cousas che digo,
olvídam' aí!, si, olvida!
35 pois cando méno-lo penses
estarás de min veciña.

Fontes:

mv Caderno de 22 páxinas (22 x 16 cm). Páxinas 7-9.

25 *servirán manxares*: serviran manjares | 26 *tamén*: tamen | 27 *comeranme os vermes*: comèranme os vèrmes | 28 *na*: n'a | 29 *á*: à | 30 *avemaría*: Ave-María | 34 Engadimos a coma despois de "si" | 35 *méno-lo*: meno-l-o.

[III, 21]

O CARRIZO E A GARZA

Gabexando un carriciño
na súa casa de morada,
atrevida se lle pousa
enriba dela unha garza,
5 e, com'as vigas faltasen,
a casiña se ll'anaga.
Botou para fóra o carrizo
e incomodouse coa garza,
mais esta díxoll'ó punto,
10 con lingua desvergonzada:
“Cativo, fuxe d'aí,
non te me subas ás barbas,
porque vivo t'engulipo
dunha sola bocanada”.
15 O paxaro que tal oi,
endereitou o rabiño
e, sacudindo as súas alas,
deste modo lle contesta:
“Non coides que m'acovardas!
20 Ben altos son os navíos
e rómpeos pequena bala.
Alto é tamén o cabalo,
póñenlle silla ou albarda,
un home pequeno o monta,
25 leva freno con qu'amansa”.

1 *Gabexando*: gaxeando | 2 *na súa*: n'a sua | 4 *dela*: d'èla | 7 *fóra*: fòra | 8 *coa*: co-a | 9 *díxoll'ó*:
d'ijoll'ò | 11 *fuxe d'aí*: fuje d'ahí | 12 *ás*: às | 14 *dunha*: d'unha | 15 *paxaro*: pájaro | 17 *súas*: suas
| 18 *deste*: d'este. *lle contesta*: ll'contesta | 19 *m'acovardas*: m'acobardas | 21 *rómpeos*: rompeos
| 22 *é*: è | 23 *póñenlle*: poñenlle.

E, así falando, zape
pousa o carrizo na garza,
e regálalle de tundas
a seu pracer unha farta.
30 A garza, toda ofendida,
ant'o xuez puxo demanda
e, créndos'o carrizo
dabondo para contestala:
“Moi bos días teña usía”
35 ó xues dixo das alzasdas:
“Moi bos días teña usía,
coas súas calzas coloradas”:
“Moi felices, corpachón”.
E espuxo estonces a garza:
40 “Este sapo, señor xues,
doume de tundas, tal farta,
que gran castigo merece”.
Pro o carrizo non s'atasca,
antes responde animoso:
45 “Usté foi, señora garza,
quen, tranquilo eu gobernando
a miña casa morada,
ven a pousárseme nela
facendo que s'anagara.
50 Eu o daño ll'afeei
e usté dixo deslenguada:
«Cativo, fuxe d'aí;
non te me subas ás barbas,
porque vivo t'engulipo
55 dunha soa bocanada».

26 *así*: así. *zape*: *zápe* | 27 *na*: n'a | 30 *a*: á | 31 *xuez puxo*: juèz pujo | 32 *créndos'o*: creendos'o
| 33 *dabondo*: d'abondo. *contestala*: contesta-la | 35 *ó xues dixo das*: ò juès dijo d'as | 37 *súas*:
suas | 38 *corpachón*: corpachon | 39 *espuxo*: expuxo | 40 *xues*: juès | 48 *a ... nela*: á ... n'èla |
49 *s'anagara*: s'anagára | 51 *dixo*: dijo | 52 *fuxe d'aí*: fuje d'ahí | 55 *dunha*: d'unha.

Aldraxado sin razón,
a pacencia se m'acaba
e respondínll'ó meu modo
estas cortesés palabras:
60 «Ben altos son os navíos
e rómpeos pequena bala,
alto é tamén o cabalo;
póñenlle silla ou albarda,
un home pequeno o monta
65 leva freno, con qu'amansa»,
e, sobre d'usté caíndo
deill'unha boa somanta”.
Oídas entrambas partes,
o xués sentencia e manda:
70 “Ti, garza, dend'hox'ó mar,
a ver com'un peixe cazas,
e ti, valente carrizo,
aquí m'o tragues sin falta”.
Aquela cazou o peixe,
75 mais tiña a gorxa moi larga,
e, alí se ll'atravando,
non tardou en afogala.
Reu a mais rir o carrizo,
e louco de gozo escrama:
80 “Aganache! Anda, espichache!”

56 *Aldraxado*: aldraxado. *razón*: razon | 58 *respondínll'ó*: respondí\ñ/ll'ò | 59 Engadimos a puntuación | 61 *rómpeos*: ròmpelos | 62 *é tamén*: è tamen | 64 *home*: hòme | 67 *boa*: böa | 69 *xués sentencia*: juès sentència | 70 *dend'hox'ó*: dend'hoj'ò | 71 *a*: á. *peixe*: peije | 74 *aquela*: aquèla. *peixe*: peije | 75 *gorxa*: gòrja | 76 *alí*: ali | 78 *reu a mais*: rèu á mais | 80 *espichache*: epicháche.

Tiróulle da gorxa a caza
e, presentándolla ó xués,
dille, con toda arrogancia:
“Corpachón, home capás,
85 agora acabou coa garza”.

Fontes:

mv Caderno de 22 páxinas (22 x 16 cm). Páxinas 19 a 22. Anotado en lapis azul por Said Armesto: “cuento”.

81 *Tiróulle da gorxa*: tirouille d’a gòrja | 82 *presentándolla ó xués*: presentandoll’a ò juès | 84
Corpachon hòme capas | 85 *coa*: co-a.

[III, 22]

[SANTO DA BARBA DOURADA]

Santo da barba dourada,
fillo do raio e trebón,
glorioso santo patrón,
capitán de roxa espada,
5 a quen todo o mundo enteiro
proclama por mar e terra,
sexa en paz ou sexa en guerra,
Santiago cabaleiro.

Fontes:

M 1 f. 21 x 13 cm. Papel cuadriculado de módulo rectangular.

Antes dos versos: “Alejandra lo sabe de este modo”. Despois dos versos: “Oyolo a los ciegos”.

2 *raio*: rayo. *trebón*: trebon | 3 *patrón*: patron | 4 *capitán*: capitán. *roxa*: roja | 5 o: ó | 7 *sexa*
... *sexa*: seja ... seja.

[III, 23]

EU XUNGUEI OS MEUS BOICIÑOS

Eu xunguei os meus boiciños
Da miña vida
e fun con eles prá arada,
Vida del alma
5 e no medio do camiño
Da miña vida
olvidouseme a aguillada.
Vida del alma
Tornei e volvín por ela
10 Da miña vida
i estaba a porta cerrada.
Vida del alma
—Ábrem'a porta, muller!
Da miña vida
15 Ábrem'a porta, malvada!
Vida del alma
—Como ch'ei d'abrir, meu home,
Da miña vida
si estou facendo a colada?
20 Vida del alma

2 *Da*: d'á, así no retrouso ao longo de todo o texto | 3 *prá*: pr'a | 5 *no ... do*: n'o ... d'o | 7 *olvidouseme*: olvidouseme | 9 *volvín*: volvin | 11 *i estaba*: y-estaba | 14 A partir deste verso o colector non copia o retrouso se non que inclúe a abreviatura "yd".

- Que cousa é aquela negra
Da miña vida
que bule baixo da cama?
Vida del alma
- 25 —É o gato do convento
Da miña vida
que vén ver a nosa gata.
Vida del alma
- 30 —Nunca che vin gato negro
Da miña vida
con pantalós e sotana.
Vida del alma
- 35 —Trai pr'eiquí esa escopeta,
Da miña vida
vou a ver si lle atinaba.
Vida del alma
- 40 —Non fagas eso, meu home,
Da miña vida
que desconxúnta-la casa.
Vida del alma

Fontes:

Letra descoñecida 1 f. (21 x 13 cm).

21 Riscado: “que cousa e aquíl gato negro”, a lapis o verso que o substitúe | 23 *da*: d’a | 25 *do*: d’o | 39 *desconxúnta-la*: deconxuntal-a. Despois do último verso nota na mesma caligrafía: “Este romance se canta en muchos puntos de la Provincia de Orense; pero está mas vulgarizado o es mas general en tierra de Celanova. Ha sido recogido en Cartelle partido judicial de Celanova. El estribillo “D’a miña vida” “vida del alma” se duda pertenezca a otro y se use también en este para acomodarlo al canto. Es casi seguro que no este completo; pero no será difícil que à vuelta de algunas diligencias se consiga integro pero se canta con frecuencia. Se canta con diferentes tonos.”

[III, 24]

DESPEDIDA

[2ª VERSIÓN]

- Adiós, pois, miña señora,
confíe en min, miña vida,
nobreza de corazón
uno á miña fidalguía.
- 5 —Adiós, adiós, meu fidalgo,
adiós, e que El vos bendiga!
Nosa Señora da Barca
vos secorra en mourería.
Meu grorioso san Amaro,
- 10 san Breixo e santa Lucía,
miña Virxen do Corpiño,
lle garden a súa vida.
—Ide con Dios, meu amigo,
ide con Dios, miña almiña,
- 15 santa María vos traía
logo á miña compañía.
Así a despedida foi
de Amaro Beira da Silva
á nena dos ollos gazos,
- 20 fermosa dona María,
e cando voltou da guerra
con ela casarse había,
mais antes de se casaren
van facer unha visita

4 *uno á*: Un-ho a | 6 *El*: qu'El | 12 *súa*: sua | 15 *traía*: traya | 16 *á*: a | 17 M introduce un signo de diálogo no comenzo deste verso | 19 *á*: a.

25 a San Andrés de Teixido
 e á groriosa Santa Minia,
 e fóronse a casar logo
 a aquela santa capilla
 da nobre Virxen da Barca.
30 Noso señor os bendiga!

Fontes:

M (Murguía 1916).

Murguía indica que lle foi recitado a Alejandra “por una sirvienta natural de Arzúa, hacia el año 1868”.

CUARTA PARTE

POEMAS NON PRESENTES NO FONDO,
PUBLICADOS POR MURGUÍA OU ATRIBUÍDOS A EL

[IV, I]

DAMA GELDA

Camiño de San Andrés,
nas ponlas dunha silveira,
en onde estaba encantada
a hermosa moura Zulema.
5 Encantouna cando estaba
collendo nas azucenas,
en o xardín do seu pazo,
Aldonza Cambas, a meiga.
Camiño de San Andrés
10 deixouna nunha silveira
para encantar os romeiros
que iban por aquela terra.
Tamén vai á romería
Saura Rosa Berenguela,
15 filla do conde de Alarcos,
señora de gran nobreza,
que leva na súa compañía
a dama María Gelda,
muller que nunca houbo outra
20 tan sabida como ela.
Camiñaban pola estrada
e chegaron á silveira,
ponse a berrar Saura Rosa
como si aturaran nela:
25 —Que tendes, miña señora?
Que vos pasa, Berenguela?
—Socédeme que non podo
pasar por esta silveira.

2 *dunha*: de unha | 4 *a*: á | 7 *o xardín*: ó xardin | 8 *a*: á | 11 *os*: ós | 13 *vai á*: vay á | 17 *súa*: sua
| 18 *a*: á | 21 *pola*: pol-a | 23 *a*: á | 24 *nela*: nel-a.

—É cousa de encantamento,
30 respondeu a dama Gelda.
Despois, no medio da estrada,
fixo unha roda pequena;
mandoulle coller a Saura
unha ponla da silveira:
35 —Preséntate, Aldonza Camba,
ven, desencanta a Zulema.
Cando falou desta sorte
a dama Gelda, María,
co aquel seu mirar celobre
40 e aquela triste sorriso
parece o ánxel da vinganza
que a inocencia defendía:
falou cunha voz de trono
que respetos lle metía;
45 e anque é meiga, Aldonza Camba
presto á cancela acodía.
—Que queredes, dama Gelda?
Que queredes vós, María?
—Quero e mando desencantes
50 a Saura Rosa Zulema.
—Sodes moi altiva, dama,
sodes altiva e soberba;
inda ninguén me mandou
dendes que vivo na terra.
55 Sabede, Gelda María,
que a Aldonza Cambas, a meiga,
probes, ricos e fidalgos
todos lle baixan cabeza.

30 a: á | 33 a: á | 36 a: á | 37 *desta*: d'esta | 38 a: á | 41 *parece*: parece. *ánxel*: angel | 42 a: á.
defendía: defendía | 43 *cunha*: c'unha | 44 *metía*: metía | 46 *acodía*: acodia | 50 a: á | 53 *nin-*
guén: ninguén | 56 a ... a: á ... á.

—Quen vos baixará cabeza
60 non será Gelda, señora;
nunca a baixou a ninguén,
non ha comenzar agora.
E mándolle, Aldonza Cambas,
pois Dios mo ordenou así,
65 que desencante as doncelas
que encantadas ten aquí.
Ergueuse un trebón de vento
e tremeu a terra toda:
da silveira sal Zulema
70 e tamén sal Saura Rosa.
A enxurrada levou logo
o corpo da meiga Aldonza,
mais a alma nos infernos
dando voltas está agora.
75 Fóronse de alí as meniñas,
e fóronse á romería;
cando chegaron alí,
o santo así lles decía:
—Ide tomar as nove ondas
80 antes de que saia o día
e lewaredes convosco
as nove follas de oliva.
Alí, nun areal triste,
estaban as tres meniñas:
85 van tomar as nove ondas
antes de que saia o día,
brancas como as albas neves
que alá polo monte había.

61 *a ninguén*: á ninguen | 64 *así*: así | 66 *aquí*: aquí | 68 *a*: á | 70 *tamén*: tamen | 75 *de alí*: d'alí
| 76 *romería*: romería | 77 *alí*: ali | 78 *o*: ó | 80 *saia*: saya | 81 *convosco*: con vosco | 86 *saia*:
saya | 88 *polo*: po-lo.

Así que as teñen tomadas,
90 vólvense á romería:
foise bautizar Zulema
así que chegado había.
Puxéronlle alí de nome
Andresa Gelda María:
95 Andresa, por san Andrés
a quen fixo romería;
Gelda por aquela dama
a quen tanto lle debía.
E despois de bautizada
100 nun convento se metía,
e desque estuvo de monxa
mil penitencias facía:
todos a tiñan por santa
cando deixou esta vida.
105 Tornáronse á súa casa
Saura e mais a dama Gelda,
e foron contando a todos
o que lles acontecera.
Aquesto soupo o de Alarcos,
110 casou con seu fillo a Gelda,
pois coa sabencia súa
lle salvara a Berenguela.
Logo ao señor san Andrés
lle fan unha ermida nova,
115 e este miragre lle escriben
nunha das pedras da porta.
E así tódolos romeiros
sabían tan gran historia;
noso santo de Teixido
120 nos leve a gozar da gloria.

86 *saia*: saya | 88 *polo*: po-lo | 89 *Así*: Asi | 90 *a*: á | 96 *a*: á | 98 *a*: á. *debía*: debia | 103 *a*: á |
104 *esta*: ésta | 105 *súa*: sua | 107 *a*: á | 109 *o*: ó | 110 *a*: á | 111 *coa ... súa*: con á ... sua | 112 *a*: á
| 117 *asi tódolos*: asi todol-os | 120 *a*: á.

Fontes:

Murguía, Manuel (1904). Dama Gelda. *La Temporada de Mondariz*. 10 (7/VIII/1904), 1-2.

Na nosa opinión, trátase ben dun texto semiculto creado pola igrexa, ben dun poema tradicional moi retocado, con interese no fomento da romaría de Santo André de Teixido. Elementos coma o encantamento da silveira, que recolle a experiencia de cando engarras a roupa e a silveira turra por ti, parecen tradicionais.

Probablemente haxa unha intervención de Murguía para mellorar a métrica (verso 7), semellante á realizada en “No figueiral figueiredo” [§ 1, 22]. “En o xardín do seu pazo” = “en o figueiral entrei”, a imitación das cantigas medievais como naquel caso. Hai outra interpretación posible do verso, talvez orixinal: “no xardín do se-u pazo”.

[IV, 2]

A DONCELA ENCANTADA

Sobor da pena máis alta,
alá derriba do mare,
paseábase a doncela
sen paxes e sen galaes.

5 Mañanciña de San Xoán,
cando quixo alborexare.

As nove fadas que a sirven
non ousan de lle falare;
moi triste está quen espera
10 e cansada d'esperare.

Mañanciña de San Xoán,
cando quixo alborexare.

Todas tres son tan dereitas
coma os pinos do pinare,
15 e todas elas tan feitas
que os ollos fane pecare.

Mañanciña de San Xoán,
cando quixo alborexare.

Pro ca doncela ningunha
20 se lle pode comparare,
que n'hai estrela no ceo
que se lle poida igualare.

Mañanciña de San Xoán,
cando quixo alborexare.

- 25 Tenden no chan ricos panos
pr'a doncela se sentare,
e tran peites d'ouro fino
para ben a peiteare,
espellos de luída prata,
30 xoias con que a engalanare.
- Mañanciña de San Xoán,
cando quixo alborexare.
- Dos seus cabelos de ouro
ao tempo de peitealos,
35 froriñas se desprendían,
qu'eran un lindo regalo
para ofrendare ao galane
que á doncela se achegare.
- Mañanciña de San Xoán,
40 cando quixo alborexare.
- Aquel galane garrido
é fermoso coma un sole,
que ten de saír das augas
ao cantar do rousinole.
- 45 Mañanciña de San Xoán,
cando quixo alborexare.
- O cantar das nove fadas
é cantar enmeigadore,
que arrasta para os abisos
50 as lanchas dos pescadores,
que queren ve-la doncela
para gañar seu amore.
- Mañanciña de San Xoán,
cando quixo alborexare.

55 Pescadores, pescadores,
non saíades hoxe ao mare;
outros foron, non volveron,
nen tampouco volverane;
que súas barcas e súas redes
60 están no fondo do mare.
Mañanciña de San Xoán
cando quixo alborexare.

Fontes:

Carré Alvarellos, Leandro (1968). Dous romances galegos descoñecidos. *Boletín de la Real Academia Gallega*. 345-350, 122-129.

59 *súas ... súas*: suas... suas.

[IV, 3]

A PENA DE DONA CONSTANZA

Houbo nun tempo un castelo
que de xentís lle chamaban.
Vivían naquel castelo,
entre xente atroz de mala,
5 un señor e unha señora,
os donos daquela casa.
O señor era tan fero
e de tan malas entranas,
que tódolos seus vasalos
10 “Pau de ferro” lle chamaban.
Mais pra ben daqueles probes
que as súas terras labraban,
tiña unha muller moi xoven
que Constanza lle chamaban.
15 Ela sempre que o señor
algún servo castigaba,
decote aos filliños dele
pan e bolos lles mandaba.
Un día (Deus mesmo o fixo)
20 o señor saíu de caza,
a cazar polos seus montes
dos arredores da casa.
Constanza quedou chorando
con moita tristura e door,
25 porque seica aduviñaba

4 *atroz*: atróz | 6 *daquela*: d’aquela | 9 *tódolos*: todol-os | 11 *daqueles*: d’aqueles | 12 *súas*: suas
| 16 *algún*: algun | 17 *decote*: de cote | 20 *caza*: caça | 21 *cazar*: caçar. *polos*: pol-os | 23 *quedou*:
quedóu.

a morte do seu señor,
que, anque fero, para ela
era súa xoia d'amor.
Pasan e pasan as horas,
30 as de cedo e as de tarde,
pasan todas, pasan todas,
e agardaba, mais en balde.
Xa vén a noite, e a Lúa
alumega aqueles montes,
35 pro nen camiños nen pontes
lle volven a espranza súa.
Xa chega o día, e co'el
o Sol alumega o mundo,
mais Constanza non ve o fondo
40 daquela door que a fireo.
E vendo que xa non viña,
saíu por alí berrando,
e de camiño chorando
lagrimiña a lagrimiña.
45 —Onde estás ti, meu ben bo?
Onde estás ti, miña xoia?
Mira, non ves miña door?
Olla, non ves que m'afoga?
Así dicía a muller,
50 así dicía a señora,
e ao ver que non parescía
cáseque viraba tola.
Pasa un día, pasa un mes,
e o señor nunca volvía;
55 e ela sempre chorando
lagrimiña a lagrimiña.

28 *súa xoia*: sua xóia | 32 *balde*: valde | 33 *vén*: ven. *lúa*: lua | 36 *súa*: sua | 40 *daquela*: d'aquela. *fireo*: firéo | 43 *saíu*: saíu | 45-46 Signos de exclamación no canto de interrogación e sen signo de diálogo no orixinal | 46 *xoia*: xóia.

Pasou un ano agardando
que o seu señor voltaría;
poida que o non voltar el
60 for cousa de bruxaría.
Unha tarde, do castelo
saíu unha muller alta,
que polo moza e ben feita
parecía ser Constanza.
65 Chegouse moi amodiño
ao máis outo das murallas
que había sobor das penas
que o castelo aseguraban,
pois o mar, coas súas ondas,
70 nas murallas batuxaba.
Sentouse con gran tristura
no máis alto, aquela dama,
e cos ollos alagados
así chorando laiaba:
75 —Por que saíches da casa,
onde teu amor estaba?
Non ves que xa, sen ti,
atópome abandonada?
Por que quixeste marchar
80 pra t'adivertir na caza?
Non tiñas divertimento
nos brazos da túa Constanza?
Xa non quero vivir máis!
Sen ti o vivir non val nada!

57 *Pasou*: pasóu | 63 *polo*: pol-o | 65 *amodiño*: á modiño | 66 *máis*: mais | 69 *súas*: suas | 72 *máis*: mais | 74 *así*: así | 75 *que saíches*: qué saiches | 79 *que*: qué | 80 *caza*: caça | 82 *túa*: tua | 83 *máis*: mais.

- 85 E así dicindo Constanza,
levantouse moi de présa,
e sen voltar a cabeza
botouse da pena á iauga.
Dendes d'entón, para sempre,
90 quedoulle á pena, tan alta,
o nome daquela muller:
“Pena de Dona Constanza”.

Fontes:

Carré Alvarellos, Leandro (1968). Dous romances galegos descoñecidos. *Boletín de la Real Academia Gallega*. 345-350, 122-129.

Eliminamos os signos de apertura de exclamación é interrogación.

85 E: A | 87 cabeza: cabeça | 88 botouse ... á iauga: botóuse ... â i-auga | 91 daquela: d'aquela.

[IV, 4]

SILVANA

Gasta vestido de liño,
de liño color de neve,
mellor que muller, un anxo
por antre as ramas parece.
5 E ao ver seu andar de pomba
diríase que a Silvana
para que subira ao ceo
solo lle faltan as alas.
Quen ao ver tal fermosura,
10 quen ao ver candura tanta,
Silvana Rosa María,
non che tivera por santa!
...
Unha tarde ía Silvana
ao xardín como soía,
15 alí encontrou o seu pai;
deste modo lle dicía:
—Serás miña namorada,
Silvana Rosa maría;
Silvana túa fermosura
20 estame amargando a vida.
—Non consinta miña Virxe,
señora Santa María,
que á nai do meu curazón
lle faga tal treiduría.
...

5 *ao*: a | 6 *Silvana*: silvana | 9 *Quen*: Quén | 12 Puntos suspensivos indicando lagoa | 16 *deste*:
d'este | 19 *túa*: tua | 23 *á*: a | 24 Puntos suspensivos indicando lagoa despois deste verso.

- 25 O mal rei que aquesto oieu
nunha torre a encerraba;
non lle dá para comer
senón sardiñas salgadas;
non lle dá para beber
30 nen unha pinga de auga.
Sete anos e tres días
botou ela alí pechada;
ao cabo dos sete anos
asomouse a unha ventana
35 e viu as súas irmás
broslando panos de Holanda.
...
—Irmanciñas, irmanciñas,
dádeme unha pinga d'auga,
que teño lume no peito
40 e a gorxa mesmo me abrasa.
—Daríacha, Silvaniña,
ben cha déramos, Silvana,
pero se o sabe meu pai
a cabeza nos cortara.
45 Marchouse Silvana Rosa
moi triste i esconsolada.
—Padre, meu padre e señor,
dádeme un pouco de auga.
—Daríacha, Silvana Rosa,
50 si eres miña namorada.
—Gloriosa Santa María
teña dó da miña ialma,
antes consinto morrer
que ser vosa namorada.

25 *oieu*: *oiéu* | 29 *dá*: *da* | 35 *súas*: *suas* | 36 Puntos suspensivos indicando lagoa despois deste verso | 46 *i*: *y* | 52 *dó*: *dô*. *ialma*: *y*-alma.

- 55 Miña nai que me pareu,
 naiciña da miña ialma,
 morrendo está vosa filla,
 de sede morre Silvana.
 Tódalas chocas do inferno
60 polo mal padre dobraban;
 uns dicían: morra, morra,
 outros dicen: vaia, vaia;
 outros din: para o inferno,
 ao inferno vaia súa ialma.

Fontes:

LC (1959, pp. 209-211).

56 *ialma*: y-alma | 59 *Tódalas*: Todal-as | 60 *polo*: pol-o | 64 *súa ialma*: sua y-alma | Nota de LC: “Coleición Murguía. —Non consta o lugar de procedenza.”.

[IV, 5]

ALTA VAI A LÚA

Alta vai a Lúa, alta,
coma o Sol do meio día;
alta vai Nosa Señora
cando pra Belén camiña.
5 Madalena vai tras dela
i alcanzala non podía,
non a poidera alcanzar
i achouna en Belén parida.
Era tanta a súa probeza
10 que nin un ruín pano tiña,
botou man á súa cabeza
nun precioso que traguía,
e póndollo en tres cachos
a Xesús nel envolvía.
15 Baixan ánxeles do ceo,
cantand'a avemaría,
preguntoulle o Padre Aterno
que tal quedaba a parida:
—A parida queda ben,
20 nunha celiña escollida;
non a fixo carpinteiro,
nin menos carpintería,
que lla fixo o Deus do ceo
para a Sagrada María.

Fontes:

LC (1959, pp. 255-256).

1 *Lúa*: lua | 5 *dela*: d'ela | 6 *i alcanzala*: y-alcanzala | 8 *i achouna*: y-achouna. *Belén*: Belen | 11 *á súa*: á sua | 14 *nel*: n-él | 16 *avemaría*: Ave María | 20 *nunha*: n-unha | Nota de LC: "Colección de M. Murguía. —Non consta o lugar de procedenza.".

[IV, 6]

ALÁ VAI NOSA SIÑORA

Alá vai Nosa Siñora
do Exito para Belén,
leva o seu fillo no colo
que lle parece moi ben;
5 e no meio do camiño
pedíralle de comer.
—Que che darei eu, meu fillo?
Que che darei eu, meu ben?
O pan tenche muita area
10 i a auga lixosa vén.
Encontrara un mazairal
que moi ricas mazás ten;
o ceguiño que as gardaba
non llas podía coller.
15 —Dáme unha mazá, ceguiño,
para este neno comer.
—Entre, Siñora, na horta
e colla das que quixer:
escolla das máis pequenas
20 que son de millor comer.
Come o neno da mazá
i o cego empeza de ver.
—Quen che deu a vista, cego?,
Cego, quen che deu tal ben?
25 —Pois douma Nosa Siñora
e Xesús de Nazaret.

Fontes:

LC (1959, pp. 256-257).

2 *Belén*: Belen | 8 LC punto e coma no canto de signo de interrogación | 10 *i a*: y-a. *vén*: ven
| 15 *Dáme*: Dame | 19 *máis*: mais | 22 *i o*: y-o | 24 Signo de interrogación desta edición. 25
douma: doumo.

[IV, 7]

A COVA DE SAN XIÁN

Si vos ides xunto ó mar
pela ribeira da salsa,
non vos poñás a falar,
que ten nos seus arroás
5 xente mala, xente falsa,
que aos demais quer condanar.
Haivos alí unha cova
que fixeron os xentís,
hai moito tempo, no tempo
10 que eles mandaban aquí.
Alí teñen mil mulleres
pra eles se adivertir,
e roubábanas das casas
e levábanas pra si.
15 Das mozas eles facían
o que non podo dicir;
mataban despois os homes
os mal raios dos xentís.
O tempo foise fuxindo
20 e eles seguían alí,
roubando nas rapaciñas
para eles se servir.
Eles roubaban os homes
pra quitarlles os ańís,
25 e facían co eles untos
e meiciñas pra si.

2 *pela*: pel-a | 6 *quer*: quêr.

Eles facían encantos
que encarceaban alí
as xentes, e na seguida
30 lles quitaban os añaís.
Eles botaban pedrazos;
eles facían así:

(o recitador levantaba os dous brazos)

par'o seu Deus lle pedir
35 que lles levase máis xente
qu'a tiñan de previrtir.

Pasou moito tempo aínda, e unha vez pareceu un santo, era san
Xián que viña pela beiriña do mar, resando nun rosare grande.
E resaba baixiño cando sintiu berrar lonxe, e tamén algún fume
de xofre que cheiraba. El presignouse e foise á cova, e veu uns
xentís que mataban un home, despois de facerlle carretar auga
do mar a unha cova que había feita na area. E fixéronlla carre-
tar ca monteira moitos anos. E ó chegar do santo san Xián está-
bano matando por detrás. Estonces o santo presignouse outra
ves e colleu unha vela verde e un libro encarnado e un eizope, e
chegouse e doulles unha vos que lles dixo:

Fillos de Satanás,
guindádevos desta cova,
40 pois aquí hei de rezar
para poder alcanzar
de Deus a vosa foga.

Fíxolles unha crus e berrando fuxiron, e deixaron o home. Pro o santo non puido entrare máis, porque caeu unha pena antre o santo e os xentís. E co eles dentro quedaron as almas das mozas, dos homes mortos e dos xentís. E cando fai mar bravo e trona e é a hora das doce da noite, aínda salen os xentís en esprito a facer mala xente. E oise unha vos que dise:

Si vos vides a esta mar
45 nesta ribeira da salsa,
 non vos poñás a falar,
 que ten nos seus arroás
 xente mala, xente falsa,
 que vos quere condanar.

Fontes:

LC (1959, pp. 257-259).

45 *nesta*: n'esta | 46 *poñás*: poñas | Nota de LC: “Coleición de M. Murguía: tirámol-a copia con total-as indicazóns que ten postas por quen o recolleu, que non sabemos quen foi, e tampouco costa o lugar de procedenza. Esta composizón parécenos mais o labor de un ruín poeta, que unha mostra de produción tradizoal, con todo, recollemola por se fose unha versión botada a perder por quen a dixo, por quen a recolleu, ou por amos.”

[IV, 8]

O CANOURO

—Tu dormes, meniño?
—Non poido, meu padre,
que sinto ruxidos
mui fortes na chave.
5 —Non cullas mediño
nin tremas chorando
que é o vento que funga,
que funga na trabe.
—Tu calas, filliño?
10 Non chores, coitado!
—Non podo anque queira,
non poido, meu padre,
que vexo se xuntan
e veñen buscarme
15 aqueles pantasma
que van pola trabe,
e queren collerme,
da cama levarme.
—Son ratos, neniño,
20 non poden levarte.
—Papai, volven vir
os negros pantasma!
Papai queridiño,
de ti non m'apartes!

1 Tu: Tú | 8 trabe: trave | 16 pola trabe: pol-a trave.

25 —Espera, filliño,
que vou conxuralos:
“Noitébregas tristes,
curuxas raxadas,
famentos garduños,
30 morcegos, lagartos,
quiobras verdosas,
pezoñosos sapos,
agoiros da noite,
miotos raubiados
35 que sempre en compañía
de mouchos e trasnos
andades ruxindo
enriba da trabe
revoltos cos mortos
40 de lonxes logares,
de parte de Pedro,
de parte de Pablo,
no nome daquel
que veu a salvarnos;
45 por esta cruciña
que cos dedos fago,
vos digo marchedes
e que non volvades,
que o neno que eu teño
50 está bautizado
e non o levaredes
por máis que fagades”.

27-52 En itálica no orixinal. Engadimos as aspas | 38 *trabe*: trave | 39 *cos*: c'os | 43 *daquel*: d'aquel | 46 *cos*: c'os | 52 *máis*: mais.

Marcharon, neniño?
—Marcharon, meu padre:
55 levaban uns rabos
tan largos, tan largos,
que coido que eran
maores que a trabe.

Fontes:

Murguía, Manuel (1914). De Folk-Lore. O canouro. *Boletín de la Real Academia Gallega*. 86, pp. 29-30.

A Murguía foille remitido polo xornalista Alfonso Quereizaeta. Hexasílabo, con trazos da provincia de Ourense, trátase dun poema culto, ou se se quere semipopular, con algunhas semellanzas con “Holofernes” [§ 1, 46] ou “A romería do Val” [§ 11, 5].

Eliminamos todos os signos de apertura de interrogación e exclamación.

[IV, 9]

MERLA

Na aldea de non sei onde,
o ano non interesa,
vivía, dicen, muller
conocida pola Merla,
5 efeuto das hablidades
qu'ela tiña de solteira,
anque lle fora mellor
qu'a cartilla ben soupera.
A doutrina xamais soupo,
10 nin lle entraba na cabeza,
e, s'algunha deprendía,
non tardaba en esquecerla.
Por eso o señor abade
da parroquia en que nacera
15 cansouna en ir e volver,
hasta que s'impuxo nela.
O sancristán, qu'era esperto,
veciño da mesma aldea
e sabedor de roubiños
20 en que a súa dona a collera,
tomáralle oculta tirria,
mirábaa con certa aquela,
e no abade mensaxaba
pra de carneiros enchela.
25 Un día a Merla acamou,
fose de risa ou de veras,
e chama o cura dicindo
viñese pronto ausolvera,

4 *pola*: pol-a | 17 *sancristán*: sancritan | 20 *súa*: sua.

que estaba moi de peligro
30 e nunca se vira enferma.
Agarra o cura o sombreiro
e vais'o punto a cas dela,
que confesarse non quixo
porque o dolor xa cedera.
35 Corridas dúas semanas,
chamouno outra vez a Merla
decindo que recaira
e rogando fose a vela.
Marcha de novo alá o cura
40 pro sin darse moita présa,
temeroso de que nesto
algo houbese de choucheza.
Atopouna chormicosa
e por demais falangueira.
45 Propúxolle a confesión
e respondeulle así ela:
—Vosté, señor abadiño,
é pra o meu mal unha xesta:
síntome toda aleada
50 apenas xunt'a min chega;
deixarémola por hoxe,
que teño feita unha oferta,
e ha de sanar, se Dios quer
a que tanto lle molesta.
55 O cura non reprecou,
e, se o fixese, perdera.
Á reitoral dirixiuse
e maxinaba na vella.

32 *cas dela*: câs d'ela | 35 *dúas*: duas | 40 *présa*: presa | 41 *nesto*: n-esto | 53 *quer*: quêr | 54 *a*: â
| 57 *Á*: a. *dirixiuse*: dirixiuse.

Ao cabo de non un mes
60 que o caso tal sucedera,
torna a velliña a chamalo
con grande apuro e insistencia.
Partiu o cura sin gana,
e, véndoa nunha codela
65 machicando a pé do lume:
—Ou vosté —di— se confesa,
ou eu acá máis non veño.
Estonces repón a enferma:
—Esquecéuselle a doutrina
70 que non me impoñía nela?
pois tamén, meu carrondín,
ir e vir, digo eu, a Merla.

Fontes:

LC (1959, pp. 263-265).

Volve tratarse dun poema semipopular.

64 *véndoa*: vendoa | 67 *máis*: mais | Nota de LC: “Coleición de M. Murguía. —Non costa o lugar de procedenza”.

[IV, 10]

A MIÑA CAPIÑA

- Ai!, miña capiña,
esta noite a xoguei.
Ai!, señora ama,
con quen durmirei?
5 —Eu dígoche, mozo,
que durmas coas cabras.
—Ai!, señora ama,
tenlle malas mañas.
—Ai!, miña capiña,
10 esta noite a xoguei.
Ai!, señora ama,
con quen durmirei?
—Xa cho digo, mozo,
que durmas coas vacas.
15 —Ai!, señora ama,
teñen malas patas.
—Ai!, miña capiña,
esta noite a xoguei.
Ai!, señora ama,
20 con quen durmirei?
—Xa cho digo, mozo,
que durmas coas pitas.
—Ai!, señora ama,
non me gustan cuitas.
25 —Ai!, miña capiña,
esta noite a xoguei.
Ai!, señora ama,
con quen durmirei?

—Xa che dixen, mozo,
30 que durmas no pozo.
—Ai!, señora ama,
tenlle moito fondo.
—Ai!, miña capíña,
esta noite a xoguei.
35 Ai!, señora ama,
con quen durmirei?
—Vouche dicir, mozo,
que durmas connmigo.
—Ai!, señora ama,
40 eso é o qu'eu digo.

Fontes:

LC (1959, pp. 266-267).

Nota de LC: “Coleición de M. Murguía. —Non costa o lugar de procedenza”.

[IV, II]

MARICA DA CAMBA

Marica da Camba
quer casa-la filla
cun zapateiriño
dos qu'andan na vila.
5 Zapateiro non quero
porque maza a sol,
quero un arrieiro
dos que andan no sol.
Arrieiro n'o quero
10 porque vai e vén,
quero un barbeiriño
que m'afeite ben.
Barbeiro non quero
porque fai a barba,
15 quero un alfaiate
que me faga a saia.
Alfaiate n'o quero
que é un comioso,
quero un estudante
20 que é máis amoroso.
Estudante n'o quero
que é un comilán,
quero un labrador
que me labre o pan.

2 *casa-la*: *casal-a* | 10 *vén*: *vem* | 15 *alfaiate*: *alfayate* | 17 *Alfaiate*: *alfayate* | 18 *un*: *um* | 20 *máis*: *mais*.

- 25 Labrador n'ó quero
 que ten larga vida,
 quero un ferrador
 dos que andan na vila.
 Ferrador n'ó quero
30 porque ferra as bestas,
 quero un cesteiriño
 que me faga as cestas.
 Cesteiro n'ó quero
 que é un averdosado,
35 quero un cocíñeiro
 que me faga o caldo.
 Cociñeiro n'ó quero
 que é moi ensuciado,
 quero frade leigo
40 dos de San Bernaldo.
 Frei leigo n'ó quero,
 non quero a ninguén,
 quérote a ti solo,
 meninho, meu ben.

Fontes:

LC (1959, pp. 270-271).

Emprégase *no* por *non* nos versos 9, 17, 21, 25, 33, 37, 41. Interpretamos que é *non* + *o*.

[IV, 12]

O XASTRE DE LOMBA

Aló máis arriba,
aló máis adiante,
hai un xastre coxo
qu' é moi borreante.
5 Anda borreando
que cose moi ben;
ó fin e ó remate
non o chama ninguén.
Fixo unhas polainas,
10 eran de montar,
púxolle a patela
para o carcañal.
A Xoana d' Arriba
fíxolle un mantelo;
15 no sitio da cinta
botoulle o irelo.
A Pepa d' Anxelo
fíxolle un refaixo,
e a lorza de riba
20 botoulla por baixo.
Viña súa nai
moi dreita e moi tesa:
—Vou ve-lo meu Chingos,
que cose na igreia.
...

1 *máis*: mais | 2 *máis*: mais | 7 *ó ... ó*: o ... o | 8 *non o*: nô | 21 *súa*: sua | 23 *ve-lo*: vel-o. Engadimos o signo de diálogo | 24 Despois deste verso puntos suspensivos.

25 Así é o xastre
 que hai nas Baíñas,
 que cose de balde
 e mais pon as liñas.

Fontes:

LC (1959, pp. 284-285).

Nota de LC: “Coleición de M. Murguía. — Non consta o lugar de procedenza”.

[IV, 13]

○ CASAMENTO DA PULGA

A pulga e mailo piollo
ordearon de se casar
seguindo o bo consello
que a ran dá no seu cantar.
5 Mais quedaron paradiños
porque non tiñan padriños.
Puxéron's a contemplar
donde os poderían topar.
Saíu a ran
10 dende unha reguiña:
—Siga a voda,
qu'eu son a madriña.
Non tiñan mantel
pr'a mesa cobrir,
15 dixeron moi tristes:
—A quen llo pedir?
Saíu a araña
da súa arañeira:
—Siga a voda
20 qu'eu son tecedeira.
—Fállano-lo pan,
dó nolo darán?
Saíu o rato
detrás do cuñeiro:
25 —Siga a voda,
qu'eu son panadeiro.

1 *mailo*: mail-o | 16 *quen*: quén | 18 *súa*: sua | 21 *Fállano-lo*: Fallanol-o | 22 *dó nolo*: do nol-o,
marcamos a esperable tonicidade desta forma non recollida nos dicionarios.

—A carne non a temos,
cómo faceremos?
Saíu o lobo
30 detrás do valado:
—Siga a voda,
qu'eu son o obrigado.
—Non témo-lo viño,
oh! meu queridiño.
35 Saíu o mosquito
do seu mosquiteiro:
—Siga a voda,
qu'eu son arrieiro.
—Gaiteiro non hai,
40 e como se fai?
E sal o grilo
do seu grileiro:
—Siga a voda,
qu'eu son o gaiteiro.
45 Danzantes nos fallan,
onde se apañan?
Sai o sapo
por moi abundante:
—Siga a voda
50 qu'eu son o danzante.

Fontes:

LC (1959, pp. 312-313).

Esta é a única vez que aparece Beade nesta colección. É probable que fose algún dos colaboradores ourensáns de Murguía quen lle enviou este poema. José Ogea, por exemplo, que tiña parentes alí. É menos probable que proveña de Said Armesto, malia que recolleu moitas pezas na zona na primeira década do século xx. *voda*: boda, en todos os casos.

31-32 Entre aspas | 33 *témo-lo*: temol-o | 37-38 Entre aspas | 43-44 Entre aspas | 49-50 Entre aspas | Nota de LC: “Colección de M. Murguía. —Recollido en Beade, vila no auntamento do seu nome, partido xudicial de Ribadavia. —Ourense.”.

[IV, 14]

AS VODAS DO PIOLLO E A PULGA

O piollo i a pulga
quixéronse casar,
non fixeron vodas
por falta de pan.
5 —Non é por falta de pan,
que xa o temos;
é por falta de viño,
a onde o toparemos?
Eí vén o moxón
10 do seu bodegón:
—Fáganse as vodas,
que eu porei o bombón.
—Non é por falta de viño,
que xa o temos;
15 é por falta de carne,
a onde a toparemos?
Eí vén o lobo
da súa touciña:
—Fáganse as vodas,
20 qu'eu porei carniña.
—Non é por falta de carne,
que xa a temos;
é por falta de cociñeira,
a onde a toparemos?
25 Eí vén a gata,
mui ben refuxiada:

1 i a: y-a | 15 é: e | 18 súa: sua | 26 mui: muy.

—Fáganse as vodas,
qu'eu irei á cociña.
—Non é por falta de cociñeira,
30 que xa a temos;
é por falta de padriño,
a onde o toparemos?
Eí vén o ratiño
do seu buratiño:
35 —Fáganse as vodas,
eu serei padriño.
—Non é por falta de padriño,
que xa o temos;
é por falta de sancristán,
40 a onde o toparemos?
Eí vén o burro
daquil curral:
—Fáganse as vodas,
qu'eu serei sancristán.
45 —Non é por falta de sancristán,
que xa o temos;
é por falta de crego,
a onde o toparemos?
Eí vén o corvo
50 daquela altura:
—Fáganse as vodas,
qu'eu serei o cura.
—Non é por falta de crego,
que xa o temos;
55 é por falta de danzante,
a onde o toparemos?
Eí vén o grilo,
griliño, grilante:
—Fáganse as vodas,
60 qu'eu serei danzante.

28 á: â | 33 *Eí*: Ehí | 42 *daquil*: d'aquil | 50 *daquela*: d'aquela | Nota de LC: "Coleición de M. Murguía. —Non costa o logar de procedenza".

Fontes:

LC (1959, pp. 317-318).

eí: ehí, en todos os casos. *vodas*: bodas, en todos os casos. Engadimos as marcas de diálogo.

[IV, 15]

FRAGMENTO

Meu soldadiño,
para onde vai?
Non vou, que veño
de ver a meu pai.
5 Sete anos hai
que marchei para guerra,
e agora vin
para ver miña terra.

Fontes:

LC (1959, p. 322).

[IV, 16]

[PARRAFEO]

—O teu cariño i o meu
van na corrente do río,
como me ti a min fixeches
teño de facer contigo.
5 —Teño de facer contigo...
n'has de facer que xa fago,
que te teño de olvidar
xa que me deche mal pago.
—Teño valor de deixarte
10 e de decirche que non,
non o teño de arrincarte
das cordas do corazón.
—Eu o valor non o teño,
malia a miña cabeza.
15 Eu o valor non teño,
e de non telo me pesa.
—E de non telo me pesa,
heiche de dar o motivo:
mentres teña corazón
20 podo ter outro cariño.
—Podes ter outro cariño...,
tamén eu o podo ter,
pero o meu coranzonciño
arrimoume outro querer.

6 n'has: n'as. xa: ja | 11 arrincarte: arrimarte | 14 a: â | 19 corazón: corazon.

25 —Teño o corazón ferido,
fechísimo desleal!;
teño o corazón ferido
sen che facer nunca mal.
—Teño o corazón ferido
30 cunha puñalada túa,
teño o corazón ferido
sen ter eu ningunha culpa.
E si nestas cousas penso,
anque che dixen que non,
35 hei ter valor de arrimarche
as cordas do corazón.
Aprende si non o sabes
que teño no corazón
ben para quen me fai ben,
40 mal para quen me é traidor.
Ti quixéchesme de bulra,
eu quíxente a ti de veras,
dera por ti, meu amor,
a sangue das miñas venas.
45 —Ti quixéchesme de bulras,
eu a ti ameite de veras
por eso che eu torno triste,
por eso ti alegre quedas.
Eu teño de me ir a lonxe,
50 lonxe fóra desta terra;
quédaste ti co teu home,
home que nunca nacera.
Para te topar casada
nunca a esta terra volvera.

30 *cunha*: c'unha. *túa*: tua | 33 *nestas*: n'estas | 40 *lonxe*: longe | 50 *lonxe fóra*: longe fora. *desta*: d'esta | 51 *co*: c'o.

55 —Torna aquí, meu queridiño,
torna ti, meu namorado,
que se te quixen de libre
tamén te quero soldado.
Anque me vexas casada
60 non me perdas o cariño;
o paxaro que é de lei
sempre che torna a seu niño.
Poida dar que inda enviúde
e que me case contigo;
65 ven acá, meu namorado,
ven acá, meu queridiño.

Fontes:

Murguía (1915a). De Folk-Lore. Nuestro folk-lore. *Boletín de la Real Academia Gallega*. 99, pp. 65-67.

Recollido en Vilasantar, Arzúa.

[IV, 17]

[PICO, PICO, MAZARICO]

Pico, pico, mazarico,
quen che dou tamaño bico?
Doumo Dios e san Francisco,
para picar nos carballos
5 antre ponlas e ramallos,
e piquei e repiquei,
tres grauciños atopei,
e leveinos ó moíño,
o moíño a moer,
10 os ratiños a comer.
E collín un polo rabo,
e leveino ó mercado.
Canto me dades, señores,
por este porco cebado?
15 Cen reás e un ochavo.
Fun por cas de miña tía
cando o sol amañecía.
Doume unha cunca de leite,
a cunca estaba rendida,
20 a culleriña, partida.

8 *moíño*: mohiño | 9 *moíño*: mohiño. *a*: á | 10 *a*: á | 11 *collín*: collin. *polo*: po-lo | 13 *me*: mé |
14 *este*: esté | 16 *cas*: câs | 17 *amañecía*: amañecía | 18 *unha*: un-ha | 19 *cunca*: cuncá | 20 *a*: á.

Fun pola corredoiriña,
topei unha cornetiña,
que tocaba que rabiaba;
e saíronme os ladróns
25 e roubáronme-os calzóns.
Acudide acá, mulleres,
con gadañas e culleres!

Fonte:

Murguía, Manuel (1865). *Historia de Galicia*, I. Lugo: Impr. de Soto Freire, pp. 580-581.

21 *pola*: po-la | 22 *unha*: un-ha | 24 *saíronme*: saironme. *ladróns*: ladrons | 25 *calzóns*: calzons.

[IV, 18]

RIMAS QUE MURGUÍA LLE REMITIU A MILÀ

Fonte:

Milà i Fontanals, Manuel (1877). De la poesía popular gallega. *Romania*. I (6), [47]-75.

COPLAS

A Virxen de Cerca vaise,
o cabildo vai con ela;
panadeiriñas da praza
vinde a despedirvos dela.

(1877, p. 57) | 2 *vai*: vay | 3 *da*: d'a | 4 *a*: á. *dela*: d'ela.

Uns corren para Castilla,
outros corren para Cais,
e solo Dios é quen sabe
en donde a fortuna está.

(1877, p. 57).

A Castilla van os homes,
a Castilla por ganar;
Castilla queda na terra
para quen quer traballar.

(1877, p. 57) | 3 *na*: n-a.

Os soldados vanse, vanse,
vanse por Cudeiro arriba;
as rapaciñas d'Orense
choran que cortan a vida.

(1877, p. 58) | 2 *por*: po.

A regueifa está na mesa,
feita de pan de centeo;
o muíño qu'a moeu
non tiña capa nin veo.

(1877, p. 58) | 1 *na*: n-a | 3 *o*: a. *muíño*: muhiño. *moeu*: moheu.

Cando o río fose enriba
e os carballos deren uvas,
han de ser homes de ben
os homes de barbas rubias.

(1877, p. 58) | 1 *rio fose*: río fosse. Non parece posible a lectura 'for', mais acorde con verso seguinte.

Yo quisiera tener madre
aunque fuese de una silva,
que aunque la silva picase
siempre era la madre mía.

(1877, p. 58). Este cantar aparece, ademais de no artigo de Milà e no libro postumo de Saco Arce (1987, p. 174), citado por Xosé Luís Forneiro (2005, pp. 105-106) e glosado por Rosalía no *Álbum de la Caridad* (1862, pp. 271-271). A súa aparente tradución do galego e a pouca operatividade tradicional parecen claras. Supoñemos que é unha contaminación; que Murguía considerou popular a tradución de Rosalía do cantar. | 2-3 *silva*, en cursiva.

Soidades danme os campos,
as viñas, as vendimiadas
i os paxariños cantando
nas tardes e madrugadas.

(1877, p. 59) | 1 *Soidades*: Soïdades | 3 *i*: y | 4 *nas*: n-as. e: é.

Qu'a rula que viudou
xurou de non ser casada,
nin pousar en ramo verde,
nin beber d'augua crara.

(1877, p. 59) | 1 *viudou*: vïudou.

Na alma se me clavou
a raís do teu querere;
mentras no mundo vivere
outro amor non hei de tere.

(1877, p. 59) | 2 *raís*: rais. *do*: d'o | 3 *no*: n-o | 4 *hei*: hey.

Adiós non, si non mo digas,
qu'éche palabra mui triste;
entre dous que ben se queren
costa caro despedirse.

(1877, p. 59) | 1 *Adiós*: adios. *mo*: m'o | 2 *qu'éche*: qu'é che. *mui*: muy | 3 *dous*: dos.

Si ti me tiveras lei
i eu che tivera cariño;
escribíache unha carta
nas alas dun paxariño.

(1877, p. 59) | 1 *tiveras lei*: tiberas ley | 2 *i eu*: en. *tivera*: tibera | 3 *escribíache*: escribirache
| 4 *nas*: n-as. *dun*: d'un.

Non me prendas, silva verde,
que n'estou na miña terra;
nunca silva me picou,
que non me vingase dela.

(1877, p. 58) | 2 *na*: n-a | 4 *dela*: d'ela.

Arrimeime a un pino verde
por ver si me consolaba;
o pino como era verde,
de verme chorar, choraba.

(1877, p. 58) | 1 *Arrimeime a*: arrimeme á | 4 Coma desta edición.

Augua do Pilar de Cruña,
auga do lindo beber,
quen amores ten ó lonxe
máis lle valera non ter.

(1877, p. 59) | 1 *do*: d'o | 2 *do*: d'o | 3 *ten*: tèn | 4 *máis*: ma.

Cantan os galos pro día,
érguete, meu ben, e vaíte;
Como m'hei d'ir, queridiña,
como m'hei d'ir e deixarte?

(1877, p. 60). Milà atribúelle esta copla non só a Rosalía, senon tamén a Murguía | 1 *pro día*: pr'o día | 2 *érguete*: erguete. *e*: é | 3 Eliminamos o interrogante | 4 Engadimos o interrogante.

Falando cunha meniña
esmortecido quedei;
acoleime na súa casa
e coa meniña casei.

(1877, p. 60) | 1 *cunha*: c'unha | 3 *na súa*: n-a sua | 4 *coa*: co'a.

O canto do galleguiño
é canto que nunca acaba,
qu'empieza con *talalila*
i acaba con *talalala*.

(1877, p. 61) | 1 *do*: d'o | 2 *é*: e | 4 *i*: y.

Agora xa non se usa
pedir a filla ó seu pai;
se non entrar pola porta:
ei, meu sogro, como vai?

(1877, p. 62) | 2 *ó*: ô. *pay*: pai | 3 *pola*: po-la. | 4 *ei*: eh.

Pobres vaquiñas miñas,
s'o meu cuidado
como pesa na ialma
pesa no carro.

(1877, p. 64) | 3 *na ialma*: n'a y-alma | 4 *pesa no*: pera n-o.

TERCETOS

Estrellita do luceiro,
quen ten amores non dorme
senón o sono primeiro.

(1877, p. 64) | 1 *do*: d'o | 2 *ten*: tèn | 3 *primeiro*: primiero.

Elas de Laiño son,
collen o xunco nas brañas,
vano vender a Padrón.

(1877, p. 64) | 1 *Laiño*: Laiño | 2 *xunco nas brañas*: junco n-as breñas | 3 *vano ... a Padrón*: van á ... ô Padron.

RUADA

Veña o pandeiro a ruar
qu'estas son as mazarocas
qu'hoxe teño de fiar.

(1877, p. 64) | 1 *a*: á | 2 *mazarocas*: mazarrocas.

O pandeiro toca ben,
as ferriñas fanlle o son;
vivan os qu'amores ten!

(1877, p. 64) | 2 *ferriñas*: ferrinas | 3 *ten*: tèn.

Vivan as mozas gallegas,
vivan as bonitas mozas
i os galáns da nosa terra.

(1877, p. 64) | 3 *i*: y. *galáns*: galans. *da*: d'a.

Mociñas a bailar todas;
mociños, arriba, arriba!
ti tamén, meu Furabolos.

(1877, p. 64) | 1 *a*: á | 3 *tamén*: tamen.

Non t'asañes, non, rapaz,
qu'as nenas son para ver,
os galáns para mirar.

(1877, p. 65) | 3 *galáns*: galans.

Cada un é pr'o que é:
o pan está pr'a fouciña;
Antoniño, saca o pé.

(1877, p. 65) | 2 *fouciña*: foucina | 3 *pé*: pe.

A ruada vaise armando;
tira, Pepe, ese candil
qu'están á porta chamando.

(1877, p. 65) | 3 *qu'están*: qu'estan.

Viran chuscos (Dio-lo queira)
pro ese chama no quinteiro
i os chuscos vén pola eira.

(1877, p. 65) | 2 *no*: n-o | 3 *i*: y. *ven pola*: vên po-la.

Veña por onde quixer;
toca, pandeiriño, toca,
mas que ch'o coiro rabee.

(1877, p. 65) | 2 *pandeiriño*: panderiño | 3 *rabee*: rabée.

Estira a cofia, Maruxa,
dobra as mangas da camisa
e qu'o denguiño se luza.

(1877, p. 65) | 2 *da*: d'a.

Inés, acude ó mantelo,
puntea ben, que ti ben sabes
dálle ó brazo e xunta os dedos.

(1877, p. 65) | 1 *ó*: ô | 3 *dálle ó*: dalle o. *xunta*: junta.

Entra meigo, non atruxes;
garda, Xan, as castañetas
e cóntame ond'hoxe fuches.

(1877, p. 65) | 3 *cóntame ond'hoxe*: contame ond'oxe.

MUIÑEIRAS

Vállate Dios
aquela qu'é vella
quer que lle fagan
a cama de pedra;
5 vállate Dios
aquela qu'é moza
quer que lle fagan
a cama de folla.

(1877, p. 65).

Manga rachada
foi a Castilla
e no camiño
topou unha filla;
toda vestida
5 de seda labrada
porque era filla
de Manga rachada.

(1877, p. 65-66) | 2 *a*: á | 3 *camíño*: camino.

Isca d'aí
galiña maldita,
isca d'aí
non me máte-la pita;
5 isca d'aí
galiña ladrona,
isca d'aí
pra cas de túa dona.

(1877, p. 66). Deste cantar, presente en *Cantares gallegos*, temos unha versión manuscrita de Rosalía no Arquivo Municipal da Coruña, aproveitando as gardas soltas dun libro. De feito, Milà —xunto con Murguía— atribúeo erroneamente a Gelmond e Helferich. Pero sen dúbida confundiu o G con que acredita estes dous autores co C co que acredita *Cantares gallegos* | 1 *aí*: ahi, así ao longo de todo o cantar | 4 *máte-la*: matela | 8 *túa*: tua.

ROMANCES

[EU XUNGUÍN OS MEUS BOICIÑOS]

Levanteime polo lunes,
o lunes pola mañana,
e collín os meus boiños
e leveinos a labrar.
5 Cheguei ó campo con eles,
esquencéusem'a aguillada,
volvín á casa por ela,
topei a porta cerrada.
—Ábreme a porta, muller,
10 que m'esquencou a aguillada.
—Aguardade máis un pouco,
porqu'estou moi ocupada.
Senteime nunha pedriña,
fortuna non m'aparaba.

...

1 *Levanteime*: levantéme. *polo*: po-lo | 2 *o*: ô. *pola*: po-la | 3 *collín*: collin. *meus*: mens | 5 *ó*: ô
| 6 *esquencéusem'a*: esqueceum a | 7 *volvín á*: volvin a | 9 *Ábreme*: Abreme | 11 *máis*: mais | 13
nunha: n-unha.

- 15 —Quien te me diera, marido,
tendido en aquella sala,
con las piernas amarillas,
la cara desfigurada,
y yo vestida de luto,
20 llorando de mala gana,
y los vecinos que digan:
“Ahí llora la cautivada”,
y los curas a la puerta
diciendo que “salga, salga”.

(1877, p. 70) | 15-24 En itálica | 15 Engadimos guión de diálogo.

COPLA DE PEPA ROSA CUANDO SE IBA A EMBARCAR SU MARIDO

- Puente y las Burgas, adiós,
y la Virgen del Cesí,
sacra Virgen del Carmelo,
todas me asistan a mí!
5 Burgas frescas y calientes,
calle oscura y nada más,
convento de San Domingo
no vuelvo a verte jamás!
Convento de San Francisco,
10 convento de los garbosos,
adiós al padre Guardián
con todos los religiosos.
.....
Una vez os digo adiós
hasta el día judicial,
15 que aquel día será visto,
aquel día y nada más.

4 mí: mi | 7 San Domingo, así no orixinal | 8 á: a. *jamás*: jamas | 14-16 día: día.

Adiós, nobles caballeros
y otros de mi igualdad,
tenientes y coroneles
20 que hay en esta ciudad.
.....
Yo te encargo, Pepa Rosa,
que no te vuelvas casar,
pero quedas muy pimposa,
no te podrás resguardar.
25 Non poderán quince días
en el pesar se acabar
nin vendrán los cuatro meses
sin volverte a proclamar.
Toma, hija, estos diez doblones
30 para tú te remediar,
que si tu madre se casa
maldito los quiere dar.
—Adiós, mi padre querido,
esto sí que es de llorar,
35 que no alcanzaré licencia
de poderlo ir a abrazar.
.....
Yo te encargo, Pepa Rosa,
que no te vuelvas casar.
—Válgate Dios, mi marido,
40 esto sí que es de llorar;
no me dejas ningún pre
para yo me remediar,

24 *podrás*: podras | 25 *poderán*: ponderan. *días*: drás | 27 *vendrán*: vendran. *los*: [los] | 32 No orixinal engádese (sic) ao final do verso | 34 *sí*: si | 36 *a*: á | 38 'etc.', engadido por Milà ou por Murguía | 39 *Válgate*: Valgate | 41 *ningún pre*: ningun pré.

que de las tristes viudas
todos suelen murmurar,
45 y las piedras del camino
tras de ellas son a tirar.
.....
Adiós, campo del Posío
donde ejercicio tomaba,
adiós la calle oscura
50 donde a muchos convidaba.
Adiós, puente temerosa,
adorno de la ciudad,
donde pasan los comercios
que vienen de terra y mar
.....
55 Santo Cristo milagroso,
Virgen de la Trinidad,
me liberte y me *defenda*
de terra de mourindad.

(1877, pp. 71-72). Nota de Milà ao pé: “Este romance vulgar, pero que recuerda los antiguos artisticos de trovadores, fue, segun cree fundadamente M., compuesto cuando la marcha del batallon provincial de Orense, á una de las campañas extranjeras emprendidas en tiempo de Carlos III. Por supuesto que el autor del romance no fue el que se supone su héroe, sino un poeta del pueblo. Nos dice el mismo M. que lo cantan los ciegos de la tierra de Orense (ciudad en que se hallan todas los lugares en él mencionados) causando cierto enternecimiento en el auditorio. Lo considera como muestra del castellano hablado por los gallegos iletrados. La copia que nos remitió no era completa y ademas suprimimos no pocos versos, para abreviar.”

Adiós: adios (ao longo de todo o texto).

XOGO DOS PELOURS

Xastre,
o demo t'arrastre,
que chova, que neve,
o demo te leve.
5 Ai! pete, pete,
vai pró burato,
coida dos teus fillos
qu'están langreando.

(1877, p. 72) | 3 *que*: Quo | 5 *Ai*: ay | 6 *vai pró*: vay pr'o | 7 *dos*: d'os. | 8 *están*: estan.

ENSALMOS

Nube negra,
Dios te estienda,
nube rubia,
Dios te destruya;
5 nube blanca,
Dios te esparza.
Tres Apóstoles santos
iban por un camiño,
co meu señor Xesucristo
10 atoparon.
—Ou! meus santos, pra d'ond'ides?
—Imos pró monte Olivar.
—Que ides catar?
—Herbas e un año,
15 pra curar fístola,
chagas, feridas.

1-6 Estes versos aparecen en itálica | 7 *Apóstoles*: Apostoles | 9 *co*: C'o | 12 *pró*: pr'o | 13 Engadimos os signo de interrogación | 14 *Herbas*: Erbas. Milà ou Murguía engaden "(de?)" despois de "e" | 15 *fístola*: fistola.

—D'aquí vos volverés,
prometimento me farés,
qu'ouro nen prata non tomarés.
20 Tomarei a sal de mar
agua da fonte perenal
la lidra,
e aceite de oliva.
Con esto curarés
25 chagas e feridas,
co poder de Deus
e da Virxe María.

(1877, pp. 73 e 74). | 17 *D'aquí*: d'aquí | 19 *tomarés*: tomares | 20 *Tomarei*: tomaréi | 22 Engadido por Murguía, ou Milà: "(cidra?)" | 25 *e*: é | 26 *co*: C'o. *Deus*: Deu | 27 *da*: d'a. *María*: Maria | Nota de Milà i Fontanals: "Estos versos supersticiosos de poco valor literario cobran mayor interés por su antigüedad relativa. «Son del siglo xvii, nos dice M[urguía], y los hallé entre los papeles de la Inquisición de Santiago, siendo Director del Archivo General de Simancas, en el cual se guardan». Habla también de algunos castellanos conservados en el Archivo General de Alcalá y de otros que remitió el P. Caravantes, misionero gallego de últimos de siglo xvii, al Santo Oficio".

Madre, madrona,
vólvete ó teu redor
como fizo a lanzada
que deu Longinos a Noso Señor.

(1877, p. 74) | 2 *vólvete ó*: volvete o | 4 *a*: á.

Estaba san Crimente
nunha pedra sentado.
Vén por aí a Virxe María,
preguntando: —Que estás facendo, san Crimente?
5 —Señora, estou morrendo de nivas e dentes.
—Qués que chas bendiza, san Crimente?
—Si, Señora, de moi boa mente.
—Pois eu chas bendigo:
Polo arrecido,
10 e sol raiente,
por saltador
e roedor,
que che volverán
o bon amor,
15 como foi a lanzada
que deu Longinos a Noso Señor.

(1877, pp. 71 e 72) | 2 *nunha*: en una | 3 *aí*: ahi. *María*: Maria | 4-6 Engadimos as marcas de diálogo | 4 *estás*: estas | 5 *e*: é | 6 *Qués*: Quês. *chas bendiza*: ch'as bendiça | 8 *chas*: ch'as | 9 *Polo*: po-lo | 10 *raiente*: rayente | 13 *volverán*: volvran | 16 *a*: á.

DIÁLOGO

Con licencia de mi padre
y de la señora tía,
yo quisiera preguntar
ese guapo a qué venía.
5 —A que veño eu cho direi,
heiche de contar verdad;
veño por pasa-lo tempo,
qu'é cousa de mocidad.

1-4 Milá reproduce estes versos en itálica | 2 *tía*: tia | 4 *qué venía*: que venia | 5 *cho*: ch'o | 6 *heiche*: Eiche | 7 *pasa-lo*: pasá-lo | 8 *qu'é*: que'e.

- Si vés por pasa-lo tempo,
10 queridiño, ben dixestes;
si non sábe-lo camiño,
volve por onde viñeches.
—O camiño ben o sei,
que cho vexo dend'aquí;
15 pero teño de levar
unha rosa coma ti.
.....
—Si qués que case contigo
has de facerme unha casa,
que cueste dos mil doblones,
20 asomadita a la plaza.
—Non me fales dunha casa
que me das no corazón,
que xa eu cha teño feita
en Santiaguíño de Herbón.
.....
25 Pondreite por taberneira
na cidade do Santiago.
—Na cidade do Santiago
non quero ser taberneira;
non me criou miña nai
30 para ser revendedeira.
—A túa nai é unha lumia,
o teu pai un nigromante:
a casta toda ch'é boa...
mala pólvora levante.

(1877, pp. 74-75). Nota de Milà i Fontanals: “La copia de M[urguía] no era completa y además suprimimos versos para abreviar”.

9 *pasa-lo*: pasá-lo | 11 *sábe-lo*: sabelo | 12 *viñeches*: vineches | 14 *cho*: ch'o. *aquí*: aquí | 17 *qués*: quês. Engadimos o guión de diálogo | 19-20 *Itálica* no orixinal | 20 *a*: á | 21 *fales*: fables. *dunha*: d'unha | 22 *das no corazón*: das n-o corazon | 23 *cha*: ch'a | 24 *Herbón*: Herbon | 26 *na*: n-a. *do*: d'o | 27 *ciudade do*: cuidade d'o | 29 *nai*: náy | 31 *túa nai*: tu mai. Corrixido de xeito incompleto a lapis por Murguía: “a tu nai” | 34 *pólvora*: polvora.

[IV, 19]

SALÍN DA VILA DE SADA

Salín da vila de Sada,
meu amigo!
Coa miña irmanciña nova,
miña dona!
5 Tu virás nas barcas comigo,
meu amigo!

Fontes:

Murguía, Manuel (1913). Folk-lore gallego. Cantos de cuna. *Suevia*. 1 (I/1913), p. 2.

[IV, 20]

CANTOS DE BERCE

Arriba!
Fol de media libra!
Déramo Dios, leváramo logo,
por non andar co-esta gaita no colo.
5 Dúrmete, meniño,
durme, meu amor,
dúrmete, prendiña
do meu corazón.
Eh! meniño!
10 Eh! ron, ron,
durme ti, queridiño,
que si non vén o cocón.
Ora, meu meniño, ora,
que ch'hei dar pan e cebola.
15 Meu rapaciño querido,
non xogues con tua nai,
porque sálch'a festa cara
non che dando de mamar.
Eh! miniña,
20 eh! ron, ron,
é teu pai un fanfarrón,
tua nai unha violeta
que non che quer da-la teta.
Ora, meu meniño, ora, meu meniño,
25 que te-las papas no caracoliño.

3 leváramo: leváromo | 12 vén: ven | 14 ch'hei: ch'ei | 21 é: e | 23 da-la: dal-a | 25 te-las: tel-as.

Ora, meniño, ora, ron, ron,
que teu pai é un fanfarrón.
Tua nai é maroleta
que non che quer dá-la teta.

Fontes:

Murguía, Manuel (1913). Folk-lore gallego. Cantos de cuna. *Suevia*. 1 (I/1913), p. 2.

Apéndices



NOTAS DE MURGUÍA

As notas en papeliños recortados, moitas veces aproveitando sobres, e mais as escritas ao pé das follas conservadas, son fundamentais para coñecer a intencionalidade e a elaboración da colección. A pesar de estaren destinados ao uso persoal, e non a lecturas alleas, e inzadas de abreviaturas, grazas á lexibilidade da caligrafía de Murguía, consideramos que acadamos unha transcrición aceptable de case todos os papeis que acompañaron os cantares. Inda así, non poucas veces un nome propio, por exemplo, non se aclara ata atopalo noutras fontes; en case todos os casos puidemos verificar as citas que facía Murguía no seu plan de encadrar o que recollía no marco xeral do folclore europeo.

Esta é a razón pola que optamos por unha transcrición conservadora. Marcaremos os saltos de liña, sacrificando un pouco a lexibilidade a favor da fidelidade, dado que esta sección está destinada máis á verificación e xustificación dos textos precedentes, e mesmo á investigación, que á súa lectura directa.

Comezaremos por enumerar os comentarios que aparecen ao pé de cada poema, nas follas que parecían destinadas á publicación, e que están en letra de Murguía, para a continuación transcribir, na orde en que chegaron a nós, as numerosas notas en papeliños soltos que hai no cartafol. Nestes casos, procuramos seguir todas as edicións citadas por Murguía; cando non puidemos facelo, sexa pola ambigüidade da cita, sexa por non ter dado coa fonte exacta, engadiremos un asterisco ao comezo da referencia.

COMENTARIOS AO PÉ DOS MANUSCRITOS EN LETRA MURGUÍA

- | | |
|------------|--|
| [c I, 6] | [A doncela guerreira] |
| [c I, 7] | Camariñas, Camariñas |
| [c I, 8] | Mariana |
| [c I, 9] | Margarida-Rosa |
| [c I, 10] | Rosalinda |
| [c I, 22] | [No figueiral figueiredo. Restitución de Murguía] |
| [c I, 24] | Romance da Frouseira |
| [c I, 25] | Jesucristo e a Lúa |
| [c I, 26] | Xerineldo |
| [c I, 27] | Romance de la infantina |
| [c I, 29] | Os mouros |
| [c II, 12] | Despedida de don Amaro Veira da Silva de dona María de ... |
| [c II, 32] | Romance de Malveliña |

[C 1, 6] [A doncela guerreira]

Braga publica dos versiones de este romance, p. 8 del *Romanceiro Geral*¹ / y en el *archipielago açoriano* p. 211²

Dalle zamborca terás muller morta.³

La monja que sirvió de lego / fue en el convento de la Puebla —vid Castro.⁴ / Pasó después a Pontevedra y fue abadesa de / Santa Clara

vid. En el *Archipielago* la nota 410⁵ y la pagina 165 del *Romancero*⁶

vid. Almeida Garret t. III. p. 65⁷ — Cosa digna de notarse, la ver/sión que mas se aproxima a la nuestra es la de este autor a quien / no se le suele dar gran aprecio por su fidelidad. ~~Las variantes del Miño~~

En España la Monja Alférez vid. Gallardo V 1 col 954⁸

El verso Santiago vaya contigo indica bien el pais en que fue compuesto.

El final es de un sentimiento delicadísimo y natural.

Leyenda árabe que cuenta Lamartine al último de Viaje a Oriente.⁹ Lo / tiene Rafael.¹⁰ En el poema de Antar[,] Djida es una doncella guerrera pero difiere / la cosa por cuanto la doncella que viste de hombre y¹¹

1 Braga 1867, p. 8. “Romances de D. Martinho de Avizado”.

2 Braga 1869, p. 211. “Romance de D. Varão”.

3 Sarmiento 1785, f. 382. Trátase dun dito recollido polo padre Sarmiento.

4 Castro 1722, t. I, p. 231. Recolle a historia da monxa que se fixo pasar por home no convento da Pobra e despois chegou a abadesa no convento de Santa Clara en Pontevedra.

5 Braga 1869, p. 410, notas 11 e 12.

6 Braga 1867, p. 165, notas 3, 4 e 5. “Romances de dom Martinho de Avisado”.

7 Garrett 1863, p. 65.

8 Gallardo 1863. Trátase da referencia ás memorias da monxa alférez.

9 *Lamartine 1845, pp. 362-363. O fragmento do poema de Antar ten entre os seus personaxes a Djida, educada polo seu rei como un guerreiro.

10 Supoñemos que Rafael é unha persoa que ten o libro; non hai que esquecer que estas notas son notas de traballo.

11 O texto de Murguía interrómpese aquí, inda que queda espazo en branco na folia.

[C 1, 7] Camariñas, Camariñas

La ultima estancia de este romance se canta aun hoy en castella/no, en la comarca en donde debió ser popular, de allí ~~me~~ vino / y \se/ lo enseñó a nuestra hija con otros mas una anciana de cerca de Laje que como decimos en la nota del romance Silvana \hace diez años/ murió de mas / de ochenta? [sic] ~~años de edad~~. Debio componerse a me/diados del siglo xvi al del xvii y es como la continuación de la eterna protes/ta de las poblaciones gallegas contra toda clase de señorío que no / fuese el real. Siendo una verdad inconcusa que esta clase / de composiciones conmemoran hechos reales y contemporáneos, no / podemos menos de creerle compuesto por aquellos tiempos en que / agobiado [sic] la corona por las continuas guerras de Carlos V y los no me/nos gastos que la política de ~~de los vínculos?~~ ~~Por los que sostuvo su hijo~~ Felipe II daba / continua ocasión se acudió al método victorioso de vender las rentas / del estado los derechos y las preeminencias señoríos y jurisdicciones de / varios lugares de la península entre los cuales se contaron muchas villas / y lugares de Galicia. Allariz fue vendido el 1561 a 417 259 maravedis al marques / de Viana. Don Pedro Pimentel el de [...] Dado este paso luego se penso /en vender los de Emper[ad]o[r] Carlos V y no concluyo con Felipe IV. De esto / se paso a vender las Alcabalas y Felipe IV en 1618 vendio los de Verin / a impetrar bula y letras apostólicas como los que se obtuvieron del papa Gregorio / XIII para [...]² Así se vendió el coto de Allariz perteneciente a los monjes de Santa / Clara a don Pedro de Pimentel con el de Viana la vila de Caldas al principe / de Salerno Genoves, Fefiñanes que era de la misma mitra a don Gonzalo Sarmiento ¿Bayona a [espazo en branco] ? y es posible que entonces se / tratase de vender a Camariñas y que sus ¿ lo mismo que los de Caldas acu/ diesen mejor que a las hirmanas De que habla el romance a los mss de / sus vecinos que a rescatándose así de las garras siempre aborrecibles de / los mercaderes genoveses que en unión de los judíos arrendadores de alcabalas / y los asturianos que explotaban ~~igual ramo~~ el ramo de seda?³ y habían convertido nuestro / país en una tierra \de/ desventura. [corrixido sobre desventurada]

1 Lagoa polo sentido, pero Murguía non deixa espazo.

2 Lagoa polo sentido, pero Murguía non deixa espazo.

3 Entendemos que se refire ao cultivo do liño, inda que non atopamos esta expresión en ningún dicionario. O interrogante é de Murguía.

[C 1, 8] Mariana

El nombre de *Hermosinda*, se encuentra en otra forma *Ermisenda*, abuela de Berenguer II conde de Barcelona. Esta señora era francesa y por ella tenía derecho Berenguer al Bearn y a los condados de Carcasona y Narbona vid. *Hist. de Cat.* 1113?¹ (Baret Trouvadors p. 93)²

Este romance tiene que ser posterior al 1500, pues antes los Andrade no eran condes. Su dicho como el sr de Ceny

Ermesinda vid *Fueros Francos* Página 32, nota.³ Vid Salazar h 206 4^{a4}

Ermeninda es llamada la muger del rey Alfonso I y madre de Froila, y Aurelio y una hija Adosinda. Mauregato era hermano natural de estos príncipes se dice tenida en una esclava mora.

1 Non sabemos se se refire a un libro en concreto, ao engadir a referencia a seguir entre paréntese, quizais queira referirse á historia de Cataluña, xenericamente.

2 Baret 1866, p. 93. “Les droits que tenait Bérenger de son aïeule Ermisende sur le Béarn, sur les comtés de Carcassonne et de Narbonne, ajoutaient à ses relations avec tout le midi de la France”.

3 Helfferich e Clermont 1860, p. 32.

4 Non fomos quen de atopar a referencia, talvez se refira a algún manuscrito de Salazar y Castro.

[C 1, 9] Margarida-Rosa

Esta es por la versificación puramente gallega. Tiene los versos de mui/ ñeira, y el metro de seis sílabas que tanto se presta a la música de Galicia. Hay / sin embargo comparaciones \ que pudieran llamarse/ eruditas &

[c 1, 10] Rosalinda

Esta especie de Margarita de Borgoña- Villemarqué p. 220¹ un caso no igual, sino harto diverso, pero en el cual el puñal juega un papel. También la hay francesa, creo que Baret² la trae yo la he visto en G. Nerval.³

Tiene una Rosalinda [palabra riscada] Garret Romanceiro tº 1. p. 163⁴ aunque es otro asunto. Los nombres en que predomina el de *rosa* son comunes Rosa branca, Rosalinda (Margarida, que es una flor y una concha del mar)

1 La Villemarqué 1867, p. 220.

2 Eugene Baret.

3 *Nerval 1868a. A asociación de Murguía parece bastante pouco afortunada. Efectivamente, o puñal parece ser o único en común tanto no poema de La Villemarqué coma no seu paralelo en Gerard de Nerval.

4 *Garrett 1863, t. I, p. 172.

[c 1, 22] [No figueiral figueiredo. Restitución de Murguía]

Solo en los versos mal conoce a terra que ten o mal rey hay / una alusión al tributo de las cien doncellas. (~~y aun esto no lo cree / mos muy seguro~~). Lo demás parece la poesía compuesta para / celebrar el hecho de que un caballero libertase a doncellas del / poder de los moros, hechas prisioneras en una irrupción cual / quiera. ~~sin embargo el no haber...~~

—Lo de Vasco de Aponte¹ que prueba que esta leyenda es de aquí

—lo de machuquei & vid. Barrera Cat. De los dram. Esp. P 417 nota²

—Vid Gandara Palmas y triunfos p. 341³

—Vid mi documento Anonimo nº 49⁴

1 Trátase do *Nobiliario de Vasco da Ponte* (p. 13) A paxinación que aparece noutras citas delata que Murguía utilizou o manuscrito que se conserva na Fundación Barrié, que tamén fora utilizado por Vicetto notomo VI da *Historia de Galicia* e procede de Andrés Martínez Salazar (Vasco da Ponte 1986, p. 81).

2 Refírese aos comentarios sobre o apelido *Machuca* na voz “Vargas Machuca (Pedro de)” no *Catálogo bibliográfico y biográfico de teatro antiguo español desde sus orígenes hasta mediados del siglo XVIII* (Barrera 1860, p. 417). Nesta obra fálase dun

- episodio na batalla de Xerez onde se arranca un tronco para loitar contra os mouros, dando orixe ao apelido *Machuca*.
- 3 Gándara 1678, p. 341.
- 4 Probablemente trátase dun dos desaparecidos libros de copias de Murguía.

[C I, 24] Romance da Frouseira

Estos y otros romances se escribieron y tal vez se imprimieron / a principios del siglo xvi. El suceso de la muerte del mariscal / debió impresionar mucho a sus contemporáneos pues el único de / aquellos señores que pereció en el patíbulo. Conservó estos fragmentos / Saavedra en el nobiliario de la casa de Saavedra.¹ Mal copiados / tal vez por el autor que no era gallego y peor impresos en Madrid² / donde aun hoy se compone muy mal el gallego sali6 con visibles / erratas. El mismo autor copiado su impreso tal vez sali6 / de las prensas de Paz en Mondoñedo en que se relata en gallego / el trágico suceso al que se alude en estos versos dice “que se encuen/ tran entre papeles antiguos algunos romances o cantiñas en galle/go & ... copiese “se pondrán aquí los que bastan para muestra como los / siguientes y su titulo es este” / Ahora chora a casa por seu señor e se queixa e se quei/ xa d’os criados que lle foran traidores e dice así.

Como se ve este romance forma parte de otros varios en / que se relatan en todos los pormenores tan trágico suceso. En / tiempo de Saavedra (16)³ eran ya antiguos así no se estra/ ñará nadie de que los creamos compuestos a principios del siglo xvi \y casi contemporáneos del suceso/ \ultima obra del trovador.⁴

Corresponden estos versos a una especie de rehabilitación / nobiliaria. En los archivos de Fingoy⁵ se guardaban estos y demás papeles pertenecientes al asunto.

Preguntar Ribadeo si se conserva algo de ellas oralmente.

Por mas que nosotros no creemos que hoy como en nuestra juventud que Pardo / de Cela había sido un martir de la independencia gallega, no dejamos de notar / que el fin trágico del mariscal conmovió al poeta popular de la misma / manera que en la Bretaña la muerte del marques de Pontcalec [i.e. Pontcalec], decapitado / en Nantes a la edad de 21 años por haber en unión de otros señores tres bretones / querido defender la independencia de aquella comarca. Barzaz Breiz p. 334⁶

Al decir Pedro Pardo meu señor parece que el poeta se / hace contemporáneo del suceso. Publico estos versos Vicetto en / sus hidalgos,⁷ aunque sin

sospechar su valor literario. También / Sanjurjo en su historia de los obispos de Mondoñedo⁸ hay que preguntar por esta otra y por lo del diccionario.

También en esta rebelión de los señores los burgueses fueron mas que indiferentes fueron contrarios. En cambio tampoco les fueron muy fieles los aldeanos.

Mariscal. Salazar⁹ p 330 ed 4 Ars. Pontevedra (Vid Boan iguale a [...])¹⁰

—Lo del credo no es calle del pasatempo Si no un lugar llamado así. Lo dice que / quien detuvo al que traía el perdón fue el obispo. A este se le hace jurisconsulto y de la audiencia de Valladolid / se dice anduvo escapado. Preguntar por tal la parte leg^o de Pardo de Cela. Otro

Vid Díaz Robles Tipos de galicia¹¹ en que se dice aprisionó a Pardo de Cela vid Apuntes Historia Galicia mios sin numeros. Yd n^o 2¹²

1 Saavedra 1679, p. 137 e ss.

2 O *Memorial de la casa Saavedra* foi impreso en realidade en Granada en 1674, inda que despois se foron “compoñendo” outras edicións engadindo portadas e prólogos segundo as necesidades de Joseph de Saavedra, que conteñen o corpo central do impreso orixinal. Murguía accede, polo tanto, á suposta edición de Madrid. As pretensións de Saavedra xa o fixeran acudir a Pellicer anos atrás. Pellicer foi un colaborador necesario na falsificación da *Historia de don Servando*, afirmando o carácter xenuíno da letra contra toda evidencia.

3 Murguía deixa oco para poñer o ano, polo que se ve que non ten o libro diante neste momento.

4 Estas interpolacións están escritas a lapis.

5 Descoñecemos a relación que puidera ter a casa de Fingoi co asunto, pero a lectura parece clara, quizais sexa un lapsus por *Taboi*.

6 La Villemarqué 1883, p. 334.

7 *Vicetto 1856, t. II, pp. 235-236. Murguía leu os *Hidalgos* na súa xuventude, como relata en *Los precursores* (1885, pp. 233-234), probablemente na edición de Sevilla de 1851.

8 Sanjurjo 1854, pp. 146-150.

9 O mesmo que na mención precedente a Salazar, supoñemos que se trata dunha referencia a Salazar y Castro que non localizamos.

10 Non conseguimos unha transcripción satisfactoria desta liña. Refírese aos papeis dos irmáns Fernández Boán que sabemos que manexaba Murguía e dos que hoxe subsiste unha copia rescatada por Xosé Ramón Barreiro Fernández.

11 Díaz de Robles 1853. Do libro de Díaz de Robles só se chegou a publicar unha entrega que, de acordo con Fermín Penzol (Cabrera e Monteagudo 2010, p. 19), trataba sobre os Fontaos, efectivamente relacionados con Pardo de Cela.

12 Talvez se refira Murguía aos seus propios apuntamentos.

[c 1, 25] Jesucristo e a Lúa

Esta recuerda en cierto modo las de S. Francisco

Cantico de la creatura comúnmente detto de lo fratre Sole¹

Tomo 2º Historia de Galicia

T 2 p. 435²

- 1 Murguía puido ler o famoso *Cantico de la Creature* en diversas obras, pero temos constancia da presenza na biblioteca de Rosalía das obras completas de Frédéric Ozanam, que contiñan o libro *Los poetas franciscanos de Italia en el siglo XIII*. Estes volumes foron vendidos a Emilia Pardo Bazán, segundo conta o propio Murguía.
